**Datos Do Expediente:**

| | | |
|---|---|---|
| PLENO | | |
| Unidade Tramitadora: | | |
| Organos de Goberno e Central – | | |
| Número expediente: | Documento: | |
| AYT/PLE/5/2024 | GOB18I0DJ | |
| 4X061U6Y1T404G4E08JO | | |

# ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O VINTE E CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO

**SRES/AS ASISTENTES:**

**SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**
D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

**SRES/AS CONCELLEIROS/AS:**
D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ
D/Dª NATALIA HERMIDA RICO
D/Dª JUAN PABLO MAURIZ ROMERO
D/Dª JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS
D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO
D/Dª OLGA AMENEIRO LOPEZ
D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL
D/Dª JOSE OREONA BRA
D/Dª MARIA DEL CARMEN LORENZO TOJEIRO
D/Dª GERMAN CASTRILLON PERMUY
D/Dª TANIA NOVO MOURIZ
D/Dª NURIA YAÑEZ FREIRE
D/Dª PEDRO PORTELA PARGA
D/Dª GONZALO IGLESIAS BLANCO
D/Dª ANA VANESA BOUZAMAYOR VILLASUSO
D/Dª OLAIA MARGARITA LEDO DIAZ
D/Dª EUGENIO CARBALLEIRA LOPEZ
D/Dª BEATRIZ MOSQUERA PUENTES
D/Dª JORGE ULLA ROCHA
D/Dª SILVIA MARIA DE ARRIBA FERNANDEZ

**SRA. INTERVENTORA XERAL:**
D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ

**SR. SECRETARIO XERAL:**
D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 19:00 do vintecinco de abril de dous mil vintecatro, baixo a presidencia da Sra.alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

## 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (27-03-2024 -ORDINARIA- E 12-04-2024 EXTRAORDINARIA E URXENTE).

Dada conta das actas das sesións de datas 27-03-2024 e 12-04-2024 o Concello Pleno por unanimidade deulles a súa aprobación.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

**2 º.- PROPOSTA DE INCLUSIÓN DUNHA FINCA NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS.**. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta emitido pola Xefa do Negociado de Patrimonio, que transcrito literalmente di:

*"De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto formúlase o seguinte INFORME-PROPOSTA*

***A) ANTECEDENTES***

*O Concello de Narón levou a cabo a tramitación do seguinte expediente:*

*Merca duna finca sita en Junquera de la Rivera-Xuvia, RC 8486044NJ6188N001RF, cunha superficie de 972m2, inscrita no rexistro da propiedade co número 44316.*

***B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS***

*RD 1372/86 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais*

*Á vista dos antecedentes expostos, e de acordo coa normativa anterior, emítese o seguinte:*

***C) INFORME-PROPOSTA***

*A técnico que subscribe propón ao Concelleiro delegado pola Alcaldía para asuntos de patrimonio, someta a dictame da Comisión Municipal Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos:*

*Incluir no inventario de bens a finca sita en Junquera de la Rivera-Xuvia, RC 8486044NJ6188N001RF coa natureza de ben demanial."*

Visto o ditame favorable por asentemento da Comisión Municipal Informativa de obras, urbanismo e servizos, o seu presidente propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Apobar a proposta transcrita e a adopción dos seguintes acordos:

Incluir no inventario de bens a seguinte finca coa natureza de ben demanial:

Finca sita en Junquera de la Rivera-Xuvia, RC 8486044NJ6188N001RF coa natureza de ben demanial.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**3 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº05/2024: SUBEXPTE. Nº 01/2024 DE CREDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CREDITO .**. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Despois de ver a documentación que obra no expediente PRE/14/2024 e ante a necesidade de tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 05/2024: subexpediente nº 01/2024 de crédito extraordinario e suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2023, co fin de incrementar determinadas aplicacións orzamentarias dos capítulos 2 (gastos en bens correntes e servizos), 4 (transferencia correntes), 6 (investimentos reais) e 7 (transferencias de capital) do orzamento de gastos, para dar cobertura a determinados gastos que se consideran necesarios e inaprazables, por un importe total de 1.710.142,80 euros.

Na memoria do concelleiro delegado de facenda do 12/04/2024, que se contén neste expediente, expóñense as causas e razóns que motivan esta proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Tendo en conta o que se establece na Base nº 9 das Bases de execución do orzamento (actualmente prorrogadas as de 2023), no caso do crédito extraordinario non existe crédito orzamentario destinado ás finalidades específicas que se detallan memoria do concelleiro delegado de facenda para a execución dos ditos gastos; e, no caso do suplemento de crédito, non existe no estado de gastos do orzamento vixente, crédito orzamentario suficiente a nivel de vinculación xurídica, para facer fronte aos gastos que se propoñen e detallan na memoria do concelleiro delegado de facenda, sen que se imposibiliten as atencións previstas para este exercicio con cargo as mesmas.

Tendo en conta o que se dispón no artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), nos artigos 35 a 38 do Real decreto 500/90, do 20 de abril na Base 9ª das Bases de execución do orzamento e no informe de intervención do 12/04/2024 (PRE18I041).

Visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos representantes de PP -3-, BNG -2- e PSdG-PSOE -1-; e os votos favorables dos membros de Tega -5-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 18-04-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción dos acordos seguintes:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 05/2024: subexpediente nº 01/2024 de crédito extraordinario e suplemento de crédito, por un importe total de 1.710.142,80 euros no orzamento vixente, segundo o que se establece na memoria do concelleiro delegado de facenda que se une ao expediente.

O detalle é o seguinte:

| **CRÉDITO EXTRAORDINARIO** | | |
|---|---|---|
| **Aplic. Orzam. Proxecto** | **Fin ao que se destina o novo crédito e causa da súa necesidade** | **Importe (euros)** |
| 1610.61900<br>2024.2.00000.2 | Aportación mpal. Mellora e equipamento da rede de abastecemento do Concello de Narón (Subv. Augas de Galicia) | 9.405,48 |
| 1650.63301 | Mellora eficiencia enerxética alum. público estrada de Cedeira (AC566) e Polígono Río do Pozo | 76.977,78 |
| 4320.78009 | Aportación á Asociac. Concellos do Camiño Inglés para mellora e posta en valor do Camiño Inglés | 12.016,26 |
| **TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO** | | **98.399,52** |

| **SUPLEMENTO DE CRÉDITO** | | |
|---|---|---|
| **Aplic. Orzam. Proxecto** | **Fin ao que se destina o novo crédito e causa da súa necesidade** | **Importe (euros)** |
| 3260.22799 | Programa de madrugadores curso escolar 2024/25 para a mellora da conciliación familiar durante os períodos escolares | 60.000,00 |
| 3410.48001 | Subvencións a clubs e entidades deportivas 2023 | 80.000,00 |
| 1330.62900 | Subministro e colocación de rótulos identificativos en Sedes e Pedroso | 8.819,60 |
| 1510.64000 | Contratación da cartografía municipal | 169.400,00 |
| 1532.61900<br>2021.4.00000.34 | Humanización da rúa Solaina | 216.147,65 |
| 1532.61900<br>2021.4.00000.35 | Proxecto modificado Mantemento de servizos e seguridade vial en rúas da zona urbana | 73.322,86 |
| 1532.61900<br>2022.4.00000.34 | Pavimentac. Plataforma exterior C.F. Irmáns Froilaz | 47.184,00 |
| 1532.61900<br>2022.4.00000.35 | Reparación acceso Vilarquinte – senda litoral | 38.632,36 |
| 1532.61900<br>2022.4.00000.36 | Acceso a muiño de Prados | 48.132,31 |
| 1532.61900 | Certificac. Final Reparac. Asfáltica camiños Liñares, Igrexa Vella e Revolta | 8.005,66 |



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

| | | |
|---|---|---|
| 2022.4.00000.60 | | |
| 1532.61900<br>2022.4.00000.61 | Certific. Final Reforzo rodadura camiños Santá, Costa, Gradaille e o Pozo | 13.570,15 |
| 1532.61900<br>2022.4.00000.62 | Certific. Final Reposición rodadura rúas Fonte de Neixa, Mª Pita, Valle Inclán, Río Eume, Souto e Castro | 11.625,14 |
| 1532.61900<br>2024.2.00000.3 | Aportación mpal. Reforzo rodadura en camiño do Pazo (Sedes) e camiño de Portela (Pedroso) (Subv. Agader 2024-2025) | 50.204,00 |
| 1532.61900<br>2024.2.00000.4 | Aportación mpal. Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Av. do Mar (Subv. Consell. Industria) | 31.807,26 |
| 1710.60900<br>2021.4.00000.41 | Certificación final Parque fluvial en Xuvia | 5.279,69 |
| 3420.62200<br>2022.4.00000.82 | Proxecto reformado construc. Piscina no Couto | 653.686,29 |
| 9330.63200<br>2020.2.LA009.10 | Traballos adicionais durante a execución da obra Rehabilitación do muiño de Xuvia | 76.854,52 |
| 9330.63200<br>2022.2.LA010.10 | Certific. Final Rehabilitación presa muiño das Aceas e camiño do Peregrino | 6.371,11 |
| 9330.63200<br>2022.4.00000.54 | Certific. Final Mellora accesibilidade complexo polideportivo A Gándara | 12.700,68 |
| **TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO** | | **1.611.743,28** |

O financiamento do expediente realízase con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2023 por un importe total de 1.710.142,80 euros.

**SEGUNDO.** Visto que se modifican determinadas aplicacións orzamentarias do capítulo 6 (investimentos reais), modificar o anexo de investimentos do exercicio vixente.

**TERCEIRO.** Que se expoña ao público este expediente durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o pleno, conforme ao preceptuado no artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, con referencia ao artigo 169 do dito texto legal.

**CUARTO.** No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004 (TRLRFL). Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

**DEBATE**

-Sr.Romero Franco: moi boas tardes a todas e a todos. Pois nada, traemos este modificado que principalmente podemos dividir en bloques, por un lado, son aportacións municipais a diferentes subvencións que recibe o concello. Por outra parte, determinadas obras en execución incluso xa rematadas que morreron o crédito no 2023 e temos que volver a incorporar para facer loxicamente fronte a eses pagos agora no 2024; e algunha liquidación agora tamén das inversións que se levan a cabo durante o concello que loxicamente non superan o límite que nos permite a lei, e por último

esas subvencións a clubes e entidades deportivas do 2023 e o programa de madrugadores do curso escolar 2024-25 que vai neste modificado. Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas sra.alcaldesa. Boa tarde.
Nós o que queremos poñen de manifesto é o mesmo que se fixo, neste caso, na comisión noutras sesións plenarias. Non estamos de acordo en que se mesturen conceptos totalmente heteroxéneos. Nós o que queremos aquí que se fagan por conceptos homoxéneos.
Para nós non ten nada que ver, pois por exemplo, a humanización da rúa a Solaina co servizo de madrugadores. Non sei por que se fai así, máximo cando se acorda un suplemento de crédito e aprobamos os orzamentos hai 2 semanas. O mesmo pode acontecer coas subvencións, esto é unha falta de previsión ou non sei se é unha manobra política obrigados, neste caso a oposición, sabendo que é unha demanda na oposición que se aprobou neste pleno unha moción nese sentido, de madrugadores pois que non se introducirá, neste caso, nos orzamentos xerais para o ano 2024 e que sí se acuda 2 semanas despois a este modificativo de crédito, neste caso, un suplemento de crédito.
O que tamén nos chama poderosamente a atención é a piscina do Couto. A piscina do Couto se nos leva vendendo co imperio da auga de Narón, pois que xa a disfrutaríamos este ano, neste caso, a piscina de verán. Sí Sra.alcaldesa. Disfrutaríamos a piscina de verán e sen embargo, polo que vemos aquí, a data prevista para a finalización nos imos para outubro de 2024. Chámame bastante a atención Sra.alcaldesa.

-Sr.Carballeira López: boa tarde. Ben, nun expediente de modificación de crédito tan amplo como é este de 1,700.000 euros, que é máis do que teñen en total do orzamento moitos concellos do país. Bueno, pois hai cousas que nos gustan máis e outras menos.
Hai escasos 15 días que debatimos os orzamentos e neste caso, o BNG, lle pedimos a cambio da nosa confianza ao goberno, que puxera todo o celo do mundo para mellorar as obras que se executan e decindo que hai 2 aspectos principais que son os que nos preocupan. Unha é a mala execución nalgún caso, e podemos poner o exemplo da humanización da rúa A Solaina, e non me quero saír do que debatimos hoxe que é o modificado de crédito, só quero explicarme, e poño este exemplo, porque bueno, creo que todas e todos podemos estar de acordo ademáis que se fala del no modificado de crédito.
E outro aspecto é a normalidade en que cada obra xenera un sobrecusto en Narón cunha certificación final na que saen a relucir problemas de medición ou outras cousas. Xa sei que é dentro do legal pero que acaban encarecendo unha obra tras outra. Ou ben con anexos de actuacións que non se contemplaban por mala planificación, e que teñen o mesmo resultado que é subir o crédito inicial. E bueno, xa vedes que volvendo a este modificado de crédito onde temos 6 certificacións finais e un crédito para traballos adicionais, que suman casi 134.000 euros. E bueno, non quero centrar a intervención en algo que debatimos hai casi 15 días e por enésima vez, por outra banda. Pero bueno, aquí está a demostración do que falabamos e quero reiterar a nosa esixencia a este goberno de Narón de control, esforzo e traballo para mellorar este aspecto. Así como tamén a costume da facer uns orzamentos moi simples e traballar logo con modificados de crédito, como o que estamos facendo hoxe que van sobre os remanentes xerados en exercicios anteriores. Porque bueno, é algo antiproductivo e que incluso pode ser perigoso.
E bueno, ata aquí as cousas que menos nos gustan. Sí que é certo que neste modificado ven un gran número de investimentos para Narón que son necesarios, e o BNG estamos de acordo con eles. Algunhas aportacións como ben dixeches, que hai que facer e por fin algo que valoramos moi positivamente, que é o crédito xa neste primeiro modificado, tal e como pedimos o BNG, para a xestión por parte do concello do servicio de madrugadores dos colexios públicos. Sabemos que



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

este servicio o ten que ofrecer a Xunta, sempre o dixemos e o esixiremos ata que sexa unha realidade, pero parabenizamos a ducea de persoas que conforman as anpas porque damos un paso máis para quitarlles o traballo que as estaba afogando. Parabenizamos aos centos de familias tamén, os usuarios que lles aseguramos con esta medida a continuidade deste servicio esencial e tamén o decimos, parabenizamos ao goberno por rectificar a súa posición inicial e asumir un servicio que aínda que non lle pertenza, pois era urxente recoller. E tamén nos parabenizamos o BNG polo que puidemos influir nesta decisión. Así que valorando en conxunto, tampouco o podemos facer doutra maneira, este modificado de crédito pois bueno, o valoramos positivamente e votaremos a favor claro. Nada máis.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Boas tardes a todos e a todas.
Bueno, como xa é un pouco de costume nestes expedientes de modificación de créditos, fan as súas formulacións …mestura de distintas necesidades con outras que verdadeiramente a nós nos é moi difícil de entender, no. Esto ven a corroborar un pouco o que lles dixemos na aprobación dos orzamentos, cando nos negaban que había créditos que estaban caducados. Mesmo o informe que ven aquí di que ficaron caducados, como é o da piscina do Couto e o da Solaina. Bueno, pois a verdade é que nos sorprende que en 2 anos non sexan capaces vostedes de ter executadas estas 2 obras. Esa é un pouco a realidade.
E despois hai un tema que si que me explicou o Sr.Román, de que a que pertencían esa modificación de 73.322,86 euros pero a miña sorpresa é que o proxecto era de 685.000 e esto pasa do 10%. Gustaríame ver o informe de como se xustifica esta diferenza, no, porque teño entendido que se pode facer ata o 10% e non se pode pasar de aí. Entonces aquí sobrepasa eso.
Despois outra suxerencia, é que os 80.000 que leva aquí que é para subvencións a clubes e entidades deportivas do ano 2023, bueno, pois que intentemos sacar esas subvencións antes e que non vaian cun ano de retraso como está indo sempre, no. Creo que xa llelo advertimos en varias ocasións, e ao final vemos que non son capaces a axilizar e mobilizar antes esas solicitudes, a sacar esas subvencións a licitación.
Despois temos outras certificacións finais de obra, como sempre, e siguen vostedes sin controlar e sen revisar eso, é dicir, temos neste modificado 207.000 euros que son de ampliacións de certificacións finais de obra. E os 869.000 de créditos anulados, que son os das dúas obras que vos dixen, no, do que é a piscina do Couto e A Solaina, que supón máis de 1 millón de euros. Algo que de verdade, creo que é un erro na planificación que teñen de executar e de sacar as obras a contratación. Por eso gustaríame saber tamén Sr.Román, que como van a facer vostedes cando non poidan utilizar os remanentes de Tesourería como están utilizando agora para ter controlado as contas deste concello. Eu creo que é preocupante. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: facendo alusión as propias palabras que o voceiro do partido socialista no pleno anterior dixo, que aprendía rápido, lle recomendo que meta unha marcha máis porque non vai todo o rápido que debería. Non é unha cuestión nin de non planificación nin de nada desto. Volvo a repetir, quitando as certificacións loxicamente de obra, non é nada novo, non é nada que queramos meter neste tal …que acabamos de aprobar un presuposto, un orzamento, e que de repente agora queramos facer unhas obras novas…no, non ten nada que ver con esto, e facendo alusión a este último comentario, como imos facer si non hai un remanente, se temos un orzamento onde vai presupostado unha piscina e non se fai, loxicamente ese crédito sempre vai estar aí, que non se agota. Entonces loxicamente e é esto que traemos aquí, simplemente son obras que xa estaban presupostadas doutro ano, que caduca o crédito, que en ningún momento do debate que houbo dentro dos orzamentos se falou de que si caducaban ou non caducaban ningun crédito pero volvo a decir, simplemente son obras que caducaron moitas delas e que se van a levar a cabo este ano, loxicamente están en remanentes porque se non se gastaron estarán aí e sempre van estar aí e loxicamente as diferentes aportacións que se levan, as subvencións que moitas delas están aprobadas, moitas delas aínda están pendentes de aprobar e loxicamente queremos estar preparados por si definitivamente as conceden. E creo que nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.
Moitas veces non se trata de correr ou meter unha marcha máis, simplemente se trata de ler. Recoméndolle que lea o seu informe da rehabilitación do muíño de Xuvia cando o "modus operandi" deste concello que sempre é na certificación final axustar o 10% de marxe que estipula a lei, pois fíxate que nese informe, na dirección de obra, di que a factura que presenta, neste caso a contratista, di que non é capaz de realizadas as obras, di que non é capaz ao non vir desglosadas, de saber se esas medicións permiten referenciar o alcance dos traballos incluídos no presuposto do proxecto. É dicir, o que ven a decir este escrito, esta certificación final de obra, esta dirección de obra di que nesa factura non ven xustificado o exceso de medición. É importante saber ler tamén.
Pero bueno, a min o que me interesa é dirixirme á alcaldesa e que nos aclare, xa que non llo aclarou ao voceiro do Partido Popular, que lle aclare á Corporación cando a pregunta, neste caso do voceiro do PP, se veña a decir que os créditos estaban caducados da piscina do Couto, se decía que non había ningún problema e resulta que estaban caducados.
E agora resulta que ese imperio da auga, que antes lle fixo gracia, que simplemente o que fago é unha mención dun recorte de prensa da Voz de Galicia, onde se tacha o imperio de Narón co parque fluvial de Xuvia e a piscina do Couto, pois esa piscina que supostamente ía estar xa operativa en abril, polo informe que ven aquí, está prevista a finalización dos traballos para o próximo outubro do ano 2024. Mire, voulle insistir, non se trata de correr, se trata de facer as cousas ben e incluso algunhas veces se trataría de facer e dar unha marcha atrás e no caso de aprender, eu prefiro aprender doutra xente e non aprender de Terra Galega.

-Sra.Ledo Díaz: ben, ás veces tamén temos que aprender como son os procedementos administrativos dunha administración pública. Un crédito cando ten 1 ano de durabilidade, estás nun proceso e se ten que renovar e eso é así, non está perdendo cartos simplemente estás actualizando, hai que deixalo claro e eu creo que o importante deste modificado de crédito, como ben explicou meu compañeiro Geno Carballeira, e porque ademáis hai que ter cuidado tamén o que din certas empresas cos seus certificados de obra porque vendo que pon por exemplo, na Avda da Solaina, que eu espero que ese diñeiro valga para que esto non quede como está porque é unha auténtica chapuza donde nos chama vándalos casi á poboación, dándonos a totalidade de Narón pois prefiro pedir que non haxa certos certificados de obra ou que se lle pida ás empresas antes de ler certos informes.
Creo que é importante porque por fin, se accede a un modificado de crédito como nós pedíamos para o servicio de madrugadores e esto ao final é importante porque é verdade que nós imos a ter unha ofensiva no Parlamento galego, na Xunta de Galicia para que xestione a administración que o ten que facer pero o concello tiña que asumir un deber, non un investimento, porque ao final é un investimento non un gasto, e é moi importante de poñer as cousas enriba da mesa porque é certo que aquí con anterioridade e vos tamén o sabiades se falou dese modificado, a nós nolo confirmaron antes dese pleno orzamentario no que estades a falar e aparte o anunciou a propia Alcaldía nese pleno, e hoxe estamos con eso e esa é a realidade, mellor sumar cartos a facer como por exemplo, facer como facía outro grupo, neste caso o Partido Popular, que é retirar unha partida en Cultura; en Cultura nunca sobran os cartos, como se chegou a decir neste pleno senón que serían necesarios máis, outra cousa é que falemos en como se xestiona e en como se administra a Cultura para que chegue a todos os veciños e veciñas e sempre é importante sumar e agora mesmo temos esa capacidade, e creo que hai que parabenizar a todas e a todos que na loita, as anpas coa loita conseguiron un obxectivo fundamental que hoxe aproba este pleno, e que creo que é un orgullo e podemos facer un punto e aparte e considerar que o pleno de abril de 2024 se conseguiu un avance moi importante. E Narón, hoxe, a partir de hoxe xa é mellor que onte.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Bueno referente ao que dixo o Sr.Román no tema do crédito, sempre estará aí, estará o remanente porque caducou, teñen que traer un crédito novo senón non o traerían hoxe ao pleno. E imaxinese vostede que non ten os votos suficientes para sacar esto adiante, por eso lle dixen antes que vostedes mezclan neste expediente determinadas cousas que sí que son interesantes e ao mellor necesarias, por exemplo, como falou agora Olaia o de madrugadores, nós nunca estivemos en contra do de madrugadores, todo o contrario, nós levabamos no noso programa electoral constaba que os madrugadores foran xestionados dende o concello. Sí, si, claro, nós comprometiamonos a facelo. E así pelexamos para que se puidera facer.
Eu creo que aquí nestas modificacións de crédito e nestes suplementos de crédito creo que sería moi importante que viñera diferenciados cada cousa moi distinta do que é, porque non ten nada que ver os suplementos de crédito que poñemos para madrugadores ou para as subvencións de clubs e entidades ou para , por exemplo, a contratación da cartografía municipal polo tema do PXOM. Pois consideramos que posiblemente sexa necesario, pero consideramos que o que falamos da piscina do Couto e do da Avda da Solaina é moi distinto, entroutras cousas, todos eses suplementos de crédito que facemos para a maioría das obras, prácticamente o 80% das obras que se fan todas levan un suplemento de crédito ao final. Algo no que nós non estamos de acordo porque ou non se fan ben os proxectos ou non se fai ben a dirección de obra ou non se controlan esas obras. Algo deso pasa. E creo que non podemos estar de acordo neso. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, pois nada, agradecemos o voto a favor do Bloque Nacionalista Galego. Cremos que é un modificado que é importante para a cidadanía de Narón e loxicamente así o entenderon eles e así o imos a levar para diante e así agradecemos o seu voto.
E bueno, por alusións, nós non pretendemos educalo aínda que si que colle bastante referencia dun ex alcaldes de Terra Galega que é o que lle marca a pauta que ten que levar neste pleno ( dirixíndose ao Sr.Ulla Rocha).
-Sra.alcaldesa: só por aclarar así algunhas cousas que se din e que realmente entendo que para tergiversar o que é a realidade, é dicir, e agradezo tamén a intervención de Olaia para clarificar nese sentido. Crédito caducado non quere decir que ese diñeiro se esfumara. Sigue estando aí. Hai que facer un trámite administrativo ..non morreu, non desapareceu, sigue estando nas arcas deste concello. Entón o que hai que facer é un trámite administrativo que é o que estamos a facer agora,, é dicir, non estamos aprobando máis diñeiro para as obras de Santa Icía, estamos facendo un trámite administrativo para o diñeiro que estaban poder seguir poñendo en funcionamento, por decir así.
E logo con respecto ao que decía Geno, nós de verdade que non validamos e que todas as obras teñan liquidacións e tratamos de que non sexa así. Pero sí que é verdade que dentro da más estricta legalidade se contempla e realmente son cousas a maiores, é dicir, non estamos e poño o exemplo que noutra ocasión, neste caso, poñía Jorge Ulla con respecto falaba nun pleno anterior un exemplo da súa cociña da súa casa que si contrataba un interiorista e se a encimera chegaba ata aquí, que estamos a facer? Si ti tes un orzamento e a encimera chega ata aquí e cando xa van a colocar lle ves que falta todo esto, lle dis, no colócame ata aquí sabendo que me falta un pouco ou vendo a realidade dis: colócame todo o que sexa necesario aínda que esto teña un custo. Que estamos pagando? Non estamos pagando un sobrecusto, estamos pagando algo que non estaba contemplado.
Hai moitas obras que van con liquidación cero. E gustarianos que foran así todas pero estamos falando de verdade que dende a máis estricta legalidade. E evidentemente que si os informes que temos para pagar.. nós estaríamos encantados de que non tivesemos que pagar, por exemplo, aquí vexo de cousas a maiores, obviamente, e que fose máis barato, que aforraramos pero o que estamos a decir é que non se está pagando un sobrecusto, se está pagando por cousas que se fan a maiores. E cando se ve a realidade porque igual cando se fixo o orzemento, esa rúa estaba nun

estado e que agora está máis deteriorado, co cual implica pagar un pouco máis. Por que? Porque o estado é diferente.

Respecto á piscina o dixen por activa e por pasiva. As obras non están paralizadas, pediron un aprazamento de prazo dentro do que corresponde e que evidentemente a nós nos gustaría que estivese antes. Sí é esa a realidade. A empresa ten unha serie de dificultades, non se pode rescindir o contrato e pide un aprazamento, entra dentro do que corresponde darlle e se lle dá. Nada máis, nin máis, nin menos.

Cando falan tema de.. porque non no orzamento, por que tal. O orzamento, quen fixo nalgunha ocasión un orzamento sabe o que custa facelo, sabe os meses que custa para cadrar eso e saben vostedes canto tempo hai que o tiñan enriba das súas mesas, é dicir, hai máis de 2 meses, co cal a elaboración é de hai 4. Hai 4 meses que nos ainda estábamos coa teima e o seguimos decindo agora que os madrugadores debían de ser asumidos por quen ten a competencia que neste caso, é a Xunta de Galicia. E é así e sigo decindo que esa é a competencia e evidentemente despois de ver e analizar e de ver a posibilidade de facer ese guiño e que nun tempo transitorio o asumamos nós é así. E este modificado de crédito o que vostedes falan, entendo eh, non sei, se é dende a ignorancia ou… non se pode levar un punto por separado, colapsaríamos este concello. É dicir, que imos facer un modificado de crédito por cada concepto do que veñen aquí. É operatividade, non é nada máis, é dicir, tratar de ser axiles como concello. É así, a verdade que ese é o motivo e realmente evidentemente este modificado de crédito estamos traballando nel hai mes e medio máis menos, e xa contemplábamos naquela ocasión incluir unha cantidade para levar a cabo os madrugadores. E esa é a realidade e agradezo de verdade neste caso, quen vai a votar a favor e quen vai a facilitar que todas estas cousas sigan adiante e que non se paralice este concello. Pasamos a votar.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10
PP: Abstencións 6
BNG: A favor 3
PSdeG-PSOE: Abstencións 2

**4 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL .**. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

*Visto o informe emitido pola xefatura do Servizo Sociocomunitario municipal no que se deixa constancia da necesidade de proceder á adaptación do Regulamento do Consello Escolar Municipal á realidade educativa, social, sindical, de asociacións e movementos de renovación pedagóxica actuais do Concello de Narón conforme ás disposicións legais, para así conseguir unha participación máis enriquecedora de todos os axentes implicados e adaptar a normativa ás novas necesidades, logo de recibido o informe xurídico emitido pola Secretaría Xeral do Concello (GOB18I0BU) , esta Alcaldía propón á Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade:*

*- Ditaminar favorablemente a aprobación inicial do Regulamento do Consello Escolar Municipal de Narón, cuxa literalidade se transcribe a continuación.*

***REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE NARÓN***

***Introdución***

*O Consello Escolar Municipal está concibido como peza básica e fundamental para unha eficaz instrumentalización da participación da Comunidade Escolar. A educación é o elemento máis importante para garantir a igualdade e a liberdade das persoas, e a participación constitúe un valor básico na formación dunha cidadanía autónoma, libre, responsable e comprometida. Neste contexto, o Consello Escolar Municipal, como instrumento de participación dentro do sistema escolar, pretende contribuír á corrección de desigualdades socioculturais, conseguir un ensino máis eficaz e de mais calidade e cohesionar o tecido escolar implicando e comprometendo aos grupos e ás persoas que participen.*

*No Consello escolar Municipal atópase representada toda a comunidade educativa, mestras e mestres, alumnado, nais e pais, representantes da administración e dos servizos educativos, profesionais de ámbitos diversos e responsables políticos do municipio, entre outros.*

*En todo o referido a o seu funcionamento, o Consello Escolar Municipal de Narón aterase ao disposto neste regulamento, á Lei 3/1986, do 18 de decembro, dos Consellos Escolares de Galicia, ao disposto no Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, Os Consellos Escolares Territoriais e Municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia, á lexislación vixente que en cada momento lle sexa de aplicación, e ao que acorde a Corporación municipal no uso das súas competencias.*

***Artigo 1. Definición e obxecto***



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

*O Consello Escolar Municipal de Narón é un órgano de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal.*
*A participación da comunidade educativa a través do Consello Escolar Municipal ten a finalidade de promover unha resposta máis efectiva dos poderes ás necesidades educativas non universitarias da veciñanza de Narón mediante intervencións que, incidindo na igualdade de oportunidades, promovan a equidade, a calidade educativa e a cohesión solicita.*

***Artigo 2.- Competencias***

*1. O Consello Escolar Municipal de Narón, de acordo coa Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia, e o Decreto 44/1988, de 11 de febreiro, que a desenvolve, será consultado pola Administración educativa, e polo propio Concello de Narón, sobre as seguintes cuestións:*

*a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou calquera outra Administración pública que afecten ó ensino dentro do ámbito municipal.*
*b) Actuacións e normas municipais que afecten ós servicios educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servicios de limpeza e conservación.*
*c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares, coa finalidade de mellorar o rendemento educativo e, se é o caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.*
*d) Situación de centros docentes dentro da demarcación municipal.*
*e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento adecuado dos centros docentes,*
*f) Fomento das actividades tendentes a mellorar a calidade educativa, especialmente no que respecta á adaptación da programación ó medio.*
*g) Competencias educativas que afecten ó ensino non universitario e que a lexislación outorgue ós municipios,*
*h) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello lle sexa consultado.*
*i) Na programación de investimentos en materia educativa.*

*2. O Consello Escolar Municipal de Narón elaborará, ao finalizar o curso escolar, un informe sobre o estado do ensino no municipio, que enviará á Corporación municipal e ó Consello Escolar territorial respectivo e, no seu defecto, ao Consello Escolar de Galicia.*
*3. O Consello Escolar municipal poderá elevar á Administración educativa ou ó Concello informes ou propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo.*

***Artigo 3.- Composición do Consello Escolar Municipal de Narón***

*O Consello Escolar Municipal de Narón terá a seguinte composición:*

*1.1. O/a Alcalde/sa ou membro da Corporación en quen delegue, que será o/a Presidente/a.*

*1.2. Dez profesores/as dos niveis educativos correspondentes ó ámbito do ensino non universitario de Galicia propostos por sindicatos ou asociacións profesionais proporcionalmente á representación obtida nas eleccións sindicais do sector docente, no municipio, distribuídos da seguinte forma:*

*1.2.1. Seis do ensino público*
*1.2.2. Catro do ensino privado.*

*1.3. Seis pais/nais do alumnado propostos pola federación de asociacións de pais e nais do alumnado.*

*1.4. Catro alumnos/as elixidos/as polas persoas representantes do alumnado en Consellos Escolares dos centros existentes no municipio.*

*1.5. Dez membros/as elixidos/as segundo o que dispoña a Corporación municipal, de entre directores/as, representantes dos sindicatos, asociacións de empresariado, movementos de renovación pedagóxica, titulares de centros privados ou concertados, especialistas en temas educativos e asociacións veciñais, segundo o establecido no artigo 16.1.b) da Lei do Parlamento de Galicia 3/1986, do 18 de decembro.*

***Artigo 4.- Representante da Administración Educativa***

*Conforme ó disposto no artigo 16.2 da Lei 3/1986, a Administración educativa estará representada no Consello Escolar Municipal polo/a funcionario/a que designe ao efecto polo/a Xefe/a Territorial da Consellería competente.*

***Artigo 5.- Secretaría***

*Será Secretario/a do Consello Escolar Municipal o/a Secretario/a Xeral, ou persoa funcionaria en quen delegue.*

***Artigo 6.- Funcións da Presidencia***

*O/a presidente/a do Consello Escolar Municipal terás as seguintes funcións:*
*-Ostentar a representación do Consello Escolar Municipal.*
*-Convocar, fixar a orde do día e presidir e moderar as sesións do Pleno e da Comisión Permanente.*
*-Informar regularmente aos membros do Consello Escolar da actividade e traballos realizados pola Presidencia e a Comisión Permanente.*
*-Xestionar a asistencia ao Consello Escolar Municipal, con voz pero sen voto, daquelas persoas que pola súa competencia técnica poidan presentar informes necesarios para un mellor desenvolvemento das tarefas deste.*
*-Resolver, oída a Comisión Permanente, as dúbidas que se susciten na interpretación do presente regulamento.*
*-Transmitir os informes, tanto ao Concello como a Administración educativa ou calquera outro organismo ou institución que o Consello considere.*
*-Elaborar a memoria anual de actividades do Consello.*
*-Calquera outra que se corresponda coas súas funcións.*

***Artigo 7.- Funcións da Secretaría***

*Corresponde á Secretaría as seguintes funcións:*
*-Asistir, con voz pero sen voto, ás sesións do Pleno, e da Comisión permanente, que se constitúan.*
*-Remitir as convocatorias e os correspondentes ordes do día das sesións do Pleno e da Comisión Permanente do Consello.*
*-Levantar actas sucintas das reunións e custodiar a documentación do Consello.*
*-Certificar coa súa sinatura os acordos do Consello, co visto e prace da Presidencia.*
*-Solicitar e prestar a asistencia técnica que o funcionamento do Consello requira.*
*-Calquera outra relativa ás funcións da Secretaría que lle encomende o Consello Escolar Municipal.*

***Artigo 8.- Renovación do Consello Escolar Municipal***

*O mandato das persoas membros do Consello Escolar Municipal será de catro anos.*
*As persoas membros que o sexan en virtude da representación que ostentan, perderán a condición de membro/a no momento de cesar como representante do seu colectivo.*
*As persoas membros do Consello Escolar Municipal que o sexan por colectivos ou entidades poderán ser revogadas se as que fixeron a designación o consideran oportuno.*
*No caso de producirse algunha vacante, esta deberá ser cuberta no prazo máximo de dous meses e o/a novo/a membro serao polo tempo que resta para cumprir o mandato de catro anos.*

*Ao constituírse unha nova Corporación municipal cesarán os/as dez membros do Consello Escolar Municipal elixidos pola anterior Corporación.*
*As persoas representantes do sector do alumnado cesarán como integrantes do Consello Escolar Municipal de Narón no momento en que se convoquen eleccións aos seus postos por constituírense novos consellos escolares nos centros educativos.*

***Artigo 9.- Organización do Consello Escolar Municipal***

*O Consello Escolar Municipal estrutúrase en Pleno, Comisión Permanente e Comisións de traballo.*

***Artigo 10.- O Pleno do Consello Escolar Municipal***

*1. O Pleno do Consello Escolar Municipal estará constituído por todos/as os/as seus membros.*
*Para a súa constitución inicial será necesario que asistan a maioría absoluta das persoas que compoñen o Pleno.*
*2. O Pleno do Consello Escolar reunirase en sesión ordinaria, como mínimo, unha vez ao semestre, unha delas ao inicio de curso escolar, e outra ao seu remate, e en sesión extraordinaria cando o considere oportuno a presidencia ou sexa solicitado pola terceira parte das persoas que o compoñen.*
*3. As convocatorias do Pleno terán que realizarse cunha antelación mínima de 5 días hábiles, e acompañarase da orde do día. As convocatorias faranse por vía telemática. Coa convocatoria darase acceso á documentación corresponde aos asuntos incluídos na orde do día.*
*4. As sesións do Pleno do Consello Escolar Municipal terán lugar en primeira convocatoria sempre que concorra a maioría absoluta das persoas integrantes e, en segunda convocatoria, media hora despois, sempre que asista a presidencia, a secretaría, e un terzo dos/as restantes membros.*
*5. O Consello Escolar Municipal, dado o seu carácter participativo, potenciará o diálogo e o debate necesarios para unha toma de decisións consensuada. No caso de desacordo, as propostas adoptaranse por maioría simple. No caso de empate decidirá o voto de calidade da presidencia.*

***Artigo 11.- Funcións do Pleno do Consello Escolar Municipal***

*Ao Pleno do Consello Escolar Municipal correspóndelle:*
*-Debater e aprobar os informes e ditames referidos no artigo 2 deste regulamento.*
*-Propoñer e aprobar a creación de comisións de traballo, así como a súa duración e composición.*
*-Aprobar a memoria anual de actividades do Consello.*
*-Aprobar o informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio.*
*-Elixir ás persoas membros do Consello Escolar Municipal que o representen noutros organismos.*
*-Aprobar o programa de actuacións para cada curso escolar.*

***Artigo 12**.- Composición e funcionamento da Comisión Permanente do Consello Escolar Municipal*

*1. A Comisión Permanente está integrada pola Presidencia, a Secretaría, 1 representante do profesorado, 1 representante dos/as pais/nais e 1 representante do alumnado.*
*2. A Comisión permanente estará presidida pola Presidencia do Consello.*
*3. A Secretaría da Comisión permanente será exercida pola Secretaría do Consello Escolar Municipal.*
*4. A Comisión permanente reunirase en sesión ordinaria con carácter preferente dúas veces ao ano, con carácter previo ás reunións do Pleno do Consello, ou cantas veces sexa necesario, sempre que a Presidencia o considere necesario ou o solicite un terzo da súa composición.*
*5. As sesións da Comisión permanente terán lugar en primeira convocatoria sempre que concorra a maioría absoluta das persoas membros e, en segunda convocatoria, media hora despois, sempre que asista o/a Presidente, o/a Secretario/a e un terzo dos/as restantes compoñentes.*
*6. A Comisión permanente, dado o seu carácter participativo, potenciará o diálogo e o debate necesarios para unha toma de decisións consensuada. No caso de desacordo, as propostas adoptaranse por maioría simple. No caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.*

***Artigo 13.- Funcións da Comisión Permanente***

*Á Comisión permanente correspóndelle:*
*- Planificar o calendario de reunións do Pleno do Consello e preparar a orde do día.*
*- Preparar os asuntos para ser debatidos polo Pleno do Consello.*
*- Tomar as decisións no período comprendido entre as reunións do Consello en temas que no esixan a celebración dunha sesión extraordinaria de este.*
*- Propoñer ao Pleno do Consello a creación de comisións de traballo.*
*- As funcións que o Pleno do Consello lle delegue.*

***Artigo 14.- Comisións de Traballo do Consello Escolar Municipal***

*Para tratar asuntos concretos, o Pleno do Consello Escolar Municipal poderá acordar a constitución de comisións de traballo, especificando no acordo de creación as súas función, composición e duración previsible.*

***Artigo 15.- Procedemento de elección***

*1.A organización e supervisión do procedemento de eleccións das persoas membros do Consello Escolar municipal representantes do alumnado estará a cargo da Xunta Electoral constituída no Concello de Narón, que estará integrada polo/a alcalde/sa ou membro da Corporación en quen delegue, un/unha profesor/a, un/ha pai/nai e un/ha alumno/a a partir da Ensinanza Secundaria Obrigatoria, designados estas tres últimas persoas membros por sorteo.*
*2.Respecto ás persoas membros que deben ser elixidas segundo o disposto pola Corporación Local terase en conta o que a mesma estableza.*
*3. En canto as competencias da Xunta Electoral, e o procedemento de elección, estarase ao disposto no Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, Os Consellos Escolares Territoriais e Municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia.*

***Artigo 16.- Sedes do Consello Escolar Municipal.***

*A sede e lugar de reunións do Consello Escolar Municipal, e das súas Comisión, será nos locais municipais.*

***Artigo 17.- Entrada en vigor.***

*O presente Regulamento entrará en vigor nos termos regulados no artigo 70 da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora do réxime local."*



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

E visto o ditame favorable por maioría (cos cinco votos a favor de Tega; as tres abstencións do Partido Popular; e os votos en contra de BNG -2- e PSdG-PSOE -1-)da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 18-04-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

**EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE TEGA**:
Natalia Hermida Rico, representante do Grupo Municipal de Terra Galega, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte emenda de adición ao Ditame da Comisión Informativa de Actividade Social "PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL":
- Incluir no dictame un segundo punto co seguinte texto: *" Facilitar a participación con voz pero sen voto dun representante designado por cada un dos grupos políticos municipais no Consello Escolar Municipal."*

-Sra.alcaldesa: Terra Galega, neste caso como decía o Sr. secretario, neste caso a presidenta da comisión Natalia Hermida presenta unha emenda ao ditame, ao que falaramos na comisión, que é incluir no ditame un segundo punto que é o que se acaba de ler.
Nós o que se fai é a adaptación á normativa….. entón xurdía na comisión que había a posibilidade, a nós parécenos ben de que os portavoces, os representantes do resto dos grupos, formen parte do Consello escolar, entonces a emenda di :"*Facilitar a participación con voz pero sen voto dun representante designado por cada un dos grupos políticos municipais no Consello Escolar Municipal."*

**VOTACIÓN DA EMENDA**.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a emenda do grupo municipal de TEGA quedando incluído ese segundo punto na proposta.
**DEBATE**
-Sra.Ameneiro López: moitas grazas alcaldesa e moi boa tarde a todas e a todos. Nesta proposta recollemos a adaptación do regulamento do Consello Escolar Municipal ás disposicións legais. Segundo esta proposta o Regulamento do Consello Escolar Municipal ateríase ao disposto na Lei 3/1986 do 18 de decembro dos consellos escolares de Galicia e ao diposto no decreto 44/1988 do 11 de febreiro. Gustaríanos que todos os partidos apioasedes esta proposta para ben adaptar a normativa ás necesidades actuais educativas, sociais, sindicais e as asociacións pedagóxicas polo ben da comunidade educativa do Concello de Narón e polo tanto, polo ben de todas as nosas crianzas. Grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.
Nós imos a votar a favor. Entendemos que como se nos dixo na comisión que era un axuste normativo, pero o que non entendemos é que como habendo un regulamento en relación a esto e incluso lle preguntamos a vostede en varios plenos, que non fose convocado aínda incluso co Regulamento anterior, o Consello Escolar Municipal.
E o digo porque había moitos temas que tratar e penso que importantes para a comunidade escolar educativa, neste caso, do noso concello. Tales como o servicio de madrugadores, tales como obras necesarias e máis e máis cousas, e temas que quedan no tinteiro e que non se puideron tratar porque estabamos á espera según nos trasladaba vostede Sra.alcaldesa, de que se aprobase este consello. Espero que agora aprobado este consello se convoque á maior brevidade posible, se é urxente, se é posible, o Consello Escolar Municipal e podamos tratar todos os temas, porque mire, aínda teño temas que se falaron na comisión preceptiva e un tema pois pode ser liviano, por exemplo, podar unha figueira, se nos dixo que se ía podar inmediatamente, incluso que xa estaba previsto, pero a día de hoxe xa volve outra vez estar…non se podou e vai volver outra vez a retoñar.

Entón fíxese que tontería que teñamos que falar nun pleno deso a conta de que nun consello municipal non se puido tratar.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Unha aclaración, no regulamento, o artigo 3 "composición do consello escolar Municipal de Narón, o punto 1.2.2, cando di: "4 de ensino privado concertado", Narón ten 3, no? E aquí ven 4. Comentouse na comisión informativa e non se corrixiu eso. Se explicou pero non estamos convencidos con eso porque só hai 3 colexios privados e concertados.

-Sra.Ameneiro López: o que explicamos na comisión é que nós adaptamos o contido ao que di a Lei. O que di a Lei non o formulamos nós, nós adaptamos o contido ao que di a Lei. Efectivamente, temos 3 centros privados. Pero ese é o número que establece a lei. 6 de ensino público e 4 de ensino privado. Non modificamos nós as cantidades.

-Sra.alcaldesa: É cuestión de ratio. Se non hai 4 serán 3, non poderá haber 4. É así, nada máis. Se nalgún momento xurden 4 pois xa ten cabida.

-Sr.Castrillón Permuy: eu creo que a lei non establece que sexa así tal cual. Entonces bueno.

-Sra.alcaldesa: está avalado polo secretario de educación que nos di realmente neste caso, e é un pouco como tiña que ser. A maiores neste caso, dos servicios técnicos municipais. É dicir, non é só a nivel concello como tamén está neste caso pois quen lle corresponda, o que ten neste caso competencia para indicarnos ..pasamos a votar.
**VOTACIÓN E ACORDO DA PROPOSTA.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**5 º.- PROPOSTA DE ADHESIÓN AO "PROTOCOLO DE COLABORACIÓN Y COORDINACIÓN ENTRE LAS FUERZAS Y CUERPOS DE SEGURIDAD DEL ESTADO Y LOS CUERPOS DE POLICÍA LOCAL PARA LA PROTECCIÓN DE LAS VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA Y DE GÉNERO" APROBADO POLO MINISTERIO DO INTERIOR E A FEMP O 13 DE MARZO DE 2006.**. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Tras os acordos acadados polo pleno municipal de Narón (nas sesións celebradas o vinte e nove de novembro de 2012 e o vinte e oito de decembro de 2023) relativos, respectivamente, á constitución da Xunta Local de Seguridade deste Concello coa preceptiva adaptación á regulación contemplada no Real Decreto 1087/2010, de 3 de setembro; e á constitución da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero; e visto igualmente o informe proposta elaborado pola Xefatura da Policía Local do Concello de Narón, resulta preciso neste intre proceder á adhesión ao Protocolo de colaboración e coordinación entre as forzas e corpos de seguridade do Estado e os corpos da policía local para a protección das vítimas de violencia doméstica e de xénero, subscrito entre o Ministerio do Interior e a FEMP o 13 de marzo de 2006.
Polo exposto e visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces do 22 de abril de 2024, a súa presidenta propón ao Pleno:
PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión do Concello de Narón ao "PROTOCOLO DE COLABORACIÓN Y COORDINACIÓN ENTRE LAS FUERZAS Y CUERPOS DE SEGURIDAD DEL ESTADO Y LOS CUERPOS DE POLICÍA LOCAL PARA LA PROTECCIÓN DE LAS VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA Y DE GÉNERO" aprobado polo Ministerio do Interior (Secretaría de Estado) e a FEMP, o 13 de marzo de 2006, que se acompaña como Anexo a esta proposta.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

SEGUNDO.- Autorizar á Sra. alcaldesa para a realización de cantas actuacións precisas resulten para a debida efectividade deste acordo.
TERCEIRO.- Dar conta deste acordo á Subdelegación do Goberno de A Coruña e á FEMP.

**DEBATE**
-Sr.Romero Franco: como xa explicamos tamén na Xunta de Portavoces, o punto 5, 6 e 7 van ligados uns aos outros, non deixa ser un paso máis contra a loita contra a violencia de xénero tras uns acordos de novembro de 2012, de decembro de 2023 sobre a constitución da Xunta Local de Seguridade, deste concello e a constitución da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional, contra a violencia de xénero pois non deixa de ser un paso máis, neste caso está primeiro a aprobación a adhesión ao protocolo, despois a aprobación do protocolo e despois a incorporación do Concello de Narón ao sistema Viogen.
Neste caso, un acordo entre as Forzas de seguridade do Estado e a Policía Local na que estarán 4 policías locais, 2 como titulares, 2 no caso de que haiba algunha baixa ou ausencia das 2 persoas titulares que levarán a cabo este traballo por parte destas forzas de seguridade. Neste caso da policía local.

-Sra.Ledo Díaz: alegrámonos moito deste protocolo e doutro que se vai sumar para estar Narón por fin adherido ao código Viogen. Pensamos dende logo que chegamos tarde porque esto empezou a funcionar xa no ano 2007 e o pensamos porque na última Xunta Local de Seguridade, na lexislatura anterior, nós xa pedimos que houbera esa Mesa institucional de violencia de xénero, e nos respondestes que ía ser inminente e tiveron que pasar 2 anos, presentar unha moción o Bloque Nacionalista Galego, creo que é positivo e ademais vos debedes de velo tamén porque é algo que vos gusta anunciar e ver que sí que é así no. Consideramos que chega tarde pero que é importante que xa estea enriba da mesa, no, porque é unha maneira de predecir o risco, realizar un seguimento e sobre todo protexer ás vítimas, vítimas que se cansan de selo e o único que queren é ser libres.
Así que benvidos sexan estes protocolos e valgan avanzar nunha loita para que todos e todas temos que estar da mán, e que está demostrado que o que levamos feito como sociedade non chega e non chega porque está claro que sigue habendo violencia contra as mulleres polo mero feito de seren mulleres, por moito que a ultra dereita reacionaria queira negalo, no. Entón todo esto é un avance e consideramos que é positivo que se traia ao Pleno e repito, pensamos que é tarde pero bueno, agora damos un pasiño máis.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno o noso grupo tamén consideramos que é necesario e importante que se asine este protocolo e que se siga traballando nesta dirección.
É verdade que nun concello como Narón, con 39.000 habitantes ou algo máis pois debía de terse firmado xa, pero bueno, sempre é mellor que chegue agora e non que non chegue nunca, no. Polo tanto o noso voto vai ser a favor e consideramos que se apoie todo esto e poida saír adiante. Nada máis e moitas grazas.
**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**6 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO "PROTOCOLO DE COLABORACIÓN Y COORDINACIÓN ENTRE LA POLICÍA NACIONAL Y LA POLICÍA LOCAL DE NARÓN PARA LA PROTECCIÓN DE LAS VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA Y DE GÉNERO: PROCEDEMENTOS OPERATIVOS DE COLABORACIÓN E COORDINACIÓN ENTRE A COMISARÍA LOCAL DE FERROL-NARÓN E A POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE NARÓN PARA A POROTECCIÓN E SEGUIMENTO DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO" E RATIFICACIÓN DA SÚA SINATURA.**. -
Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta elaborado polo Xefe da Policía Local deste Concello, resulta preciso proceder á aprobación do documento denominado "Protocolo de Colaboración y Coordinación entre la Policía Nacional y la Policía Local de Narón

para la protección de las víctimas de violencia doméstica y de género: Procedementos operativos de colaboración e coordinación entre a Comisaría Local de Ferrol-Narón e a Policía Local do Concello de Narón para a protección e seguimento das vítimas de violencia de xénero", así como autorizar a sinatura do mesmo.
Polo exposto e visto o ditame favorable por asentimento da Xunta de Portavoces do 22 de abril de 2024, a súa presidenta propón ao Pleno:
PRIMEIRO.- Aprobar o documento denominado "Protocolo de Colaboración y Coordinación entre la Policía Nacional y la Policía Local de Narón para la protección de las víctimas de violencia doméstica y de género: Procedementos operativos de colaboración e coordinación entre a Comisaría Local de Ferrol-Narón e a Policía Local do Concello de Narón para a protección e seguimento das vítimas de violencia de xénero", que se acompaña como Anexo a esta proposta.
SEGUNDO.- Autorizar á Sra. alcaldesa para a sinatura dese documento así como para a realización de cantas actuacións precisas resulten para a debida efectividade deste acordo.
TERCEIRO.- Dar conta deste acordo á Subdelegación do Goberno de A Coruña.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**7 º.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE NARÓN AO SISTEMA VIOGEN.**. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:
Vista a conveniencia e oportunidade de solicitar a incorporación do Concello de Narón ao denominado "Sistema de seguimiento integral de los casos de violencia de género" (VIOGÉN), así como proceder á posterior sinatura do Convenio deste consistorio co Ministerio do Interior (Secretaría de Estado de Seguridade) para a incorporación do corpo de policía local de Narón ao devandito Sistema.
Polo exposto e visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces do 22 de abril de 2024, a súa presidenta propón ao Pleno:
PRIMEIRO.- Autorizar a solicitude de incorporación da Policía Local do Concello de Narón ao denominado "Sistema de seguimiento integral de los casos de violencia de género".
SEGUNDO.- Autorizar á Sra. alcaldesa para a realización de cantas actuacións precisas resulten para a debida efectividade deste acordo.
TERCEIRO.- Dar conta deste acordo á Subdelegación do Goberno de A Coruña.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

**8 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, NA SÚA VERSIÓN PARA APROBACIÓN INICIAL (DAI-2023).**. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta emitido pola xefa do servizo de Obras e Urbanismo en data 17.04.2024 que deseguido se transcribe:
"Asunto.- Proposta de aprobación inicial do documento para a aprobación inicial da revisión do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) de Narón (DAI-2023), de outubro de 2023.
Almudena Morado Momán, xefa do servizo de Obras e Urbanismo, en relación ao asunto de referencia emite o seguinte
INFORME-PROPOSTA
A contratación da redacción do planeamento realizouse no ano 2009 e tiña como propósito inicial a revisión do PXOM aprobado definitivamente polo Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 22/04/2002, (publicado no DOG o 09/05/2002 e no BOP o 10/06/2002); para dar



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

cumprimento ao establecido na Disposición transitoria segunda da entón vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante LOUG).

O contrato do servizo denominado "Revisión e redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Narón" adxudicouse definitivamente á empresa Dolmen S. L. P. de Arquitectura y Urbanismo por acordo plenario do 26/03/2009 e por un importe total de 287.100,00 euros. O contrato asinouse o 01/04/2009.

Con posterioridade, por resolución da alcaldía do 03/12/2010 modificouse o dito contrato, a consecuencia da entrada en vigor da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da LOUG, de gran calado modificativo con respecto a lexislación urbanística vixente ata aquel momento, que supuxo a obriga de reconsiderar a practica totalidade do documento en redacción así como os traballos xa realizados, de xeito tal que provocou a modificación contractual e un considerable incremento económico na contía do mesmo. O novo importe total do contrato ascende a 344.520,00 euros. O contrato modificado asinouse o 10/12/2010.

Ao abeiro da LOUG chegouse a iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica do que resultou un primeiro documento de referencia de data 04.01.2010 do Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Posteriormente, debido a entrada en vigor da lei 2/2010, do 25 de marzo, que modificaba á LOUG tívose que elaborar un novo anteproxecto de planeamento, (Documento de inicio), para a súa remisión á Consellería de Medio Ambiente (recibido o 22.11.2010), quen emite un novo documento de referencia o 18.01.2011 (rex. de entrada municipal núm. 1322 de 25.01.2011).

Coa entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, (en diante LSG), en virtude do establecido no seu artigo 60.2 redáctanse o borrador do plan e o documento inicial estratéxico, presentados polo equipo redactor Dolmen S.L.P. de Arquitectura y Urbanismo que son remitidos o 28.04.2017 á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio climático incluíndo a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, posteriormente emendado a requirimento da Consellería de Medio Ambiente, e recibido polo dito organismo autonómico o 30.06.2017.

O documento de alcance para a avaliación ambiental estratéxica ordinaria do PXOM, foi formulado por resolución de 10 de novembro de 2017 da directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, que tivo entrada no Concello o 24 de novembro de 2017, (rex. de entrada nº 19.437).

En virtude das consideracións do documento de alcance, así como dos informes emitidos no período de consultas da AAE, foi redactado por Dolmen S.L.P. de Arquitectura y Urbanismo o estudio ambiental estratéxico e a versión inicial do Plan, que se inclúen nun documento titulado: Documento Aprobación Inicial – marzo 2019, (en adiante DAI-19), que foi completado coa documentación aportada o 31.05.2019, (rex. entrada 9383).

A continuación foron solicitados os informes sectoriais previos á aprobación inicial indicados no Anexo II do RLSG, así como os informes das compañías subministradoras consonte o previsto no artigo 76.1 do Decreto 143/2016, do 26 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante RLSG).

Como resultado das observacións e consideracións manifestadas no documento de alcance e nos distintos informes emitidos, ademais dos cambios lexislativos e normativos que se viñeron producindo dende o DAI-19, moi especialmente a necesaria adaptación á Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, así como as

numerosas apreciacións e consideracións efectuadas polos servizos técnicos e xurídicos do Concello, o equipo redactor achega un novo documento para a aprobación inicial do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) de Narón, con data de novembro de 2020, (código 15054_PXOM_202011_AI), en data 17.12.2020 con rexistro de entrada nº 21.977, (en adiante DAI-2020).

O 08.04.2021 foi emitido informe técnico- xurídico municipal en sentido desfavorable á aprobación inicial do DAI-2020, en virtude das deficiencias detalladas no mesmo.

Con data 10 de setembro de 2021, a mercantil Dolmen S. L. P. de Arquitectura y Urbanismo, adxudicataria do contrato denominado "Revisión e redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Narón", presentou un escrito no rexistro deste Concello polo que se solicita a autorización para a cesión do meritado contrato a favor da sociedade civil Arqyur S. C.
Visto os informes emitidos pola Sección de Contratación, polos Servizos Técnicos Municipais, e pola Secretaría e a Intervención Xeral, o Concello Pleno, na súa sesión de data 30 de setembro de 2021, acordou autorizar a cesión do contrato; sendo notificado o dito acordo ás entidades interesadas.
A autorización quedou condicionada, segundo o propio acordo adoptado, á acreditación, perante o órgano de contratación, dos requisitos de aptitude da empresa cesionaria declarada no escrito-solicitude de autorización, da constitución da garantía definitiva pola cesionaria, da entrega da documentación en poder da cedente, e da formalización en escritura pública da cesión acordada.
O Concello Pleno en sesión de 24 de febreiro de 2022 acordou ter por acreditados os requisitos esixidos para a autorización da cesión do nomeado contrato, segundo o acordo plenario do Concello de 30 de setembro de 2021.
O 29.11.2023, con rexistro de entrada núm. 24.269, Alfredo Garrote Pazos, director do equipo redactor ARQYUR S.C., presenta un documento para a aprobación inicial do PXOM de Narón (DAI-2023), de outubro de 2023, (código 15054_PXOM_202310_AI).
O Concello Pleno en sesión de 25 de xaneiro de 2024 acordou a suspensión da execución do contrato de servizos nomeado con efectos de 29 de novembro de 2023, en base ao informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos municipais e a asinante do presente informe-proposta.

- Consonte o establecido no artigo 60.6 da LSG e no artigo 144.6 do seu Regulamento consta no expediente o informe técnico- xurídico municipal sobre a conformidade do documento presentado coa lexislación vixente asinado en data 31.01.2024, que de seguido se transcribe:

"(...) Manuel Otero Souto, arquitecto xefe dos servizos técnicos municipais, e Almudena Morado Momán, técnica de xestión do servizo de Obras e Urbanismo do Concello de Narón, emiten o presente informe en relación ao documento para a aprobación inicial da revisión do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) de Narón (DAI-2023), de outubro de 2023, (código 15054_PXOM_202310_AI), presentado por Alfredo Garrote Pazos, director do equipo redactor ARQYUR S.C., en data 29.11.2023 con rexistro de entrada nº 24.269.
O presente informe ten por obxecto dar cumprimento ao establecido no artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, (en adiante LSG), e no artigo 144.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, (en adiante RLSG). Sen prexuízo dos informes que deben ser emitidos pola Secretaría Xeral e a Intervención municipal consonte o establecido no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

## 1.- ANTECEDENTES

**1.1.- Como antecedentes destacables, en canto aos instrumentos de planeamento e ordenación do territorio vixentes, cítanse os seguintes:**

O Concello de Narón conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente polo Pleno do concello o 22/04/2002, (DOG 09/05/2002; normativa BOP 10/06/2002), con catro modificacións puntuais de datas 18/01/2010, 02/08/2010, 04/11/2010 e 27/06/2012.

En desenvolvemento do mesmo aprobouse como planeamento de desenvolvemento mais significativo:

. Plan parcial do sector IV do Polígono Río do Pozo (AD 25/06/2004).

. Plan parcial do sector de solo urbanizable R-1 (AD 31/03/2006)

. Plan de sectorización anexo Polígono Río do Pozo (AD 30/07/2004).

. Plan de sectorización do Ámbito I da MP do PXOM do SRAU do contorno do Polígono industrial Río do Pozo (AD 31/01/2013).

. Plan especial de dotacións en Freixeiro (AD 24/02/2011).

Aparte das Directrices de Ordenación do Territorio, outros instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no Concello, son:

. Programa coordinado de actuación:1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia cara a neutralidade carbónica 2021-2040 ( AD 30/09/2021, DOG 25/10/2021).

. Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, POL).

. Plan sectorial da rede viaria Ferro, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugardos e Cabanas (AD 19/09/2002, DOG 18/12/2002); modificado (AD 21/05/2015, DOG 16/06/2015).

. Plan sectorial de Ordenación de Áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia (AD 30/04/2014, DOG 28/05/2014).

. Proxecto sectorial Río do Pozo Sector II (AD 18/02/2000, DOG 25/02/2000).

. Proxecto sectorial do Parque eólico Novo (AD 22/03/2001, DOG 10104/2001).

**1.2.- Respecto dos antecedentes de formulación e tramitación do documento de planeamento xeral obxecto do presente informe, destácanse os seguintes:**

A contratación da redacción do planeamento realizouse no ano 2009 e tiña como propósito inicial a revisión do PXOM aprobado definitivamente polo Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 22/04/2002, (publicado no DOG o 09/05/2002 e no BOP o 10/06/2002); para dar cumprimento ao establecido na Disposición transitoria segunda da entón vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

O contrato do servizo denominado “Revisión e redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Narón” adxudicouse definitivamente á empresa Dolmen S. L. P. de Arquitectura y Urbanismo por acordo plenario do 26/03/2009 e por un importe total de 287.100,00 euros. O contrato asinouse o 01/04/2009.
Con posterioridade, por resolución da alcaldía do 03/12/2010 modificouse o dito contrato, a consecuencia da entrada en vigor da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), de gran calado modificativo con respecto a lexislación urbanística

vixente ata aquel momento, que supuxo a obriga de reconsiderar a practica totalidade do documento en redacción así como os traballos xa realizados, de xeito tal que provocou a modificación contractual e un considerable incremento económico na contía do mesmo. O novo importe total do contrato ascende a 344.520,00 euros. O contrato modificado asinouse o 10/12/2010.

Ao abeiro da LOUG chegouse a iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica do que resultou un primeiro documento de referencia de data 04.01.2010 do Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Posteriormente, debido a entrada en vigor da lei 2/2010, do 25 de marzo, que modificaba á LOUG tívose que elaborar un novo anteproxecto de planeamento, (Documento de inicio), para a súa remisión á Consellería de Medio Ambiente (recibido o 22.11.2010), quen emite un novo documento de referencia o 18.01.2011 (rex. de entrada municipal núm. 1322 de 25.01.2011).

Coa entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, (en diante LSG), en virtude do establecido no seu artigo 60.2 da LSG-16 redáctanse o borrador do plan e o documento inicial estratéxico, presentados polo equipo redactor Dolmen S.L.P. de Arquitectura y Urbanismo que son remitidos o 28.04.2017 á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio climático incluíndo a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, posteriormente emendado a requirimento da Consellería de Medio Ambiente, e recibido polo dito organismo autonómico o 30.06.2017.

O documento de alcance para a avaliación ambiental estratéxica ordinaria do PXOM, foi formulado por resolución de 10 de novembro de 2017 da directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, que tivo entrada no Concello o 24 de novembro de 2017, (rex. de entrada nº 19.437), xunto cos seguintes comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento inicial estratéxico e o borrador do Plan:

- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, do 18.09.2017.
- Instituto de Estudos do Territorio, do 29.09.2017.
- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, do 09.08.2017.
- Axencia Galega de Infraestruturas, do 14.09.2017.
- Dirección xeral de Ordenación e Produción Forestal, do 20.09.2017.
- Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, do 15.09.2017.
- Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar, do 25.08.2017, (data rex. Saída).
- Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, do 25.08.2017.
- Secretaría Xeral de Infraestruturas, de agosto de 2017.
- Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, do 31.08.2017.
- ADEGA-Trasancos, do 18.09.2017
- Asociación de veciños Os Cruceiros, do 16.09.2017.
- Varios particulares.

Fóra do período de consultas foron recibidos na Consellería os seguintes informes:

- Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 13.11.2017.
- Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, do 06.11.2017

Tamén foron recibidos no Concello os seguintes informes:



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- Secretaría Xeral de Transporte da Dirección Xeral de Aviación Civil, do 17.10.2017, con rexistro de entrada municipal núm. 17.416 de 20.10.2017.
- Informe complementario da Secretaría Xeral de Transporte da Dirección Xeral de Aviación Civil, do 06.10.2017, con rexistro de entrada municipal núm. 18.072 de 02.11.2017.

En virtude das consideracións do documento de alcance, así como dos informes emitidos no período de consultas da AAE, foi redactado por Dolmen S.L.P. de Arquitectura y Urbanismo o estudio ambiental estratéxico e a versión inicial do Plan, que se inclúen nun documento titulado: Documento Aprobación Inicial – marzo 2019, (en adiante DAI-19), que foi completado coa documentación aportada o 31.05.2019, (rex. entrada 9383).
A continuación foron solicitados os informes sectoriais previos á aprobación inicial, indicados no Anexo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, (en adiante RLSG): en materia de costas (Xunta de Galicia e Estado), augas, estradas estatais e zonificación acústica (Xunta de Galicia e Estado), sector ferroviario, aviación civil, defensa nacional e patrimonio nacional.
Recibíronse os seguintes:

- Informe en materia de patrimonio histórico do *Ministerio de Cultura y Deporte* emitido pola subdirectora xeral de protección do patrimonio histórico de data 17.02.2020 (art. 6 e 20 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español), con rexistro de entrada municipal núm. 4.410 de 20.02.2020.

- Informe en materia de dominio público militar e, con carácter xeral, nos intereses da defensa nacional do *Ministerio de Defensa* de data 21 de xuño de 2019, con entrada oficial no Concello núm. 4.782 de 27.02.2020 (D.A. 2ª do RDL 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana).

- Informe en materia de costas da Administración xeral do Estado de data 29 de abril de 2020 emitido pola *Dirección General de la Costa y el Mar* (art. 117.1 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas), emitido en data 29.04.2020, con rexistro de entrada municipal núm. 8.430, de 4 de xuño de 2020.

- Informes en materia de estradas e servidumes acústicas de competencia estatal emitidos pola *Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia*, (art. 16.6 da Lei 37/2015, do 29 de setembro de estradas e art. 11 do RD 1367/2007 polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído), en datas: 31 de outubro de 2019, con rexistro de entrada municipal núm. 20.862, de 18 de novembro de 2019 (DESFAVORABLE); en data 17.12.2019, con rexistro de entrada municipal núm. 217, de 8 de xaneiro de 2020 e núm. 743, de 16 de xaneiro de 2020 (DESFAVORABLE) e o de 14 de outubro de 2020, con rexistro de entrada municipal núm. 17.387, de 19 de outubro de 2020. (FAVORABLE).

- O informe en materia de augas previsto no artigo 128.3 do RDL 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, foi solicitado o 05.06.2019, rex saída 7646 ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, sen que fose recibida resposta. O 27.08.2019 (rex. de saída 9833) realízase a mesma petición ao organismo autonómico Augas de Galicia, quen o 10 de setembro de 2019, con rexistro de entrada municipal núm. 15.521, de 13 de setembro de 2019, emite un informe sobre a procedencia de emisión do mesmo.

- Informe en materia ferroviaria de competencia estatal asinado en datas 10 e 12 de xullo de 2019 polo enxeñeiro de obras públicas e o xefe da área, respectivamente, da Subdirección

Xeral de planificación ferroviaria do Ministerio de Fomento (art. 7.2 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario), con rexistro de entrada municipal núm. 12.878 de 22.07.2019.

- Informe en materia de servidumes aeronáuticas de competencia estatal emitido en data 12/08/2019 polo Subdirector xeral de Aeroportos e Navegación Aérea, Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento (D.A.2ª do RD 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo) con rexistro de entrada municipal núm. 13.905 de 13.08.2019.

- Informe emitido en materia de costas da Comunidade Autónoma de Galicia emitido en data 04.07.2019 pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo artigo 24.2.b) do Decreto 158/2005, do 2 de xuño, en relación co artigo 117.1 da Lei 22/1988, do 28 de xullo de costas, con rexistro de entrada número 11.927 de 05.07.2019.

- Informe en materia de servidumes acústicas de competencia autonómica emitido en data 26.08.2019 pola xefa do servizo de Planificación e a enxeñeira de camiños, canles e portos da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (art. 5.3 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia) con rexistro de entrada municipal núm. 15.863 de 16.09.2019.

Constan tamén requiridos informes ás seguintes compañías subministradoras en base ao previsto no artigo 76.1 do RLSG:

- Telefónica de España S.A., foi solicitado informe o 04.06.2019, (rex saída 7624) e non consta emitido.
- Nedgia Galicia S.A. (Grupo Naturgy), recibido informe no Concello en data 20.09.2019 (rex. entrada núm. 16.424).
- UFD Distribución Electricidad S.A., recibido informe no Concello en data 06.02.2020 (rex. entrada núm. 2.582).
- Cosma S.A. Recibido informe no Concello en data 09.10.2019 (rex. entrada núm. 18.201) e complementado o 22.10.2019 (rex. entrada núm. 19.220).
- R, Cable y Telecable Telecomunicaciones S.A.U., recibida contestación por e-mail o 03.12.2019.
- Electra del Narahío S.A., recibido informe no Concello 02.03.2020 (rex. entrada núm. 5.095)

Como resultado das observacións e consideracións manifestadas no documento de alcance e nos distintos informes emitidos, ademais dos cambios lexislativos e normativos que se viñeron producindo dende o DAI-19, moi especialmente a necesaria adaptación á Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, así como as numerosas apreciacións e consideracións efectuadas polos servizos técnicos e xurídicos do Concello, o equipo redactor achega un novo **documento para a aprobación inicial do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) de Narón, con data de novembro de 2020, (código 15054_PXOM_202011_AI),** en data 17.12.2020 con rexistro de entrada nº 21.977, **(en adiante DAI-2020).**

O 08/04/2021, foi emitido informe técnico e xurídico requirido no artigo 60.6 da LSG, e no artigo 144.6 do seu regulamento, en sentido desfavorable á aprobación inicial do DAI-2020, en virtude das deficiencias detalladas no mesmo.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Con data 10 de setembro de 2021, a mercantil Dolmen S. L. P. de Arquitectura y Urbanismo, adxudicataria do contrato denominado "Revisión e redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Narón", presentou un escrito no rexistro deste Concello polo que se solicita a autorización para a cesión do meritado contrato a favor da sociedade civil Arqyur S. C.
Visto os informes emitidos pola Sección de Contratación, polos Servizos Técnicos Municipais, e pola Secretaría e a Intervención Xeral, o Concello Pleno, na súa sesión de data 30 de setembro de 2021, acordou autorizar a cesión do contrato; sendo notificado dito acordo ás entidades interesadas.
A autorización quedou condicionada, segundo o propio acordo adoptado, á acreditación, perante o órgano de contratación, dos requisitos de aptitude da empresa cesionaria declarada no escrito-solicitude de autorización, da constitución da garantía definitiva pola cesionaria, da entrega da documentación en poder da cedente, e da formalización en escritura pública da cesión acordada.

O Concello Pleno en sesión de 24 de febreiro de 2022 acordou ter por acreditados os requisitos esixidos para a autorización da cesión do nomeado contrato, segundo o acordo plenario do Concello de 30 de setembro de 2021.
O novo equipo redactor ARQYUR achega un **documento para aprobación inicial do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) de Narón, con data de outubro de 2023, (código 15054_PXOM_202310_AI),** en data 29.11.2023 con rexistro de entrada nº 24.269, **(en adiante DAI-23); que constitúe o obxecto do presente informe.**
O equipo redactor, está composto por un equipo multidisciplinar, tal como se detalla na carpeta co código 00.INDEX, co que se da cumprimento ao requirido no artigo 51.1 da LSG e 85 do RLSG.
Todos os documentos están provistos da sinatura electrónica do arquitecto director dos traballos D. Alfredo Garrote Pazos coas datas que se sinalan no apartado 2.1 do presente informe.
Non obstante, cabe facer mención a que se trata dun documento que será sometido á aprobación inicial en sesión plenaria segundo os trámites administrativos que esixe o art. 60 da LSG e o art.144 do RLSG e, polo tanto, sometido a información pública e a novos informes sectoriais que suporán cambios no documento, enriquecendo a súa versión inicial, e constituíndo un complemento fundamental que garantiza o sometemento á legalidade do documento analizado.
Foron moitas as suxestións e aportacións realizadas xa polos cidadáns nestes anos de traballos previos que foron remitidas ao equipo redactor, analizadas todas elas e, en moitos casos, incorporadas á ordenación proposta nesta versión do documento. Non obstante, será durante a exposición pública cando os administrados poidan analizar detalladamente este documento e formular, no seu caso, as alegacións que consideren pertinentes, que serán contestadas motivadamente por esta Administración.

**1.3.- Potestade de planeamento de control da legalidade**
**Revisión do planeamento xeral vixente.**
A postestade planificadora da Administración ten cobertura constitucional no art. 33 da Constitución española, na que se recolle a función social da propiedade privada, e no seu artigo 45 referido á obriga de conservación do medio ambiente, o emprego racional dos recursos naturais e a protección e mellora da calidade de vida.

De acordo cos artigos 83.3 da LSG e 200.3 do RLSG "enténdese por revisión do planeamento xeral a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto, pola aparición de circunstancias sobrevidas, de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación ou polo esgotamento da súa capacidade." Estamos perante o denominado *ius variandi* da Administración.
Como afirma a STS do 03.01.1996 (Recurso núm. 5351/1991), a natureza normativa do planeamento e a necesidade de adaptalo ás exixencias cambiantes do interese público xustifican

plenamente o *ius variandi*, o que implica un amplo marxe de discrecionalidade acoutada pola interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos (art. 9.3 CE).
A oportunidade e necesidade de revisión do PXOM'02 queda reflectido con suficiente detalle e concreción na memoria xustificativa do documento analizado (CARPETA 01.MX PARTE II. XUSTIFICACIÓN) que en resumo sintetízanse nos seguintes aspectos:

• *Adopción dos criterios das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), do Plan de Ordenación do Litoral (POL) e das Directrices de Paisaxe de Galicia, como principais instrumentos de ordenación do territorio que inciden no municipio.*
• *A nova sensibilidade social con relación ao proceso de urbanización e de crecemento.*
• *A aparición dun marco legal, practicamente renovado na totalidade, un conxunto de novas leis estatais, autonómicas e plans supramunicipais, de gran incidencia na ordenación do territorio municipal. pon de manifesto a inadaptación do documento vixente, creando inseguridade xurídica.*
• *A aparición da lexislación de avaliación ambiental, primeiro, a Lei 2/2006, derrogada e substituída pola Lei 21/2013, e o sometemento a este trámite, garantirá que as determinacións do plan non xeren impactos ambientais inasumibles.*
• *Instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no concello de Narón: 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia cara á Neutralidade carbónica 2021-2040, Rede viaria de Ferrol, Fene, Narón, Neda, Ares, Mugardos e Cabanas e a súa modificación, Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, Parque Eólico de Novo e Actuación industrial Río do Pozo- Sector II, etc. aconsellan un novo plan que recolla todas as determinacións vinculantes destas figuras de rango superior.*
• *Establecer un novo modelo para os núcleos rurais adaptado ao modelo de asentamento poboacional do Plan Básico Autonómico*
• *Procurar a compactación do solo urbano existente, que na actualidade presenta grandes bolsas de solo sen edificar.*
• *A conveniencia de corrixir certas determinacións normativas do PXOM'02 á vista dos problemas xerados e a experiencia acumulada na súa aplicación.*

**Límites á potestade de planeamento.**
O exercicio do *ius variandi* non se pode traducir nunha actuación arbitraria ou irracional da Administración posto que como ten declarado o Tribunal Supremo a discrecionalidade só faculta á Administración para dispoñer dunha certa marxe de liberdade na elección de obxectivos, como medio para satisfacer mellor o interese público que é, en verdade, o que lle serve de causa lexitimadora á súa actuación.
O Alto Tribunal entende a discrecionalidade da Administración como a posibilidade que ostenta para ponderar a oportunidade e a conveniencia de actuar ou non en función do interese público, e de poder escoller entre variadas alternativas legais, pero sempre que sexa para defender o interese xeral, e que se axuste aos seus fins.
Así, a Administración ten que ponderar, entre alternativas igualmente xustas, aquela que motivadamente determine que beneficia máis ao interese xeral.
A motivación exerce ademais un forte límite fronte á desviación de poder, pois como afirma a STS de 2 de febreiro de 2017 (recurso núm. 1448/2016) "*a principal característica da desviación de poder consiste en que a Administración, á hora de desenvolver a actividade planificadora, afástese do interese público que ten que presidir a dita actuación*".
A función social do urbanismo ten o seu máximo expoñente no Plan Xeral de Ordenación Municipal como documento urbanístico de ordenación integral dun termo municipal que clasifica



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente, define os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establece as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución (art. 51.2 LSG).
O seu procedemento de elaboración, tramitación e aprobación constitúe un dos pilares fundamentais do urbanismo e é o encargado de dotalo das garantías consubstanciais á protección dos dereitos e deberes dos propietarios, o respecto da normativa sectorial e o exercicio da participación ciudadana, entre outros.

**2.- DOCUMENTACIÓN.**
Nos artigos 58 da LSG-16 e 131 e ss. do RLSG, establécese que as determinacións do plan xeral de ordenación municipal desenvolveranse nunha serie de documentos, os cales serán analizados nos seguintes apartados do presente informe.

**2.1.- O contido e as determinacións do DAI-23 desenvólvense en once carpetas conforme ao anexo 4 da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, (en adiante NNTTPP), co seguinte contido:**

Carpeta 00.INDEX. Índice xeral do documento e equipo multidisciplinar. Asinado o 17/11/2023
Carpeta 01.MX. Memoria xustificativa. Asinada o 17/11/2023
- Parte 1. Memoria informativa
- Parte 2. Xustificación
- Parte 3. Anexos
  - 1a. Memoria xustificativa da adaptación ao ambiente e protección da paisaxe
  - 1b. Estudo da paisaxe
  - 2. Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable
  - 3. Anexo síntese
  - 4. Ficha da vixencia do planeamento do concello

Carpeta 02.EMR. Estudio do medio rural. Asinado o 21/11/2023.
Carpeta 03.AMAP. Análise do modelo de asentamento poboacional. Asinado o 21/11/2023
- Memoria do AMAP
- Fichas do AMAP
- Planos de información do AMAP
- Planos de ordenación do AMAP
- Fotografías aéreas do AMAP

Carpeta 04.MOB. Análise da mobilidade. Asinado o 21/11/2023.
Carpeta 05.PINF. Planos de información urbanística.
- Parte 1. Planos de Información Xeral. Asinados o 21/11/2023, agás os de telecomunicacións, asinados o 29/11/2023.
- Parte 2. Planos de Información do Solo Urbano. Asinados o 21/11/2023.

Carpeta 06.PORD. Planos de ordenación urbanística. Asinados o 21/11/2023.
- Parte 1. Planos de Estrutura xeral e orgánica do territorio
- Parte 2. Planos de Clasificación e categorización do solo
- Parte 3. Planos de Ordenación e xestión do solo
- Parte 4. Planos de Ordenación do solo urbano consolidado
- Parte 5. Planos de Zonificación acústica

Carpeta 07.NU. Normas urbanísticas
- Parte 1. Normativa urbanística. Asinada o 21/11/2023.
- Parte 2. Fichas dos ámbitos de planeamento remitido. Asinadas o 21/11/2023, agás as fichas dos plans especiais asinadas o 29/11/2023.

Carpeta 08.CAT. Catálogo. Asinado o 21/11/2023.
- Parte 1. Memoria
- Parte 2. Fichas que integren o plano de información e situación do elemento catalogado

Parte 3. Normas de protección para cada nivel

Carpeta 09.EE. Estratexia de actuación, estudo económico, informe de sustentabilidade económica e memoria de viabilidade económica. Asinados o 21/11/2023

Carpeta 10.AAE. Avaliación Ambiental estratéxica.

Parte 1. Estudo ambiental estratéxico. Asinado o 21/11/2023.

Parte 2. Cartografía. Asinada o 21/11/2023

En virtude do establecido nos artigos 60.6 da LSG e 86.4 e 144.6 do RLSG, respecto da suspensión do outorgamento de licenzas, achégase como documento adicional o "RESUMO EXECUTIVO".

**2.2- Memoria xustificativa dos seus fins e obxectivos, así como da súas determinacións:**

Código: CARPETA **01.MX**

De acordo co establecido no artigo 132.2 do RLSG, e o anexo 4 das NNTTPP, o documento da memoria xustificativa estruturase nas seguintes partes:

- Parte I. Información.
- Parte II. Xustificación.
- Parte III. Anexos á memoria:
  - 1a. Memoria xustificativa da adaptación ao ambiente e protección da paisaxe
  - 1b. Estudo da paisaxe
  - 2. Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable
  - 3. Anexo síntese
  - 4. Ficha da vixencia do planeamento do concello

2.2.1. PARTE I. MEMORIA INFORMATIVA:

Código 15054_PXOM_202310_AI_MX_01INF.

Distribúese en tres capítulos.

- 01. INTRODUCCIÓN
- 02. ANTECEDENTES
- 03. INFORMACIÓN

No capítulo 03 INFORMACIÓN, recollésense todos e cada un dos aspectos requiridos no artigo 133 do RLSG.

*Observacións:*

*1.- Obsérvanse erros e/ou omisións no índice do documento e nos marcadores do mesmo:*

*- Non aparece o apartado 03.9.5.6. LEXISLACIÓN PORTUARIA.*

*- O apartado 03.9.3. LEXISLACIÓN MINEIRA, debera ser o 03.9.9.3; o 03.9.4. LEXISLACIÓN CONTAMINACIÓN ACÚSTICA, debera ser o 03.9.9.4; o 03.9.19. LEXISLACIÓN DE COMERCIO, debera ser o 03.9.9.5; o 03.9.20. LEXISLACIÓN ÁREAS EMPRESARIAIS, debera ser o 03.9.9.6; e o 03.6.10.6. PERSPECTIVA DE XÉNERO, debera ser o 03.9.9.7, aínda que semella non ter moito encaixe dentro do epígrafe de afeccións derivadas da normativa sectorial.*

*2.- No apartado 03.9.5.4, respecto da lexislación de estradas autonómicas, deberíase incluír unha sección transversal, de xeito similar á contida no apartado da lexislación de estradas estatal, onde se identifique a zona de dominio público, servidume, afección, aresta exterior da explanación, liña límite da edificación, etc,.*

*3.- No cadro do apartado 03.11.1, detéctanse erros ou omisións nas datas de aprobación dos instrumentos de equidistribución da áreas de repartición: P.P30; P.OC1; P.OC2; P.OC8; P.SI3; P.SI4; P.SI6; P.SI7; P.SI8; P.SI10 e P.SI11.*



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

*4.- No cadro dos aparcadoiros existentes do apartado 03.12.3.1., obsérvanse erros en canto aos barrios onde se sitúa cada aparcadoiro.*

2.2.2. PARTE II. XUSTIFICACIÓN:

Código: 15054_PXOM_202310_AI_MX_02XUS.

Distribúese en doce capítulos, nos que se recollen todos e cada un dos aspectos requiridos no artigo 134 do RLSG.

- 01. ANTECEDENTES
- 02. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE
- 03. EXAME E ANÁLISE PONDERADO DAS DIFERENTES ALTERNATIVAS CONTEMPLADAS
- 04. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS DO PLAN
- 05. SOLUCIÓNS XERAIS DE ORDENACIÓN. A CLASIFICACIÓN DO SOLO
- 06. A DIVISIÓN EN DISTRITOS NO SOLO URBANO. ORDENACIÓN DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO
- 07. LÍMITES DE SOSTENIBILIDADE
- 08. O SISTEMA DOTACIONAL
- 09. RESERVA DE SOLO PARA VIVENDA PROTEXIDA
- 10. XUSTIFICACIÓN DA COHERENCIA DO PLAN COS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO. LEXISLACIÓN SECTORIAL
- 11. A XESTIÓN URBANÍSTICA. A EXECUCIÓN DO PLAN. SISTEMA DE PONDERACIÓN. AREAS DE REPARTICIÓN. O APROVEITAMENTO XERAL
- 12. DIMENSIONADO DO PLAN

Observacións:

*1.- Aprécianse diversos erros numéricos, entendemos que de transcrición, referidos a cifras dos mesmos conceptos que varían segundo o capítulo, como exemplo:*

- *No apartado 06.4, respecto das áreas de actuación integral no SNR, a superficie edificable: 32.398 $m^2$, debería coincidir coa superficie edificable de uso residencial: 32.298 $m^2$.*
- *Respecto das edificabilidades bruta e residencial en solo urbano non consolidado, existen discrepancias entre os cadros dos apartados: 06.2; 07.1 e 8.2.3.*
- *No apartado 11.1, fálase de 92 áreas de repartición. Si se está a determinar unha por cada sector de solo urbanizable, (8), unha por cada ámbito de solo urbano non consolidado (85) e unha por cada área de actuación integral en solo de núcleo rural (4), as áreas de repartición serían 97.*

*2.- Os terreos ao carón do CPI do Feal dos que se fala no apartado 05.2.1, (pax.16) no extremo norte do barrio das Lagoas non están próximos a DP-5401, trátase dunha vía municipal.*

*3.- O equipamento de sistema xeral co código G20 no barrio da Gándara, que figura no cadro do apartado 08.1.2, como "Lonxa da Cofradía", está adicado a día de hoxe ao fomento de actividades deportivas.*

*4.- No cadro do apartado 05.2.1, (pax. 23), no que se amosan os polígonos do PXOM-02 que non se inclúen na categoría de solo urbano non consolidado no DAI-23, deben excluírse o PP.12 e o PP.27, dado que foron incluídos como APIs na categoría de SUNC: API-03-RES e API-04-RES respectivamente.*

*5.- No cadro de superficies do apartado 05.6, non está incluído o sector de solo urbanizable SUB-03, de uso dotacional, que ten unha superficie de 4,67 Has.*

*6.- Segundo o apartado 06.4 da memoria, así como nos planos de ordenación do AMAP e nas fichas das áreas de actuación integral en SNR incluídas na carpeta das normas urbanísticas, entre outros documentos, a AAI de "Os Sobecos" (0114), foi eliminada, polo tanto deberá ser suprimida dos cadros dos apartados: 06.6.1; 11.1 e 11.3.*

*7.- No apartado 06.6.2, o ámbito ao que se refire o texto, que se remite ao plan de sectorización aprobado definitivamente, é o SUB-07-IND en lugar do SUB-08-IND.*

2.2.3. PARTE III. ANEXOS Á MEMORIA

2.2.3.1. ANEXO I: MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E PROTECCIÓN DA PAISAXE

Código: 15054_PXOM_202310_AI_MX_03.1ANX_PSX.
A súa vez divídese nos seguintes documentos:
2.2.3.1a: MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E PROTECCIÓN DA PAISAXE.

Código: 15054_PXOM_202310_AI_MX_03.1aANX_PSX.
Distribúese en tres capítulos:
- 01. INTRODUCCIÓN
- 02. ADAPTACIÓN AO AMBIENTE
- 03. ADAPTACIÓN Á PAISAXE

2.2.3.1b: ESTUDO DA PAISAXE
Código: 15054_PXOM_202310_AI_MX_03.1bANX_PSX_EST.
Distribúese en cinco capítulos:
- 01. INTRODUCCIÓN
- 02. CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE
- 03. A PAISAXE URBANA
- 04. OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA (OCP)
- 05. XUSTIFICACIÓN DAS DIRECTRICES DA PAISAXE DE GALICIA

Nos anteriores documentos recollésense todos e cada un dos aspectos requiridos no artigo 135.a) do RLSG. Ademais se inclúe o estudo da paisaxe requirido no informe emitido polo IET no período de consultas do documento inicial estratéxico e o borrador do Plan.

2.2.3.2. ANEXO II: INFORME XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE

Código: 15054_PXOM_202310_AI_MX_03.2ANX_SEC.
Distribúese en catro capítulos:
- 01. NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE
- 02. AFECCIÓNS SECTORIAIS
- 03. INFORMES PREVIOS Á APROBACIÓN INICIAL
- 04. CLASIFICACIÓN E CATEGORIZACIÓN DOMO SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN DE ÁMBITOS QUE NON CONTAN CON AFECCIÓN SECTORIAL.

Nos anteriores documentos recollésense os aspectos requiridos no artigo 135.b) do RLSG. Ademais inclúense, no capítulo 03, uns cadros comparativos nos que se detallan as determinacións que se introducen para dar cumprimento ás cuestións mais salientables que se recollen nos informes sectoriais emitidos de conformidade co establecido no artigo 144.7 do RLSG.
En todo caso, unha vez aprobado inicialmente, no trámite de información pública, ben sexa en relación cos informes sectoriais preceptivos que se detallan no anexo II do RLSG, como no ámbito



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

das consultas que se establece no apartado 6 do documento de alcance formulado por Resolución de 10 de novembro de 2017 da Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, o documento será novamente sometido á supervisión de todos os organismos sectoriais e ambientais, tanto estatais como autonómicos, con excepción da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que xa emitiron informe en fases anteriores, polo que no seu caso ditaminarán nos seus informes os condicionantes relacionados coas súas competencias sectoriais, que deberán ser tidas en conta para á aprobación provisional do PXOM.
Inclúese ademais, no apartado 02.3, entre outros, o cumprimento da normativa vixente en materia de habitabilidade e accesibilidade.
2.2.3.3. ANEXO III: ANEXO SÍNTESE
Código: 15054_PXOM_202310_AI_MX_03.3ANX_SINTESE.
Distribúese en 8 capítulos nos que se recolle en termos precisos a finalidade, natureza, obxecto e ámbito de aplicación, contidos fundamentais, etc., así como a ficha resumo do plan segundo o modelo do anexo III do RLSG, que se exixe no seu artigo 135.d).

*Observacións:*

*Detectase igualmente, como se fixo constar no apartado 2.2.2 do presente informe respecto da memoria xustificativa, diversos erros numéricos, entendemos que de transcrición, referidos a cifras dos mesmos conceptos:*

*- No cadro de superficies do apartado 06, e na ficha resumo non está incluído o sector de solo urbanizable SUB-03, de uso dotacional, que ten unha superficie de 4,67 Has, polo que a superficie total do solo urbanizable sería de 1,96 Km$^2$ en lugar de 1.91 Km$^2$.*

*- Existe un erro na superficie do concello no apartado 3 da ficha resumo, figuran 66,20 Km2, cando en realidade son 66.90 Km$^2$.*

*- Existen erros en canto á superficie da reserva de solo para os sistemas xerais de espazos libres e equipamentos propostos que figuran na ficha resumo, 1.265.871 m$^2$ e 600.843 m$^2$, respectivamente, respecto dos correctos establecidos na memoria xustificativa: 1.265.024 m$^2$ e 619.918 m$^2$, que en todo caso superan con creces a reservas mínimas exixidas na lexislación urbanística.*

2.2.3.4. ANEXO IV: FICHA DA VIXENCIA DO PLANEAMENTO DO CONCELLO TRAS A APROBACIÓN INICIAL DO DOCUMENTO EN TRAMITACIÓN
Código: 15054_PXOM_202310_AI_MX_03.4ANX_VIXENCIA.
A ficha axústase ao requirido no artigo 12 e os anexos 4 e 7 das NNTTPP.

**2.3- Estudio do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional e da mobilidade:**

Conforme ao establecido no art. 58 da LSG-16 e mais detalladamente no artigo 136 do RLSG, o presente documento, estrutúrase nas seguintes partes:

a) Parte 1: Estudo do medio rural.
b) Parte 2: Análise do modelo de asentamento poboacional.
c) Parte 3: análise da mobilidade.

<u>2.3.1.- PARTE 1. ESTUDO DO MEDIO RURAL</u>
Código CARPETA **02.EMR**
De acordo co establecido no artigo 137 do RLSG, e o anexo 4 das NNTTPP, contén un único documento, co título xenérico de ESTUDO DO MEDIO RURAL
Código: 15054_PXOM_202310_AI_EMR.
Distribúese en nove capítulos, nos que se recollen os aspectos requiridos no artigo 137 do RLSG.

- 01. CONTEXTO
- 02. MEDIO FÍSICO
- 03. USOS E COBERTURAS DO SOLO
- 04. PAISAXE
- 05. PARCELARIO RURAL
- 06. ASENTAMENTOS E CONSTRUCIÓNS

- 07. INFRAESTRUTURAS
- 08. PLANEAMENTO URBANÍSTICO DOS CONCELLOS LIMÍTROFES
- 09. SOLO RÚSTICO

*Observacións:*

*1.- En virtude do establecido no terceiro parágrafo do artigo 137 do RLSG así como nos artigos 34.3 da LSG e 49.3 do RLSG, dado que o Plan propón, (ver apartado 9: solo rústico), ámbitos todos eles que, en virtude dos estudos e análise efectuados, conteñen valores merecedores de especial protección e que non contan con afección sectorial, esta categorización deberá contar coa conformidade expresa da Administración que exerza a competencia sectorial:*

*- A clasificación e categorización como solo rústico de especial protección de espazos naturais (SRPEN): unha masa bosque aluvial preto do Río Grande de Xuvia en Castro da Ermida, así como os humedais de Sinde e Quintá incluídos no inventario de Humedais de Galicia, e o esteiro de Gándara.*

*- A clasificación e categorización como solo rústico de especial protección paisaxística (SRPPX): ampliación hacia o sur da AEIP Montes da Lagoa e novo miradoiro; incorporación a esta categorización da ZEC Xuvia-Castro; así como unha zona no Monte da Mina.*

*Esta conformidade expresa deberá ser solicitada expresamente no trámite de información, emisión de informes sectoriais e de consultas previstas no documento de alcance do estudio ambiental estratéxico; posterior á aprobación inicial.*

*2.- O apartado 6.3. "TIPOLOXÍAS", non aparece no índice do documento nin nos marcadores.*

*3.- O cadro dos aparcadoiros existentes no apartado 7.1.1 está incompleto á vista do recollido no apartado 08.4.1 da memoria xustificativa.*

2.3.2.- PARTE 2. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

Código CARPETA **03.AMAP**

De acordo co establecido no artigo 138.2 do RLSG, e o anexo 4 das NNTTPP, a análise do modelo de asentamento poboacional ten o seguinte contido:

- Memoria do AMAP
- Fichas do AMAP
- Planos de información do AMAP
- Planos de ordenación do AMAP
- Fotografías aéreas do AMAP

2.3.2.1.- MEMORIA DO AMAP

Código: 15054_PXOM_202310_AI_AMAP_01M.

Distribúese en catro capítulos, nos que se recollen os aspectos requiridos no artigo 138.2.a) do RLSG.

- 01. MARCO TERRITORIAL, que inclúe o desenvolvemento no planeamento vixente.
- 02. IDENTIFICACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS NO MUNICIPIO DE NARÓN
- 03. ÁREAS PENDENTES DE ACTUACIÓN DE CARÁCTER INTEGRAL
- 04. ÁREAS DE RECUALIFICACIÓN

*Observacións:*



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

*1.- No índice do documento obsérvanse erros de numeración dos distintos apartados do capítulo 1, de todos os xeitos no texto e nos marcadores están ben numerados.*

*2.- Como xa se fixo constar na observación 6 do apartado 2.2.2 do presente informe a AAI de "Os Sobecos" (0114), foi eliminada, polo tanto deberá ser suprimida do cadro do capítulo 3.*

*3.- No listado dos núcleos das paxinas 46 – 47, existe un erro por canto o código 1210 corresponde a Lavandeira e o 1219 corresponde As Viñas.*

2.3.2.2.- FICHAS DO AMAP

Código: 15054_PXOM_202310_AI_AMAP_02F.

Nesta carpeta, ademais do índice e da portada correspondente, inclúense as fichas dos 157 núcleos rurais delimitados, agrupados por parroquias en 8 arquivos correspondendo cada un deles con unha parroquia segundo a distribución que se sinala no índice.

Nas fichas recóllense para cada núcleo rural, en liñas xerais, o contido que se esixe no artigo 138.2.b) do RLSG: identificación, tipo de núcleo, superficie e grado de consolidación, evolución, condicionantes do contorno, características da edificación, sistema viario, sistema de servizos urbanos e identificación dos equipamentos e zonas verdes ou espazos libres existentes ou previstos.

*<u>Observacións:</u>*

*1.- A numeración dos núcleos no índice non concorda coa dos marcadores.*

*2.- O código do arquivo que contén a portada é erróneo.*

*3.- Non se expresa o método de calculo da consolidación empregado.*

*4.- Se ben se representan os elementos catalogados nos planos das fichas, deberíanse reflectir tamén no apartado de condicionantes do contorno.*

*5.- Respecto do sistema viario e de servizos públicos, se ben se achega información detallada nos planos de información e de ordenación do AMAP, deberanse completar de xeito adecuado os apartados correspondentes das fichas.*

*6.- As dotacións de equipamentos e espazos libres e zonas verdes se recollen nas fichas, identificadas co seu código e superficie. Porén en canto a súa titularidade e outras características, así como si son existentes ou propostas, (se ben se contemplan tanto na memoria xustificativa como en outros documentos do DAI-23), deberán recollerse no apartado correspondente das fichas.*

*7.- As áreas de actuación integral previstas se recollen nos planos de ordenación do AMAP, e o resto das súas características nas fichas do documento da normativa e na memoria xustificativa. De todos os xeitos deberanse representar estes contidos tamén no apartado correspondente das fichas.*

2.3.2.3.- PLANOS DE INFORMACIÓN DO AMAP

Código: 15054_PXOM_202310_AI_AMAP_03PINF.

A súa vez distínguense:

- Arquivos co código: 15054_PXOM_202310_AI_AMAP_03PINF_AFEC., nos que se representa o contido que se esixe nos apartados 1º, 2º, 3º, 6º, e **5º** correspondente as afeccións sectoriais e dos instrumentos de ordenación do territorio, do artigo 138.2.c.1).
- Arquivos co código: 15054_PXOM_202310_AI_AMAP_03PINF_SERV., nos que se representa o contido que se esixe nos apartados 1º, 6º, e **4º** correspondente ás redes de servizos existentes, do artigo 138.2.c.1).

Nesta carpeta, ademais do índice e da portada correspondente, inclúense os planos de información dos 157 núcleos rurais delimitados, agrupados por parroquias en 8 arquivos correspondendo cada un deles con unha parroquia segundo a distribución que se sinala no índice.

*Observacións:*

*1.- A numeración dos núcleos no índice non concorda coa dos marcadores.*

*2.- Nos planos de afeccións sectoriais, observase o seguinte:*

- *Algúns dos núcleos non teñen o seu perímetro delimitado, aínda que si se contemplan nos planos de servizos.*
- *Debe terse en conta que a estrada autonómica AC-114, foi cedida ao concello.*

*- Debe terse en conta que a variante da estrada provincial DP-5401, ao seu paso por Borreiros, foi cedida ao concello.*

2.3.2.4.- PLANOS DE ORDENACIÓN DO AMAP
Código: 15054_PXOM_202310_AI_AMAP_04PORD.
Recóllense para cada núcleo rural, en liñas xerais, o contido que se esixe no artigo 138.2.c.2) do RLSG
Nesta carpeta, ademais do índice e da portada correspondente, inclúense os planos de ordenación dos 157 núcleos rurais delimitados, agrupados por parroquias en 8 arquivos correspondendo cada un deles con unha parroquia segundo a distribución que se sinala no índice.

*Observacións:*
*1.- A numeración dos núcleos no índice non concorda coa dos marcadores.*
*2.- Como se detallou no apartado anterior, debe terse en conta que a estrada autonómica AC-114 e a variante da estrada provincial DP-5401, ao seu paso por Borreiros, foron cedidas ao concello.*
*3.- Respecto das aliñacións viarias, obsérvanse que non están completas ou ben definidas en determinados lugares, ou ben carecen da cota correspondente. Neste sentido débese ter en conta que, coa relativa calidade da cartografía de base empregada, non resulta doado establecer con maior precisión tal determinación. Porén, estase a traballar na elaboración dunha nova cartografía, cos requisitos esixidos nas NNTTPP, na que se poderán definir con adecuada precisión estas cuestións de cara á aprobación provisional do Plan.*

2.3.2.5.- FOTOGRAFÍAS AÉREAS DO AMAP.
Código: 15054_PXOM_202310_AI_AMAP_05OF.
Recóllense para cada núcleo rural o contido que se esixe no artigo 138.2.d) do RLSG.
Nesta carpeta, ademais do índice e da portada correspondente, inclúense dúas ortofotos correspondentes ao voo americano e ao PNOA-2020, nas que se representa o perímetro de cada un dos 157 núcleos rurais delimitados, agrupados por parroquias en 8 arquivos correspondendo cada un deles con unha parroquia segundo a distribución que se sinala no índice.

2.3.3.- PARTE 3. ANÁLISE DA MOBILIDADE
Código CARPETA **04.MOB**
De acordo co establecido no artigo 139 do RLSG, e o anexo 4 das NNTTPP, contén un único documento, co título xenérico de "ANÁLISE DA MOBILIDADE".
Código: 15054_PXOM_202310_AI_MOB.
Distribúese en catro capítulos, nos que se recollen os aspectos requiridos no artigo 139 do RLSG.
- A. DIAGNOSE DA SITUACIÓN
- B. OBXECTIVOS: CARA UN MODELO URBANO MAIS SOSTIBLE E HABITABLE
- C. MEDIDAS A ADOPTAR
- D. FINANCIAMENTO, SEGUIMENTO E IMPACTO

En relación coas consideracións dos apartados 1, 2 e 3 do artigo 139 do RLSG, o Concello de Narón conta con un Plan de Mobilidade Urbana Sostible, (PMUS), aprobado definitivamente polo Pleno o 29/09/2022.

*Observación: No índice do documento, non se inclúe o apartado C.5. "Outras medidas destacadas a implementar", aínda que si figura nos marcadores e no texto.*

**2.4- Planos de información urbanística:**



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Código: CARPETA **05.PINF**
Conforme ao establecido no art. 58 da LSG-16 e mais detalladamente no artigo 140 do RLSG, o presente documento, estrutúrase nos seguintes bloques:
1.- Planos de información xeral, cuxo contido mínimo se establece no art. 140.1 do RLSG.
2.- Planos de información do solo urbano, cuxo contido mínimo se establece no art. 140.2 do RLSG.

2.4.1.- PLANOS DE INFORMACIÓN XERAL:
Código 15054_PXOM_202310_AI_PINF.
Conforme ao anexo 4 das NNTTPP, distribúense en 10 documentos, nos que a súa vez se conteñen 8 mapas a escala 1/10.000 que recollen a totalidade do termo municipal, nos que se representan os aspectos requiridos no artigo 140.1 do RLSG:

PINF_01USOS: incorpora dous arquivos, nos que se representan os usos do solo existentes.
PINF_02RISC: Mapas de riscos.
PINF_03TOPO: Características topográficas do territorio.
PINF_04IOT-AFEC: Instrumentos de ordenación do territorio e afeccións sectoriais.
PINF_05CAT: Identificación dos elementos do catálogo.
PINF_06AREAS_CONT: áreas contiguas dos municipios estremeiros.
PINF_07EVO_URB: Evolución urbanística do Concello.
PINF_08SERV: Redes xerais de servizos existentes.
PINF_09IC: Redes xerais de comunicacións existentes.
PINF_10EL-EQ: Identificación e localización dos espazos libres, zonas verdes e equipamentos existentes.

*Observacións:*
*1.- Nos planos de Instrumentos de ordenación do territorio e afeccións sectoriais: "Valores naturais e paisaxísticos", PINF_04IOT-AFEC_06VN, non se representan os humidais protexidos, cuxa trama identificativa si se inclúe na lenda dos planos.*
*2.- Nos planos de servizos: PINF_08SERV, correspondentes ao saneamento, electricidade e gas, todos os mapas teñen marcado no plano guía da lenda a folla 1.*
*3.- Nos planos PINF_08SERV_3ELE:*
*Diferéncianse os trazados aéreos e subterráneos das liñas de alta e media tensión, pero en moitos casos non se axustan á realidade. O mesmo sucede cos planos de información do solo urbano: PINFSU_02URB_4ELE. En xeral deberase actualizar a información, hai ámbitos de SUNC (p.ex. os ámbitos do PSI.3 e PSI.4 do PXOM-02), que foron executados integramente con todos os servizos, e sen embargo nos planos de información non figuran.*

2.4.2.- PLANOS DE INFORMACIÓN DO SOLO URBANO:

Código 15054_PXOM_202310_AI_PINFSU.
Conforme ao anexo 4 das NNTTPP, distribúense noutras 3 carpetas, que a súa vez conteñen 6 mapas a escala 1/5.000 nos que se recolle a totalidade do solo urbano termo municipal e nos que se representan os aspectos requiridos no artigo 140.2 do RLSG:
PINFSU_01PER_CONS: Perímetro con ortofoto.
PINFSU_02URB: Características das obras de urbanización, do viario e das redes de servizos existentes.
PINFSU_03ED: Características das edificacións existentes.

*Observacións:*

*1.- Nos planos correspondentes ao viario: PINFSU_02URB_01VIARIO, non figuran algúns dos aparcadoiros existentes: Pavillón da Gándara, Pazo da Cultura e o do Pavillón Campo da Serra, que ademais esta contemplado no plan sectorial de aparcamentos disuasorios.*

*2.- Deberanse actualizar os planos de servizos, nomeadamente os de enerxía eléctrica, telefonía, iluminación pública e gas.*

*3.- Nos planos correspondentes ás características das edificacións existentes correspondentes aos usos: PINFSU_03ED_01US, non se sinala o novo centro de saúde de Freixeiro xa en funcionamento.*

**2.5- Planos de ordenación urbanística:**

Código: CARPETA **06.PORD**

Conforme ao establecido no art. 58 da LSG-16 e máis detalladamente no artigo 141 do RLSG, así como no anexo 4 das NNTTPP, estrutúrase nos seguintes bloques:

1.- Planos da estrutura xeral e orgánica do territorio, cuxo contido se establece no art. 141.1 do RLSG.

2.- Planos de clasificación e categorización do solo, cos límites parroquiais, art. 141.2 do RLSG.

3.- Planos de ordenación e xestión do solo, cuxo contido se establece no art. 141.3 do RLSG.

4.- Planos de ordenación do solo urbano consolidado, cuxo contido se establece no art. 141.4 do RLSG.

A maiores dos anteriores, achégase unha carpeta adicional coa zonificación acústica de todo o territorio municipal, conforme ao indicado no apartado 4 do Documento de Alcance.

<u>2.5.1.- PLANOS DE ESTRUTURA XERAL E ORGÁNICA DO TERRITORIO:</u>

Código 15054_PXOM_202310_AI_PORD_01EX.

Este primeiro bloque contén 20 mapas a escala 1/5.000, que recollen a totalidade do termo municipal, nos que se representan os aspectos requiridos no artigo 141.1 do RLSG

*Observacións:*

*1.- Como xa se puxo de manifesto noutros apartados deste informe, debe terse en conta que a estrada autonómica AC-114 e a variante da estrada provincial DP-5401, ao seu paso por Borreiros, foron cedidas ao concello.*

*2.- O aparcadoiro do centro de saúde recentemente construído, considerase unha dotación de carácter local. Entendemos que dado a súa situación e vinculación ao sistema xeral viario e sanitario, debería considerarse tamén como sistema xeral.*

*3.- Hai terreos dos sistemas xerais de espazos libres propostos, por exemplo: PAR-P11, PAR-P12, PAR-P14, XAR-G07, que xa foron adquiridos polo concello.*

<u>2.5.2.- PLANOS DE CLASIFICACIÓN E CATEGORIZACIÓN DO SOLO:</u>

Código 15054_PXOM_202310_AI_PORD_02CL.

Este bloque contén 20 mapas a escala 1/5.000 que recollen a totalidade do termo municipal, nos que se representan os aspectos requiridos no artigo 141.2 do RLSG.

*Observacións:*

*1.- Os oito ámbitos de solo urbanizable delimitados inclúen terreos que, a priori, deberían ser clasificados como solo rústico de especial protección segundo o artigo 34.2 da LSG, con todo, no seu artigo 34.5 admítese excluír os terreos necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional, pero ten que estar adecuadamente xustificado e con informe favorable dos organismos que teñan a competencia sectorial correspondente.*



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

*Neste sentido, no apartado 05.3.1.- "Desenvolvemento urbanístico racional" da memoria xustificativa, se identifican estes ámbitos e a xustificación para a súa exclusión do solo rústico de especial protección aos efectos da súa validación polo órgano sectorial competente en cada caso.*

*Esta conformidade expresa deberá ser solicitada expresamente no trámite de información, emisión de informes sectoriais e de consultas previstas no documento de alcance de o estudio ambiental estratéxico, posterior á aprobación inicial.*

*2.- Deberase ter en conta aquí, a observación 1º, do apartado 2.3.1 do presente informe.*

2.5.3.- PLANOS DE ORDENACIÓN E XESTIÓN DO SOLO:

Código 15054_PXOM_202310_AI_PORD_03ORD.

Este bloque contén 20 mapas a escala 1/5.000 que recollen a totalidade do termo municipal, nos que se representan os aspectos requiridos no artigo 141.3 do RLSG.

2.5.4.- PLANOS DE ORDENACIÓN DO SOLO URBANO CONSOLIDADO:

Código 15054_PXOM_202310_AI_PORD_04SUC.

Este bloque contén, a súa vez, tres carpetas:

PORD_04SUC01: ORDENACIÓN

Contén 26 mapas a escala 1/2.000 que recollen a totalidade do solo urbano do termo municipal, nos que se representan os aspectos requiridos no artigo 141.4, apartados: a), b), c), d), e e) do RLSG.

PORD_04SUC02SERVAUGA: SERVIZOS URBANOS DE AUGA

Contén 26 mapas a escala 1/2.000 que recollen a totalidade do solo urbano do termo municipal, nos que se representan os aspectos requiridos no artigo 141.4, apartado: f) do RLSG respecto das redes de abastecemento e saneamento.

PORD_04SUC02SEROUT: SERVIZOS URBANOS (OUTROS)

Contén 26 mapas a escala 1/2.000 que recollen a totalidade do solo urbano do termo municipal, nos que se representan os aspectos requiridos no artigo 141.4, apartado: f) do RLSG, respecto das redes de servizos de electricidade, telecomunicacións, alumeado público e gas.

*Observacións:*

*1.- Respecto das aliñacións viarias, resulta de aplicación neste apartado as mesmas consideracións feitas na observación 3ª do apartado 2.3.2.4 do presente informe.*

*2.- Obsérvase que nos planos de ordenación do solo urbano consolidado, entre a Estrada da Gándara e o límite norte do polígono industrial, represéntanse unhas liñas de cor azul cian que semellan corresponderse coas aliñacións viarias, pero que non parecen establecer determinación algunha, podendo ser un erro de grafado.*

2.5.5.- PLANOS DE ZONIFICACIÓN ACÚSTICA:

Código 15054_PXOM_202310_AI_PORD_05ZACUS.

Este bloque contén 20 mapas a escala 1/5.000 que recollen zonificación acústica da totalidade do termo municipal.

*Observación: Na lenda de simboloxía aparecen as áreas acústicas segundo o RD 1367/2007, deberían engadirse, para maior claridade, os usos asociados ás mesmas segundo o seu anexo V.*

**2.6- Normas urbanísticas:**

Código: CARPETA **07.NU**

Conforme ao establecido no art. 58 da LSG-16 e mais detalladamente no artigo 142 do RLSG, así como no anexo 4 das NNTTPP, estrutúrase nas seguintes partes:
1.- Normativa urbanística, cuxo contido se establece nos apartados: 1, 2, 3, 4 e 6 do artigo 142 do RLSG.
2.- Fichas dos ámbitos de planeamento remitido e incorporado, cuxo contido se establece no apartado 5 do artigo 142 do RLSG.

2.6.1. NORMATIVA URBANÍSTICA:
Código: 15054_PXOM_202310_AI_NU_01NU.
Distribúese en 15 títulos, cun total de 453 artigos, nos que se recollen todos e cada un dos aspectos requiridos no artigo 142 do RLSG.

- I. DISPOSICIÓNS XERAIS
- II. DESENVOLVEMENTO, XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PLAN
- III. INTERVENCIÓN MUNICIPAL NA EDIFICACIÓN E USO DO SOLO
- IV. NORMAS DE USO
- V. NORMAS DE EDIFICACIÓN
- VI. NORMAS DE URBANIZACIÓN
- VII. AFECCIÓNS DERIVADAS DA NORMATIVA SECTORIAL
- VIII. NORMAS PARTICULARES DAS DOTACIÓNS PÚBLICAS
- IX. NORMAS PARTICULARES DO SOLO URBANO
- X. NORMAS PARTICULARES DO SOLO DE NÚCLEO RURAL
- XI. NORMAS PARTICULARES DO SOLO URBANIZABLE
- XII. NORMAS PARTICULARES DO SOLO RÚSTICO
- XIII. ÁREAS DE PLANEAMENTO INCORPORADO
- XIV. NORMAS DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE
- XV. NORMAS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL.

*Observación: Non se inclúe a portada do documento.*

2.6.2. FICHAS DOS ÁMBITOS DE PLANEAMENTO:
Código: 15054_PXOM_202310_AI_NU_02F.
Ademais do índice e da portada correspondente, inclúense as fichas dos ámbitos de planeamento incorporado e de planeamento remitido, nas que se recollen os aspectos requiridos no artigo 142.5 do RLSG, distribuídas en 6 arquivos:

1. ÁREAS DE PLANEAMENTO INCORPORADO: 8 ámbitos: 6 correspondentes a solo urbano non consolidado de uso residencial; un de solo urbano consolidado de uso residencial e un sector de solo urbanizable de uso industrial.
   Código: 15054_PXOM_202310_AI_NU_02F_01API

2. ÁREAS DE PLANEAMENTO REMITIDO EN SOLO URBANO NON CONSOLIDADO: 79 ámbitos: 13, nos que son necesarios procesos de urbanización (URBA): 10 de uso residencial e 3 de uso industrial; e outros 66, nos que son necesarios procesos de reforma interior ou renovación urbana (RIRU), todos eles de uso residencial. A ordenación pormenorizada se remite a un plan especial de reforma interior
   Código: 15054_PXOM_202310_AI_NU_02F_02SUNC



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

3. ÁREAS DE PLANEAMENTO REMITIDO EN SOLO URBANIZABLE: 7 ámbitos: 3 de uso terciario; 3 de uso industrial e 1 de uso dotacional, cuxa ordenación pormenorizada se remite a un plan parcial.
   Código: 15054_PXOM_202310_AI_NU_02F_03 SUB

4. ÁREAS DE PLANEAMENTO REMITIDO: AREAS DE ACTUACIÓN INTEGRAL EN SOLO DE NÚCLEO RURAL: 4 ámbitos de uso residencial, cuxa ordenación pormenorizada se remite a un plan especial de reforma interior.
   Código: 15054_PXOM_202310_AI_NU_02F_04AAI

5. ACTUACIÓNS ILLADAS EN SOLO URBANO CONSOLIDADO: Aínda que non constitúen propiamente ámbitos de planeamento, incorpóranse as fichas deste tipo de actuacións para unha maior definición das mesmas. Establécense un total de 38 actuacións illadas distribuídas polos distintos barrios do distrito 1.
   Código: 15054_PXOM_202310_AI_NU_02F_05AI

6. ÁREAS DE PLANEAMENTO REMITIDO: PLANS ESPECIAIS: Trátase de 3 ámbitos remitidos a planeamento especial:
   - ARC-01. Abarca parte dos terreos de solo de núcleo rural de Cornido e do solo rústico circundante ate a costa. Corresponde a delimitación definida no DAI-23 respecto da Area de Recualificación do POL, cuxa ordenación pormenorizada se remite a un plan especial de protección.
   - PEID-01. Delimítanse uns terreos en solo rústico para a consecución dun aparcadoiro en Xuvia, cuxa ordenación se remite a un plan especial de infraestruturas e dotacións.
   - PEID-02. Delimítanse uns terreos en solo rústico para a regularización da actividade existente, (matadoiro de Vilallonte) e a adopción de medidas de integración, cuxa ordenación se remite a un plan especial de infraestruturas e dotacións.

   Código: 15054_PXOM_202310_AI_NU_02F_06PE

   *Observacións:*

   *1.- Falta no índice o ámbito da API-07-RES, que si está nos marcadores.*

   *2.- Faltan no índice os ámbitos remitidos a plans especiais de protección ou de infraestruturas e dotacións, aínda que si figuran nos marcadores.*

   *3.- Non se inclúen marcadores nas fichas correspondentes ás areas de planeamento remitido en solo urbano non consolidado.*

   *4.- Obsérvanse discrepancias en canto ao establecemento das subcategorías (RIRU ou URB) con respecto aos cadros da memoria xustificativa.*

   *5.- O ámbito do solo urbanizable SUB-08, resulta ser a parte do termo municipal de Narón incluída na área 15087011 - polígono industrial da Boeira, do Plan Sectorial de Áreas Empresariais de Galicia, (en adiante PSOAEG ou "Plan de Áreas"). Polo que respecta á figura de desenvolvemento deberá establecerse que se trata dun instrumento de ordenación do territorio dos establecidos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, entendemos neste caso, un proxecto de interese autonómico. En todo caso, non se trata dun plan parcial como se detalla na ficha.*

**2.7- Catálogo:**

Código: CARPETA **08.CAT**

Conforme ao establecido no art. 81 da LSG-16 e mais detalladamente no artigo 197 do RLSG, por remisión do seu artigo 131.2, así como no anexo 4 das NNTTPP, estrutúrase nos seguintes documentos:

a) Memoria
b) Fichas que integren o plano de información e situación do elemento catalogado
c) Normas de protección para cada nivel.

2.7.1. MEMORIA:

Código: 15054_PXOM_202310_AI_CAT_01M
Distribúese en dúas partes nas que se recollen os aspectos requiridos no artigo 197.1.1.a) do RLSG., incluíndo a listaxe de todos os elementos catalogados organizados por núcleos e parroquias.

a.1) PARTE DESCRITIVA
a.2) PARTE XUSTIFICATIVA

*Observacións:*

*1.- Falta a portada da memoria.*

*2.- Consta no expediente un documento titulado: "Prospección arqueolóxica e delimitación de ámbitos de protección de xacementos", (Exp. ED 102A 2018/597-0), de data 26.03.2019, redactado polo arqueólogo Eloi Saavedra Vidal, elaborado a instancias do equipo redactor do PXOM, no que se expón a metodoloxía empregada, por técnico cualificado, ao abeiro do requirido no apartado 2.1 do informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, (DXPC), o 05.08.2017. Foi remitido á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, con entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia o 03.05.2019, sen que ata a data se recibise resposta algunha.*

*Dito documento non forma parte integrante da documentación do DAI-23, porén o seu contido foi tido en conta no catálogo de xacementos arqueolóxicos e na normativa correspondente.*

2.7.2. FICHAS QUE INTEGRAN O PLANO DE INFORMACIÓN E SITUACIÓN DO ELEMENTO CATALOGADO.

Código: 15054_PXOM_202310_AI_CAT_02F
Contén 307 fichas nas que se recollen os aspectos requiridos no artigo 197.1.1.b) e c) do RLSG., correspondentes a 305 elementos catalogados que se distribúen en 6 grupos:

1). ARQUEOLOXÍA : 59 elementos catalogados.
Código: 15054_PXOM_202310_AI_CAT_02F_01ARQ_X

2). ARQUITECTURA: 175 elementos catalogados, que á súa vez se dividen en:

2.a) Arquitectura civil: 137 elementos.
Código: 15054_PXOM_202310_AI_CAT_02F_02ART_A
2.b) Arquitectura relixiosa: 38 elementos.
Código: 15054_PXOM_202310_AI_CAT_02F_02ART_R

3). ETNOGRAFÍA: 61 elementos catalogados.
Código: 15054_PXOM_202310_AI_CAT_02F_02ART_E

4). PATRIMONIO NATURAL: 5 elementos catalogados.
Código: 15054_PXOM_202310_AI_CAT_02F_03PN_PN

5). INFRAESTRUTURAS: 4 elementos catalogados.
Código: 15054_PXOM_202310_AI_CAT_02F_04INF_I

6). CAMIÑOS HISTÓRICOS: 1 elemento catalogado, (Camiño de Santiago Inglés). Recóllese o seu trazado no concello de Narón en tres fichas correspondentes a cada tramo singular do mesmo.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Código: 15054_PXOM_202310_AI_CAT_02F_05CH_CH

*Observación: Detéctanse discrepancias entre: o número de elementos catalogados que se reflicten no apartado de clasificación de tipoloxías, (epígrafe 2 da parte descritiva da Memoria); e o das listaxes e fichas:*
- *Arquitectura (civil + relixiosa): Memoria: 174 elementos; listaxes e fichas: 175 elementos.*
- *Etnografía: Memoria: 62 elementos; listaxes e fichas: 61 elementos.*

2.7.3. NORMAS DE PROTECCIÓN:

Código: 15054_PXOM_202310_AI_CAT_03NP
Coinciden coas contidas no título XV do documento de normativa urbanística do PXOM. Recollen en liñas xerais os aspectos requiridos nos artigos 195.2 e 197.1.1.d) do RLSG.

*Observación: Falta a portada do documento.*

**2.8- Estratexia de actuación, estudo económico, informe de sustentabilidade económica e memoria de viabilidade económica.**

Código: CARPETA **09.EE**
Conforme ao establecido nos arts. 58 e 59 da LSG-16 e mais detalladamente no artigo 143 do RLSG, así como no anexo 4 das NNTTPP, estrutúrase nos seguintes documentos:
- 01.EA. Estratexia de actuación.
- 02.EE. Estudo económico.
- 03.ISE. Informe de sustentabilidade económica.
- 04.MVE. Memoria de viabilidade económica.

2.8.1. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN:
Código: 15054_PXOM_202310_AI_EE_01EA
Aparte do marco legal, desenvolvese en dous apartados nos que se recollen os aspectos requiridos nos artigos 59.1 da LSG e 143.1 do RLSG.

1.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN
2.- RELACIÓN DE ACTUACIÓNS PREVISTAS POLO PLAN XERAL

2.8.2. ESTUDO ECONÓMICO:
Código: 15054_PXOM_202310_AI_EE_02EE
Recolle en liñas xerais os aspectos requiridos nos artigos 59.2 da LSG e 143.2 do RLSG.

2.8.3. INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA:
Código: 15054_PXOM_202310_AI_EE_03ISE
De conformidade cos artigos: 58 da LSG e 143.5 do RLSG, o contido establecido divídese en dúas partes:

1.1.- AVALIACIÓN DO IMPACTO DA ACTUACIÓN URBANIZADORA NA FACENDA PÚBLICA DO CONCELLO DE NARÓN.
1.2.- ANÁLISE DA SUFICIENCIA E ADECUACIÓN DO SOLO DESTINADO A USOS PRODUTIVOS

2.8.4. MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA:

Código: 15054_PXOM_202310_AI_EE_03MVE
Recolle en liñas xerais os aspectos requiridos no artigo 143.3 do RLSG.
Todo isto, sen prexuízo do informe que emita ao efectos a Intervención municipal.

**2.9- Avaliación ambiental estratéxica.**
Código: CARPETA **10.AAE**
Segundo o establecido nos artigos: 58 e 60.5 da LSG-16 e nos artigos: 131.d) e 144.5 do RLSG, en virtude das consideracións do Documento de Alcance para a avaliación ambiental estratéxica ordinaria do PXOM, que foi formulado por Resolución de 10 de novembro de 2017 da Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, especialmente o disposto no apartado 5 das consideracións técnicas, respecto do "Contido, amplitude e nivel de detalle do estudo ambiental estratéxico", así como do requirido no título II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en concreto o seu artigo 20 e o seu anexo IV, e ademais de conformidade co anexo 4 das NNTTPP, estrutúrase nos seguintes documentos:

- 01.01.EAE. Estudo ambiental estratéxico. Inclúe o resumo non técnico.
- 01.02.EAE. Cartografía: Alternativa 0.
- 01.03.EAE. Cartografía: Alternativa 1.
- 01.04.EAE. Cartografía: Alternativa 2.

2.9.1. ESTUDO AMBIENTAL ESTRATÉXICO:
Código: 15054_PXOM_202310_AI_AAE_01.01EAE
Conforme ao sinalado no apartado 5 das consideracións técnicas, respecto do contido, amplitude e nivel de detalle do estudio ambiental estratéxico, do Documento de Alcance; así como no Anexo IV da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, este documento desenvólvese en nove capítulos:

1. INTRODUCIÓN
2. OBXECTIVOS
3. RELACIÓN CON OUTROS PLANS E PROGRAMAS CONEXOS
4. DIAGNÓSTICO AMBIENTAL DO ÁMBITO TERRITORIAL
5. ANÁLISE DE ALTERNATIVAS
6. ANÁLISE DOS PROBABLES EFECTOS SIGNIFICATIVOS NO MEDIO
7. MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVIR, REDUCIR E COMPENSAR OS EFECTOS NEGATIVOS RELEVANTES
8. SEGUIMENTO AMBIENTAL
9. RESUMO NON TÉCNICO

2.9.2. CARTOGRAFÍA:
Conforme ao sinalado no apartado 5 das consideracións técnicas, achéganse tres documentos coa cartografía específica das 3 alternativas formuladas:

Código: 15054_PXOM_202310_AI_AAE_01.02EAE: alternativa 0
Código: 15054_PXOM_202310_AI_AAE_01.03EAE: alternativa 1
Código: 15054_PXOM_202310_AI_AAE_01.04EAE: Alternativa 2

*Observación: No anexo 4 das NNTTPP, dentro desta carpeta 10.AAE, inclúense outros documentos, tales como:*

- *02PAR: Resultado da participación pública e consultas*
- *03RES: Documento resumo*
- *04DEAE: Declaración ambiental estratéxica*



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- *05EXT: Extracto ambiental e medidas de seguimento ambiental segundo o modelo do anexo 6.*

*Segundo os artigos 21 e seguintes da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, corresponden a documentos posteriores a aprobación inicial do plan, polo cal non procede incluílos no momento actual.*

**2.10.- Adaptación ás normas técnicas de planeamento**

En relación ao cumprimento das Normas Técnicas de Planeamento, (NNTTPP), en cumprimento do artigo 9 das mesmas, a documentación achégase en formato editable e non editable, xunto coas súas correspondentes pegadas dixitais e a declaración responsable do equipo redactor acreditativa da coincidencia dos documentos presentados en ambos formatos.

En concreto, a documentación achegada inclúe as seguintes carpetas e arquivos, conforme ao establecido no artigo 9 das NNTTPP:

- ***15054_PXOM_202310_AI_01PDF.zip**:* carpeta comprimida que inclúe a documentación non editable en formato *.pdf*, estruturada segundo o anexo 4 das NNTTPP: 00.INDEX, 01.MX, 02.EMR, 03.AMAP, 04.MOB, 05.PINF, 06.PORD, 07.NU, 08.CAT, 09.EE e 10.AAE.

  Inclúese tamén nesta carpeta comprimida o resumo executivo en formato non editable (15054_PXOM_202310_AI_RES_EXEC.pdf).

  Conforme ao establecido no artigo 22 das NNTTPP, os documentos dixitais non editables contidos nesta carpeta, están asinados electrónicamente polo arquitecto Alfredo Garrote Pazos, colexiado número 1140 do COAG.

- ***15054_PXOM_202310_AI_01PDF.zip.hexhash***: pegada dixital da carpeta comprimida *15054_PXOM_202310_AI_01PDF.zip*.

- ***15054_PXOM_202310_AI_02EDIT.zip:*** carpeta comprimida que inclúe a documentación editable en distintos formatos, estruturada, segundo o anexo 4 das NNTTPP, en dúas subcarpetas principais: 01.DOC_EDIT e 02.FONTE E DATOS.

  A primeira inclúe os documentos do PXOM en formato editable (00.INDEX, 01.MX, 02.EMR, 03.AMAP, 04.MOB, 05.PINF, 06.PORD, 07.NU, 08.CAT, 09.EE, 10.AAE e 11.ORDET_NP), así como o resumo executivo en formato editable (15054_PXOM_202310_AI_RES_EXEC.docx).

  A segunda inclúe a fonte de datos e os arquivos auxiliares empregados para a elaboración da documentación escrita e gráfica do PXOM, entre eles, as bases de datos empaquetadas xeorreferenciadas (*.gdb*). Comprobouse que estas bases inclúen os arquivos vectoriais indicados no artigo 14 das NNTTPP, segundo o modelo de datos definido no anexo 3 das mesmas.

- ***15054_PXOM_202310_AI_02EDIT.zip.hexhash***: pegada dixital da carpeta comprimida *15054_PXOM_202310_AI_02EDIT.zip*.

- ***Anx9_Declaracion_responsable_signed.pdf***: declaración do equipo redactor, asinada electrónicamente polo arquitecto Alfredo Garrote Pazos, colexiado número 1140 do COAG. Nesta declaración se acredita que o documento do instrumento de planeamento é plenamente coincidente nos diferentes formatos nos que se achega. Inclúe as referencias das pegadas dixitais das carpetas comprimidas e comprobouse a súa coincidencia coas dos correspondentes arquivos *.hexhash* achegados.

A documentación achegada axústase ao establecido nos artigos 4, 5 e 6 das NNTTPP, en relación ao contido e formato da documentación escrita e gráfica.

A estrutura e codificación do documento dixital achegado axústase ao establecido no artigo 13 das NNTTPP e no anexo 4 das mesmas.

*Observacións:*

*1.- Sen menoscabo do anterior, detectouse un erro de edición no documento non editable, no que non se incluíu a carpeta 11.ORDET_NP, que si figura na documentación editable, acreditando que non procede incorporar documento algún porque o PXOM non incorpora ámbitos con ordenación detallada.*

*2.- En canto á limitación de tamaño dos arquivos PDF establecida no artigo 10 das NNTTPP para "permitir a súa firma electrónica", algúns dos contidos nas seguintes subcarpetas superan os 30MB:*

- *15054_PXOM_202310_AI_01PDF/03.AMAP/15054_PXOM_202310_AI_AMAP_05OF*
- *15054_PXOM_202310_AI_01PDF/ 05.PINF*
- *15054_PXOM_202310_AI_01PDF/ 10.AAE*

*Se ben comprobouse que estes arquivos están asinados polo redactor do PXOM, polo que non semella que exista na actualidade unha limitación para asinar arquivos de capacidade superior aos 30MB.*

## 3.- ANÁLISE DAS DETERMINACIÓNS DO DAI-23

No artigo 52 da LSG e no 105 do RLSG, establécense as determinacións de carácter xeral que deberá conter o PXOM:

**3.1.- Respecto dos obxectivos xerais e criterios da ordenación compatibles coa normativa sectorial e ambiental, cos instrumentos de ordenación do territorio e co planeamento dos municipios limítrofes:**

No capítulo 04. "Definición de obxectivos do Plan", da memoria xustificativa, detállanse os obxectivos encamiñados a establecer unha ordenación coherente coa realidade territorial e axustados ao novo marco legal, territorial e urbanístico, baseado no principio de utilización racional dos recursos e o desenvolvemento sostible do territorio, contribuído a reforzar a estrutura social e económica e respectando os valores inherentes do territorio, pero asumindo que a realidade de Narón é irreversible en certos aspectos que teñen incidencia directa e negativa sobre o territorio.

Baixo este principio o PXOM desprega unha serie de obxectivos agrupados en varios ámbitos de actuación en relación a:

- O sistema de asentamento residencial.
- As áreas de actividade empresarial.
- As dotacións e infraestruturas, nas que aparte das cuestións mais técnicas ou netamente urbanísticas, considerase de xeito transversal a integración das determinacións do Plan de Mobilidade Urbana Sostible do concello de Narón, (PMUS), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 29/09/2022; e da perspectiva de xénero.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- Os valores ambientais e os recursos naturais.

Con respecto a compatibilidade cos instrumentos de ordenación do territorio, analízase no capítulo 10 da memoria xustificativa.
Con respecto a compatibilidade coa normativa sectorial, analízase no anexo 2: informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable.
Con respecto a compatibilidade coa normativa ambiental, no estudio ambiental estratéxico incorpórase a xustificación da coherencia do DAI-23 cos instrumentos e plans de contido ambiental.
Con respecto á coherencia co planeamento dos municipios limítrofes, analízase pormenorizadamente, no apartado 3.10 da memoria informativa e nos planos de información PINF_06AREAS_CONT, o planeamento vixente nos concellos de Ferrol, Valdoviño, San Sadurniño e Neda. A ordenación semella ser razoable respecto das continuidades a ambos lados das liñas divisorias entre concellos en canto as clasificacións do solo e o resto das determinacións de carácter estruturante. En todo caso no trámite de audiencia previsto no artigo 60.7 da LSG, os concellos limítrofes poderán formular as consideracións que estimen oportunas.

> *Observación: Con respecto a delimitación entre concellos, tómanse as liñas de deslinde oficial do IGN.*
> *Porén os concellos de Narón e Valdoviño de mutuo acordo redactaron e aprobaron nos seus respectivos plenos municipais, (27/09/2012 e 20/07/2012), unha nova acta de deslinde mais realista en relación coa configuración actual do territorio, que se atopa pendente da súa inscrición no Rexistro Central de Cartografía do IGN. Ao noso xuízo deberíase incorporar na cartografía en fases posteriores á aprobación inicial, se esta se acordase, en tanto non se produza a inscrición do novo deslinde o RCC, as dúas liñas, a vixente e a modificada, e ser analizadas as repercusións por ambos concellos, (o concello de Valdoviño, tamén está a revisar o seu planeamento xeral), de xeito que non se produzan distorsións entre os seus respectivos PXOMs.*

Con respecto á estratexia de actuación, defínese tanto no apartado 11.3 da memoria xustificativa, como no documento "ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN", contido na carpeta do estudo económico do plan, no que se van programando as actuacións ao longo dun período de 16 anos, establecendo as distintas prioridades por cuadrienios.

**3.2.- Respecto da clasificación do solo de todo o termo municipal en todos ou nalgún dos distintos tipos e categorías establecidos na LSG, (art.52.b).**
O documento analizado cumpre coa presente determinación, toda vez que a totalidade do termo municipal queda incluído nalgunha das clases de solo establecidas na LSG: urbano, urbanizable, de núcleo rural ou rústico, e a súa vez nalgunha, (ou varias, no suposto previsto no artigo 34.4 da LSG), das categorías establecidas para cada clase, resultando as superficies que se detallan no seguinte cadro:

| CLASE | CATEGORÍA | SUPERFICIE (ha) | SUPERFICIE (ha) |
|---|---|---|---|
| SOLO URBANO | | | **750,10** |
| | CONSOLIDADO | 639,90 | |
| | NON CONSOLIDADO | 110,20 | |
| | | | |
| SOLO URBANIZABLE | | | **195,59** |
| | | | |
| SOLO DE NÚCLEO RURAL | | | **1.168,26** |
| | TRADICIONAL | 491,06 | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | COMÚN | 677,20 | |
| | | | |
| SOLO RÚSTICO | | | **4.576,05** |
| | PROTECCIÓN ORDINARIA | **103,92** | |
| | ESPECIAL PROTECCIÓN (*) | **4.472,13** | |
| | Agropecuaria | 2.765,50 | |
| | De costas | 405,53 | |
| | De augas | 1.514,24 | |
| | De infraestruturas | 4.379,46 | |
| | Paisaxística | 383,24 | |
| | Patrimonial | 412,93 | |
| | Espazos naturais | 492,97 | |
| **Total concello** | | | **6.690,00** |

(*) A suma das superficies das distintas categorías de solo rústico de especial protección non coincide coa superficie total dos solo rústico especialmente protexido, dado que, en virtude do establecido no precitado artigo 34.4 da LSG, tales categorías en moitos casos se solapan.

3.2.1.- SOLO URBANO

Tal como se detalla no apartado 2 do capítulo 5 da memoria xustificativa, as condicións e regras para a delimitación do solo urbano, son as establecidas no artigo 16 da LSG.

Distínguense dous ámbitos de solo urbano:

- O núcleo urbano cabeceira municipal de Narón, cunha superficie de 519,80 Has., (7,77% da superficie do concello).
- O núcleo urbano de Río do Pozo cunha superficie de 230,30 Has., (3,44 % da superficie do concello), resultado do desenvolvemento integral dos catro sectores de solo urbanizable que orixinalmente o compoñían.

Tales ámbitos constituirán os dous distritos de solo urbano dos que se falará mais adiante.

Respecto a delimitación **do solo urbano correspondente ao núcleo urbano de Narón**, no apartado 05.2.1 da memoria xustificativa, detállanse os criterios de delimitación empregados, tendo en conta, aparte das condicións regradas do artigo 16 da LSG, os seguintes factores:

A pegada urbana: Definida xa dende o planeamento xeral do ano 1985 e que no plan xeral vixente abarca ámbitos pendentes de desenvolvemento delimitados como solo urbano non consolidado (apdo. 3.11 da memoria informativa).

Deste xeito a delimitación proposta coincide sensiblemente coa do PXOM-02 vixente, cunha serie de axustes que se detallan no referido apartado da memoria xustificativa, e que fundamentalmente veñen derivados de:

- Axustes: Ao novo límite municipal co concello de Ferrol, e as novas infraestruturas viarias
- Cambios de clasificación de solo:



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

De SNR a solo urbano: parte dos terreos incluídos no SNR do Couto nos que, debido a evolución e desenvolvemento da súa trama viaria e dotación de infraestruturas, compren a dia de hoxe co establecido no artigo 16 da LSG e polo tanto se recoñecen como urbanos.
En sentido contrario, en virtude do análise do modelo de asentamento poboacional realizado, cámbiase a anterior clasificación de solo urbano en Pena Parda (Xuvia), a solo de núcleo rural, por ter características máis propias desta clase de solo.

- Inclusión en solo urbano de dotacións executadas en solo rústico pero de carácter marcadamente urbano, que a día de hoxe polo seu grado de desenvolvemento cumpre coas condicións do artigo 16 da LSG: novo centro de Saúde e o parque do río en Freixeiro.
- Desenvolvementos integrais de ámbitos de solo urbanizable: R-1 residencial en Xuvia.

Dentro do solo urbano de Narón, en virtude do establecido no artigo 17 da LSG., diferéncianse as dúas categorías establecidas: solo urbano consolidado e solo urbano non consolidado:

- Solo urbano consolidado: por cumprir os requisitos do artigo 17.a). Categorízase deste xeito unha superficie de 409,60 Has., (6,12% da superficie do concello).
- Solo urbano non consolidado: por estar nalgunha das situacións definidas no artigo 17.b). Categorízase deste xeito un superficie de 110,20 Has., (1,65 % da superficie do concello).

Respecto a delimitación **do solo urbano correspondente ao polígono industrial de río do Pozo,** no apartado 05.2.2 da memoria xustificativa detállanse os criterios de delimitación empregados, tendo en conta as condicións regradas do artigo 16 da LSG e toda vez que foron desenvoltos integramente os catro sectores de solo urbanizable orixinais. Cabe dicir que no PXOM vixente os sectores I e II xa estaban clasificados como solo urbano, e os sectores III e IV foron desenvoltos posteriormente.
Deste xeito delimítase unha superficie de 230,30 Has., (3,44 % da superficie do concello), incluída na súa totalidade na categoría de solo urbano consolidado por cumprir os requisitos do artigo 17.a) da LSG.
**Así o solo urbano delimitado acada unha superficie total de 750,10 Has., o que representa o 11,21 % da superficie do concello.**
O PXOM analizado cumpre para o solo urbano delimitado cos obxectivos establecidos no artigo 104.1 do RLSG.
3.2.1.1- Determinacións en Solo Urbano Consolidado, (SUC):
De conformidade co artigo 103.4.a) do RLSG, o DAI-23 establece a ordenación pormenorizada de todo o SUC delimitado, non remitindo ningún ámbito a un plan especial.
Unicamente, para o caso do ámbito do sector de solo urbanizable R-1 de Xuvia do Plan vixente, no que xa foi totalmente executada e recibida a obra urbanizadora e obtidas as cesións correspondentes, sendo polo tanto a día de hoxe un SUC, se fai unha remisión, como API, á ordenación detallada contida no seu plan parcial.
En virtude do establecido no artigo 113 do RLSG, o DAI-23:
a).- Establece a súa delimitación nos planos de ordenación, Carpeta 06.PORD. Determínase a súa superficie e a porcentaxe que representa respecto da superficie total do termo municipal, como xa se fixo constar no apartado anterior, nos cadros da Memoria xustificativa e no seu anexo III: Anexo síntese.

b).- Establece a cualificación dos terreos, asignación detallada de usos pormenorizados, tipoloxías edificatorias e condicións da edificación, correspondentes a cada zona segundo o disposto no artigo 114.

- En virtude do establecido no artigo 114.c) do RLSG, nos devanditos planos de ordenación do SUC establecese o nº máximo de plantas, as aliñacións de edificacións ou parcelas segundo corresponda, etc.

- Establece os usos pormenorizados correspondentes ás diferentes tipoloxías que se recollen nas ordenanzas reguladoras que se detallan nos planos de ordenación e na Normativa Urbanística, carpeta 07.NU, concretamente no Título IX, capítulo 2, sección 1ª, nas que para cada ordenanza se establece: o réxime de usos, a asignación de intensidade de uso ou edificabilidade, a tipoloxía edificatoria coas condicións da edificación, de acordo co establecido no artigo 114 do RLSG:

  - ORD.1: Residencial intensiva
  - ORD.2: Residencial en bloque aberto
  - ORD.3: Residencial unifamiliar
  - ORD.4: Fincas singulares en solo urbano
  - ORD.5: Mantemento das condicións de ordenación
  - ORD.6: Terciario
  - ORD.7: Industrial
  - ORD.8: Equipamentos
  - ORD.9: Espazos libres e zonas verdes
  - ORD.10: Infraestruturas de servizos
  - ORD.11: Infraestruturas de comunicacións.

c).- Establece a delimitación dos espazos libres e zonas verdes destinados a parques e xardíns públicos ou zonas deportivas de recreo e expansión, indicando o seu carácter público ou privado, segundo o disposto no artigo 115 do RLSG:

- En virtude do establecido no artigo 115.1) do RLSG, nos planos de ordenación do SUC represéntase a delimitación dos espazos libres e zonas verdes de carácter local, de dominio e uso público, existentes e previstos no SUC así como os privados existentes, diferenciados coas tramas e cos códigos identificativos esixidos nas NNTTPP.
- Na Ordenanza 9 da normativa urbanística establécense as condicións de deseño e execución. Tamén nas ordenanzas se inclúen as normas de integración dos distintos elementos.
- No apartado 08.2.1 da memoria xustificativa inclúense os cadros das devanditas zonas, co seu código indentificativo, superficie, subtipo segundo o art. 70.3 do RLSG, así como as existentes e previstas, e neste derradeiro caso o sistema de obtención dos mesmos.

d).- Establece os espazos reservados para dotacións e equipamentos, indicando o seu carácter público ou privado e as condicións da edificación, segundo o disposto no artigo 116 do RLSG:

- En virtude do disposto no artigo 116.1) do RLSG, nos planos de ordenación do SUC represéntase a delimitación destas dotacións, existentes e previstas no SUC así como as privadas existentes, diferenciadas coas tramas e cos códigos identificativos esixidos nas NNTTPP.
- Na Ordenanza 8: Equipamentos, da normativa urbanística establécense as condicións de edificación. Tamén nas ordenanzas se inclúen as normas de integración dos distintos elementos.
- No apartado 08.2.2 da memoria, inclúense os cadros das devanditas zonas, co seu código indentificativo, superficie, subtipo segundo o art. 71.1 do RLSG, así como as existentes. Non se prevén no DAI-23 novas dotacións de equipamento no solo urbano consolidado.

e).- Establece o trazado da rede viaria pública, coa sinalización de aliñacións, segundo o disposto no art. 117 do RLSG.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- En virtude do establecido no artigo 117.1) e 2) do RLSG, nos planos de ordenación do SUC represéntanse o trazado da rede viaria, en función do tráfico previsto, así como das consideracións previstas no PMUS aprobado polo Concello relativo as características de mobilidade de cada viario establecido, precisando o largo previsto e as súas aliñacións.
- En cumprimento do establecido no artigo 117.3 o Plan fai unha previsión de aparcadoiros públicos e a súa localización tanto nos planos de ordenación como no apartado 08.4.1 da memoria xustificativa e a súa regulación na normativa urbanística.

f).- Establece o trazado das distintas redes de servizos segundo o disposto no art. 118 do RLSG.

- En virtude do establecido no artigo 118.1) e 2) do RLSG, nos planos de ordenación do SUC represéntanse o trazado das redes:
  PORD_04SUC02SERVAUGA: SERVIZOS URBANOS DE AUGA
  PORD_04SUC02SEROUT: SERVIZOS URBANOS (OUTROS)
- Na memoria informativa e xustificativa se detallan as características da redes. A súa regulación normativa se establece na ORD.10: Infraestruturas de servizos.

g).- O Plan non establece os prazos para a edificación, polo que deberá considerarse o prazo xenérico establecido de 3 anos.

3.2.1.2- Determinacións en Solo Urbano Non Consolidado, (SUNC):

En virtude do establecido nos artigos 103.4.b) e 119.1 do RLSG, o PXOM non establece a ordenación detallada de ningún ámbito de solo urbano non consolidado, remitíndose a ordenación a plans especiais de reforma interior, (APR), agás en 6 ámbitos nos que por terse aprobado polo menos o proxecto de equidistribución e xa feitas as cesións dotacionais e de aproveitamento, e en algún caso incluso con proxecto de urbanización aprobado conforme ao PXOM-02, non se chegou a executar a obra urbanizadora completa, polo que se mantén a ordenación vixente como áreas de planeamento incorporado (API).

Como xa se dixo con anterioridade, o Plan categoriza como SUNC unha superficie de 110,20 Has., por estar nalgunha das situacións definidas no artigo 17.b) da LSG, a tal efecto se delimitan 85 ámbitos, o que supón un importante incremento respecto do plan vixente, (61 ámbitos para un total de 88,68 Has.). Deses 85 ámbitos, 79 son de nova configuración cuxa ordenación se remite a planeamento especial e 6 correspóndense coas APIs mencionadas.

Dentro deses 79 ámbitos o Plan diferencia dúas situacións segundo o establecido no artigo 17.b) da LSG e 26.1.b) do RLSG:

- 13 ámbitos, (10 de uso global residencial e 3 de uso global industrial), nos que, de conformidade co previsto no apartado b.1), é necesaria unha actuación urbanizadora de carácter integral (URBA).
- 66 ámbitos, todos eles de uso global residencial, nos que son necesarios procesos de reforma interior e renovación urbana con obxecto fundamentalmente de completar a urbanización existente conforme a o previsto no apartado b.2), (RIRU).

En virtude do establecido no artigo 119.2 do RLSG, o DAI-23:

a).- Establece a delimitación de cada ámbito de SUNC de acordo co establecido no art.106 do RLSG, tanto nos planos de ordenación, (Carpeta 06.PORD); como nas fichas dos ámbitos de planeamento remitido e incorporado incluídas na carpeta 07.NU.

- Á vista do contido nos devanditos documentos, as delimitacións semellan cumprir os requisitos dos apartados a), b),e c), do artigo 106.
- No que respecta ao cumprimento dos estándares urbanísticos establecidos no artigo 69, no distrito do que forman parte, que se esixe no apartado d) do art. 106, no apartado 08.2.3 da memoria xustificativa xustificase o cumprimento das reservas mínimas de sistemas locais establecidas nese precepto, así como a dotación de prazas de aparcadoiro e de arboredo.

Achégase no mesmo apartado, unha táboa na que se asigna a cada ámbito de SUNC as superficies de dotacións locais, aparcadoiros, e número de arbores que lles corresponde. Tamén se detallan nas fichas incluídas no documento de normativa.

b).- Establécense os usos globais e a superficie total edificable de cada ámbito de SUNC tanto na táboa a que se fai referencia no apartado anterior como nas fichas da normativa.
En consonancia co establecido no artigo 65.6 do RLSG no apartado 07.1 da memoria xustificase o requirido respecto dos límites de intensidade de cada distrito.

*Observación: De aprobarse inicialmente o presente documento, nas posteriores fases de tramitación e previamente á aprobación provisional, deberanse xustificar os requisitos dos apartados 1.a) e 1.b) do art. 120 do RLSG.*

c).- Establécense as reservas mínimas de solo para os sistemas locais que deberán prever os plans especiais de acordo co disposto no artigo 121 do RLSG.

- Como xa se dixo anteriormente no apartado 08.2.3 da memoria xustificativa xustificase o cumprimento das reservas mínimas de sistemas locais establecidas no artigo 69, así como a xustificación do seu cumprimento no conxunto do SUNC do distrito conforme ao artigo 65.6.

*Observación: De aprobarse inicialmente o presente documento, nas posteriores fases de tramitación e previamente á aprobación provisional, deberanse xustificar os requisitos dos apartados 2.a) e 2.b) do art. 121 do RLSG.*

d).- Establécense, tanto nas fichas da normativa como nos planos de ordenación, as previsións dos sistemas xerais necesarios en cada ámbito de SUNC, cando é o caso, para o desenvolvemento dos PERIs,

e).- Establécense as reservas de solo, para vivenda protexida no capítulo 9 da memoria xustificativa, na que se inclúe unha táboa cos 12 ámbitos de SUNC nos que se prevé a consecución das ditas reservas incluíndo a superficie destinada. Tamén se sinala a porcentaxe de edificabilidade destinada a vivenda protexida nas fichas da normativa para tales ámbitos.

3.2.2.- SOLO URBANIZABLE

No apartado 05.3 da memoria xustificativa, precísase que o presente PXOM non delimita solo urbanizable de uso residencial, toda vez que un dos seus principais obxectivos é a compactación da pegada urbana que presenta baleiros no seu interior, polo que se opta pola colmatación deses espazos. Apóstase deste xeito pola rexeneración, o aproveitamento de solos xa transformados, a compacidade, o cosido e a estruturación do existente. Polo tanto non procede a xustificación do cumprimento do establecido no artigo 68 do RLSG.
Porén, o PXOM delimita 8 sectores de solo urbanizable segundo as regras do artigo 79.2 do RLSG. A maior parte deles, (7), vincúlanse á implantación de actividades económicas e un, para usos dotacionais de carácter público. A maioría destes sectores xa estaban delimitados no planeamento vixente, aínda que se reformula o seu uso global. A maiores delimítanse dous sectores novos, de pequeno tamaño, con obxecto de completar e rematar a trama urbana de xeito adecuado.

3.2.2.1.- Sectores de uso industrial:

Propóñense 4 sectores con uso global industrial cunha superficie total de 157,23 Has, 2 deles xa delimitados como solo urbanizable de uso industrial no PXOM en vigor froito dunha modificación puntual aprobada no ano 2010 no entorno do polígono industrial do Río do Pozo: (SUB-06.IND E SUB-07.IND); outro ao leste do polígono industrial das Lagoas, (SUB-05.IND)



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

que ten por obxecto rematar adecuadamente a trama industrial no límite co solo rústico. Por último incorpórase ao PXOM a área empresarial P.I. A BOEIRA delimitada no PSOAEG, que inclúe terreos de Narón e Valdoviño, que se ben deberá desenvolverse a través dun instrumento de carácter territorial polo seu carácter supramunicipal, no presente PXOM clasifícase como solo urbanizable de uso global industrial (SUB-08.IND). Este resulta ser o único sector que non ten continuidade co solo urbano delimitado.
A ordenación detallada dos sectores SUB-05.IND E SUB-06.IND remítese ao correspondente plan parcial.
A ordenación detallada do sector SUB-07.IND está contemplada no Plan de Sectorización aprobado definitivamente o 31/01/2013, (BOP 30 do 13/02/2013 e DOG 40 do 26/02/2013), polo que se inclúe como planeamento incorporado (API).
Deste xeito, o solo urbanizable de uso industrial previsto acada unha superficie total de 157,23 Has.

3.2.2.2.- Sectores de uso terciario:

Propóñense 3 sectores con uso global terciario cunha superficie total de 33,69 Has, 2 de eles xa delimitados como solo urbanizable no PXOM en vigor:

- O R.2, con un uso residencial e dotacional, chegou a contar cun plan parcial aprobado, pero non se chegou a executar. No presente PXOM reconfigúrase como un ámbito de uso terciario (SUB-02.TER), que tamén ven a completar a trama urbana existente no barrio de Freixeiro e a adecuada solución de borde co solo rústico, renunciando ao aproveitamento residencial polos argumentos expostos ao principio deste epígrafe.
- O outro, preexistente tamén, é froito da referida modificación puntual aprobada no ano 2010, no entorno do polígono industrial do Río do Pozo, (SUB-04-TER). Este terceiro ámbito da MP plantexaba un dobre uso global residencial e/ou terciario; no presente Plan, polos mesmos argumentos xa referidos, renúnciase ao aproveitamento residencial quedando como uso global o terciario.
- Delimítase un novo sector de solo urbanizable de uso terciario, (SUB-01.TER), ao suroeste do barrio de Freixeiro pola súa situación estratéxica, e como en casos anteriores, co obxecto de completar a trama urbana existente e acadar unha adecuada solución de borde co solo rústico, buscando unha solución de continuidade coas infraestruturas circundantes.

A ordenación detallada remítese en todos os casos a un plan parcial.

Deste xeito, o solo urbanizable de uso terciario acada unha superficie total de 33,69 Has.

3.2.2.3.- Sector de uso dotacional:

Por último, proponse un sector con uso global dotacional, (SUB-03.DOT), en continuidade co novo centro de saúde no límite norte do barrio do Alto do Castiñeiro. A súa posición centrada no distrito do solo urbano de Narón e a existencia no entorno de importantes infraestruturas de comunicacións o que supón unha gran conectividade co resto de territorio, incluída a proximidade do maior pulmón verde de Narón como é o Parque do Río, fai deste ámbito o lugar ideal para a implantación de dotacións de carácter público asistencial e/ou educativo.
Este sector abarca unha superficie de 4,67 Has. A ordenación detallada remítese a un plan parcial.
**En total prevese unha superficie de solo urbanizable de 195,59 Has., o que supón o 2,92 % da superficie do termo municipal.**

3.2.2.4- Determinacións en Solo Urbanizable, (SUB):

En virtude do establecido nos artigos 103.4.b) e 126.2 do RLSG, o PXOM non establece a ordenación detallada de ningún sector de solo urbanizable, remitíndose a ordenación a plans parciais, agás sector SUB-07.IND, cuxa ordenación está contemplada no Plan de sectorización aprobado no ano 2013, polo que se inclúe como planeamento incorporado (API).

De conformidade co establecido no artigo 126.1 do RLSG:
a).- A delimitación dos sectores semella cumprir as regras contidas no artigo 79.2 do RLSG. Si ben non se delimita ningún sector de uso residencial, a totalidade dos sectores propostos son contiguos ao solo urbano existente, agás o SUB-08.IND, que ven imposto polo PSOAEG, como xa se dixo.
b).- No apartado 08.1 da memoria xustificativa, así como nos planos de ordenación, en concreto os da estrutura xeral e orgánica do territorio, na normativa urbanística e nas fichas da normativa correspondentes aos solos urbanizables, defínense coa precisión suficiente os sistemas xerais da estrutura xeral da ordenación urbanística para permitir a redacción dos plan parciais. Determínanse os sistemas xerais incluídos ou adscritos á xestión de cada sector:

- Neste sentido unicamente se contemplan sistemas xerais incluídos no caso do sector dotacional, SUB-03.DOT, no que se inclúen dous ámbitos de sistema xeral de espazos libres e zonas verdes cunha superficie entorno aos 10.000 $m^2$, outros dous ámbitos de SX. de equipamentos entorno aos 24.000 $m^2$, así como un sistema xeral viario de 900 $m^2$.
- Non se consideran sistemas xerais adscritos a ningún sector de solo urbanizable.

*Observación: Á vista do representado nos planos de estrutura xeral e orgánica do territorio, observase que no ámbito do SUB-07.IND, esta prevista unha infraestrutura de comunicación de sistema xeral, SX-IC-Ob-VIA-AUTO5, que non figura na ficha da API nin na memoria xustificativa. De aprobarse inicialmente o presente documento, nas posteriores fases de tramitación e previamente á aprobación provisional, deberase incluír tal infraestrutura.*

c).- Conforme ao establecido no artigo 127 do RLSG, o DAI-23 establece para os sectores de solo urbanizable os criterios para o desenvolvemento do sistema de infraestruturas de redes de servizos no documento de normativa urbanística.
d).- Conforme ao establecido no artigo 128 do RLSG, o DAI-23 determina para os sectores de solo urbanizable as conexións necesarias cos sistemas xerais exteriores ao sector no documento de normativa urbanística e nas fichas anexas.
e).- Conforme ao establecido no artigo 126.1.e) do RLSG o DAI-23 asigna para un dos sectores de solo urbanizable os usos globais e a edificabilidade, tal como se recolle nos apartados 06.3 e 07.2 da memoria xustificativa e nas fichas correspondentes da normativa urbanística.

*Observación: Por un posible erro, non se inclúe nas fichas dos sectores o índice de edificabilidade, en todo caso como xa se dixo, inclúense nos cadros dos referidos apartados da memoria. De aprobarse inicialmente o presente documento, nas posteriores fases de tramitación e previamente á aprobación provisional, deberase subsanar tal deficiencia.*

3.2.2.5- Desenvolvemento urbanístico racional:
En consonancia co estipulado nos artigos 34.5 da LSG e 49.5 do RLSG, no apartado 05.3.1 da memoria xustificativa inclúese a xustificación da exclusión do solo rústico de especial protección dos terreos, que merecentes de tal categorización en virtude das afeccións sectoriais, resultan necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional.

*Observación: Tal como se establece nos devanditos preceptos, deberanse obter os informes favorables dos organismos que teñan a competencia sectorial correspondente. O que pode ser solicitado no trámite de solicitude de informes sectoriais preceptivos, previsto no artigo 144.7 do RLSG, de aprobarse inicialmente o presente documento.*



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

3.2.3.- SOLO DE NÚCLEO RURAL

No apartado 05.4 da memoria xustificativa achégase unha táboa na que se identifican 157 núcleos rurais agrupados por parroquias, de conformidade co establecido no artigo 33 do RLSG.

En canto a descrición e xustificación individualizada, faise unha remisión ao "Análise do modelo de asentamento poboacional", (AMAP), incluído na carpeta 03.AMAP.

No capítulo 6, en concreto no apartado 6.1, do estudo do medio rural, carpeta 02.EMR, faise unha primeira aproximación ao modelo de asentamento tradicional así como a súa morfoloxía, establecendo a tipoloxía dos núcleos rurais existentes.

Na memoria do AMAP; logo de analizar o marco territorial e a estrutura parroquial, diferénciase tres grupos de parroquias:

- Parroquias das terras altas: Sedes, Pedroso e Doso.
- Parroquias do val central: O Val, Trasancos e Castro.
- Parroquias da ribeira da Ría de Ferrol: Narón e San Xiao.

A identificación dos núcleos de poboación delimitados ten como base o anexo VII do Plan Básico Autonómico, (PBA).

Tal como se fai constar no apartado 1.8 da memoria do AMAP, para a delimitación do solo de núcleo rural, seguíronse os criterios establecidos o artigo 34 do RLSG, incluíndo nesta clase de solo as áreas do territorio que serven de soporte aos asentamentos de poboación singularizados.

No capítulo 2 da memoria do AMAP descríbese de xeito mais pormenorizado o proceso de identificación e delimitación do solo de núcleo rural en cumprimento do establecido no art. 33 do RLSG, (23 da LSG).

Resultado do anterior, como xa se dixo anteriormente, o PXOM delimita un total de 157 núcleos rurais, agrupados por parroquias do seguinte xeito: 7 na parroquia de Narón; 13 en Castro; 20 en Doso; 13 en San Xiao; 28 en Pedroso; 26 en Sedes, 18 en Trasancos e 32 en O Val.

Logo da análise realizada, os núcleos delimitados responden ás seguintes tipoloxías:

- A maior parte: 101 núcleos, se corresponden cunha tipoloxía que mestura un asentamento tradicional, (SNRT), cunha área de expansión mais recente (SNRC), entorno a un 64 % do total.
- Outros 37 núcleos son categorizados exclusivamente como tradicionais (SNRT), entorno a un 24 % do total.
- E 19 núcleos son categorizados como comúns (SNRC), entorno a un 12% do total.

**Deste xeito o DAI-23 clasifica e delimita como solo de núcleo rural unha superficie total de 1.168,26 Has., o que supón o 17,46 % da superficie do termo municipal. Esta superficie distribúese en:**

- **491,06 Has., de SNRT: 7,34 % da superficie do termo municipal.**
- **677,20 Has., de SNRC: 10,12% da superficie total .**

3.2.3.1- Actuacións de carácter integral:

Tal como se establece no artigo 37 do RLSG e 24.6 da LSG, o PXOM delimita 4 áreas de actuación integral, cunha superficie total de 129.592 $m^2$:

- AAI-01, cunha superficie de 49.970 $m^2$, no NR de Muiño do Vento en Trasancos.
- AAI-02, cunha superficie de 33.792 $m^2$, no NR de O Feal en Narón.
- AAI-03, cunha superficie de 23.006 $m^2$, no NR de Gadoi en Castro.
- AAI-04, cunha superficie de 22.824 $m^2$, no NR de Pena de Embade en Castro.

3.2.3.2- Áreas de recualificación:

A única área de recualificación que o Plan de Ordenación do Litoral, (POL), establece no TM de Narón, é a de "Esteiros do Xuvia e o Freixeiro". Neste sentido, o PXOM delimita unha area de

recualificación entorno ao núcleo rural de Cornido, ao sur da desembocadura do Río Freixeiro e ao norte da AP-9F, denominada ARC-01 a desenvolver por medio dun Plan Especial de Protección.

3.2.2.3- Determinacións en Solo de Núcleo Rural, (SNR):

En virtude do establecido nos artigos 103.4.a), 104.2, 122 e 125 do RLSG, o PXOM establece a ordenación pormenorizada no ámbito do solo de núcleo rural delimitado, agás nas áreas de actuación integral, que se desenvolverán a través de planeamento especial (PERIs).

Segundo o disposto no artigo 122 do RLSG:

a).- Establécese a delimitación do perímetro de cada solo de núcleo rural así como das súas categorías (SNRT ou SNRC), tanto na documentación gráfica e nas fichas incluídas na carpeta 03.AMAP, como nos planos de ordenación contidos na carpeta 06.PORD., de acordo coas normas establecidas nos artigos 33, 34 e 35 do RLSG. Cómprese para cada caso co grado de consolidación establecido no art. 34 segundo o método numérico ou simplificado establecido no artigo 35, tal como se detalla nas fichas dos distintos NRs incluídas na carpeta AMAP_02F.

b).- As dotacións de equipamentos e espazos libres e zonas verdes, se recollen nas fichas identificadas co seu código e superficie, se ben a súa titularidade e outras características, así como si son existentes ou propostas, se recollen tanto na memoria xustificativa como noutros documentos do PXOM.

*Observación: Como xa se observou no apartado 2.3.2.2 do presente informe, deberá completarse este apartado das fichas dos núcleos.*

Tal como se establece no art. 123.3 do RLSG, nas fichas das áreas de actuación integral contidas na carpeta de normativa urbanística: 07.NU, establécense as superficies das dotacións de sistemas locais e aparcadoiros na proporción mínima esixida no artigo 42.2 da LSG.

c).-Nos planos de ordenación do AMAP, establécese o trazado da rede viaria pública e sinálanse as súas aliñacións. No título X do documento de normativa urbanística, establecese o réxime de protección e conservación dos elementos tradicionais.

*Observación: Respecto das aliñacións viarias, resulta de aplicación neste apartado as mesmas consideracións feitas na observación 3ª do apartado 2.3.2.4 do presente informe.*

d).- No título X do documento de normativa urbanística establécese a regulación detallada dos usos, volume e condicións hixiénico-sanitarias dos terreos e das construcións, así como das súas características tipolóxicas, estéticas e construtivas, tendo en conta a análise do modelo de asentamento poboacional, de acordo co disposto no artigo 124 do RLSG e de conformidade ademais co requirido nos seus artigos 38, 39 e 40. A tales efectos, inclúense sendas ordenanzas tanto para o SNRT como para o SNRC, así como para as dotacións.

e).- Determínase como xa se dixo con anterioridade a previsión de catro áreas nas que se prevé a realización de actuacións de carácter integral de acordo co establecido no artigo 125 do RLSG, nas que se cumpre coa limitación de non superar as 25 vivendas por Ha. No capítulo 10 do Título X da normativa urbanística e nas fichas adxuntas de cada ámbito regulase tales condicións.

3.2.4.- SOLO RÚSTICO

No apartado 05.5 da memoria xustificativa, expóñense os parámetros en base aos cales se determina a clasificación do solo rústico de conformidade co establecido nos artigos 31.1 da LSG e 45.1 do RLSG., así como no artigo 104.4 do RLSG.

De conformidade cos artigos 31.2 da LSG e 45.2 do RLSG, o PXOM distingue:

- O solo rústico de protección ordinaria, segundo o establecido no artigo 33 da LSG e 48 do RLSG.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- O solo rústico de especial protección, en virtude dos criterios que se establecen nos artigos 34 da LSG e 49 do RLSG.

**Deste xeito, acadase unha superficie total de solo rústico de 4.576,05 Has, o que supón o 68,40% da superficie total do termo municipal, dos cales, 103,92 Has corresponden a solo rústico de protección ordinaria, (1,55%) e 4.472,13 Has corresponden a solo rústico de especial protección, (66,85% do termo municipal).**
É dicir, 2/3 da superficie do termo municipal, atópase protexida.
3.2.4.1.- Categorías de solo rústico:
Para o establecemento das distintas categorías de solo rústico atendeuse ao disposto no artigo 34 da LSG. e 49 do RLSG, así como as afeccións sectoriais recollidas no PBA.
As superficies por cada categoría son as que se recollen no apartado 3.2 do presente informe.
3.2.4.2.- Determinacións en solo rústico (SR):
a).- Delimítanse as distintas categorías de solo rústico segundo o establecido nos artigos 57.a) da LSG., e 130.1.a) do RLSG, en virtude dos cales, ademais do disposto na LSG e no seu regulamento, logo dos estudios ambientais e paisaxísticos levados a cabo, o DAI-23 propón outros espazos que ao seu xuízo merecen a categorización como solo rústico de especial protección, para o que necesitará a conformidade expresa da Administración competente que tutele o valor obxecto de protección, (art. 34.3 da LSG e 49.3 do RLSG).
Tales paraxes indícanse nos apartados 03.8.1 da memoria informativa; 05.5.7 da memoria xustificativa e 04 do anexo II da memoria, (MX_03.2ANX_SEC).
Xa se fixo referencia a estes espazos na observación 1ª do apartado 2.3.1 do presente informe, de todos os xeitos, para maior precisión:

- Inclúese como solo rústico de especial protección de espazos naturais, (SRPEN), (ver plano de información: PINF_04IOT_AFEC_06VN):

  - Unha masa de bosque aluvial , (hábitat prioritario 91 EO*), situada entre o río Grande de Xuvia e a localidade de Castro da Ermida, na parroquia de Pedroso.
  - Humidais Sinde e Quintá na parroquia de O Val, incluídos no inventario de Humidais de Galicia que tamén contan con representación do hábitat prioritario 91EO*
  - Esteiro de Gándara que serve de refuxio a aves acuáticas.

  *Observación: Como xa se dixo anteriormente, nos planos de Instrumentos de ordenación do territorio e afeccións sectoriais: "Valores naturais e paisaxísticos", PINF_04IOT-AFEC_06VN, non se representan os ditos humidais, cuxa trama identificativa si se inclúe na lenda dos planos. Sen embargo, si se representan nos planos de clasificación do solo, (PORD_02CL)*

- Inclúese como solo rústico de especial protección paisaxística, (SRPPX), (ver plano de información: PINF_04IOT_AFEC_02PAI):

  - Ampliación ao sur da AEIP Montes da Lagoa, na zona de Pena Grande e novo miradoiro.
  - Incorporación a esta categorización da ZEC Xuvia-Castro, (ademais da súa categorización como SRPEN)
  - Inclúese polas súas cualidades paisaxísticas, unha zona no Monte da mina ou Monte do Esperón, situada na parroquia de Sedes.

- No PXOM, non se delimita, porén, ningunha superficie de solo rústico de protección forestal, dado que non hai montes veciñais de man común no concello de Narón, nin existe no termo municipal ningún monte inscrito no Sistema rexistral forestal de Galicia, segundo se argumenta

no apartado 05.5.2 da memoria xustificativa en virtude do establecido nos artigos 34.2.b) da LSG e 49.2.b). do RLSG.

*Observación: Entendemos en todo caso, que a vista da considerable superficie destinada a silvicultura que se reflicte no plano de uso do solo existentes: PINF_01USOS_01, debería realizarse en fases posteriores da tramitación do presente PXOM e con carácter previo á súa aprobación provisional, unha análise máis pormenorizada sobre esta cuestión.*

b).- No título XII da normativa do PXOM, establécense as normas particulares do solo rústico.

En xeral, as normas que se contemplan respectan a regulación de usos e as condicións da edificación da LSG e o seu regulamento, non impoñendo maiores limitacións, sen menoscabo de regular os aspectos que non son detallados especificamente nelas en canto a normas de protección, conservación e recuperación do medio rural ou as características tipolóxicas, estéticas e construtivas, e os materiais, as cores e os acabamentos tal como se establece no artigo 130.2 do RLSG.

**3.3.- Respecto da división do solo urbano en distritos (art.52.c) da LSG segundo o disposto no artigo 79 do RLSG.**

Nos apartados 06.1 e 06.2, da memoria xustificativa e nos planos de ordenación e xestión, (PORD_03ORD), establécese a división en distritos do solo urbano de conformidade co establecido nos artigos 44.1 da LSG e 7.1 do RLSG:

- DISTRITO 1. NÚCLEO URBANO DE NARÓN: Constituído polo núcleo urbano cabeceira municipal de Narón, cunha superficie de 519,80 Has., (7,77% da superficie do concello). Abarca os barrios de: Alto do Castiñeiro, Freixeiro, A Gándara, As Lagoas, O Couto, Piñeiros, A Solaina e Xuvia.
  Neste distrito concéntrase a maior parte do solo residencial así como as dotacións de mais relevancia. Conta con dúas áreas empresariais: A Gándara e As Lagoas.
  Neste distrito atópanse a totalidade dos 85 ámbitos de solo urbano non consolidado propostos, dos que xa se falou con anterioridade.

- DISTRITO 2. POLÍGONO INDUSTRIAL DE RIO DO POZO: O núcleo urbano de Río do Pozo conta cunha superficie de 230,30 Has., (3,44 % da superficie do concello), resultado do desenvolvemento integral dos catro sectores de solo urbanizable que orixinalmente o compoñían.
  A totalidade do distrito correspóndese coa categoría de solo urbano consolidado.

**3.4.- Respecto da delimitación de sectores en solo urbanizable e de reforma interior no solo urbano non consolidado, segundo o disposto nos artigos 79 e 106 do RLSG.**

3.4.1.- Sectores de solo urbanizable

Como xa se adiantou no apartado 3.2.2 do presente informe, (ao que nos remitimos), e tal como se indica no apartado 06.3 da memoria xustificativa, nos planos de ordenación e na normativa urbanística - fichas correspondentes aos SUBs, o DAI-23 delimita 8 sectores de solo urbanizable.

Respecto da súa delimitación conforme as regras do artigo 79.2 do RLSG:

- No SUB-06-IND e no SUB-07-IND, no entorno de Río do Pozo, mantense a delimitación xa establecida no vixente PXOM-02. O SUB-07-IND conta incluso cun instrumento de desenvolvemento, Plan de Sectorización aprobado definitivamente, que establece a delimitación do ámbito aínda con maior precisión.
- O denominado SUB-08-IND, na Boeira, ben delimitado no PSOAEG.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- O SUB-05-IND, nas Lagoas, delimitase no presente PXOM como peza de remate e de transición co solo rústico de acordo coas regras establecidas no artigo 79.2 do RLSG.
- O SUB-04-TER, no entorno do Río do Pozo, cun uso terciario e/ou residencial, e o SUB-02-TER, en Freixeiro, cun uso residencial e dotacional, xa estaban delimitados no PXOM vixente, porén foron redelimitados conforme as regras do artigo 79.2, e foi eliminado en ambos casos o uso residencial.
- O Sector terciario SUB-1-TER, en Freixeiro, delimítase no presente PXOM de xeito similar ao SUB-05-IND, como peza de remate da malla urbana e de transición co rural de acordo coas regras do artigo 79.2 do RLSG.
- O sector de uso dotacional, o SUB-03-DOT, nas inmediacións do novo centro de saúde entre Freixeiro, O Alto do Castiñeiro e O couto, se delimita no presente PXOM conforme ás regras do artigo 79.2 do RLSG.

Como se dixo con anterioridade non se delimita ningún sector de solo urbanizable de uso residencial.

3.4.2.- Ámbitos de reforma interior no SUNC.

Como xa se dixo no apartado 3.2.1.2. do presente informe, o DAI-23 categoriza como SUNC unha superficie de 110,20 Has., por estar nalgunha das situacións definidas no artigo 17.b), para o que se delimitan 85 ámbitos. Deses 85 ámbitos, 79 son de nova configuración cuxa ordenación se remite a planeamento especial e 6 correspóndense coas APIs mencionadas.

As delimitacións dos 79 ámbitos de nova configuración leváronse a cabo conforme as regras establecidas no artigo 106 do RLSG.

**3.5.- Respecto da determinación do sistema de actuación nos ámbitos de SNUC e de SUB.**

No capítulo 11 da memoria xustificativa inclúese unha táboa na que, para cada un dos ámbitos delimitados de solo urbano non consolidado e de solo urbanizable así como para as áreas de actuación integral en solo de núcleo rural, se establece o sistema de actuación previsto. Tamén se sinala nas fichas de cada ámbito no documento de normativa urbanística

En función das prioridades e da estratexia da actuación recollida no apartado 11.3 da memoria xustificativa, tendo en conta os factores de elección que se detallan no artigo 112.1 da LSG ademais das necesidades da actuación por interese xeral; a viabilidade económica, a coherencia co desenvolvemento ordenado no PXOM; a predisposición ou demanda da actuación e outros condicionantes particulares, se establece o sistema de actuación, sen menoscabo de que se poda modificar con posterioridade de oficio ou por instancia dos particulares interesados nos termos establecidos no artigo 112.2 da LSG.

Con esta premisas, en canto ao solo urbanizable establécese o sistema de compensación, agás os que se prevén de iniciativa pública: o dotacional SUB-03, e o SUB-08 (do PSOAEG), para os que se establece o de expropiación.

En canto aos ámbitos de SUNC, en virtude das circunstancias expostas, establécese de xeito maioritario o sistema de compensación (59), agás 20 nos que se establece o de cooperación.

**3.6.- Respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio.**

O PXOM, identifica os elementos que compoñen os sistemas xerais do desenvolvemento urbano nos planos de ordenación e máis especificamente nos planos da estrutura xeral e urbana do territorio, carpeta 06.PORD_01EX, no apartado 3.12 da memoria informativa, no capítulo 8 da memoria xustificativa e no título VIII da normativa urbanística.

3.6.1.- Consideracións de carácter xeral.

En virtude do disposto no artigo 107.1 do RLSG, o PXOM establece os elementos fundamentais da estrutura xeral e orgánica tendo en conta o modelo de desenvolvemento urbano adoptado, definindo:

a).- A distribución xeral dos usos no territorio, as súas intensidades e as súas relacións funcionais.

b).- Os sistemas xerais, integrados polos elementos relacionados no artigo 65 do RLSG:

- Sistema xeral de infraestruturas de comunicacións.
- Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes públicas.
- Sistema xeral de equipamentos.
- Sistema xeral de Infraestruturas de redes de servizos.

De conformidade co establecido no artigo 107.2 os sistemas xerais identificados sitúanse en calquera clase de solo, sen que a súa cualificación poida interpretarse como unha clase de solo distinta.
Respecto do establecido no art. 107.3, na normativa do Plan Xeral, en concreto no seu artigo 246.2, establécese que: "A execución dos sistemas xerais esixirá a aprobación previa dun plan especial cando a súa delimitación e ordenación detallada non estivera contida no plan xeral".

> *Observación: Aínda que nos planos de ordenación se representa, en liñas xerais, unha precisa delimitación dos sistemas xerais, debería definirse máis concretamente en que casos se require a necesidade da aprobación dalgún tipo de planeamento de desenvolvemento, incluíndo a ficha correspondente coas condicións de ordenación, de ser o caso, toda vez que no artigo 25.3 da normativa urbanística do PXOM se establece a necesidade de aprobación previa dun plan especial cando para a súa execución requiran unha delimitación e ordenación detallada.*

3.6.2.- O Sistema xeral de infraestruturas de comunicacións:
En virtude do establecido no artigo 65.4.a.1) do RLSG, o DAI-23 distingue: o sistema xeral viario, o sistema xeral ferroviario e o sistema xeral portuario. Incorpora ademais as determinacións que se esixen no artigo 108 do RLSG.
Neste eido, o Plan inclúe ademais unha análise da mobilidade, na carpeta 04.MOD, na que se fai unha diagnose da situación viaria do concello, analízase a mobilidade sustentable e o aparcamento, establécense os obxectivos e criterios do PXOM integrando as disposicións do PMUS, así como as medidas a adoptar, o financiamento, o seguimento e os impactos.

3.6.2.1.- O sistema xeral viario:

Segundo o apartado 08.4.1 da memoria xustificativa e o artigo 252 da normativa urbanística, así como nos planos da estrutura xeral e orgánica do territorio, considérase que o sistema xeral viario está formado pola rede de estradas do Estado, da Xunta e da Deputación e as súas áreas funcionais, que se identifican no apartado 03.12.3.1 da memoria informativa; así como polas vías municipais denominadas principais, que se identifican nos devanditos planos, incluída a conexión viaria R26 en Río do Pozo.

Como sistema xeral viario previsto figura a conexión baixo a vía do tren en continuidade coa Rúa Grove cara o oeste, incluído en parte no ámbito do SUNC, AC-17, denominado SX-IC-Ob-VIA-MUN04 que no apartado 03.7.2 da memoria informativa se atribúe a súa execución a ADIF

> *Observación: Deberase incluír na memoria xustificativa un cadro co viario municipal de sistema xeral co seu código correspondente (SX-IC-Ex/Ob-VIA-MUN---), segundo o representado nos planos de ordenación 06.PORD_01EX.*

Ademais, identifícanse dentro do sistema xeral viario tres áreas de aparcadoiro: dúas existentes: o aparcadoiro de camións no polígono de Río do Pozo (R-25) e o aparcadoiro preto do apeadeiro do



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

tren en Sta. Icía, na Solaina (S30), (incluído este último no plan sectorial de aparcamentos disuasorios); e outra proposta en Xuvia preto da estación do ferrocarril (X22).
Inclúense tamén como sistemas xerais previstos, todos eles con cargo a administracións distintas ao concello:

- As conexións viarias previstas no Plan Sectorial da Rede Viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón Ares, Mugardos e Cabanas, cuxa execución está prevista pola comunidade autónoma.
- A variante da estrada provincial DP- 5401, segundo o proxecto de ensanche e modificado da DP-5401, Narón – O Val por castro (Travesía de Xuvia á estrada de Valdoviño) do Pk 0,000 ao 2,480.
- A Conexión da AC-112 coa AC-566, segundo o proxecto de trazado da obra de acondicionamento e mellora da estada AC-566, treito: Narón- Valdoviño, (Clave AC/08/131.01) da AXI, aprobado por resolución de 27/07/2011.

*Observación: Con respecto á actuación: "Conexión AC-116 (C-646) (Costa Norte) por Río do Pozo, incluída no Plan Sectorial da Rede Viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón Ares, Mugardos e Cabanas, deberase ter en conta os trazados previstos no "Proxecto de construción de glorieta no Pk. 4+120 da AC-116 e conexión co polígono empresarial Río do Pozo", (Clave AC/20/101.06) da AXI, aprobado definitivamente o 14/09/2023.*

3.6.2.2.- O sistema xeral Ferroviario:

Segundo o apartado 08.4.2 da memoria xustificativa e o artigo 255 da normativa urbanística, así como nos planos da estrutura xeral e orgánica do territorio, considérase que o sistema xeral ferroviario esta constituído polas dúas liñas pertencentes á Rede Ferroviaria de Interese Xeral de titularidade de ADIF:

- Liña 08-740-Ferrol –Pravia
- Liña 06-804-Betanzos Infesta – Ferrol

Inclúense como sistemas xerais os 8 apeadeiros existentes e a estación de Xuvia.
Non se prevén novas infraestruturas ferroviarias.

3.6.2.3.- O sistema xeral Portuario:
Segundo o apartado 08.4.3 da memoria xustificativa e o artigo 255 da normativa urbanística, así como nos planos da estrutura xeral e orgánica do territorio, Inclúese como SX portuario os terreos ocupados pola factoría de MEGASA que forman parte do Porto de Ferrol e que xestiona Portos do Estado.
Non se trata dunha infraestrutura de comunicacións, senón dunha zona de servicio industrial en dominio público portuario, porén, segundo o artigo 56 do TR da Lei de Portos do Estado, para os portos de interese xeral do Estado a cualificación das áreas portuarias será de Sistema Xeral Portuario.

<u>3.6.3.- O Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes.</u>
En virtude do establecido no artigo 65.4.a.3) do RLSG, o DAI-23 identifica os elementos do sistema xeral de espazos libres e zonas verdes de dominio e uso público ao servizo de todo ou dunha parte importante da poboación do Concello.
Incorpora ademais, no apartado 08.1.1 da memoria xustificativa, as determinacións que se esixen no artigo 109.1 do RLSG, baseándose nos obxectivos de creación de corredores verdes que conecten os espazos libres do solo urbano co territorio a través principalmente das canles fluviais e corredores ecolóxicos e a creación dun corredor litoral ao longo de todo o bordo costeiro da ría de Ferrol.
Na mesma liña, no apartado 3.12.1 da memoria informativa se conclúe, tras a análise efectuada, que no seu conxunto a taxa por habitante é adecuada, sen embargo detéctanse que a presenza de

grandes espazos como os litorais de Xuvia ou da Gándara así como o parque de Freixeiro, poden ocultar déficits zonais. Tales déficits foron analizados con base ao estudio de impacto de xénero elaborado, así como en base a criterios de proximidade e mobilidade, do que resulta a localización de novos espazos para estas dotacións incluídas nos distintos ámbitos de solo urbano non consolidado.
No apartado 08.1.1 da memoria xustificativa, así como nos planos da estrutura xeral e orgánica do territorio, identifícanse os elementos correspondentes a este SX. En concreto, no devandito apartado da memoria incorpóranse cadros nos que se recollen co seu código correspondente, tanto os elementos existentes como os previstos, indicando a súa situación, denominación e superficie, indicando ademais a tipoloxía de acordo co establecido no artigo 70.3 e 70.4 do RLSG e os subtipos correspondentes.
Respecto dos elementos previstos, establecese ademais o sistema de obtención dos terreos conforme ao esixido nos apartados 4.b) e 5 do artigo 107.
Así pois, resultan as seguintes superficies:

- SXELeZV existentes: 472.367 $m^2$.
- SXELeZV previstos: 792.657 $m^2$.
- Total: 1.265.024 $m^2$.

No apartado 08.1.3 da memoria se xustifica o cumprimento dos estándares de sistema xeral establecidos no artigo 42.1.a) da LSG e 66.2.a) do RLSG conforme aos criterios do artigo 66.1., do cal resulta que a esixencia en función da capacidade máxima residencial derivada do Plan é de 780.264,30 $m^2$, notablemente inferior aos 1.265.024 $m^2$ contemplados no PXOM, co cal dáse cumprimento ao establecido no artigo 109.2 do regulamento.

> *Observación: existe unha leve diferencia numérica entre a superficie indicada na memoria xustificativa 1.265.024 $m^2$ e a que figura na ficha resumo do Plan incluída no Anexo III da memoria: Anexo Síntese: 1.265.871 $m^2$.*

3.6.4.- O Sistema xeral de equipamentos.

De conformidade co establecido no artigo 65.4.a.4) do RLSG, o DAI-23 identifica os equipamentos de sistema xeral de uso e titularidade pública, destinados aos usos definidos no artigo 71 do regulamento: sanitario-asistencial, educativo, cultural, deportivo, administrativo, servizos públicos e dotacional múltiple.
Incorpora ademais, no apartado 03.12.2 da memoria informativa, as determinacións que se esixen no artigo 110.1 do RLSG, no que, de xeito similar ao efectuado cos SX de espazos libres e zonas verdes, e tras a análise efectuada, estímase que no seu conxunto a taxa por habitante e adecuada, sen embargo detéctanse desequilibrios territoriais no termo municipal.
Tal déficit foi analizado tendo en conta o estudo de impacto de xénero efectuado, así como o PMUS aprobado, en canto á conectividade entre os distintos elementos, do que resulta a localización dos novos equipamentos de sistema xeral que se inclúen nos distintos ámbitos de solo urbano non consolidado.

No apartado 08.1.2 da memoria xustificativa, así como nos planos da estrutura xeral e orgánica do territorio, identifícanse os elementos correspondentes a este SX. En concreto, no devandito apartado da memoria incorpóranse cadros nos que se recollen co seu código correspondente, tanto os elementos existentes como os previstos, indicando a súa situación, a súa denominación e superficie, indicando ademais os subtipos de acordo con establecido no artigo 71 do RLSG.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Respecto dos elementos previstos, establecese ademais o sistema de obtención dos terreos conforme ao esixido nos apartados 4.b) e 5 do artigo 107.
Así pois, resultan as seguintes superficies:

- SXEQ existentes: 427.571 $m^2$.
- SXEQ previstos: 192.347 $m^2$.
- Total: 619.918 $m^2$.

No apartado 08.1.3 da memoria se xustifica o cumprimento dos estándares de sistema xeral establecidos no artigo 42.1.b) da LSG e 66.2.b) do RLSG conforme aos criterios do artigo 66.1, do cal resulta que a esixencia en función da capacidade máxima residencial derivada do Plan é de 260.088,10 $m^2$, notablemente inferior aos 619.918 $m^2$ contemplados no PXOM, co cal dáse cumprimento ao establecido no artigo 110.2 do regulamento.
Así mesmo, sinalase no apartado 03.12.2 da memoria informativa a existencia dunha dotación de equipamento de servizo público: "Base anti incendios da Xunta" en Piñeiros, (código: P28), que se considera como sistema xeral, pero dado o seu carácter supramunicipal, non se computa a súa superficie aos efectos do cumprimento das reservas mínimas esixidas no artigo 66, co que se dá cumprimento ao establecido nos artigos 72 e 110.3 do RLSG.

> *Observación: existe unha diferencia numérica entre a superficie indicada na memoria xustificativa 619.918 $m^2$ e a que figura na ficha resumo do Plan incluída no Anexo III da memoria: Anexo Síntese: 600.843 $m^2$.*

<u>3.6.5.- O Sistema xeral de infraestruturas de redes de servizos:</u>
En virtude do establecido no artigo 65.4.a.2) do RLSG, o PXOM distingue os destinados á execución da política hidráulica, as construcións e conducións que aseguren o abastecemento de auga; á evacuación das augas residuais e a súa depuración; ao tratamento e a eliminación de residuos; á protección da natureza e á loita contra o lume; á execución da política enerxética; e aos elementos e liñas xerais de telecomunicacións en calquera das súas formas.
O artigo 111 do RLSG establece as cuestións que o Plan Xeral deberá ter en conta respecto a este SX., neste sentido nos apartados 03.12.4 da memoria informativa e 08.3 da memoria xustificativa, así como nos planos de ordenación correspondentes á estrutura xeral e orgánica do territorio, se identifican os elementos que se consideran constituíntes deste sistema xeral, definindo as características das infraestruturas existentes así como as previsións futuras.
No título VI da normativa do PXOM, inclúense as normas de urbanización de aplicación ás distintas redes. Así mesmo no título VIII se establecen as normas particulares destas dotacións; e no título IX establécese unha ordenanza específica para infraestruturas de reses de servizos no solo urbano.

> *Observación: Deberanse desenvolver de xeito mais pormenorizado as cuestións que se conteñen no apartado 08.3 da memoria xustificativa, co nivel de detalle que se exixe nos artigos 76.2, 107.3 e 111.2 do RLSG.*
> *Así mesmo deberanse indicar os elementos do sistema xeral de infraestruturas de servizos de ámbito funcional supramunicial, tal como se establece no artigo 111.3 do RLSG.*

**3.7.- Respecto da previsión de aparcadoiros de titularidade pública, baseándose na análise da mobilidade.**
Na carpeta 04.MOB, do PXOM, inclúese o documento de análise da mobilidade, do que entre outras cuestións deriva a previsión das prazas de aparcadoiro.
Baséase a análise fundamentalmente nas informacións contidas principalmente no PMUS do concello de Narón; nas determinacións do informe de incorporación da perspectiva de xénero no PXOM; así como os obxectivos establecidos no documento de alcance.
O PMUS fala dunha necesidade de 8.049 prazas de estacionamento en superficie en base ás súas previsións de crecemento, descontando as 3.285 existentes resultaría un déficit de 4.764 prazas.

Así, o PXOM propón unha serie de ámbitos de SUNC, nos que se prevé a creación de novas prazas de aparcadoiro, non só en base ás reservas establecidas na lexislación urbanística: 2.360 prazas, (apartado 08.2.3 da memoria xustificativa), senón á creación de aparcamentos de proximidade, xerando espazos multimodais distribuídos polo concello, con especial atención ás zonas dotacionais de equipamentos.
Así mesmo tivéronse en conta as determinacións do plan sectorial dos aparcamentos disuasorios de Galicia, (se ben non acadou a súa aprobación definitiva).
Con estes antecedentes, no apartado 08.4.1 da memoria xustificativa sinálanse unha serie de zonas de aparcadoiro previstas tanto de sistema xeral como de carácter local en superficie, identificados na táboa cos códigos: S29, SX10, X22, R26 e N07 que acadan unha superficie entorno aos 10.500 $m^2$.
Todo o anterior complementase co disposto na normativa urbanística, na ordenanza de espazos libres e zonas verdes, (sección 10ª do capítulo 2 do título IX), no que se permite tanto como uso complementario como compatible, tanto en superficie, (podendo ocupar xustificadamente o 30 % da superficie da zona verde), como no subsolo destas zonas e mesmo das infraestruturas de comunicacións (sección 12 do capítulo 2 do titulo IX, nas condicións establecidas no artigo 105.1.g), do RLSG.

*Observacións:*

*1.- Deberá incluírse táboa da memoria xustificativa o aparcadoiro recentemente executado preto do novo centro de saúde en Freixeiro que si se identifica nos planos de ordenación co código SL-IC-EX-VIA-51, que ao noso xuízo debe ser considerado como sistema xeral.*

*2.- No se contempla na memoria o aparcadoiro previsto en Xuvia cuxa ordenación se remite a un plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID-01).*

*3.- Obsérvanse erros e/ou contradicións entre a táboa da memoria xustificativa e os planos de ordenación en canto a se o aparcadoiro é existente ou previsto, ou a súa cualificación como sistema xeral ou local.*

**3.8.- Respecto do catálogo dos elementos que polos seus valores naturais ou culturais deban ser conservados ou recuperados, coas medidas de protección que procedan, de acordo co establecido nos artigos 195 a 198 do RLSG.**

Inclúese na carpeta 08.CAT., como xa se dixo no apartado 2.7 do presente informe.
Estrutúrase nos seguintes documentos: memoria, fichas que integran o plano de información e situación do elemento catalogado e normas de protección para cada nivel de protección.
O contido documental ao que se refire o artigo 197 do RLSG, xa foi avaliado no apartado 2.7 do presente informe.
Respecto das determinacións establecidas no artigo 195.2 do RLSG., no documento das normas de protección establécense ás medidas necesarias para a protección de cada elemento catalogado establecendo tres niveis de protección de acordo co establecido na lexislación de patrimonio cultural: Integral, Estrutural e Ambiental. Así mesmo, segundo o requirido no artigo 196.4, establecese nas fichas de cada elemento catalogado o nivel de protección que lle corresponde.

En cumprimento do establecido no artigo 196 do RLSG, o tratamento que se dispensa aos bens catalogados semellan ser acordes coa normativa sectorial, ademais semella haberse incorporado os bens inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e no Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia. No obstante, no informe preceptivo que deberá emitir a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con posterioridade á aprobación inicial deste documento, no caso de que se produza, se fará constar o que proceda con moito maior criterio que os técnicos asinantes do presente informe.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Identifícanse e sinálanse os contornos de protección de todos os bens catalogados tanto nas fichas como nos planos correspondentes de información e de ordenación.

*Observacións: Deberase, en fase posteriores á aprobación inicial do documento, establecer de xeito mais pormenorizado as condicións do tratamento dos elementos de fachada e para as obras de reforma parcial segundo o establecido no apartado 3 do artigo 196 do regulamento.*

**3.9.- Respecto da delimitación de áreas de repartición en solo urbano non consolidado e en solo urbanizable.**

No capítulo 11 da memoria xustificativa, establécense os criterios de xestión, execución do Plan e das áreas de repartición.

De conformidade co establecido no artigo 234 do RLSG, o PXOM delimita un total de 91 áreas de repartición, unha por cada sector de solo urbanizable, unha por cada ámbito de solo urbano non consolidado, e unha por cada área de actuación integral en solo de núcleo rural. Sen menoscabo do disposto no artigo 71.2 da LSG e 179.3 do RLSG, respecto dos plans especiais de protección, toda vez que o PXOM delimita un ámbito a desenvolver mediante este instrumento de desenvolvemento, correspondente á área de recualificación do POL, (ARC-01).

*Observación: Como xa se observou noutros epígrafes deste informe, a AAI de Os Sobecos (0114), foi eliminada polo que deberá rectificarse o número de áreas de repartición, 92, que se detallan en varios dos apartados deste capítulo da memoria, cando en realidade son 91.*

Tal como se dispón no apartado 2 do artigo 234 do regulamento, non se delimitan áreas de repartición en solo urbano consolidado.

En virtude do establecido no apartado 3 do mesmo precepto, toda vez que o plan xeral, nos ámbitos de solo urbano non consolidado, remite a ordenación detallada a plans especiais de reforma interior, na táboa do citado apartado 11.1 da memoria xustificativa e nas fichas anexas á normativa urbanística, se identifican os sistemas xerais que se inclúen neles ou se lles adscriben, en coherencia co esixido nos apartados 2 e 3 do artigo 235 do RLSG, e toda vez que os sistemas xerais que se adscriben se fan de xeito completo a unha soa A.R., (art. 235.3.a).

Nos sectores de solo urbanizable e nas áreas de actuación integral en solo de núcleo rural, o PXOM non inclúe nin adscribe ningún sistema xeral.

En cumprimento do establecido no artigo 235.1 do regulamento, no apartado 11.2 da memoria xustificativa, exponse que dado que non existen sectores de solo urbanizable de uso residencial e que no solo urbano non consolidado tan só existen 10 áreas de repartición de uso residencial delimitadas dentro do SUNC regulado no artigo 26.1.b.1 do regulamento, é dicir, áreas nas que son necesarios procesos de urbanización, na táboa que se incorpora establécese o aproveitamento real de tales áreas, xustificando que non hai diferenzas porcentuais entre elas superiores ao 20%.

*Observacións: Porén semella que entre o aproveitamento real da área de repartición AR-F-11: 0,5 $m^2/m^2$, e o das áreas de repartición cun aproveitamento xeral de 0,4 $m^2/m^2$, existe unha diferencia porcentual superior ao 20 %.*

No capítulo 3 do título IX, da normativa urbanística do PXOM, establecese a regulación das áreas de reparto para solo urbano non consolidado.

*Observacións: Deberíase establecer do mesmo xeito para o solo urbanizable, no título XI da normativa urbanística.*

En virtude do disposto no artigo 99 da LSG e 236 do RLSG, tendo en conta canto antecede, toda vez que cada un dos ámbitos de xestión previstos constitúe unha área de reparto independente, e ademais a súa ordenación está remitida a planeamento de desenvolvemento, este será o que estableza para cada caso o Aproveitamento Tipo.

**3.10.- Respecto do carácter público ou privado das dotacións segundo o disposto no artigo 112 do RLSG.**

No apartado 03.12 da memoria informativa identifícanse nas distintas táboas que se incorporan, as dotacións de espazos libres e zonas verdes así como de equipamentos existentes indicando o seu

carácter público ou privado. No capítulo 08 da memoria xustificativa, tamén se achegan táboas das dotacións existentes e previstas de uso e dominio público. Non se contemplan novas dotacións privadas. Deste xeito dáse cumprimento ao establecido nos apartados a) e c) do artigo 112 do RLSG.

Nos planos de información e de ordenación correspondentes indícase tamén o carácter público ou privado das dotacións.

O PXOM considera como dotacións de carácter público, (apartado 08.3 memoria xustificativa), as infraestruturas de redes de servizo de carácter privado, sen prexuízo da titularidade pública ou privada dos terreos sobre os cales se localicen, en virtude do establecido nos artigos 112.b) e 65.2 do RLSG.

*Observacións:*

*1.- En relación co último extremo, o regulamento establece que tal consideración poderase facer sempre que a normativa sectorial correspondente garanta o dereito de acceso a terceiros, polo que debera xustificarse este requisito.*

*2.- En relación co sistema xeral de espazos libres e zonas verdes identificado co código X02: Paseo marítimo de Xuvia, que abarca unha superficie de 97.260 m$^2$, deberase ter en conta que, tal como se representa nos planos, está na súa totalidade, ou en parte, dentro do dominio público marítimo terrestre sobre a cal o concello dispón dunha concesión de uso de data 05.04.2017( unha superficie de 77.743 m$^2$), o que non coincide co considerado no PXOM como existente, deberase aclarar este aspecto. Neste sentido tamén se deberá xustificar o cumprimento das consideracións contidas nos parágrafos 4º e 5º do apartado 3.1 do informe previo á aprobación inicial do Plan emitido pola D.X. da Costa e o Mar do 29/04/2020.*

**3.11.- Respecto da determinación dos prazos para a aprobación do planeamento de desenvolvemento.**

No apartado 11.3 da memoria informativa así como no documento titulado: "Estratexia da Actuación", incluída na carpeta 09.EE do PXOM, establécese a programación do desenvolvemento das distintas áreas de repartición, en base a unha serie de prioridades en base as cales se indican as actuacións que deberían levarse a cabo nos próximos 4 cuadrienios, (Q1 a Q4), situando as máis prioritarias no primeiro cuadrienio e así sucesivamente ata o derradeiro 4º cuadrienio. Neste sentido inclúense as táboas correspondentes. Tamén se inclúen nas fichas anexas a normativa urbanística.

Sen embargo, non se recolle de forma expresa en ningún documento do PXOM os prazos para a aprobación do planeamento de desenvolvemento, polo que en virtude do establecido no artigo 105.1.k) do RLSG, este prezo será de tres anos.

*Observación: Nas fichas dos sectores de solo urbanizable e nas dos plan especias non de reflicte o cuadrienio que lles corresponde, o que deberá ser subsanado antes da aprobación provisional do documento.*

**3.12.- Respecto das determinacións necesarias para que as construcións e instalacións cumpran as condicións de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe, establecidas polos artigos 91 da LSG e 216 do RLSG.**

No Anexo I: "Memoria xustificativa de adaptación ao ambiente e protección da Paisaxe", (código do documento: MX_03.1aANX, incluído na carpeta 01.MX), no seu apartado 2, exponse a situación actual no eido ambiental do concello, así como os criterios e as accións que o PXOM propón para a protección e adaptación ao mesmo:



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- Ampliando a delimitación do solo rústico de protección de espazos naturais co obxecto de preservar a súa integridade: Bosque aluvial de Castro da Ermida; humidais de Sinde e Quintá do antigo inventario de Galicia, o Esteiro da Gándara, así como diversas zonas que permiten o amortecemento e a conexión ecolóxica dos espazos protexido do Río Xuvia e da Costa Ártabra.
- Por outra banda a normativa do PXOM, que establece a necesidade de protección dos valores que motivaron a declaración dos espazos protexidos do municipio así como os corredores ecolóxicos e as áreas complementarias de conservación.
- Incorporando as determinacións necesarias para o establecemento arredor da trama urbana dunha serie de espazos libres que conectan có SRPEN, que en conxunto configuran a infraestrutura verde de Narón, mitigando os impactos negativos dos procesos de urbanización.
- Evitándo os desenvolvementos urbanísticos e as ocupacións das áreas de maior valor ambiental.
- Evitando o crecemento residencial en "mancha de aceite", fomentando a compactación do solo urbano, con especial preocupación pola protección dos valores ambientais ligados as fachadas costeiras.

De xeito similar, no apartado 3 do Anexo I, en canto á protección da paisaxe e con base no Estudio da Paisaxe realizado, (que se inclúe como documento co código: MX_03.1bANX-PSX_EST), o PXOM propón tres novos ámbitos de solo rústico de protección paisaxística SRPPX, dos que xa se falou anteriormente: Ampliación do AEIP Montes da Lagoa, ZEC Xuvia – Castro e Monte da Mina, co que se persegue é preservar as vistas panorámicas evitando actuacións que alteren ou destrúan a súa conformación paisaxística tradicional ou que acaben de desvirtuar totalmente a paisaxe.

No anexo inclúense as determinacións ao respecto, no que atinxe ao solo urbano de Narón, aos núcleos rurais e a os novos desenvolvementos industriais e terciarios.

Na normativa do PXOM establécese a regulación necesaria de xeito que se minimicen os impactos negativos sobre a paisaxe, mesmo coa esixencia de elaborar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP):

- No Capítulo 7 do Título V, establécense as condicións de estética e integración ambiental das edificacións.
- Ademais, no Título IX., establécense normas de protección e adaptación ao ambiente para cada unha das ordenanzas reguladoras en solo urbano e do mesmo xeito no Título X para o solo de núcleo rural e no Título XII para o solo rústico.
- No Título XIV inclúense as "Normas de protección do medio ambiente", tendo en conta: a protección do medio ambiente atmosférico, a protección dos recursos hídricos, a xestión dos residuos, a protección do solo, a biodiversidade, os usos sustentables dos recursos e a paisaxe.
- Por último, no Título XV, establécense as normas de protección do patrimonio cultural, tamén incluídas no catálogo de protección do PXOM, (carpeta 08.CAT).

## 4.- CAPACIDADE RESIDENCIAL DO PLAN. LIMITES DE SUSTENTABILIDADE, CALIDADE DE VIDA E COHESIÓN SOCIAL.

### 4.1.- Capacidade residencial do Plan

Para os efectos de comprobar o cumprimento dos artigos 5.e) e 51 da LSG e da determinación 3.1 das DOT, analízanse as previsións de crecemento do DAI-23, así como as xustificacións de ordenación que se establecen.

Tal como se desprende do informe emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 18.09.2017, na liña do indicado no apdo. 4.1 do informe do IET e no apdo. 4 do documento de alcance, emitidos no período de consultas da avaliación ambiental estratéxica, as previsións de crecemento poboacional no Borrador do Plan do 2017 eran de 9.852 novos habitantes no seu horizonte temporal, o que supoñía un incremento dun 25% da poboación

respecto da existente naquel intre. O Borrador calculaba unha capacidade residencial total de 38.671 vivendas, o que supoñía un crecemento de mais do 85 % da vivendas existente, e dicir 17.813 vivendas novas.
No apartado 0.3.4.4. "EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA PREVISTA", da memoria informativa do PXOM, estímase un incremento poboacional de 3.451 novos habitantes no ano horizonte do Plan (2038): 42.566 habs., respecto do ano de referencia (2022): 39.115 habs, o que supón un aumento previsto de preto dun 9 %.
En base aos datos anteriores, no apartado 03.14.01. "ANALISE DAS NECESIDADES DE VIVENDA" da memoria informativa, estímase que o número de vivendas novas necesarias sería de 2.987 vivendas.
Por outra banda, á vista do contido no apartado 12.1. "CÁLCULO DA CAPACIDADE RESIDENCIAL DO PXOM" da memoria xustificativa, resultan un total de 14.254 vivendas novas. Tendo en conta de que se parte de 19.305 vivendas existentes, resulta un aumento no horizonte do Plan do 74 %, para un total de 33.559.

Aínda que a previsión do DAI-23 e considerablemente inferior ao previsto no Borrador do 2017 en case 3.600 vivendas menos, non semella equilibrado de xeito adecuado a ampliación do actual parque de vivendas ás súas propias previsións de crecemento demográfico.
Non obstante o anterior, no apartado 12.2 da memoria xustificativa, fanse unha serie de consideracións, entendemos que razoables, como son o recoñecemento dunha realidade urbana consolidada e recoñecible e a necesidade de colmatación dos ámbitos baleiros de solo urbano non consolidado no interior dunha pegada urbana, que xa ven establecida polo menos dende o PXOU do ano 1985, na que é necesario conectar, estruturar e consolidar os tecidos existentes.
A previsión de vivendas deste documento non deriva dunha visión expansiva sobre o territorio senón da compactación e a consolidación no interior da pegada urbana existente, en liña co establecido nas directrices de ordenación do territorio e na propia lexislación urbanística. Neste sentido, por unha banda non se prevén nin se delimitan solos urbanizables de uso residencial, co que se da cumprimento implícito ao artigo 68 do RLSG; por outra, das 14.254 vivendas novas previstas preto de 13.000, se circunscriben ao solo urbano, ao redor do 91 % do total.

**4.2.- Límites de sustentabilidade.**

No capítulo 7 da memoria xustificativa, xustifícase o cumprimento do disposto nos artigos 41 da LSG e 64 do RLSG, segundo os cales:
En SUNC de uso residencial ou hoteleiro en que sexan necesario procesos de urbanización, o planeamento non poderá conter determinacións das que resulte unha superficie edificable total superior a $1m^2/m^2$, (art. 41.1.b) da LSG e 64.1.b) do RLSG). O PXOM delimita 10 ámbitos de SUNC de uso residencial nos que son necesarios procesos de urbanización; a edificabilidade asignada oscila entre os 0,4 e os 0,7 $m^2/m^2$, inferiores en todo caso ao máximo establecido, (ver táboa no apartado 7.1 da memoria). En calquera caso, segundo a referida táboa, a superficie total edificable de uso residencial do distrito, incluído os ámbitos de reforma interior, ten un índice de 0,8512 $m^2/m^2$ inferior ao máximo permitido de $1m^2/m^2$.

> *Observación: Non se inclúe a xustificación da edificabilidade asignada a cada ámbito segundo os criterios establecidos polo artigo 51.4 da LSG e 103.5 do RLSG, valorando o parque de vivendas existentes.*

Respecto do requirido nos artigos 41.2.b) da LSG e 64.2.b) do RLSG, relativo ao solo urbanizable de uso residencial ou hoteleiro, non resulta de aplicación ao presente PXOM, dado que non se contemplan sectores con eses usos.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Respecto do requirido nos artigos 41.3 da LSG e 64.3 do RLSG, relativo tanto ao solo urbano non consolidado en que sexan necesarios procesos de urbanización, como ao solo urbanizable, para os usos industriais e terciarios, (cando os terciarios sexan distintos do hoteleiro), nos que se esixe que a edificabilidade non poderá superar o índice de $1m^2/m^2$:

- A vista da táboa do apartado 07.1 da memoria xustificativa, os únicos ámbitos de SUNC nos que son necesarios procesos de urbanización (URBA) e con uso industrial: L-01; L-02 e L-03, a edificabilidade é de $1m^2/m^2$ en todos eles, polo que non se supera o máximo establecido.
- A vista da táboa do apartado 07.2 da memoria xustificativa, nos 7 sectores de SUB con uso industrial e terciario, o índice de edificabilidade oscila entre os 0,3 $m^2/m^2$ e os 0,7 $m^2/m^2$, polo que non se supera o máximo establecido.
- Aínda no caso dos tres sectores de SUB nos que se establece o uso terciario, (todos cunha edificabilidade de 0.7 $m^2/m^2$), se optase polo uso hoteleiro, tamén se estaría a cumprir co límite establecido de 0,85 $m^2/m^2$ nos artigos 41.2.b) da LSG e 64.2.b) do RLSG.

**4.3.- Calidade de vida e cohesión social.**

No capítulo 8 da memoria xustificativa: "O sistema dotacional", xustifícase o cumprimento do disposto nos artigos 42 da LSG, e 66 e 69 do RLSG. Respecto do establecido nos citados preceptos o DAI-23 prevé as reservas de solo necesarias para a implantación dos sistemas xerais e dos sistemas locais.

4.3.1.- Reservas de solo para sistemas xerais

Nos artigos arriba indicados, establécese a reserva de solo para os sistemas xerais de espazos libres e zonas verdes de dominio e uso públicos e do sistema xeral de equipamentos de titularidade pública en función da capacidade máxima residencial do Plan, á que se lle aplicarán os estándares establecidos no art. 66.2 do regulamento.

No capítulo 12 da memoria xustificativa, incorpórase o cálculo da capacidade máxima do PXOM segundo o establecido no artigo 67 do RLSG, dando como resultado unha superficie total edificable residencial de 5.201.762 $m^2_e$.

Como xa se adiantou no apartado 3.6.3 do presente informe, no apartado 08.1.1 da memoria, achéganse unhas táboas descritivas dos sistemas xerais de espazos libres e zonas verdes existentes e dos previstos, acadando unha superficie total de 1.265.024 $m^2_S$.

Tal como se sinala no apartado 08.1.3 da memoria xustificativa, e segundo o establecido no apartado 2.a) do artigo 66 do RLSG, a reserva mínima para este SX e de 15 $m^2_S$ por cada 100 $m^2_{ER}$ , do que resulta un total mínimo esixible de 780.264,30 $m^2_S$.

A superficie prevista no DAI-23 é moi superior á da reserva mínima establecida, resultando unha dotación de SXEL e ZV de 24,32 $m^2_S$ por cada 100 $m^2_{ER}$.

De xeito similar, como xa se adiantou no apartado 3.6.4 do presente informe, no apartado 08.1.2 da memoria, achéganse unhas táboas descritivas dos sistemas xerais de equipamentos existentes e dos previstos, o que supón unha superficie total de 619.918 $m^2_S$.

Tal como se sinala no apartado 08.1.3 da memoria xustificativa, e segundo o establecido no apartado 2.b) do artigo 66 do RLSG, a reserva mínima para este SX e de 5 $m^2_S$ por cada 100 $m^2_{ER}$ , do que resulta un total mínimo esixible de 260.088,10 $m^2_S$.

A superficie prevista no DAI-23 é moi superior á da reserva mínima establecida, resultando unha dotación de SXEQ de 11,92 $m^2_S$ por cada 100 $m^2_{ER}$.

4.3.2.- Reservas de solo para sistemas locais

En virtude do establecido no artigo 42.4 da LSG, o PXOM deberá xustificar que no conxunto do solo urbano non consolidado de cada distrito se cumpran os estándares de reserva mínima para sistemas locais.

No apartado 08.2.1 da memoria xustificativa, achéganse unhas táboas descritivas dos sistemas locais de espazos libres e zonas verdes existentes no solo urbano consolidado, cunha superficie total de 192.293 $m^2$, ademais de dúas previstas nesta categoría de solo, cunha superficie de 7.073 $m^2$ a obter por algún dos sistemas previstos no artigo 129.1 da LSG.

Do mesmo xeito, no apartado 08.2.2, achéganse unha táboa descritiva dos sistemas locais de equipamentos existentes no solo urbano consolidado, cunha superficie total de 169.021 $m^2$. Neste caso, o PXOM non prevé novas dotacións de equipamento local nesta categoría de solo urbano.
O resto das dotacións de carácter local vincúlanse ao desenvolvemento dos ámbitos de SUNC.
No apartado 08.2.3 da memoria inclúese unha táboa coas superficies das dotacións locais incluídas en cada área de repartición en SUNC. Estas determinacións tamén se recollen nas fichas anexas no documento de normativa urbanística.
O PXOM establece para cada ámbito de SUNC as reservas necesarias segundo o estudo dos déficits de cobertura e a ordenación prevista.
Tendo en conta o cálculo da edificabilidade en SUNC, que sen contar a correspondente aos ámbitos con uso industrial, ascende a: 845.510 $m^2_E$, dedúcense as reservas mínimas esixidas no artigo 42.2.a) da LSG.
A xustificación realízase para o distrito 1, toda vez que no distrito 2 non existen áreas de repartición.

| EDIFICABILIDADE $m^2_E$ | S.LOCAL ELeZV $m^2_S$ | S.LOCAL DE EQ $m^2_S$ | Nº PRAZAS APARCADOIRO PÚBLICAS | ARBOREDO Uds. |
|---|---|---|---|---|
| DAI-23 | | | | |
| 845.510 | 155.329 | 93.523 | 2.360 | 8.460 |
| LSG | | | | |
| 845.510 | 152.191,8 | 84.551 | 2.114 | 8.456 |

*Observación: Respecto da superficie edificable residencial, aprécianse discrepancias entre os distintos epígrafes da memoria xustificativa: 845.152 no apdo. 07.1; 845.510 no apdo. 08.2.3; e 855.152 no apdo. 12.1.*

4.3.3.- Reservas de solo para vivenda protexida

No artigo 42.9 da LSG e 77 do RLSG, en concordancia co artigo 20 e a Dtª1ª do RDL 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da lei do solo e rehabilitación urbana, se establecen as reservas mínimas de solo para vivenda suxeita a algún réxime de protección no solo urbano non consolidado e no solo urbanizable.
No capítulo 09 da memoria xustificativa, xustifícase o cumprimento desta reserva en virtude da excepcionalidade prevista no ordenamento urbanístico vixente, atendendo á demanda real de vivenda protexida, pola que o PXOM poderá fixar unha reserva inferior á establecida de xeito xenérico nos preceptos citados.
Neste sentido, para un padrón de habitantes de 38.938 figuran inscritos no Rexistro único de Demandantes de Vivenda da CA de Galicia un total de 156, o que supón un 4,01 % do total do Concello.
A porcentaxe de reserva do total do concello virá determinada anualmente polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, (IGUS), e será publicada no DOG. En consecuencia, no DOG nº 30 do 13 de febreiro de 2023, publicouse a Resolución do 31 de xaneiro de 2023, polo que se publican as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida correspondentes ao ano 2023, tendo en conta ademais, que no artigo 77.2 do RLSG establécese que en ningún caso a porcentaxe de reserva fixada para un concello poderá ser inferior á media para o conxunto da Comunidade Autónoma, resulta que o porcentaxe de reserva aplicable será do **6,8 %.**
Por outra banda, no artigo 42.10 da LSG e no 77.5 do RLSG, establécese que no SUNC deberá acreditarse o cumprimento de dita reserva no distrito. Do mesmo xeito, no SUB deberá acreditarse no sector correspondente.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Tendo en conta que non se delimitan solos urbanizables de uso residencial no PXOM, e que no distrito 2 do solo urbano non hai ámbitos de SUNC, a xustificación se reduce ao cumprimento da reserva no SUNC do distrito 1.
En consecuencia, achégase no capítulo 09 da memoria un cadro dos ámbitos de SUNC aos que se lles asigna a reserva de vivenda protexida e a contía porcentual e superficial da mesma. Como resultado final obtense para o distrito unha superficie de 62.547 $m^2_E$, o que supón un 8% de reserva de vivenda protexida, superior á mínima esixida (6,8 %), co que se está ao previsto apartado 6 do artigo 77 do RLSG.

**5.- CONSIDERACIÓNS DO INFORME EMITIDO POLA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE DATA 18/09/2017.**

Os artigos 60.4 da LSG e 144.4 do RLSG esixen, entre outros, a emisión do informe do órgano competente en materia de urbanismo no trámite de consultas do Borrador do Plan e o Documento Inicial Estratéxico. En consecuencia, foi emitido informe da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo con data de 18/09/2017.
Como parte do exame de legalidade do presente informe, cómpre referir as consideracións de maior calado que se expoñen no informe autonómico.

**5.1.- Respecto da capacidade residencial do Plan:**

Compre remitirse ao argumentado no apartado 4.1 do presente informe.

**5.2.- Respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio e as dotacións urbanísticas:**

O PXOM clasifica a totalidade do solo do termo municipal, incluída a zona practicable do DPMT.
Nos planos da estrutura xeral e orgánica do territorio, PORD_01EX, sinálanse co seu respectivo código todas as dotacións que compoñen os sistemas xerais, así como os núcleos de poboación.
Tal como xa se fixo constar no apartado 4.3.1 do presente informe, acredítase o cumprimento das reservas mínimas no apartado 08.1.3 da memoria xustificativa.
O parque temático do mundo rural de "Aldea Nova", é unha dotación pública titularidade do Concello, aínda que é xestionada por concesión administrativa, polo que se sigue considerando dotación de sistema xeral.

*Observación: Respecto das discrepancias que puidesen detectarse nos distintos documento do Plan, algunha delas xa foron postas de manifesto en apartados anteriores do presente informe, moitas destas discrepancias prodúcense polo propio proceso de formulación do planeamento no que ao longo do seu desenvolvemento, vanse tomando decisións que alteran o contido do conxunto do mesmo. A bo seguro en fases posteriores da tramitación do PXOM, produciranse novas modificacións de todo tipo. Porén, previamente á aprobación provisional, deberán subsanarse tales deficiencias.*

No que respecta ao uso dotacional múltiple, contemplado no apartado 1.g) do artigo 71 do regulamento, é certo que constitúe unha cualificación xenérica para reservas de solo con destino a equipamentos ás cales non se lles asigna un uso específico no momento da redacción do Plan deixando a súa definición para un momento posterior, pero en todo caso é unha reserva existente, dado que son solos ou edificacións de titularidade municipal, e dicir non son solos "a obter", polo que entendemos que non deberían ser considerados como dotacións previstas.
Nos planos de ordenación do solo urbano consolidado, PORD_04UC, identifícanse a totalidade das dotacións de sistema xeral e de sistema local, existentes e previstas, así como o seu carácter público ou privado.

**5.3.- Respecto da programación:**

Tal como se argumenta no apartado 11.3 da memoria xustificativa, entendemos que o Plan establece unha estratexia de desenvolvemento coherente de acordo cos criterios que se expoñen.

**5.4.- Respecto da clasificación e determinacións do solo:**

<u>5.4.1.- Solo urbano</u>

Sobre a súa delimitación compre remitirse ao apartado 3.2.1 do presente informe.

Os terreos incluídos en solo urbano no Borrador, nomeadamente: os vacantes de edificación incluídos no AR-X-19 así como o cemiterio e o centro dotacional múltiple ao leste de Xuvia, foron excluídos do solo urbano no DAI-23.

Respecto doutras consideracións feitas pola DX sobre a inclusión de terreos en solo urbano, o PXOM foi ofrecendo outras alternativas como se pode observar nos planos de ordenación.

No apartado 03.11.2 da memoria informativa, indícase a data de recepción das obras de urbanización correspondentes: o sector R1 o 12/07/2007; o sector III de Río do Pozo o 08/06/2004 e o sector IV de Río do Pozo o 20/09/2007.

Para as zonas de solo urbano nas que son necesarias actuacións de urbanización por carecer de redes de servizos, ou preverse aperturas de novos viarios, o PXOM identifica dous mecanismos: ou opta pola súa inclusión en áreas de repartición en solo urbano non consolidado, o ben por actuacións illadas en solo urbano consolidado. Estas últimas se detallan nos planos de ordenación, nas fichas anexas ao documento de normativa urbanística, no estudo económico do Plan e nun listado no apartado 06.7 da memoria xustificativa.

A vista da modificación do Plan Sectorial da rede viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugardos e Cabanas, o PXOM, inclúe como sistema xeral estruturante proposto o SX-IC-Ob-VIA-AUTO5, que parte do norte do polígono de Río do Pozo e que conecta co núcleo de Sta Margarida.

Respecto aos cambios de ordenación de diversos ámbitos en función da tipoloxía existente e mesmo da tipoloxía establecida no PXOM-02 vixente, o DAI-23 foi ofrecendo outras alternativas que se poden apreciar no planos de ordenación.

Respecto das aliñacións, no artigo 92 da normativa urbanística, establécese a regulación oportuna.

Con respecto ás aliñacións grafadas nos planos de ordenación, cabe remitirse aos apartados correspondentes do presente informe nos que xa se tratou esta cuestión.

O PXOM contén as determinacións establecidas no artigo 53 da LSG e 113 a 118 do RLSG, que xa foron analizadas con anterioridade.

5.4.2.- Ámbitos de solo urbano non consolidado

O PXOM diferencia os ámbitos nos que son necesarios procesos de urbanización (13); e de reforma interior ou renovación urbana (66); non se contemplan ámbitos de desenvolvemento de actuacións de dotación.

En virtude do establecido no artigo 106 do RLSG, respecto da delimitación dos ámbitos, no apartado 3.2.1.2, xa se tratou esta cuestión.

Con respecto aos ámbitos nos que son necesarios procesos de urbanización, cuxas delimitacións se cuestionaban polo súa escasa entidade no informe da DX., precísase o seguinte:

- AC-04: agrupa as AR-AC-28 e 32 do Borrador.
- AC-17: agrupa ás AR-AC-23 e 33 do Borrador.

En canto aos ámbitos de reforma interior:

- AC-06: agrupa as AR-AC-06 e 08 do Borrador.
- AC-10: agrupa as AR-AC-09, 11 e 30 do Borrador.
- AC-12: agrupa as AR-AC-12, 17 e 18 do Borrador.
- AC-11: agrupa as AR-AC-13 e 14 do Borrador.
- F-04: agrupa as AR-F-12 e 13 do Borrador.
- F-14: redelimita a AR-F-15 e 16 do Borrador.
- OC-01: redelimita as AR-OC-02 e 03 do Borrador.
- X-05: agrupa as AR-X-03 e 04 do Borrador.
- S-02: agrupa as AR-S-02a e 04 do Borrador.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Desaparecen os seguintes ámbitos delimitados no Borrador: AR-P-09 e 10; AR-P-12, 13 e 14; AR-X-15 e 18; AR-X-06 e 17; AR-F-06b e AR-P-09.
Salvo erro ou omisión as aperturas de novos viarios inclúense en ámbitos de xestión ou ben se someten a actuacións illadas.
Respecto das consideracións do solo urbano non consolidado referentes a: tipoloxía; ámbitos de SUC dentro de ámbitos de SUNC; afeccións da servidume de costas e de policía de augas e o cumprimento dos límites de intensidade para cada distrito, entendemos que foron convenientemente analizadas no presente informe e solventadas no propio documento.
En canto ás afeccións sectoriais teranse en conta os informes preceptivos que se emitan polos organismos correspondentes.
No relativo aos coeficientes de edificabilidade, o DAI-23 non establece a ordenación detallada dos ámbitos remitíndose ao planeamento de desenvolvemento, (PERIs). Por tanto, serán estes instrumentos de desenvolvemento os que establezan o aproveitamento tipo.
Tamén determinarán a situación das dotacións de carácter local e serán estes os que teñan que avaliar as repercusións económicas no caso de que se dispoñan sobre vivendas existentes.

5.4.3.- Solo Urbanizable
Non se contemplan solos urbanizables de uso residencial no DAI-23, o SUR-R1 do Borrador, é agora o SUB-02 de uso terciario.
Como xa se dixo con anterioridade, o ámbito do solo urbanizable SUB-08 resulta ser a parte do termo municipal de Narón incluída na área 15087011 (polígono industrial da Boeira), do Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia, (PSOAEG). Ademais, o ámbito delimitado no Plan de Áreas abarca non só terreos do Termo municipal de Narón, senón tamén do Concello veciño de Valdoviño, constituíndo un ámbito supramunicipal. Polo tanto, no que respecta á figura de desenvolvemento, deberá establecerse que se trata dun instrumento de ordenación do territorio dos establecidos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, entendemos neste caso, un proxecto de interese autonómico. En todo caso, non se trata dun plan parcial como se detalla na ficha.
Respecto ao SUB-8-IND da Boeira delimitado no PSOAEG, inclúese no DAI-23 pola imposición derivada dun instrumento de ordenación do territorio, que vincula ao planeamento municipal, pero baixo o noso punto de vista vulnera varios dos obxectivos das DOT: trátase dun ámbito totalmente desligado do modelo territorial de Narón, sen acceso directo aos grandes eixos de transporte, nin do transporte colectivo dende Narón, alleo totalmente a estrutura territorial do Concello e sen servicios urbanos adecuados preto do ámbito. Incluso a nivel comarcal, non podemos esquecer que os polígonos industriais de Río do Pozo e o das Lagoas forman parte dun espazo económico supramunicipal xunto coa Plataforma Loxística de Mandiá e o parque empresarial de San Pedro de Leixa, ambos no concello de Ferrol, con conexión directa ao Porto exterior de Ferrol, do que o ámbito da Boeira semella atoparse claramente desvinculado.
As delimitacións dos solos urbanizables non contemplados no PSOAEG: SUB-02-TER, SUB-04-TER, SUB-06-IND e SUB-07-IND, xa están delimitados no vixente PXOM-02, incluso con anterioridade á aprobación definitiva do Plan de Áreas. Ademais, un destes ámbitos, o SUB-07-IND, conta con ordenación detallada nun Plan de Sectorización que foi aprobado definitivamente, tendo ademais desenvolto un dos tres polígonos de xestión que o Plan de Sectorización establece, coa aprobación definitiva do proxecto de equidistribución e do proxecto de urbanización correspondente, pendente de executar a obra urbanizadora.
Os únicos ámbitos de nova delimitación son: o SUB-03-DOT, de carácter dotacional a desenvolver por iniciativa pública; e os SUB-01-TER e SUB-05-IND, cuxos obxectivos principais son os de completar a trama urbana en dúas zonas en contacto co solo rústico e dispoñer novos espazos dotacionais onde hai carencias significativas.
Establécese nas fichas dos ámbitos de SUB, que se deberá acreditar a necesidade do seu desenvolvemento, (estudo da demanda local etc.).
5.4.4.- Solo de Núcleo Rural

O tratamento do SNR no DAI-23 difire en gran medida do establecido no documento de Borrador, en virtude do estudo do medio rural e do análise do modelo de asentamento poboacional realizado en consonancia co Plan Básico Autonómico, (posterior ao Borrador), partindo dos listados de asentamentos recollidos nos seus anexos VII e VIII.

Deste xeito, as delimitacións e o número de núcleos rurais identificados varían substancialmente dos contidos no Borrador.

Igualmente foron revisadas as delimitacións de núcleo rural tradicional, co que a superficie desta categoría incrementouse notablemente.

Para as catro áreas de actuación integral en SNR delimitadas, establécese como uso global o residencial, e fixanse as intensidades de uso.

Nas fichas dos núcleos rurais identificase, para cada un, o tipo de núcleo adaptado ao modelo do sistema de asentamentos das DOT.

5.4.5.- Solo Rústico

Os terreos obxecto de concentracións parcelarias finalizadas, non incluídos en solo urbano ou de núcleo rural, están clasificados e categorizados como solo rústico de protección agropecuaria.

Non se contempla en todo o termo municipal a categoría de solo rústico de protección forestal dado que ningún solo reúne os condicionantes establecidos no artigo 34.2.b) da LSG.

Clasifícase como solo rústico e protección das augas segundo se establece no artigo 34.2.c) da LSG, os terreos non incluídos en SU ou en SNR, de todos os tramos de correntes de auga identificados pola Confederación Hidrográfica Galicia Costa e que figuran no PBA.

Clasifícase como solo rústico de protección de costas, a área de protección costeira da costa norte do POL.

Clasifícase como solo rústico de protección de infraestruturas, segundo se establece no artigo 34.2.e) da LSG, os terreos non incluídos en SU ou en SNR, pertencentes a:

Liñas do ferrocarril e as estradas, os seus elementos funcionais e as súas zonas de afección, que se grafan nos planos de ordenación; os transformadores; as depuradoras os depósitos de captación; o parque eólico de Novo; as liñas eléctricas de media e alta tensión e a zona de servidume do aeroporto da Coruña.

Clasifícase como solo rústico de protección de espazos naturais, segundo se establece no artigo 34.2.f) da LSG, os terreos non incluídos en SU ou en SNR, pertencentes a totalidade dos ámbitos da rede natura, rede galega de espazos protexidos, e o resto dos plans relativos ao patrimonio natural e biodiversidade. A maiores, como xa se dixo con anterioridade inclúense como áreas complementarias de conservación as detalladas nos apartados 2.3.1 e 3.2.4.2 do presente informe.

Clasifícase como solo rústico de protección paisaxística, segundo se establece no artigo 34.2.g) da LSG, os terreos non incluídos en SU ou en SNR, pertencentes ás áreas de especial interese paisaxístico. Como no caso anterior, como resultado do estudio paisaxístico realizado, que se inclúe no anexo á memoria: 03.1bANX_ESX_EST, inclúense polo PXOM nesta categoría de solo rústico os espazos detallados nos apartados 2.3.1 e 3.2.4.2 do presente informe.

Deberán ser solicitados, para validar as dúas categorizacións anteriores, o informes sectoriais correspondentes segundo o establecido no artigo 34.3 da LSG.

Incorpóranse na planimetría do PXOM, os trazados complementarios e os trazados con vestixios do camiño inglés.

**5.5.- Respecto da adecuación do PXOM ao POL**

5.5.1.- En relación coa área de recualificación do POL

O PXOM delimita o ámbito correspondente, ARC-01, incluíndo parte do núcleo rural de Cornido e a súa contorna litoral a desenvolver mediante un plan especial de protección. Represéntase a delimitación tanto nos planos de información, como nos de ordenación e na ficha anexa no



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

documento de normativa urbanística. En tanto non se aprobe o planeamento de desenvolvemento será de aplicación o réxime transitorio establecido o artigo 34 da normativa do PXOM.

*Observación: Conforme ao establecido no artigo 71 do POL, entendemos que se debería precisar a diagnose das operacións de recualificación que se necesiten, e incluír as determinacións oportunas na ficha, así como a necesidade de realizar un estudo de impacto e integración paisaxística que podería precisar a delimitación do ámbito.*

5.5.2.- Desenvolvementos urbanísticos

En solo urbano non consolidado, as áreas de repartición afectadas por áreas de protección costeira e mellora ambiental e paisaxística, son: P01, P04, P10, P-11, X-01; X05 e X06.

*Observacións:*

*Se ben, no apartado 6.9.1 do Estudo Ambiental Estratéxico contémplase que nas fichas de condicións particulares destes ámbitos establécense as determinacións correspondentes, obsérvase que non se inclúen tales determinacións de carácter particular. Aínda que nos artigos 207 e 349.2 da normativa urbanística establécese de forma xenérica que os instrumentos de desenvolvemento previstos no PXOM e en particular os de ordenación do SUNC, incorporarán estudo da paisaxe e da paisaxe urbana nos termos establecidos no RLPP, deberase incorporar nas fichas dos devanditos ámbitos as condicións particulares en relación co réxime establecido polo POL, así como a necesidade de remitir os PERIs. para a verificación da súa adecuación.*

*A AR-P-4 do Borrador, foi suprimida e o seu ámbito se considera no DAI-23 como solo urbano consolidado, detéctase que en parte da zona de protección costeira está previsto un uso residencial de vivenda colectiva, o que non é acorde co POL, polo que deberá reconsiderarse tal ordenación ou xustificarse de xeito adecuado.*

*Na ficha do P11, farase constar que a parte afectada pola área de protección costeira deberá destinarse a sistema local de espazos libres e zonas verdes. (AR-P-15 do Borrador).*

*En todo caso, con posterioridade á aprobación inicial do Plan, de esta producirse, se solicitará o informe preceptivo do IET, que é o órgano con competencia na materia, que valorará tales cuestións.*

As AR-P-06 e AR-P-20 do Borrador, correspóndense no DAI-23 analizado coas P-04 e P-10. A superficie destes ámbitos incluída na área de protección costeira cualificase no DAI-23 como sistema xeral de espazos libres e zonas verdes incluídas: SX-EL-ObP08 e SX-EL-ObPAR06 respectivamente, o que é acorde co establecido no POL.

Respecto das áreas de actuación integral delimitadas polo PXOM, ningunha resulta afectada polas áreas de protección costeira e de mellora ambiental e paisaxística do POL, tan só as AAI-02 e AAI-03 resultan afectadas pola área de ordenación.

*Observación: Nas fichas das áreas de actuación integral en solo de núcleo rural AAI-02 e AAI-03, situadas en parte na área de ordenación do POL, farase constar que o sistema local de espazos libres previstos coincidan co bosque de recolonización recollido na cartografía do POL.*

Respecto dos sectores de solo urbanizable, ningún resulta afectado polas áreas de protección costeira e de mellora ambiental e paisaxística do POL, tan só os *SUB-05-IND; SUB-01-TER; SUB-02-TER e SUB-03-DOT,* resultan afectadas pola área de ordenación.

*Observación: Nas fichas dos solos urbanizables SUB-05-IND; SUB-01-TER e SUB-02-TER, situadas na área de ordenación do POL, farase constar que o sistema local de espazos libres previsto coincida coas masas de bosque de ribeira e de recolonización recollidas na cartografía do POL.*

Respecto dos ámbitos delimitados para o seu desenvolvemento por medio de plans especiais, agás o correspondente á área de recualificación do POL do que xa se falou anteriormente neste informe, ningún dos outros dous previstos resulta afectado polas áreas de protección costeira e de mellora

ambiental e paisaxística, tan só o Plan especial de infraestruturas e dotacións previsto en Xuvia resulta afectado pola área de ordenación.

*Observación: Na ficha correspondente ao PEID-01, existe un erro en canto ao obxectivo de ordenación, que é a de consecución dun aparcadoiro público, semella claro que houbo un troco cos obxectivos do PEID-02. Por outra banda entendemos que dada a situación e as afeccións sectoriais que afectan ao ámbito, deberíanse precisar con maior detalle as determinacións e os criterios de desenvolvemento.*

**5.- CONSIDERACIÓNS SOBRE OS INFORMES SECTORIAIS.**

Considéranse neste apartado os informes emitidos no período de consultas ao que se someteu o Documento Inicial Estratéxico e o Borrador do Plan, así como os informes sectoriais preceptivos emitidos antes da aprobación inicial, que se detallan no apartado 1.2 dos *ANTECEDENTES* do presente informe.

No *Anexo II* á memoria, inclúese o preceptivo *"Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable"*, como xa se adiantaba no apartado 2.2.3.2 do presente informe. O devandito anexo contén a normativa sectorial aplicable, as afeccións sectoriais que categorizan o solo rústico de especial protección así como a xustificación do cumprimento doutras lexislacións como é a Lei de comercio exterior de Galicia, a normativa de habitabilidade e a normativa sobre accesibilidade.

Achéganse ademais uns cadros comparativos nos que se detallan as determinacións de integración que se introducen no DAI-23 para dar cumprimento ás observacións máis salientables que se recollen nos informes sectoriais emitidos con anterioridade á aprobación inicial, (anexo II do RLSG). Porén, non se avalían do mesmo xeito os informes emitidos na fase de consultas, sen menoscabo de que as súas observacións e consideracións fosen integradas no documento que se informa.

En todo caso, unha vez aprobado inicialmente, no trámite de información pública, ben sexa en relación cos informes sectoriais preceptivos que se detallan no anexo II do RLSG, como no ámbito das consultas que se establecen no apartado 6 do documento de alcance formulado por resolución de 10 de novembro de 2017 da directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, o documento será novamente sometido á supervisión de todos os organismos sectoriais e ambientais, tanto estatais como autonómicos, con excepción da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que xa emitiron informe en fases anteriores, polo que no seu caso ditaminarán nos seus informes os condicionantes relacionados coas súas competencias sectoriais que deberán ser tidas en conta para á aprobación provisional do PXOM.

**6.- CONSIDERACIÓNS SOBRE A PERSPECTIVA DE XÉNERO NO DAI-23 (PERXEN):**

O Tratado de Ámsterdam de 1997, (en vigor dende o 1 de maio de 1999), formalizou o obxectivo explícito de que todas as actividades da Unión Europea deben dirixirse a eliminar as desigualdades e a promover a igualdade entre homes e mulleres.

A ONU, dentro dos seus 17 obxectivos de desenvolvemento sostible determina, no número 5, que "*a igualdade de xénero non só é un dereito humano fundamental, senón que é un dos fundamentos esenciais para construír un mundo pacífico, próspero e sostible.*" Pola súa banda, no obxectivo número 11 establece a necesidade de "*aumentar a urbanización inclusiva e sostible e a capacidade para a planificación e a xestión participativas, integradas e sostibles dos asentamentos humanos en todos os países*."

A nivel estatal, o artigo 20.1c) do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana establecía na súa redacción orixinal a necesidade de "atender, na ordenación que se fixera dos usos do solo, aos principios de accesibilidade universal, de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes (...)" entre outras cuestións. Actualmente, na redacción dada pola Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

climático e transición enerxética, alúdese expresamente á necesidade de ter en conta a perspectiva de xénero na ordenación dos usos do solo.
No ámbito autonómico, a recente Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia xa determina na súa exposición de motivos, que un dos seus obxectivos é incorporar a perspectiva de xénero como concepto transversal e transformador para os efectos de acadar un cambio de paradigma dos modelos de cidades. Así, o seu artigo 6.2 establece a necesidade de incluír nas políticas e plans en materia de ordenación do territorio medidas tendentes a facer efecto o principio de igualdade entre as persoas.
A nivel municipal foron contratados dous documentos fundamentais que foron tidos en conta polo equipo redactor para a elaboración do documento obxecto deste informe:

- "Incorporación da perspectiva de xénero no Plan Xeral de Ordenación municipal. Documento de análise" redactado por MCCL arquitectos - COOPP4Equal.
- "Adaptación do documento de aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Narón ás determinacións do informe de perspectiva de xénero do documento de revisión do PXOM" asinado por David Río González – Planificación TEC en data 29.12.2022.

A perspectiva de xénero aplicada á planificación urbana, ao deseño da cidade, é un dos eixos que de maneira transversal incorpora o DAI-2023, xunto coa paisaxe e a mobilidade. Trátase de deseñar espazos máis *amables*, máis seguros, que melloren a vida cotiá de todas e todos os naroneses, favorecendo a equidade, a igualdade, e participación social.
Os aspectos nos que máis se incidiu dende esta perspectiva foron os seguintes:

- SEGURIDADE PERCIBIDA: Conformación dos límites do espazo público, visibilidade, iluminación... (exemplos: artigo 96 do Título V. Normas de edificación. Capítulo 3. Condicións de parcela. Sección 2ª. Peches de parcelas; artigo 188 do Título VI. Normas de Urbanización. Capítulo 1. Disposicións xerais; artigos 197 e 198 do Título VI. Normas de Urbanización. Capítulo 5. Redes de alumeado público.)

- CALIDADE URBANA: Entendida como garante e promoción da accesibilidade universal e a autosuficiencia dos usuarios, mellorando polo tanto a situación de dependencia e reducindo a carga das labores de coidados a través da superación dos estándares da actual Orde TMA e incluíndo pautas sobre anchos libres, dotacións de arborado ou determinación da reservas exclusivas para as/os viandantes (exemplo: artigo 374 do Título X. Normas particulares do solo de núcleo rural.Capítulo 7. Condicións particulares das infraestruturas viarias).

- FOMENTO DA COMPLEXIDADE URBANA: Favorecendo a mixicidade de usos que fomente tramos de cidade máis complexa, reducindo a necesidade de grandes mobilidades e favorecendo polo tanto a conciliación e as tarefas de coidados (exemplo: artigo 75 do Título IV. Normas de uso. Capítulo 3. Uso global terciario).

- INTRODUCCIÓN DE NOVOS USOS: Recoñecemento e ordenación de novas realidades habitacionais, nas que aspectos de colectivización de usos e tarefas de coidados, teñan reflexo urbanístico. Así mesmo a introdución de usos mixtos residenciais-produtivos que recoñezan a variedade de realidades existentes e permitan a conciliación naqueles casos que sexa posible (exemplo: artigo 66 do Título IV. Normas de uso. Capítulo 2. Usos Global Residencial.)

- REFORZO DAS ESIXENCIAS DOTACIONAIS: Aumento das reservas de prazas PMR e de bicicletas, dotacións de aseos e cambiadores de crianzas en espazos libres e dotacións públicas de entidade, creación de espazos de uso colectivo nos centros de traballo e residenciais colectivos para actividades comunitarios e/ou de coidados. (exemplos: artigo 71 do Título IV. Normas de uso, Capítulo 3. Uso global terciario; artigos 87 e 88 do Título IV. Capítulo 5. Uso global dotacional).

- REEQUILIBRIO TERRITORIAL: Dimensionado e caracterización das reservas para sistemas locais e xerais na APR, tentando empregar estas novas achegas ao sistema dotacional como cobertura e reforzo da áreas infradotadas actuais e/ou futuras (Título VIII. Normas particulares das dotacións públicas do DAI-23).

**CONCLUSIÓN**
Por todo canto antecede, os abaixo asinantes consideran que o documento denominado DAI-23 presentado o 29.11.2023 cumpre coa lexislación vixente aos efectos do establecido nos artigos 60.6 da LSG e 144.6 do RLSG, coas observacións sinaladas no presente informe que deberán ser corrixidas para a súa aprobación provisional.
O que se informa aos efectos oportunos, con sometemento de calquera outro informe técnico-xurídico fundamentado en mellor Dereito, e sen prexuízo das consideracións xurídicas realizadas pola Secretaria Xeral así como as propias da competencia da Intervención municipal."

- En data 01.02.2024 o Secretario xeral emite o preceptivo informe aos efectos do establecido no artigo 3.3 c) e d) 7º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, que literalmente di:

"(...) En virtude das previsións contidas no artigo 3.3 c) e d) 7º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítese o seguinte informe en relación co documento denominado "PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN" que se presenta para a súa aprobación inicial, sen prexuízo daqueles outros de obrigada incorporación a este expediente, a evacuar polos servizos técnicos e xurídicos urbanísticos do Concello e pola propia intervención municipal, constando nesta Secretaría do meu cargo o Informe técnico-xurídico previo á aprobación inicial da revisión do PXOM emitido polo arquitecto-xefe dos servizos técnicos municipais e pola técnica de xestión do servizo de Obras e Urbanismo do Concello, de data 30 de xaneiro de 2024 (EDI18I0FF) -en adiante Informe TX/ de 30-1-2024-.

Danse por coñecidos os antecedentes relativos á normativa urbanística vixente neste Concello, así como os relativos ao proceso de contratación do equipo redactor do documento que a continuación se examina.

Sobre a base da normativa recollida na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en adiante LSG) e no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei precitada (RLSG), procédese a emitir o seguinte

**INFORME**

**I.- SOBRE A NORMATIVA REGULADORA DA REVISIÓN DO PXOM E SOBRE A INSTRUCIÓN SEGUIDA PREVIA Á APROBACIÓN INICIAL.**



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

O artigo 51.2 da LSG dispón que o plan xeral de ordenación municipal é un instrumento urbanístico de ordenación integral que abrangue un ou varios termos municipais completos, e haberá de clasificar o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente, definir os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecer as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución. As súas determinacións de carácter xeral e as particulares para cada tipo de solo, aparecen recollidas nos artigos 52 a 57 dese texto normativo (que se teñen por reproducidos).

A concreta documentación que debe conter establécese no artigo 58 da LSG, que di:

*As determinacións do plan xeral de ordenación municipal ás que se fai referencia nesta sección desenvolveranse nos seguintes documentos, co contido que se fixe regulamentariamente:*

*a) Memoria xustificativa dos seus fins e obxectivos, así como das súas determinacións.*

*b) Estudo do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional e da mobilidade.*

*c) Memoria xustificativa da adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.*

*d) Estudo ambiental estratéxico e declaración ambiental estratéxica.*

*e) Planos de información, incluíndo as afeccións sectoriais.*

*f) Planos de ordenación urbanística.*

*g) Normas urbanísticas.*

*h) Estratexia de actuación e estudo económico.*

*i) Catálogo de elementos que se deben protexer.*

*j) Informe ou memoria de sustentabilidade económica.*

*k) Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable*

Polo que atinxe ao procedemento para a súa aprobación, é o artigo 60 desa Lei o que prevé o seguinte:

*Procedemento para a aprobación do plan xeral de ordenación municipal*

*1. O concello promotor do plan poderá solicitar da consellaría competente en materia de urbanismo canta documentación considere necesaria ou de interese para a redacción do plan xeral de ordenación municipal do que se trate.*

*A consellaría, no prazo máximo dun mes, facilitará á Administración municipal a documentación solicitada e coordinará canta información se deba ter en conta para a*

*redacción do instrumento de planeamento e que deba ser achegada polos diferentes departamentos da Administración autonómica.*

*2. Iniciada a fase de formulación do planeamento xeral, redactarase un borrador do plan e un documento inicial estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.*

*3. O concello promotor do plan trasladará a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica, un borrador do plan co contido necesario para a súa análise urbanística e o documento inicial estratéxico ao órgano ambiental, o cal comprobará, no prazo máximo dun mes, que aqueles inclúen os documentos exixibles e solicitará, na súa falta, que se acheguen os documentos preceptivos.*

*4. O órgano ambiental someterá esa documentación ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses. Transcorrido este prazo, o procedemento continuará nos termos establecidos na lexislación vixente.*

*Realizadas as consultas, o órgano ambiental, no prazo de dous meses contados desde o efectivo cumprimento dos trámites anteriores e a recepción da documentación completa, formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, que, como mínimo, incluirá todas aquelas administracións públicas que deban emitir informe sectorial de conformidade coa lexislación aplicable.*

*5. O concello elaborará o estudo ambiental estratéxico atendendo os criterios contidos no documento de alcance e de conformidade co contido exixible pola lexislación vixente, e de resultas deste elaborará a versión inicial do plan.*

*6. O concello, logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial e someterá o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.*

*A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.*

*7. O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable.*

*Cumpridos os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, e poderase continuar o procedemento.*



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

*8. O concello deberá solicitar, no momento en que corresponda, os demais informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa lexislación vixente.*

*9. Tomando en consideración as alegacións formuladas nos trámites de información pública e de consultas, o concello modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratéxico e elaborará a proposta do plan, que remitirá ao órgano ambiental xunto co expediente de avaliación ambiental estratéxica completo.*

*10. O órgano ambiental, no prazo máximo dun mes, realizará unha análise técnica do expediente e unha análise dos efectos significativos da aplicación do plan no ambiente. Se durante a referida análise observa algunha deficiencia, instará o concello á reparación no prazo máximo de tres meses. Neste suposto, suspenderase o cómputo do prazo para a formulación da declaración ambiental estratéxica.*

*Se, transcorridos tres meses desde o requirimento do órgano ambiental, o concello non remitise o expediente reparado, ou se unha vez presentado for insuficiente, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación ambiental estratéxica, e notificará ao concello promotor e á consellaría competente en materia de urbanismo a resolución de terminación.*

*11. O órgano ambiental, tras realizar a análise técnica do expediente, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará a declaración ambiental estratéxica, que deberá ser publicada no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental.*

*12. Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o concello incorporará o contido da declaración ambiental estratéxica ao plan, introducindo as modificacións que sexan necesarias, elaborará un extracto co contido sinalado no artigo 82 e indicará as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan.*

*No caso de que se introducisen modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto da clasificación e cualificación do solo ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrirase un novo trámite de información pública.*

*13. Logo do informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas e da conformidade do plan coa lexislación vixente, o concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que sexan pertinentes. O expediente completo, debidamente dilixenciado, será remitido á consellaría competente en materia de urbanismo.*

*14. A consellaría, no prazo dun mes, examinará a integridade do proxecto de plan. De se apreciar algunha deficiencia, requirirá a súa emenda. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para resolución sobre a aprobación definitiva do documento.*

*15. Respecto dos plans xerais daqueles concellos con poboación superior a 50.000 habitantes, a consellaría competente en materia de urbanismo, no prazo de tres meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría, emitirá informe preceptivo e vinculante sobre as seguintes cuestións:*

*a) A integridade e suficiencia dos documentos que integran o plan.*

*b) A conformidade do plan coa lexislación urbanística vixente e a adecuación das súas determinacións á protección do medio rural.*

*c) A coherencia do plan coas Directrices de ordenación do territorio, co Plan de ordenación do litoral e cos demais instrumentos de ordenación do territorio.*

*d) A incidencia do plan sobre as materias de competencia autonómica e sobre as políticas autonómicas de desenvolvemento sustentable e a articulación das infraestruturas de carácter local cos elementos vertebradores do territorio de alcance supramunicipal.*

*Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do plan.*

*16. Respecto dos plans xerais daqueles concellos con poboación inferior a 50.000 habitantes, a consellaría, no prazo de tres meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría, adoptará motivadamente algunha das seguintes decisións:*

*a) Aprobar definitivamente o plan, nos mesmos termos nos que se formula.*

*b) Aprobar definitivamente o plan coas condicións precisas e determinadas que se xulguen necesarias para reparar as deficiencias que presente o documento, derivadas das cuestións da súa competencia sinaladas no punto 15 anterior. Neses casos, de ser necesario, procederase de acordo co establecido no artigo 62.*

*c) Aprobar parcialmente o documento, cando as deficiencias afecten áreas ou determinacións tan concretas que, prescindindo delas, o planeamento se poida aplicar con coherencia. A parte obxecto de reparos quedará en suspenso ata a súa rectificación, resultando aplicable nesas áreas o réxime contido no artigo 89.*

*d) Non outorgar a aprobación definitiva.*

*O plan xeral entenderase aprobado definitivamente se transcorren tres meses desde a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución, sempre que o plan conteña os documentos e determinacións preceptivos.*

*17. Para resolver sobre a aprobación definitiva, a consellaría competente en materia de urbanismo analizará as cuestións sinaladas no punto 15 anterior.*

Exposta a normativa anterior faise constar que o 26 de marzo de 2009 a Xunta de Goberno do Concello de Narón adxudicou o contrato denominado "Revisión e redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Narón" á mercantil DOLMEN S.L., efectuándose por esta entidade os trámites e aportacións documentais que obran no expediente da súa razón e que se



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

dan por coñecidos. Así mesmo é necesario lembrar que o Pleno municipal deste Concello procedeu, en data 30 de setembro de 2021, á cesión daquel contrato á empresa ARQYUR S.C. Por tal motivo o documento que neste intre se presenta para a súa aprobación inicial ten sido elaborado polo equipo multidisciplinar da derradeira mercantil citada, e xustifica a integración no documento que presenta das determinacións establecidas nos informes sectoriais previos a esta aprobación inicial ata este momento recadados; e igualmente xustifícase a integración do resultado das consultas realizadas no trámite de avaliación ambiental estratéxica.

## II.- CONTIDO DO DOCUMENTO PRESENTADO A APROBACIÓN INICIAL

Polo que atinxe ao exame concreto do documento citado estímase convinte, a efectos dunha mellor comprensión, efectualo de acordo coa orde prevista no artigo 58 da LSG anteriormente transcrito, a cuxo fin

EXPONSE

**a) Memoria xustificativa dos seus fins e obxectivos, así como das súas determinacións.**

As determinacións de carácter xeral dos Plans xerais axustaranse ao establecido no artigo 52 da LSG e artigo 105 do RLSG. Estrutúrase a documentación aportada neste apartado en tres apartados: Información; Xustificación e Anexos en cumprimento da previsión recollida no artigo 132 do RLSG, que reputa como memoria xustificativa o documento en que se establecen as conclusións da información urbanística que condicionan ou poden condicionar a ordenación do territorio, e no cal se xustifican o modelo elixido, os parámetros utilizados para a clasificación do solo e o contido das determinacións, tanto as xerais como as concretas, correspondentes ás distintas clases e categorías de solo.

### a.1: Información

Dispón o artigo 133 do RLSG:

*1. Nesta parte da memoria recolleranse todos os factores que directa ou indirectamente teñen relevancia urbanística por constituíren referencias básicas ou incidiren en calquera aspecto que poida condicionar ou determinar o uso do territorio, á par que conforman a realidade natural, física e socioeconómica do ámbito territorial do plan.*

*2. Referirase, segundo as características propias do concello, aos seguintes aspectos:*

*a) Características naturais do territorio, tales como as xeolóxicas, topográficas, hidrolóxicas, climatolóxicas ou análogas.*

*b) Usos actuais do solo.*

*c) Identificación das zonas do territorio en que existan riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofe, ou que perturben o ambiente, a seguridade ou a saúde.*

*d) Sinalización pormenorizada dos valores paisaxísticos, ecolóxicos, urbanos, culturais, históricos-artísticos ou similares, existentes no ámbito territorial do plan, que poidan ser obxecto de protección.*

*e) Relación dos núcleos de poboación existentes no municipio, agrupados por parroquias.*

*f) Determinacións establecidas polos instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no ámbito do plan.*

*g) Identificación das afeccións derivadas da normativa sectorial que incidan no ámbito do termo municipal.*

*h) Análise do planeamento vixente nos concellos limítrofes para xustificar a necesidade ou non da congruencia da clasificación e cualificación do solo coa dos terreos estremeiros.*

*i) Análise do planeamento vixente na actualidade e do seu grao de cumprimento, manifestando expresamente a parte deste que se asuma na nova ordenación, incorporando as determinacións do planeamento de desenvolvemento (áreas de planeamento incorporado), ou facendo referencia ao documento pero sen incorporalo, de ser o caso.*

*j) Análise do grao de adecuación das dotacións urbanísticas existentes ás necesidades da poboación, en especial no referente ás comunicacións, aos espazos libres e zonas verdes e aos equipamentos.*

*Así mesmo, análise das redes básicas existentes dos servizos de subministración de auga, hidrantes para incendio, gas, electricidade, telecomunicacións, sistemas para a evacuación de augas residuais e pluviais e outros análogos, con referencia á capacidade das instalacións e redes existentes e ás medidas procedentes para atender as necesidades xeradas.*

*k) Características demográficas da poboación asentada sobre o territorio, as súas condicións económicas e sociais e as previsións da súa evolución.*

*Esta análise debe recoller os datos relativos á poboación definidos no artigo 68.*

*l) Análise da necesidade de vivenda, libre e de protección, e de solo para actividades produtivas.*

*m) Outros datos informativos de interese para a redacción do plan xeral.*

*3. Os aspectos anteriores basearanse en datos obxectivos, obtidos por procedementos de observación ou análise de xeral aceptación, cuxas fontes de obtención e referencia de actualidade se farán constar na memoria.*



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

En cumprimento deste artigo se efectúa e aborda o encadre territorial deste municipio, as características naturais do seu territorio, un exame dos usos actuais do solo, as características demográficas, os núcleos de poboación existentes en Narón, a incidencia das determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio no noso termo municipal; os proxectos previstos, a identificación dos elementos de interese cultural e natural, as afeccións derivadas da normativa sectorial, o planeamento dos concellos limítrofes, un análise do planeamento vixente e o seu grao de desenvolvemento, as dotacións urbanísticas, a exposición a riscos naturais e tecnolóxicos e remata cun análise das necesidades de vivenda e solo para actividades produtivas.

Polo que se estiman substancialmente cumpridas as previsións do artigo 133 do RLSG, sen prexuízo da presenza de diversos erros e omisións no índice do documento e nos seus marcadores nos termos recollidos no Informe TX/ de 30-1-2024.

**a.2: Xustificación**

O artigo 134 do RLSG prevé:

*1. Esta parte da memoria conforma a base sobre a cal se sustentan as grandes decisións do planificador e estará integrada polo conxunto de factores que motivan ou xustifican as opcións adoptadas en canto ao modelo, á clasificación, á categorización e á cualificación do solo.*

*Redactarase tendo en conta todos os datos recollidos na parte I da memoria.*

*2. Deberá de referirse, segundo as características do concello, aos seguintes aspectos:*

*a) Xustificación da conveniencia e oportunidade da redacción do plan.*

*b) Exame e análise ponderada das diferentes alternativas previstas.*

*c) Xustificación do modelo de desenvolvemento elixido e descrición da ordenación proposta.*

*Para tal efecto, observarse o disposto nos artigos 67 e 68 no que respecta á xustificación da capacidade máxima residencial do plan e das súas previsións de crecemento para o horizonte temporal que se estableza.*

*d) Obxectivos, directrices e estratexia de desenvolvemento a longo prazo no horizonte temporal fixado, incluíndo as previsións concernentes á realización dos sistemas xerais e os prazos a que se deben axustar as actuacións previstas nos ámbitos sometidos a planeamento de desenvolvemento.*

*e) Establecemento das clases e categorías de solo incidentes no plan, detallando a superficie incluída en cada unha delas. Neste senso, deberán motivarse os criterios adoptados para:*

*1º. A delimitación dos ámbitos de solo urbano consolidado e non consolidado, segundo o disposto nos artigos 25 e 26.*

*2º. A delimitación dos solos de núcleo rural e a súa categorización como comúns ou tradicionais. Para tal efecto, xustificación do nivel de consolidación pola edificación de polo menos o 50 %, no caso dos tradicionais, e dun terzo da súa superficie, no caso dos comúns, segundo o disposto nos artigos 33, 34 e 35.*

*3º. A inclusión de terreos na clase de solo urbanizable, de acordo co disposto no artigo 41.*

*Para tal efecto, xustificación dos desenvolvementos residenciais propostos polo plan en solo urbanizable, segundo o disposto no artigo 68.*

*4º. A inclusión de terreos na clase de solo rústico, nas categorías de solo rústico de protección ordinaria ou de especial protección, e nas súas correspondentes subcategorías, de acordo co disposto nos artigos 45, 48 e 49.*

*f) Identificación dos distritos delimitados no solo urbano, dos ámbitos delimitados no solo urbano non consolidado, dos sectores delimitados en solo urbanizable, e das áreas de actuación integral nos solos de núcleo rural, de ser o caso, con expresión das súas superficies, e asignación dos usos globais e intensidades cando corresponda.*

*g) Xustificación das reservas de solo para sistemas xerais, segundo o disposto no artigo 66, e xustificación das reservas para atender as necesidades que deriven do plan en relación cos sistemas de infraestruturas de servizos e comunicacións.*

*h) Xustificación das reservas mínimas para sistemas locais nos ámbitos de solo urbano non consolidado, de acordo co establecido no artigo 69.*

*i) Xustificación das reservas de solo para vivenda protexida, de acordo co artigo 77.*

*j) Xustificación da coherencia do plan cos instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no seu ámbito; en particular, xustificación da coherencia e conformidade do plan coas determinacións e criterios establecidos polas directrices de ordenación do territorio, incorporando unha valoración da correspondencia dos seus contidos con respecto ao disposto nelas.*

*k) Xustificación das áreas de repartición delimitadas polo plan, de acordo co establecido nos artigos 234 e 235, e do equilibrio exixido entre elas; especificacións dos sistemas xerais incluídos ou adscritos ás ditas áreas de repartición e/ou aos sectores e ámbitos de solo urbano non consolidado correspondentes, de ser o caso.*

*l) Xustificación razoada do sistema de ponderación empregado para a elección dos parámetros aplicables na obtención do aproveitamento tipo, de ser o caso.*

*m) Calquera outra circunstancia respecto da cal se impoña unha motivación ou xustificación na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, ou neste regulamento.*

*3. Achegarase unha listaxe das dotacións do termo municipal, identificando o código, a súa superficie, a diferenciación da dotación de acordo cos artigos 70 e 71, a cualificación como sistema local ou xeral ou de ámbito funcional superior ao do plan xeral, o carácter público ou privado, e se a dotación é existente ou prevista. Neste último caso, indicarase o sistema de obtención do solo segundo o disposto no artigo 129 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 315 deste regulamento, ou se está obtido, e no caso de cesión gratuíta, identificación do ámbito a que se vincula e a situación de inclusión ou adscrición a este.*

Do anteriormente sinalado estímase que a necesidade de revisar o plan xeral actual xustifícase debidamente no documento que se comenta en base a:



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- A adopción dos criterios das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), do Plan de Ordenación do Litoral (POL) e das Directrices de Paisaxe de Galicia, como principais instrumentos de ordenación do territorio que inciden no municipio naronés.

- A nova sensibilidade social en relación co proceso de urbanización e de crecemento.

- A aparición dun marco legal practicamente renovado na súa totalidade (normas estatais, autonómicas e plans supramunicipais) que, pola súa incidencia, pon de manifesto a inadaptación do documento actualmente en vigor e a súa inseguridade xurídica.

- A aparición da lexislación de avaliación ambiental.

- O xurdimento de diversos instrumentos de ordenación do territorio con particular incidencia en Narón.

- A necesidade de establecer un novo modelo para os núcleos rurais adaptado ao modelo de asentamento poboacional do Plan Básico Autonómico.

- A procura da compactación do núcleo urbano existente con grandes bolsas de solo sen edificar, e

- A conveniencia de corrixir certas determinación normativas do PXOM anterior, verificados diversos problemas xerados e a propia experiencia acumulada na súa diaria aplicación.

Efectuase entón o exame e análise ponderado das diferentes alternativas contempladas, optando pola denominada Alternativa 1 contida neste documento, a cuxo fin procédese á definición dos obxectivo do PXOM; determínanse solución xerais de ordenación e efectúase a clasificación do solo nalgunha das catro categorías establecidas na lexislación urbanística en vigor; realízase a división en distritos do dolo urbano e fíxase a súa ordenación e desenvolvemento urbanístico; puntualízanse os límites de sostenibilidade en consonancia coa regulación prevista no artigo 41 da LSG e 64 do RLSG; determínase o sistema dotacional e o cumprimento dos estándares legais (zonas verdes e espazos libres, equipamentos, Servizos, comunicacións…); establece as determinacións de ordenación e normativa para dar cumprimento á demanda de vivenda sometida a algún réxime de protección pública – reserva de solo para vivenda protexida-; xustifica a coherencia do plan cos instrumentos de ordenación do territorio e a lexislación sectorial; fíxanse os criterios de xestión urbanística, a execución do plan, o sistema de ponderación e as áreas de repartición, así como o aproveitamento xeral; e remata co dimensionado do plan.

Polo que entenden substancialmente atendidas as previsións do artigo 134 do RLSG, sen prexuízo das observacións (comprensivas de erros numéricos e de transcrición, así como diversas mencións e omisións) efectuadas na páxina 10 do Informe TX/ de 30-1-2024.

**a.3: Anexos**

En cumprimento do artigo 135 do RLSG:

*A memoria xustificativa incorporará os seguintes documentos anexos:*

*a) Memoria xustificativa da adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.*

*Este documento deberá recoller a xustificación do título III, e para tal efecto determinaranse as medidas adoptadas polo plan para acadar os obxectivos establecidos no citado título.*

*Así mesmo, incorporará as medidas que se establezan para garantir a protección da paisaxe, de acordo coa normativa sectorial de aplicación.*

*b) Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable.*

*A memoria xustificativa do plan incluirá nun anexo un informe en que se xustifique o cumprimento de toda a normativa sectorial con incidencia no planeamento urbanístico do termo municipal.*

*c) (...)*[1]

*d) Anexo síntese.*

*A memoria conterá un documento de síntese que expresará, en termos precisos e cunha extensión proporcionada, a finalidade e os contidos fundamentais do plan.*

*Este documento incorporará unha ficha resumo segundo o modelo recollido no anexo III.*

e significase que o documento examinado incorpora como Anexos os seguintes:

Anexo I. Memoria xustificativa de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe (na ordenación do núcleo urbano de Narón, dos núcleos rurais e nos novos desenvolvementos urbanísticos industriais e terciarios).

Anexo I. Estudo da paisaxe (marco normativo, caracterización da paisaxe, a paisaxe urbana, obxectivos de calidade paisaxística e xustificación das directrices da paisaxe de Galicia).

Anexo II. Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable. (normativa de aplicación, afeccións sectoriais, exame dos informes previos á aprobación inicial e clasificación e categorización como solo rústico de especial protección de aqueles ámbitos que non contan con afección sectorial).

Anexo III ou de síntese. (finalidade, natureza, obxecto e ámbito de aplicación, contidos fundamentais e documentos do PXOM, relacións cos instrumentos de ordenación do territorio, clasificación do solo, resume das clases e categorías de solo coas súas superficies e proporción

1 Decreto 92/2019, do 11 de xullo, polo que se modifica o RLSG.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

do Concello, ordenanzas de edificación e uso do solo, sistema dotacional e unha ficha de resume do Plan.

Anexo. Ficha da vixencia do planeamento do Concello de Narón, tras a aprobación inicial do documento en tramitación.

Respecto aos citados Anexos haberán de rectificarse os estremos sinalados no Informe TX/ de 30-1-2024, a fin de reputar debidamente cumpridas as determinacións do artigo 135 do RLSG.

**b) Estudo do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional e da mobilidade.**

**Estudo do medio rural**

De acordo co sinalado no artigo 137 do RLSG o estudo do medio rural servirá de base para establecer as medidas tendentes á conservación e mellora das súas potencialidades intrínsecas e, en particular, para a protección dos seus valores ecolóxicos, ambientais, paisaxísticos, históricos, etnográficos, culturais ou con potencialidade produtiva, a cuxo fin o plan analizará detalladamente os usos do solo, a paisaxe e o parcelario rural, a súa estrutura e evolución, a tipoloxía das edificacións e construcións tradicionais da zona, as infraestruturas existentes, os camiños e as vías rurais, o planeamento urbanístico dos municipios limítrofes e calquera outra circunstancia relevante para a xustificación das medidas de protección e mellora que estableza, podendo propoñer a clasificación e categorización como solo rústico de especial protección de ámbitos que conteñan valores merecedores da tal protección e que non conten con afección sectorial, que deberá contar sempre coa conformidade expresa da Administración que exerza a competencia sectorial, de acordo co disposto no artigo 49.3 dese regulamento.

Neste estudo o documento analizado indica que o programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 de Galicia clasifica ao Concello de Narón como “intermedio”; o cal cohonéstase cun espazo urbano relevante sendo a cuarto municipio con maior poboación na provincia, pero cunha superficie rural que, limitándose a parcelas rústicas (exclusión do espazo urbano, núcleos rurais e viario) supón o 65% do termo municipal -ao que cabe engadir outro 15% de superficie de núcleos rurais); o cal non determina a coexistencia separada de dous Naróns, senón unha importante proliferación de espazos que responden a termos como “periurbano”, “rururbano” ou “cidade difusa”.

Efectúase en fin un detallado análise (I) do medio físico (clima, relevo, xeoloxía, hidroloxía, edafoloxía, formación vexetais, espazos naturais e paisaxes protexidos); (II) dos usos e coberturas do solo (capacidade agrolóxica, ocupación do solo e actividades); (III) do paisaxe; (IV) do parcelario rural (análise do parcelario, concentración parcelarias e parcelario actual); (V) dos asentamentos e construcións (núcleos rurais e a súa morfoloxía); (VI) das infraestruturas (comunicación, redes de Servizos básicos e outras infraestruturas); (VII) do planeamento urbanístico dos concellos limítrofes e (VIII) do solo rústico (Solo Rústico de Protección Ordinaria, SRP Agropecuaria, SRP de Augas, SRP de Costas, SRP de Infraestruturas, SRP de Espazos Naturais, SRP Paisaxística, e SRP do Patrimonio).

Polo que reputan parcialmente cumpridas as previsións do artigo 137 do RLSG, resultando preciso subsanar as observacións recollidas no Informe TX/ de 30-1-2024.

**Análise do modelo de asentamento poboacional e da mobilidade.**

- **Análise do modelo de asentamento poboacional**

O artigo 138 do RLSG establece como obxecto do análise do modelo de asentamento poboacional a determinación das medidas que se vaian adoptar para a súa ordenación e mellora e a preservación dos asentamentos tradicionais, definindo os elementos que o constitúan e destacando a división parroquial, o sistema de núcleos de poboación urbanos e rurais, a súa capacidade de acollida da demanda previsible de uso residencial no medio rural, e a súa relación co medio natural e produtivo; debendo, coa finalidade de fundamentar a delimitación dos núcleos rurais existentes, analizar individualmente cada núcleo de acordo co establecido no teor literal dese precepto (Memoria -comprensiva do marco territorial, desenvolvemento do planeamento vixente, identificación dos núcleos de poboación do municipio, e identificación das áreas de recualificación existentes en Narón-; Ficha individualizada para cada un dos núcleos rurais delimitados polo plan co contido regulamentariamente establecido; e planimetría a escala mínima 1:2.000, nos que se reflectiran as determinacións establecidas na norma comentada e dúas fotografías aéreas a escala similar á dos planos anteriores: unha correspondente ao «voo americano» do ano 1956, e outra o máis recente posible respecto do momento da tramitación do plan.

- **Análise da Mobilidade**

Por outra banda o artigo 139 do RLSG, prevé:

*Análise da mobilidade*

*1. O plan deberá conter un estudo que avalíe a idoneidade da ordenación prevista en relación co tráfico e coa mobilidade, estudando os fluxos existentes e previstos.*

*2. No caso de municipios con poboación igual ou superior a 50.000 habitantes, este estudo poderá asimilarse aos plans de mobilidade sustentable regulados na Lei 2/2011, de economía sostible.*

*3. No caso de municipios con poboación inferior a 50.000 habitantes, o contido do estudo será proporcional á súa complexidade.*

*4. En ambos os casos, a análise da mobilidade desenvolverá, cando menos, as seguintes determinacións:*

*a) Diagnose da situación:*

*1º. Análise das necesidades de tráfico xeradas polos usos, existentes e previstos, e xustificación da suficiencia das solucións adoptadas.*

*Para tal efecto, analizaranse os elementos do sistemas xeral de infraestruturas de comunicacións existentes e a súa posible ampliación ou reforzo a causa das novas necesidades xeradas polos desenvolvementos propostos.*



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

*2º. Análise do fomento de medidas de mobilidade sustentable, como a implantación do carril-bici, a mellora das conexións peonís, a previsión de aparcadoiros disuasorios na periferia dos núcleos urbanos, a accesibilidade dos cidadáns ao transporte público e outras medidas de características análogas.*

*3º. Análise da dotación de prazas de aparcadoiro públicas existentes, e da necesidade de novas prazas, tanto en superficie coma no subsolo, e carácter das necesidades de estacionamento distinguindo entre as propias de residentes e os fluxos de non residentes.*

*4º. Así mesmo, analizarase a posible dotación de aparcadoiros para vehículos pesados.*

*b) Obxectivos que se deben lograr.*

*c) Medidas a adoptar:*

*1º. Medidas propostas en relación co transporte colectivo: implantación ou reforzo, de ser o caso.*

*2º. Medidas propostas para facilitar a mobilidade entre os núcleos urbanos e os rurais.*

*3º. Medidas propostas para facilitar a mobilidade das persoas con discapacidade, tanto nos novos desenvolvementos previstos como nas áreas urbanas consolidadas, de acordo coa normativa sectorial en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e urbanísticas.*

*4º. Medidas propostas en relación co transporte de mercadorías.*

*d) Mecanismos de financiamento oportunos e procedementos para o seu seguimento, avaliación e revisión.*

*e) Análise de custos e beneficios económicos, sociais e ambientais.*

*Análise económica das actuacións programadas en relación coa mobilidade urbana e coa implantación ou modificación de servizos de transporte colectivo.*

Faise constar neste intre - en relación coas consideracións dos apartados 1, 2 e 3 do artigo 139 transcrito – que o Concello de Narón conta con un Plan de Mobilidade Urbana Sostible, (PMUS), aprobado definitivamente polo Pleno municipal na sesión celebrada o vinte e nove de setembro de dous mil vinte e dous.

Na documentación remitida polo equipo redactor inclúese un único documento denominado "Análise da mobilidade", que se distribúe en catro capítulos; a saber:

- A. DIAGNOSE DA SITUACIÓN
- B. OBXECTIVOS: CARA UN MODELO URBANO MAIS SOSTIBLE E HABITABLE
- C. MEDIDAS A ADOPTAR
- D. FINANCIAMENTO, SEGUIMENTO E IMPACTO

Polo que estiman parcialmente cumpridas as previsións dos artigos 138 e 139 do RLSG sen prexuízo da necesidade de subsanar as profusas observacións introducidas no Informe TX/de 30-1-

2024 respecto ao modelo de asentamento poboacional, así como de incluír no índice do análise da mobilidade, o apartado C.5 “Outras medidas destacadas a implementar”.

**c) Memoria xustificativa da adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.**

Tal e como se indicou anteriormente e en observancia da previsión recollida no artigo 135.a) do RLSG (que impele a: (I) recoller nesa memoria debida xustificación das previsións do Título III dese regulamento (artigo 216) e (II) determinar a tal efecto as medidas adoptadas polo plan para acadar os obxectivos nel sinalado; así como a incorporar as medidas que se establezan para garantir a protección da paisaxe, de acordo coa normativa sectorial de aplicación); o documento agora examinado incorpora sendos Anexo I denominados “Memoria xustificativa de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” e un completo “Estudo da paisaxe”. De acordo coa introdución deste Anexo elaborouse un estudo paisaxístico no que se analizaron tanto os condicionantes territoriais de partida do Concello de Narón, coma as principais características das diferentes unidades de paisaxe que se poden atopar no noso termo municipal, levándose así mesmo a cabo o procedemento de avaliación ambiental estratéxica para garantir a protección do medio ambiente. Respecto a tal adaptación redactouse o documento do PXOM atendendo, entre outros criterios, a poder garantir a preservación dos principais valores ambientais municipais (espazos naturais protexidos, humidais, leitos fluviais, fachada costeira, manchas forestais autóctonas, paisaxe, conservación do chan, etc.). Por outra banda manifestase que o desenvolvemento urbanístico do mesmo, así como os usos e actividades reguladas pola normativa do Plan, integrouse adecuadamente no marco territorial no que se desenvolve, no cal, os valores ambientais máis destacados eríxense en elementos clave que explican a súa actual configuración e vocación futura.

Polo que atinxe á adaptación ao paisaxe efectúase un particular exame da ordenación do núcleo urbano de Narón, dos núcleos rurais e dos novos desenvolvementos urbanísticos industriais e terciarios.

En relación co Estudo da paisaxe e sobre a base do marco normativa especificado neste documento, efectúase unha caracterización da paisaxe do Concello; a determinación e delimitación das unidades paisaxísticas (POL e Catálogo de paisaxes de Galicia); calidade; fraxilidade; áreas de interese; áreas de atención; a paisaxe urbana; os obxectivos da calidade paisaxística; e a xustificación das directrices da paisaxe de Galicia.

Repútanse pois substancialmente cumpridas as previsións do artigo 135.a) RLSG.

**d) Estudo ambiental estratéxico e declaración ambiental estratéxica.**

En cumprimento da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental e do disposto no - antes transcrito - artigo 60.5 da LSG, e 144 do RLSG, incorpórase este Estudo Ambiental estratéxico (EAE) sobre a base e determinacións recollidas na Resolución de 10 de novembro de 2017, pola que se formula o documento de alcance para a avaliación ambiental estratéxica ordinaria do PXOM do Concello de Narón.

De acordo co sinalado no Anexo IV da Lei 21/13, o EAE regulado no artigo 20 desa norma, haberá de conter como información mínima:



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

1. Un esbozo do contido, obxectivos principais do plan e relacións con outros plans e programas pertinentes;

2. Os aspectos relevantes da situación actual do medio ambiente e a súa probable evolución no caso de non aplicación do plan;

3. As características medioambientais das zonas que podan verse afectadas de maneira significativa e a súa evolución tendo en conta o cambio climático esperado no prazo de vixencia do plan;

4. Calquer problema medioambiental existente que sexa relevante para o plan, incluíndo en particular os problemas relacionados con calquera zona de especial importancia medioambiental, como as zonas designadas de conformidade coa lexislación aplicable sobre espazos naturais e especies protexidas e os espazos protexidos da Rede Natura 2000;

5. Os obxectivos de protección medioambiental fixados nos ámbitos internacional, comunitario ou nacional que garden relación co plan e a maneira en que tales obxectivos e calquera aspecto medioambiental foi tido en conta durante a súa elaboración;

6. Os probables efectos significativos no medio ambiente, incluídos aspectos como a biodiversidade, a poboación, a saúde humana, a fauna, a flora, a terra, o auga, o aire, os factores climáticos, a súa incidencia no cambio climático, en particular unha avaliación axeitada da huella de carbono asociada ao plan, os bens materiais, o patrimonio cultural, a paisaxe e a interrelación entre estes factores. Estes efectos deben comprender os efectos secundarios, acumulativos, sinérxicos, a corto, medio e largo prazo, permanentes e temporais, positivos e negativos;

7. As medidas previstas para previr, reducir e, na medida do posible, compensar calquera efecto negativo importante no medio ambiente da aplicación do plan, incluíndo aquelas para mitigar a súa incidencia sobre o cambio climático e permitir a súa adaptación ao mesmo;

8. Un resumen dos motivos da selección das alternativas contempladas e unha descrición da maneira na que se realizou a avaliación, incluídas as dificultades, como deficiencias técnicas ou falta de coñecementos e experiencia que puideran terse atopado á hora de recabar a información requirida;

9. Un programa de vixilancia ambiental no que se describan as medidas previstas para o seguimento; e

10. Un resume de carácter non técnico da información facilitada en virtude dos epígrafes precedentes.

Cumpre en todo caso excluír deste apartado os documentos citados no Informe TX/ de 30-1-2024, por resultar de incorporación posterior á aprobación inicial que se pretende, ao amparo das previsións recollidas nos artigos 21 e seguintes, da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, reputándose polo demais debidamente observadas no documento examinado os contidos anteriormente citados.

**e) Planos de información, incluíndo as afeccións sectoriais.**

Prevé o artigo 140 do RLSG:

*Dentro da documentación gráfica do plan xeral incorporarase un conxunto de planos de información, en que se reflectirá a situación do territorio do termo municipal, organizados nos seguintes bloques:*

*1. Planos de información xeral que definen, cando menos, os seguintes aspectos:*

*a) Usos do solo existentes: agrícolas, forestais, gandeiros, cinexéticos, extractivos e outros.*

*b) Mapas de riscos, sinalando as áreas vulnerables pola existencia de riscos naturais, xeolóxicos ou tecnolóxicos, áreas afectadas por impactos ambientais relevantes e as zonas de fluxo preferente.*

*Neste sentido, incorporaranse mapas de capacidade do territorio en canto á contaminación atmosférica, de protección da contaminación luminosa e de contaminación acústica, no suposto de que se elaborasen, de acordo co disposto na normativa sectorial.*

*c) Características topográficas do territorio, con expresión dos límites de pendentes superiores ao 50 % nas áreas susceptibles de desenvolveren solos urbanizables, e rede hídrica.*

*d) Determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio e afeccións da normativa sectorial que deban ser tidas en conta para a ordenación urbanística.*

*e) Identificación dos elementos incluídos no catálogo cos seus contornos de protección e zonas de amortecemento, de ser o caso.*

*f) Determinacións da ordenación estrutural e clasificación do solo, referidas ás áreas contiguas dos municipios estremeiros, que acrediten a compatibilidade entre estas e as propostas polo plan xeral.*

*g) Evolución urbanística do concello, que comprenda a clasificación urbanística do planeamento precedente, de ser o caso, e a expresión do solo ocupado pola edificación, sinalando os solos urbanos e os núcleos rurais, así como os terreos ocupados por edificación dispersa. Neste plano sinalaranse os instrumentos de planeamento de desenvolvemento en execución, coas datas de aprobación e o grao de execución acadado.*

*h) Redes xerais de servizos existentes, identificando as redes principais de distribución de enerxía eléctrica, de telecomunicacións, de abastecemento e distribución de auga, de saneamento, de abastecemento e, de ser o caso, de distribución de gas, con indicación do seu estado, capacidade e grao de utilización, no ámbito municipal e, especialmente, nas áreas ocupadas pola edificación.*



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

*i) Rede xeral de comunicacións; viaria e de ferrocarrís, existentes ou contidas en estudos informativos aprobados, así como outras infraestruturas de interese xeral como portos e aeroportos e de transporte fluvial, coas servidumes e restricións impostas pola normativa sectorial respectiva.*

*Cando sexa establecida pola correspondente normativa sectorial, representarase a liña límite de edificación e do dominio público, de acordo con aquela.*

*j) Identificación e localización dos espazos libres, zonas verdes e equipamentos existentes, diferenciando o seu carácter público ou privado, de conformidade coa codificación que figure na memoria.*

*A escala mínima dos planos de información xeral será 1/10.000. Utilizaranse escalas de maior aproximación e/ou dividirase a información en varios planos temáticos cando así o requira a lexibilidade ou a súa densidade.*

*2. Planos de información do solo urbano: deberán formularse os planos que sexan precisos para expresar pormenorizadamente o estado actual do solo urbano en canto:*

*a) Ao seu perímetro.*

*b) Ás características das obras de urbanización, do viario e das redes de servizos existentes.*

*c) Ás características das edificacións existentes.*

*d) De ser o caso, á delimitación das áreas que non conten con todos os servizos pero que estean ocupadas pola edificación en, polo menos, dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela segundo a ordenación que o plan estableza, e poidan clasificarse como solo urbano de acordo co artigo 25.*

*Os planos de información do solo urbano elabororaranse a escala mínima 1:5.000. Utilizaranse escalas de maior aproximación e/ou dividirase a información en varios planos temáticos cando así o requira a lexibilidade ou a súa densidade.*

*3. Planos de información do solo de núcleo rural: o contido informativo relativo aos núcleos rurais existentes incorporarase aos planos adxuntos ás fichas da análise do modelo de asentamento poboacional, co contido definido no artigo 138.2 c.1).*

Dado o seu carácter eminentemente técnico non cabe senón remitirse ao informes desa natureza obrantes neste expediente a efectos da súa verificación e avaliación, dando estrito cumprimento ás observacións sinaladas no Informe TX/de 30-1-2024.

**f) Planos de ordenación urbanística.**

E, neste caso, o artigo 141 do regulamento tantas veces citado neste informe o que taxativamente establece:

*Dentro da documentación gráfica do plan xeral incorporarase un conxunto de planos, en que se reflectirá a ordenación urbanística do territorio do termo municipal, organizados nos seguintes bloques:*

*1. Planos a escala mínima 1:5.000 de estrutura xeral e orgánica do territorio, nos cales se sinalen, conxunta ou separadamente, o sistema xeral de infraestruturas de comunicacións, o sistema xeral de espazos libres e zonas verdes, o sistema xeral de equipamentos e o sistema xeral de infraestruturas de redes de servizos, así como os núcleos de poboación existentes no municipio e crecementos previstos.*

*2. Planos a escala mínima 1:5.000 de clasificación e categorización do solo, cos límites parroquiais.*

*3. Planos a escala mínima 1:5.000 de ordenación e xestión do solo nos cales se sinale conxunta ou separadamente, os seguintes aspectos:*

*a) Determinación da delimitación do solo urbano, así como a identificación e delimitación dos seus distritos.*

*b) Diferenciación, dentro do solo urbano non consolidado, dos terreos en que sexan necesarios procesos de urbanización, de reforma interior ou renovación urbana ou de actuacións de dotación.*

*c) Delimitación dos sectores de solo urbanizable, con asignación dos usos globais, das áreas de actuación integral en núcleo rural, das áreas de planeamento incorporado, das áreas de planeamento declarado subsistente e das áreas de recualificación.*

*d) Identificación das actuacións illadas en solo urbano ou de núcleo rural.*

*e) Delimitación das áreas de repartición, sinalando e grafando, de ser o caso, os sistemas xerais incluídos ou adscritos a elas.*

*f) Delimitación, de ser o caso, das actuacións sobre o medio urbano de conformidade co sinalado na lexislación estatal.*

*4. Planos de ordenación do solo urbano consolidado, a escala mínima 1:2.000, nos cales se reflictan conxunta ou separadamente os seguintes aspectos:*

*a) A cualificación urbanística de todo o ámbito, reflectindo as ordenanzas de aplicación correspondentes a cada zona.*

*b) A delimitación dos espazos libres e zonas verdes públicas existentes e previstas.*

*c) A localización dos equipamentos existentes e previstos, sinalando o seu carácter público ou privado.*

*d) O trazado e características da rede viaria, clasificada segundo o tráfico, sinalando as aliñacións e o largo de todas as vías e o trazado do viario de conexión co sistema xeral de infraestruturas de comunicación, de ser o caso.*

*e) A situación e as características da previsión de aparcadoiros públicos.*

*f) O trazado e as características das instalacións, galerías e redes de abastecemento e evacuación de augas, subministración de enerxía eléctrica, de gas e telecomunicacións, e outros servizos que o plan prevexa, así como das conexións previstas co sistema xeral de infraestruturas de redes de servizos.*

*5. Planos de ordenación do solo de núcleo rural: o contido relativo á ordenación dos núcleos rurais incorporarase aos planos adxuntos ás fichas da análise do modelo de asentamento poboacional, co contido definido no artigo 138.2.c.2).*

*6. Cando opte pola súa ordenación detallada para os sectores, áreas e ámbitos correspondentes, o plan xeral deberá incluír a mesma documentación que se establece para os plans parciais e os plans especiais de reforma interior, respectivamente.*

*7. Os planos de ordenación deberán ser realizados, como mínimo, á escala indicada nos puntos anteriores. Utilizaranse escalas de maior aproximación e/ou dividirase a información en varios planos temáticos cando así o requira a lexibilidade ou a súa densidade.*

Como se sinalou ut supra, dado o seu carácter eminentemente técnico deste contido, procede remitirse ao informes desa natureza obrantes neste expediente a efectos da súa verificación e avaliación, ofrecendo cabal cumprimento das observacións sinaladas no Informe TX/de 30-1-2024.

**g) Normas urbanísticas.**

O artigo 142 do RLSG di:

> *1. As normas urbanísticas do plan xeral establecerán, mediante un texto articulado, as determinacións que correspondan, para cada clase e categoría de solo.*
>
> *2. Na redacción das normas urbanísticas procurarase evitar a reprodución de toda normativa legal ou regulamentaria de carácter sectorial, co obxecto de limitar o seu contido ás regulacións urbanísticas e evitar a produción de documentos voluminosos. Serán suficientes as referencias precisas á dita normativa, sen prexuízo de posteriores modificacións.*
>
> *3. O plan conterá unhas normas urbanísticas xerais que establecerán, como mínimo, as seguintes cuestións:*

*a) As instrucións aclaratorias e facilitadoras da comprensión, da interpretación e da aplicación dos documentos que integren o plan.*

*b) A regulación común aos distintos usos posibles en cada clase de solo.*

*c) A regulación xeral de tipoloxías e sistemas de medición dos parámetros edificatorios, así como o establecemento das condicións de habitabilidade e as dimensións dos diferentes elementos construtivos, que non estean regulados na normativa sectorial correspondente.*

*d) A regulación concreta das dotacións, sen prexuízo do establecido na normativa sectorial de aplicación.*

*e) O réxime de protección e as servidumes e demais limitacións derivadas dos bens de dominio público situados no termo municipal, segundo as previsións da normativa sectorial aplicable.*

*f) As determinacións do réxime das construcións e edificacións preexistentes que queden en situación de incompatibilidade co novo plan.*

*g) As determinacións do réxime de usos e obras provisionais recollidos no artigo 204, para o solo urbano non consolidado, solo urbanizable e terreos afectados a sistemas xerais, mentres non se inicie o procedemento de xestión correspondente.*

*h) As determinacións do réxime transitorio, que serán de aplicación mentres non se aproben os correspondentes plans especiais, relativas:*

*h.1) Aos ámbitos de solo urbano consolidado ou de solo de núcleo rural cuxa ordenación detallada sexa remitida polo plan xeral a un plan especial de protección.*

*h.2) Aos ámbitos de solo urbano non consolidado en que sexan necesarios procesos de reforma interior ou renovación urbana, ou en que se vaian desenvolver actuacións de dotación, segundo o establecido no artigo 26.1 b.2) e b.3), cuxa ordenación detallada sexa remitida polo plan xeral a un plan especial de reforma interior.*

*h.3) Ás áreas de solo de núcleo rural nas cales se prevexan actuacións de carácter integral polo plan.*

*4. Para o solo urbano consolidado, para o solo de núcleo rural e para os ámbitos de solo urbano non consolidado e os sectores de solo urbanizable en que o plan xeral estableza a ordenación detallada, a normativa debe organizarse en ordenanzas de edificación e usos do solo.*

*As ditas ordenanzas conterán, como mínimo, a regulamentación detallada dos usos pormenorizados, volume e condicións hixiénico-sanitarias dos terreos e construcións, así como as súas características tipolóxicas, estéticas e construtivas.*



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

*5. Para os demais ámbitos de solo urbano non consolidado e sectores de solo urbanizable, cuxa ordenación detallada sexa remitida polo plan xeral ao planeamento de desenvolvemento, a normativa debe organizarse en fichas que sinteticen as determinacións da ordenación xeral aplicables a eles, incluíndo a súa superficie, os usos globais e as edificabilidades asignadas a cada ámbito ou sector.*

*Así mesmo, nas fichas estableceranse as características dos sistemas xerais incluídos nestas categorías de solo e as exixencias mínimas, no referente ás infraestruturas e servizos, a que se deba axustar o desenvolvemento dos plans parciais ou, de ser o caso, dos plans especiais.*

*6. Para o solo rústico, a normativa debe organizarse en normas de protección para cada unha das súas categorías, respectando o disposto no artigo 130.*

En cabal observancia deste precepto o documento do PXOM examinado incorpora unha profusa normativa urbanística ao longo de 258 páxinas, cun total de XV Títulos e 453 artigos.

Iníciase coa determinación das disposicións xerais – Título I - (cun primeiro capítulo relativo ao marco normativo e referencias; natureza, obxecto e ámbito de aplicación e vixencia, efectos e procedementos de revisión e modificación do PXOM; un segundo capítulo relativo a súa documentación, contido e interpretación; un terceiro comprensivo do réxime do planeamento anterior e da edificación, instalación e usos existentes; e un capítulo cuarto relativo ao réxime xeral do solo.

Prosigue o Título II co desenvolvemento, xestión e execución do Plan, regulando no seu capítulo 2º os distintos instrumentos para o desenvolvemento do mesmo (Plans parciais, plans especiais, estudos de detalle e catálogo), en tanto o 3º e 4º abordan os instrumentos de execución (Proxectos de urbanización ) e os instrumentos de xestión (sistemas de actuación, actuacións illadas, etc.), respectivamente.

Os Títulos III e IV regulamentan a intervención municipal na edificación e as normas de uso do solo (residencial, terciario, industrial, dotacional e agropecuario).

As normas de edificación (protección, condicións de parcela, posición, ocupación e edificabilidade, volume e forma dos edificios, condicións de estética e integración ambiental das edificacións, normas hixiénicas e de calidade, normas de dotacións e servizos dos edificios e as súas condicións de seguridade.

O Título VI regula as normas de urbanización das redes viarias e espazos libres, saneamento e auga potable, alumeado público e subministro de enerxía eléctrica, telecomunicacións e redes de gas; o VII as afeccións derivadas da normativa sectorial en materia de paisaxe, costas, servidumes aeronáuticas, portos, ferrocarrís, estradas (estatais, autonómicas e provinciais), augas e contaminación acústica e vibratoria; e o VIII as normas particulares das dotacións públicas – estrutura xeral e orgánica do territorio, sistemas locais, de infraestrutura de comunicacións, espazos verdes e zonas verdes públicas, equipamentos e redes de servizos.

Pola súa banda a regulamentación dos distintos tipos de solo recóllense nos Títulos IX (Solo urbano, con 11 ordenanzas, 1ª Residencial Intensivo/ 2ª Residencial en bloque aberto/ 3ª Residencial Unifamiliar/ 4ª Fincas singulares neste tipo de solo/ 5ª Mantemento das condicións de ordenación/ 6ª Terciario/ 7ª Industrial/ 8ª Equipamentos/ 9ª Espazos libres e zonas verdes / 10ª Infraestruturas e redes de servizos/ e 11ª Infraestruturas de comunicacións); Título X (Solo do

núcleo rural, dúas ordenanzas para os núcleos tradicionais e o rural común, unha ordenanza de equipamentos e unha ordenanza de zonas verdes e espazos libres, así como a regulación das áreas de carácter integral en núcleo rural); Título XI (Solo Urbanizable, coas correspondentes fichas e determinacións por sectores) e Título XII (Solo rústico).

O Título XIII recolle as áreas de planeamento incorporado.

O Título XIV as normas de protección do medio ambiente; o finalmente o Título XV as de protección do Patrimonio Cultural.

Como anteriormente indiquei ao abordar os planos de información, no punto e), dado o carácter eminentemente técnico deste documento, non cabe senón remitirse ao informes desa natureza obrantes neste expediente a efectos da súa verificación e avaliación, ofrecendo cabal cumprimento das observacións sinaladas no Informe TX/ de 30-1-2024.

**h) Estratexia de actuación e estudo económico.**

É o artigo 59.1 da LSG o que imperativamente dispón, como contido dos Plan xerais de ordenación municipal, a incorporación da estratexia para o desenvolvemento coherente do plan e, en particular, a determinación da execución dos sistemas xerais que deban crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable; en tanto o apartado 2 dese precepto impón unha avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, coa indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que cumpra realizar con recursos propios do concello. Procédese pois a examinar separadamente a meritada documentación.

- **Estratexia de actuación**

As referencias que a LSG efectúa (ademais da mención que establece o artigo 58.h) anteriormente transcrito e do disposto no artigo 59 citado ut supra) en relación ao contido da estratexia de actuación dos plans son, basicamente, as seguintes:

**Artigo 51.3 e 4**

*3. O contido dos plans xerais de ordenación municipal haberá de ser congruente cos fins que neles se determinen e adaptarse ás características e complexidade urbanística do territorio que sexa obxecto da ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais.*

*4. Así mesmo, o plan xeral deberá garantir a coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de repartición.*

**Artigo 52, letras f) e k)**



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

f) *Estrutura xeral e orgánica do territorio integrada polos sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano e, en particular, polos sistemas xerais de comunicacións, de espazos libres e zonas verdes públicas, de equipamento comunitario público e de servizos urbanos.*

*En calquera caso, indicaranse para cada un dos seus elementos non existentes os seus criterios de deseño e execución e o sistema de obtención dos terreos.*

*k) Determinación dos prazos para a aprobación do planeamento de desenvolvemento. Noutro caso, este prazo será de tres anos.*

e **Artigo 129**

*1. Os terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais que deban implantarse sobre solo urbano consolidado, de núcleo rural ou rústico, e a sistemas locais en solo urbano consolidado e en solo de núcleo rural obteranse mediante expropiación forzosa, por convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio público municipal do solo.*

*2. Tanto no suposto do convenio como no caso da permuta forzosa os técnicos municipais taxarán previamente o valor dos terreos que se van obter e o dos aproveitamentos ou solos municipais conforme os criterios de valoración establecidos na lexislación estatal aplicable.*

*3. Os terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais en solo urbano non consolidado, en solo urbanizable ou, se é o caso, en solo rústico incluído nunha área de repartición e os destinados a sistemas locais en solo urbano non consolidado, actuacións integrais en solo de núcleo rural e en solo urbanizable obteranse:*

*a) Por cesión obrigatoria derivada da súa inclusión ou adscrición nunha área de repartición e no correspondente polígono.*

*b) Por ocupación directa.*

*c) Por permuta forzosa.*

*d) Mediante expropiación forzosa.*

*e) Por convenio urbanístico entre a Administración e o propietario.*

*4. A obriga de cesión gratuíta dos terreos destinados a sistemas xerais incluídos nun polígono ou sector e dos terreos dos sistemas locais comprende tamén a realización das obras de urbanización, á custa dos propietarios, nas condicións que estableza o plan xeral.*

Mentres que o desenvolvemento regulamentario é realizado polos artigos 68, 105 e 143.1 do RLSG.

Isto é, o PXOM debe xustificar: as previsións de desenvolvemento de carácter residencial en función da necesidade de novas vivendas; unha estratexia e modelo de ordenación do territorio baseados nos principios de desenvolvemento territorial e urbano sustentable e da mellora da

calidade de vida dos cidadáns; e unha estratexia para o seu desenvolvemento coherente, en particular respecto á execución dos sistemas xerais que deban crearse.

O documento examinado establece a priorización das actuacións urbanísticas máis esenciais, e por outra a programación e coordinación das mesmas dentro do período de vixencia do Plan da maneira máis eficiente e funcional para o seu propio desenvolvemento. As accións previstas neste plan realízanse nun prazo de 16 anos, dividido en 4 cuadrienios. Nel recóllense igualmente os criterios de programación e estratexia (necesidade da actuación por interese xeral; viabilidade económica; coherencia co desenvolvemento ordenado do PXOM; predisposición ou demanda da actuación e outros condicionantes particulares, previndo catro niveis ou clases de prioridades que se relacionan directamente cos catro cuadrienios definidos.

- **Estudo económico**

O artigo 59.2 da LSG prevé que o PXOM conterá unha avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, coa indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que cumpra realizar con recursos propios do concello; en tanto o artigo 143.3 e 4 do RLSG esixen a incorporación nese estudo dunha memoria de viabilidade económica, en termos de rendibilidade, de adecuación aos límites do deber legal de conservación e dun adecuado equilibrio entre os beneficios e as cargas derivados da ordenación proposta, co contido mínimo sinalado na lexislación estatal, cun contido proporcionado á complexidade da ordenación e características do propio Concello.

Sobre a base das determinacións recollidas nos artigos 68 e 143 da RLSG valóranse o impacto na Facenda Pública do Concello e a suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos, en tanto non se considera necesario presupostar – por non supor incrementos orzamentarios – as medidas e o plan de seguimento establecido no Estudo Ambiental Estratéxico (ordenación dos sectores de novo desenvolvemento). Se fixan seguidamente os criterios de valoración e os módulos unitarios de custo e se procede á efectiva cuantificación dos custos económicos previstos para cada unha das actuacións do PXOM de Narón (Sistema xeral viario, sistema local viario, sistema xeral de dotacións, sistema local de dotacións, actuacións de servizos e novos desenvolvementos)

O documento examinado cumpre formalmente coa previsión do artigo 59.2 antes citado, sen prexuízo do que a intervención municipal sinale no informe que emita ao efecto.

**<u>i) Catálogo de elementos a protexer.</u>**

A Sección terceira do Capítulo VII do Título II da Lei do Solo de Galicia define os catálogos como aqueles instrumentos complementarios dos planes que teñen por obxecto identificar os elementos que, polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos, arqueolóxicos, etnográficos ou paisaxísticos, se estime convinte conservar, mellorar ou recuperar; debendo conter obrigatoriamente os instrumentos de planeamento un catálogo no que se prevexan as medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural dos referidos elementos; así como unha ficha individualizada de cada elemento catalogado na que se recollerán, como mínimo, os seus datos identificativos, ubicación e delimitación do seu ámbito de protección, descrición gráfica das súas características construtivas, estado de



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

conservación e determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación. Artigo 81 LSG. [2]

O RLSG regula nos artigos 196 e 197 as determinacións e documentación dos Catálogos co seguinte teor literal:

- *Artigo 196. Determinacións dos catálogos*

*1. O tratamento que se dispense aos bens e espazos incluídos nos catálogos urbanísticos será acorde coa normativa sectorial específica cando estes estean suxeitos a medidas ditadas ao abeiro daquela.*

*2. O catálogo incorporará directamente os bens inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, así como a delimitación dos seus contornos de protección e das súas zonas de amortecemento, de ser o caso.*

*Así mesmo, identificará e sinalará o contorno de protección dos demais bens catalogados, tendo en conta os criterios que estableza a normativa sectorial de aplicación.*

*3. No catálogo sinalaranse as condicións para o tratamento dos elementos de fachada dos bens inmobles nel recollidos; en particular, regularanse os parámetros para a instalación de rótulos de carácter comercial ou similar, cando resulten admisibles, e para a realización das obras de reforma parcial de plantas baixas a fin de preservar a imaxe do ben e manter a coherencia, tendo en conta as posibles melloras para a eliminación de barreiras arquitectónicas.*

*4. O catálogo determinará, para cada elemento catalogado, o nivel de protección e as actuacións autorizables segundo este, de acordo co establecido na correspondente normativa sectorial.*

- *Artigo 197. Documentación dos catálogos*

*1. Os catálogos urbanísticos constarán dos seguintes documentos:*

*1.1. Memoria e demais estudos complementarios que se xulguen necesarios.*

*a) A memoria dividirase en:*

*a.1) Parte descritiva que incluirá unha listaxe de todos os elementos catalogados, organizados por núcleos e parroquias. Así mesmo, asignarase un código identificativo a cada elemento.*

---

[2] Pola súa banda o artigo 52 da LSG, dentro das determinacións xerais que deben conter os Plans xerais de ordenación municipal, contempla a inclusión dun catálogo dos elementos que polos seus valores naturais ou culturais teñan que ser conservados ou recuperados, coas medidas de protección que procedan.

*a.2) Parte xustificativa dos criterios de catalogación seguidos e do proceso de obtención da información para elaborar o catálogo, así como da adecuación ás prescricións contidas na normativa urbanística e sectorial aplicable.*

*b) Planos de información e situación.*

*Os planos de situación do elemento catalogado incluirán a identificación da parcela na cal se sitúa con representación do elemento e do seu contorno de protección e zona de amortecemento, de ser o caso.*

*c) Ficha de cada elemento catalogado.*

*O catálogo conterá unha ficha individualizada de cada elemento catalogado na cal se recollerán, como mínimo, os seus datos identificativos, localización e delimitación do seu ámbito de protección, descrición gráfica das súas características construtivas, estado de conservación, determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación (artigo 81.3 da LSG), nivel de protección o que está sometido o elemento e actuacións autorizables.*

*Asemade, incluirá as fotografías necesarias para documentar o elemento obxecto de protección e a descrición do uso actual, de ser o caso.*

*d) Normas de protección diferenciadas para cada nivel de protección.*

Exposta a normativa anterior e cohonestándoa coa documentación examinada cabe sinalar que o PXOM cuxa aprobación inicial se pretende, efectúa unha axeitada xustificación dos criterios de catalogación e do proceso de obtención da información, clasificando os elementos do Catálogo nas seguintes tipoloxías (se ben detéctanse diversas discrepancias entre o número de elementos catalogados reflectidos no apartado de clasificación de tipoloxías e o das listaxes e fichas):

- ⊗ Arqueolóxica (59 elementos identificados.
- ⊗ Arquitectura (174 elementos na Memoria / 175 nas listaxes e fichas)
- ⊗ Etnografía (62 elementos na Memoria / 61 elementos nas listaxes e fichas)
- ⊗ Patrimonio Natural (5)
- ⊗ Camiños históricos (un camiño catalogado, recolléndose unha ficha individualizada por cada tramo singular do mesmo); e
- ⊗ Infraestruturas (4 elementos)



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

E delimitando especificamente os seus contornos de protección, e incorporando unha ficha individualizada por cada elemento.

Estímanse pois fundamentalmente cumpridos os meritados artigos, sen prexuízo da necesaria atención ás observacións planteadas no Informe TX/de 30-1-2024.

**j) Informe ou memoria de sostibilidade económica.**

O artigo 143.5 do RLSG esixe –ademais do estudo económico examinado no apartado h) deste informe- a incorporación dun informe de sustentabilidade económica, cuxo contido ven establecido na lexislación estatal. O devandito informe dividirase en dúas partes. Por unha banda é precisa a avaliación do impacto da actuación urbanizadora nas facendas públicas afectadas polo custo das novas infraestruturas ou da prestación de servizos resultantes, na que se estimará o importe total do investimento e os gastos correntes públicos necesarios para a execución e o mantemento de todas as infraestruturas e equipamentos previstos polo planeamento (tanto os correspondentes aos sistemas xerais definidos no plan como aos sistemas locais dimensionados, mediante os estándares que o plan estableza), así como os ingresos públicos que puidesen derivar da completa execución das previsións do plan xeral.

Por outra, incluirase unha segunda parte comprensiva dun análise da suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos, ao deber incorporar o PXOM a asignación dos usos globais e as intensidades edificatorias das actuacións previstas destinadas tanto ao uso residencial coma ao produtivo xerador de emprego.

Seguindo pois a meritada sistemática, o informe examinado principia cunha avaliación do impacto da actuación urbanizadora na facenda pública do noso concello, efectuando un previo análise da súa situación financeira e da súa capacidade inversora en función do seu orzamento, concluíndo o seu saneamento e suficiente capacidade para responder a posibles requirimentos de atención dos investimentos previstos neste Plan.

Concretamente se reputa suficientemente xustificado estimar que o Concello de Narón ten capacidade suficiente para atender, cos recursos correntes propios xerados na actualidade e dos que xa dispón, as esixencias de investimento anual para o desenvolvemento das actuacións do PXOM de acordo co seguinte horizonte en cada un dos catro cuadrienios que se citan a continuación:

Primeiro cuadrienio: 1.330.813,44 Euros (estimando unha aplicación media anual de 332.703 €/ano).

Segundo cuadrienio: 7.214.435,60 Euros (estimando unha aplicación media anual de 1.803.609 €/ano).

Terceiro cuadrienio: 11.736.548,90 Euros (estimando unha aplicación media anual de 2.934,137 €/ano).

Cuarto cuadrienio: 17.140.837,66 Euros (estimando unha aplicación media anual de 4.285.209 €/ano).

Media Anual: 2.338.915 € (61% do superávit corrente ou do 76% do Aforro neto obtido os anos avaliados.

Destas cifras colixe que son por si suficientes para atender á viabilidade do PXOM ainda que non teñen en conta o saldo de ingresos e custos asociados ao desenvolvemento das actividades propias do Plan.

Efectúase a posteriori unha estimación da capacidade orzamentaria e investidora municipal derivada da execución do Plan, a rendibilidade pública na súa execución e un análise da suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos, concluíndo a viabilidade do impacto que sobre a Facenda local de Narón terá a posta en marcha do conxunto das actuacións e infraestruturas promovidas a través deste instrumento urbanístico.

Formalmente dáse cumprimento en fin ao sinalado no artigo 143.5 do RLSG. A intervención municipal observará o que proceda.

**k) Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial de aplicación.**

O artigo 135.b) do RLSG (en desenvolvemento do artigo 58.k) da LSG) esixe a inclusión como Anexo á Memoria xustificativa un informe no que se xustifique o cumprimento da totalidade da normativa sectorial con incidencia no planeamento urbanístico do termo municipal.
Incorpórase, en fin, ese informe nesa memoria xa comentada no apartado II. a/a.2 anterior, que principia cunha recompilación – non excluínte - da normativa comunitaria, estatal e autonómica, e un recordatorio da inclusión no Título VII da normativa do PXOM das afeccións da normativa sectorial que inciden directamente no municipio naronés.
Seguidamente se sistematizan as distintas afeccións e a súa concreta ubicación no texto do PXOM presentado, e se xustifica o cumprimento doutra lexislación de aplicación (así, lexislación de comercio interior de Galicia, normativa de habitabilidade e normativa de accesibilidade), para proseguir coa inclusión sistematizada dos informes sectoriais requiridos, as súas datas e os seus resultados e conclusións:
Así constan:
INFORMES DA ADMINISTRACIÓN ESTATAL

- Ministerio de Fomento – Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia/ Dirección General de Aviación Civil/ SDG. de Planificación Ferroviaria.
- Ministerio Transición ecolóxica e reto demográfico. (DG de la Costa y el Mar)
- Ministerio de Cultura y Deporte (SDG de protección del Patrimonio Histórico)
- Ministerio de Defensa (SDG. De Patrimonio)

INFORMES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- CMATV / DXOTU (en materia de costas)
- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Augas de Galicia/ AXI-ruídos)

E finalmente (tal e como se recolle no estudo do medio rural-solo rústico; e nas memorias informativa e xustificativa) especifícanse diversos paraxes con afectación sectorial incluídos nas categorías de Solo rústico de especial protección de espazos naturais e de Solo rústico de especial protección paisaxística.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Estímase pois observada a inclusión deste informe anexado á  Memoria xustificativa, sen prexuízo da ineludible obriga e necesidade de atender ás consideracións do Informe TX/de 30-1-2024, lembrando que, unha vez aprobado inicialmente, no trámite de información pública, ben sexa en relación cos informes sectoriais preceptivos que se detallan no anexo II do RLSG, como no ámbito das consultas que se establecen no apartado 6 do documento de alcance formulado por resolución de 10 de novembro de 2017 da directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, o documento será novamente sometido á supervisión de todos os organismos sectoriais e ambientais, tanto estatais como autonómicos, con excepción da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que xa emitiron informe en fases anteriores, polo que no seu caso ditaminarán nos seus informes os condicionantes relacionados coas súas competencias sectoriais que deberán ser tidas en conta para á aprobación provisional do PXOM.

## III.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Faise contar neste punto que obran neste Concello (I) o informe relativo á “Incorporación da Perspectiva de Xénero no Plan Xeral de Ordenación Municipal. Documento de Análise”, redactado pola entidade MCCL en 2021; así como (II) o denominado “Adaptación do documento de aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación urbana de Narón ás determinacións do Informe de perspectiva de xénero do documento de revisión do PXOM”, asinado por David Río González-Planificación TEC, de data 29 de decembro de 2022, no que se recollen as modificacións e incorporacións concretas a introducir no documento final presentado.

De acordo co seu teor literal, nese último documento de integración, ademais das prescricións específicas, recóllese unha extensión da análise sociodemográfica, con segmentación territorial, por idade e por xénero, así como o análise de coberturas e nivel de saturación dos actuais servizos e dotacións existentes, identificando áreas infradotadas, total ou parcialmente, a partires dunha lectura particular (é dicir, de portal en portal) e outra comunitaria (isto é, analizada dende a rede de espazo público).

Hai que sinalar que, en todo caso, a perspectiva de xénero é un ítem transversal que debe impregnar o conxunto dos postulados do plan debendo quedar así reflexado nos propios obxectivos do plan, e cunha especial incidencia nos seguintes aspectos:

- SEGURIDADE PERCIBIDA: Conformación dos límites do espazo público, visibilidade, iluminación...
- CALIDADE URBANA: Entendida como garante e promoción da accesibilidade universal e a autosuficiencia dos usuarios, mellorando polo tanto situación de dependencia e reducindo a carga das labores de coidados a través da superacións dos estándares da actual Orde TMA e incluíndo pautas sobre anchos libres, dotacións de arborado ou determinación da reservas exclusivas para as/os viandantes.
- FOMENTO DA COMPLEXIDADE URBANA: Favorecendo a mixicidade de usos que fomente tramos de cidade máis complexa, reducindo as necidades de grande mobilidades e favorecendo polo tanto a conciliación e as tarefas de coidados.
- INTRODUCCIÓN DE NOVOS USOS: Recoñecemento e ordenación de novas realidade habitacionais, nas que aspectos de colectivización de usos e tarefas de coidados, teñan reflexo urbanístico. Así mesmo a introdución de usos mixtos residenciais-produtivos que recoñezan a variedade de realidades existentes e permitan a conciliación naqueles casos que sexa posible.
- REFORZO DAS ESIXENCIAS DOTACIONAIS: Aumento das reservas de prazas PMR e de bicicletas, dotacións de aseos e cambiadores de crianzas en espazos libres e dotacións públicas de entidade, creación de espazos de uso colectivo nos centros de traballo e residenciais colectivos para actividades comunitarios e/ou de coidados.

- REEQUILIBRIO TERRITORIAL: Dimensionado e caracterización das reservas para sistemas locais e xerais na APR, tentando empregar estas novas achegas ao sistema dotacional como cobertura e reforzo da áreas infradotadas actuais e/ou futuras.

Porén, en todo caso, resulta preceptiva a inclusión dese informe de impacto de xénero no documento para a aprobación provisional, no que se xustifique que a revisión do PXOM do Concello de Narón foi deseñado con perspectiva de xénero, atendendo ao principio de transversalidade deste, e que constitúe un principio dirixido a integrar a devandita perspectiva en todas as políticas e programas xerais das Administracións públicas

## IV.- SOBRE O ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL.

De acordo co disposto nos artigos 22.2.c) (corresponde ao Pleno municipal a aprobación inicial do planeamento xeral) e 47.2.ll) (quórum para a adopción deste acordo) da Lei 7/1985, de 2 de abril , reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL); artigo 60.6 da LSG e artigo 64.2.c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA) resulta competente para a aprobación inicial do PXOM o Pleno municipal do Concello de Narón, debendo ser o acordo adoptado co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.
Este é o meu informe que, salvo erro ou omisión involuntaria, emítese aos efectos oportunos. (...)”

- Con data 17.04.2024 a Intervención municipal emite o preceptivo informe aos efectos do establecido no artigo 4.1.b)5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, co seguinte tenor literal:

“(...) Dona María del Pilar Canzobre Méndez, Interventora xeral do Concello de Narón (A Coruña), segundo as facultades que me confire o artigo 4.1.b).5º do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, en relación coa aprobación inicial da revisión do PXOM do Concello de Narón, emite o seguinte informe:

**I. NORMATIVA APLICABLE**

- Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana (TRLSRU).
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF).
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais do sector público local.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

**II. ANTECEDENTES**

En cumprimento do que se establece no artigo 4.1.b).5º do Real decreto 128/2018 procédese á emisión por parte da Intervención municipal do informe relativo á aprobación inicial da revisión do PXOM do Concello de Narón.

**III. INFORME**

**PRIMEIRO.** O artigo 22.4 do Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana (TRLSRU) establece que *"La documentación de los instrumentos de ordenación de las actuaciones de transformación urbanística deberá incluir un informe o memoria de sostenibilidad económica, en el que se ponderará, en particular, el impacto de la actuación en las Haciendas Públicas afectadas por la implantación y el mantenimiento de las infraestructuras necesarias o la puesta en marcha y la prestación de los servicios resultantes, así como la suficiencia y adecuación del suelo destinado a usos productivos."*

Por outra parte, o artigo 58 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, dispón que *"Las determinaciones del plan general de ordenación municipal a que se hace referencia en la presente sección se desarrollarán en los siguientes documentos, con el contenido que se fije reglamentariamente:*

*a) Memoria justificativa de sus fines y objetivos, así como de sus determinaciones.*

*b) Estudio del medio rural y análisis del modelo de asentamiento poblacional y de la movilidad.*

*c) Memoria justificativa de la adaptación al ambiente y protección del paisaje.*

*d) Estudio ambiental estratégico y declaración ambiental estratégica.*

*e) Planos de información, incluyendo las afecciones sectoriales.*

*f) Planos de ordenación urbanística.*

*g) Normas urbanísticas.*

*h) Estrategia de actuación y estudio económico.*

*i) Catálogo de elementos a proteger.*

*j) Informe o memoria de sostenibilidad económica.*

*k) Informe justificativo del cumplimiento de la normativa sectorial de aplicación."*

E o artigo 59.2 da dita norma prevé que *"El plan general de ordenación municipal contendrá una evaluación del coste de ejecución de los sistemas generales y de las actuaciones previstas, con indicación del carácter público o privado de la iniciativa de financiación, justificando las previsiones que haya que realizar con recursos propios del ayuntamiento."*

O artigo 143 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece o seguinte:

*"Artículo 143. Estrategia de actuación, estudio económico y memoria de sostenibilidad económica.*

*1. Los planes generales de ordenación municipal contendrán la estrategia para el desarrollo coherente del plan, determinando, en particular, la ejecución de los sistemas generales que hayan de crearse necesariamente para el desarrollo de las áreas de suelo urbano no consolidado y de los sectores de suelo urbanizable (artículo 59.1 de la LSG). 2. El plan general de ordenación municipal contendrá una evaluación del coste de ejecución de los sistemas generales y de las*

*actuaciones previstas, con indicación del carácter público o privado de la iniciativa de financiación, justificando las previsiones que haya que realizar con recursos propios del ayuntamiento (artículo 59.2 de la LSG). Asimismo, el plan realizará una evaluación económica de la implantación de los servicios y de la ejecución de las obras de urbanización que resulten necesarias para la remodelación de urbanizaciones y espacios públicos existentes y para las intervenciones aisladas que prevea en el suelo urbano consolidado y en el suelo de núcleo rural.*

*3. El estudio económico del plan general incorporará una memoria de viabilidad económica, en términos de rentabilidad, de adecuación a los límites del deber legal de conservación y de un adecuado equilibrio entre los beneficios y las cargas derivados de la ordenación propuesta, con el contenido mínimo señalado en la legislación estatal.*

*4. El contenido del estudio económico será proporcional a la complejidad de la ordenación y características del ayuntamiento.*

*5. Además del estudio económico se incorporará el informe de sostenibilidad económica, con el contenido establecido en la legislación estatal. El informe se dividirá en dos partes:*

*a) Parte I: evaluación del impacto de la actuación urbanizadora en las haciendas públicas afectadas por el coste de las nuevas infraestructuras o de la prestación de servicios resultantes. Esta evaluación estimará el importe total de la inversión y gastos corrientes públicos necesarios para la ejecución y mantenimiento de todas las infraestructuras y equipamientos previstos por el planeamiento, tanto los correspondientes a los sistemas generales definidos en el plan como a los sistemas locales dimensionados, mediante los estándares que el plan establezca. Asimismo, se estimarán los ingresos públicos que se pudieran derivar de la completa ejecución de las previsiones del plan general.*

*b) Parte II: análisis de la suficiencia y adecuación del suelo destinado a usos productivos. Este análisis se incorporará en tanto que el plan general debe asignar los usos globales, así como las intensidades edificatorias de las actuaciones previstas destinadas tanto al uso residencial como al productivo generador de empleo."*

**SEGUNDO. ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN**

No expediente consta a documentación da revisión do PXOM, concretamente no tomo ou arquivo denominado "09.EE. ESTUDO ECONÓMICO" incorpora o estudo económico, o informe de sustentabilidade económica e a memoria de viabilidade económica, dando cumprimento ao que se establece na normativa que resulta de aplicación.

Resultan de gran importancia os ditos documentos, dos cales deriva a necesidade de que arroxen unha suficiencia dos recursos para financiar os custos que deriven da execución do planeamento.

**En consecuencia, este informe fará referencia a unha análise formal do contido dos citados documentos incluídos na documentación do PXOM,** aos efectos da incidencia económica e orzamentaria da execución das actuacións que segundo os ditos documentos deba costear o concello, cando menos daquelas ás que segundo a lexislación urbanística debe facer fronte polos seus medios sen poder repercutir aos propietarios dos terreos, así como algunhas reflexións ou consideracións sobre os datos económicos e financeiros do concello que teñan relación co anterior.

**Non se entra, pola que subscribe, a valorar os importes consignados polos redactores do plan**



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

**no tocante a valores de repercusión e cálculo de aproveitamentos a percibir polo concello, nin o custo de execución das dotacións e infraestruturas, nin os custes dos gastos de mantemento de viais e zonas verdes, así como os ingresos previstos polo ICIO, entre outros, valoracións que en todo caso lle correspondería aos correspondentes servizos técnicos do concello.**

A) No **estudo económico (documento 02.EE)** detállase o custo económico previsto para cada unha das actuacións do PXOM, que se resume na seguinte táboa:

| | CUSTO SOLO | CUSTO URB. | OUTROS CUSTES | |
|---|---|---|---|---|
| **1. CUSTO ACTUACIÓNS SISTEMA XERAL VIARIO** | **0,00** | **496.672,67** | **0,00** | |
| ACTUACIÓNS EN SISTEMAS XERAIS DE VIARIO VINCULADAS AOS DESENVOLVEMENTOS | 0,00 | 496.672,67 | 0,00 | |
| **2. CUSTO ACTUACIÓNS SISTEMA LOCAL VIARIO** | **203.400,00** | **6.346.824,00** | **0,00** | |
| ACTUACIÓNS EN SISTEMAS LOCAIS DE INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓN EXTERIORES AOS DESENVOLVEMENTOS | 203.400,00 | 6.346.824,00 | 0,00 | |
| **3. CUSTO DAS ACTUACIÓNS EN SISTEMA XERAL DE DOTACIÓNS** | **3.799.193,49** | **22.331.781,54** | **0,00** | |
| ACTUACIÓNS EN SISTEMAS XERAIS DE ESPAZOS LIBRES EXTERIRORES AOS DESENVOLVEMENTOS | 2.998.800,00 | 10.463.386,00 | 0,00 | |
| ACTUACIÓNS EN SISTEMAS XERAIS DE ESPAZOS LIBRES VINCULADOS AOS DESENVOLVEMENTOS | 0,00 | 6.097.977,71 | 0,00 | |
| ACTUACIÓNS EN SISTEMAS XERAIS DE EQUIPAMENTOS EXTERIORES AOS DESENVOLVEMENTOS | 800.393,49 | 4.895.755,07 | 0,00 | |
| ACTUACIÓNS EN SISTEMAS XERAIS DE EQUIPAMENTOS VINCULADOS AOS DESENVOLVEMENTOS | 0,00 | 874.662,76 | 0,00 | |
| **4. CUSTO DAS ACTUACIÓNS EN SISTEMA LOCAL DE DOTACIÓNS** | **0,00** | **311.212,00** | **0,00** | |
| ACTUACIÓNS EN SISTEMAS LOCAIS DE ESPAZOS LIBRES EXTERIORES AOS DESENVOLVEMENTOS | 0,00 | 311.212,00 | 0,00 | |
| **5. RELACIÓN DE ACTUACIÓNS DE SERVIZOS** | **0,00** | **0,00** | **1.315.899,24 (*)** | |
| PLAN DE INVERSIÓNS 2018-2023: ABASTECEMENTO E SANEAMENTO (2.580.194,59 euros) | 0,00 | 0,00 | 1.315.899,24 (*) | |
| **6. CUSTO DAS ACTUACIÓNS MUNICIPAIS DE NOVOS DESENVOLVEMENTOS** | **0,00** | **506.732,63** | **0,00** | |
| **TOTAIS** | **4.002.593,49** | **29.993.222,84** | **1.315.899,24** | **35.311.715,57** |

(*) Segundo consta no estudo económico, Cosma SA é unha empresa mixta municipal, cun capital maioritariamente público (51%), que xestiona os servizos públicos municipais de subministración de auga potable e mantemento da rede de saneamento. Deste xeito, á hora de imputar os custos segundo o investidor farase distribuíndo o 51% do dito importe ao Concello de Narón e o 49% restante a Agualia Gestión Integral del Agua.

Non obstante, esta Intervención pon de manifesto que os investimentos que estean incluídos no Plan de Investimentos de Cosma SA deben ser asumidos integramente por Cosma SA, sen que deba imputarse ningún custe ao Concello de Narón.
Nos ditos datos consta algún erro numérico por redondeo.
No apartado final do estudo económico denominado "1.3.7 VISIÓN AGREGADA DOS CUSTOS DAS ACTUACIÓNS.", consta textualmente o seguinte:

*"Polo tanto, atendendo ao conxunto do investimento en sistemas xerais e locais de viario, dotacións e servizos exteriores o orzamento total estimado é de **42.403.195,59 €**.*
*(...)"*

Non obstante, tendo en conta os datos que constan na táboa anterior e os datos relativos aos custos de mantemento de viais e os custos de mantemento de zonas verdes, salvo erro ou omisión involuntaria, non está xustificado o importe total de 42.403.195,59 euros, toda vez que a suma dos datos numéricos que constan no estudo económico e dos datos numéricos que constan na memoria de viabilidade económica sobre os custos de mantementos dos desenvolvementos urbanísticos (gastos de mantemento de viais e gastos de mantemento de zonas verdes) non acadan a dita cifra total.

*B)* Na introdución do **informe de sustentabilidade económica (documento 03.ISE)** exponse que *"(...) O propio concello, mediante os recursos económicos e financeiros que ten dispoñibles actualmente xunto cos que poida xerar na súa actividade ordinaria (aforro neto) e no desenvolvemento futuro coas actuacións reflectidas no PXOM no relativo ao desenvolvemento urbanístico, será o máximo responsable da obtención e xestión dos fondos necesarios para facer fronte ás actuacións que xera este tipo de proxectos. Esta cuestión non é excluínte, en todo caso, de poder considerar a posibilidade de acadar axudas doutros organismos (por exemplo a través de Fondos Estruturais da Unión Europea, ...), ou financiar parte destes proxectos mediante contribucións especiais, cargas de urbanización, recursos patrimoniais, e outras fontes de financiamento.*

*Así mesmo, o Concello pode recorrer á colaboración coa iniciativa privada ou concertar as operacións de crédito necesarias para completar o financiamento destes proxectos, mantendo en todo caso a estabilidade orzamentaria esixida pola lexislación en vigor.*

*En calquera caso, o Concello debe ter a certeza de que no futuro, se carecese dalgunha destas vías de financiamento, contará cos recursos xerados pola súa propia xestión municipal para poder facer fronte aos custos xerados por todas as operacións baixo a súa competencia.*



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

*O obxectivo principal do presente apartado é, polo tanto, a determinación desta capacidade de asumir os proxectos de investimento e mantemento de todas as infraestruturas e equipamentos previstos no Plan, a partir das previsións dos recursos ordinarios do ente local en exercicios futuros."*

O informe de sustentabilidade económica avalía o impacto da actuación urbanizadora na facenda pública do Concello de Narón. En canto ao análise da capacidade financeira do Concello de Narón, o horizonte temporal do PXOM establécese en 16 anos en base ao disposto no artigo 68.2.a) do RLSG.

No dito documento efectúase unha primeira análise da situación financeira do concello e da súa capacidade investidora en función do seu orzamento de cara a cubrir as obrigas económicas derivadas do planeamento que se propón, e que se cuantificaron en apartados anterior. Elabórase unha táboa na que se recolle a evolución orzamentaria do Concello de Narón analizando os ingresos e gastos recollidos nos exercicios segundo os dereitos e obrigas recoñecidos e liquidado dos anos 2015 a 2022. No que se conclúe o seguinte:
*"Dos datos reflectidos, pódese concluír unha situación financeira do Concello moi saneada e con suficiente capacidade para responde a posibles requirimentos de atención aos investimentos descritos no PXOM, poñendo claramente de manifesto o feito de que nos anos seguintes críticos da situación económica vivida entre o 2008 e 2013, mantivo unha liña de aforro neto medio no intervalo avaliado do 10% sobre os ingresos correntes, en termos relativos e de 3,8 millóns de euros en termos absolutos anuais."*

A continuación, incorpórase un cadro que amosa unha análise máis en detalle da evolución do dito superávit corrente das contas municipais dos anos 2015 a 2022, na que se conclúe o seguinte: *"Na anterior táboa se pode comprobar como o superávit corrente mantense en niveis moi destacados, cuns niveis sempre medios de 3,8 millóns de euros o que permite tamén incidir na capacidade do Concello de Narón de atender ás cargas derivadas da conservación e mantemento das actuacións establecidas no PXOM que ocupa."*

A táboa que se incorpora a continuación amosa os datos relativos ao aforro neto dos anos 2015 a 2022, na que se conclúe o seguinte: *"Na mesma liña, se pode corroborar tamén coa anterior táboa que o Concello de Narón ten amosado capacidade de xerar un aforro neto de aproximadamente 3,0 millóns de euros."*

Como conclusión final consta textualmente o seguinte: *"Nesta situación, é evidente e está suficientemente xustificado estimar que o Concello de Narón ten capacidade dabondo para atender, cos recursos correntes propios xerados na actualidade e dos que xa dispón, as esixencias de investimento anual para o desenvolvemento das actuacións do plan xeral que se observan co seguinte horizonte en cada un dos catro cuadrienios:*

*1º Cuadrienio: 1.330.813,44 € estimando unha aplicación media anual de 332.703 € / ano*

*2º Cuadrienio: 7.214.435,60 € estimando unha aplicación media anual de 1.803.609 € / ano*

*3º Cuadrienio: 11.736.548,90 € estimando unha aplicación media anual de 2.934.137 € / ano*

*4º Cuadrienio: 17.140.837,66 € estimando unha aplicación media anual de 4.285.209 € / ano*

*En definitiva, estas cifras supoñen unha media anual de 2.338.915 €, é dicir, aproximadamente o 61% do superávit corrente ou do 76% do Aforro neto medio obtido os anos anteriormente avaliados.*

*Estas cifras xa de por si suficientes para atender á viabilidade do PXOM, non teñen en conta o saldo de ingresos e custos asociados ao desenvolvemento das actividades propias do PXOM aquí avaliado que se verá a continuación."*

Segundo consta neste documento os datos das táboas son elaboración propia a partires dos datos do Ministerio de Economía e Facenda. Non obstante, verifícase por parte desta Intervención que os datos da primeira táboa son erróneos, polo que os cálculos realizados tamén son erróneos, e, ademais, os datos da primeira táboa utilízanse de referencias para as outras táboas.

Para poder contrastar estes datos acudirei aos informes de liquidación orzamentaria do período 2015-2023 (toda vez que nestes momentos xa se dispón dos datos da liquidación orzamentaria do ano 2023):

| ANO | INGRESOS CORRENTES AXUSTADOS | GASTOS CORRENTES AXUSTADOS | CARGA FINANCEIRA (ATA) | AFORRO NETO |
|---|---|---|---|---|
| 2015 | 28.251.418,28 | 22.274.828,94 | 2.103.101,26<br>2.131.348,25(*) | 3.873.488,08<br>3.845.241,09(*) |
| 2016 | 28.313.231,82 | 22.683.175,40 | 1.858.937,92<br>1.882.836,52(*) | 3.771.118,50<br>3.747.219,90(*) |
| 2017 | 30.944.135,45 | 23.268.355,38 | 1.401.130,04<br>1.442.483,62(*) | 6.274.650,03<br>6.233.296,45(*) |
| 2018 | 32.115.116,92 | 25.248.572,96 | 915.561,02<br>1.016.220,02(*) | 5.950.982,94<br>5.850.323,94(*) |
| 2019 | 31.660.639,10 | 26.567.644,02 | 129.502,62 | 4.963.492,46 |
| 2020 | 30.296.895,47 | 27.570.360,56 | 120.512,44 | 2.606.022,47 |
| 2021 | 32.695.328,19 | 28.040.405,16 | 112.291,20 | 4.542.631,83 |
| 2022 | 34.207.939,09 | 29.016.107,47 | 105.841,60 | 5.085.990,02 |
| 2023 | 34.493.933,69 | 31.305.690,74 | 99.367,60 | 3.088.875,35 |

| | |
|---|---|
| **MEDIA AFORRO NETO ANOS 2015-2023** | 4.461.916,85 |
| | 4.440.343,72(*) |

(*) Cálculo do aforro neto incrementando a anualidade teórica de amortización no importe satisfeito polo seguro de cambio.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Neste documento non se realiza unha proxección do aforro neto para o período do horizonte temporal do PXOM.

Tal e como consta anteriormente a media do aforro neto dos anos 2015-2023 ascende a 4.461.916,85 euros e a 4.440.343,72 euros no caso de incrementarse co importe satisfeito polo seguro de cambio. Non obstante, esta Intervención pon de manifesto que no orzamento xeral do Concello de Narón para o ano 2024, que se aprobou inicialmente por acordo plenario do 05/04/2024, prevese a concertación dunha operación de préstamo por importe de 1.009.136,08 euros para o financiamento de investimentos do ano 2024, polo que o aforro neto verase diminuído ao incrementarse a carga financeira. Circunstancia esta que debe terse en conta, e que, no caso de que nos anos sucesivos continúe recorréndose á dita fonte de financiación para a execución de investimentos, continuará incrementándose a carga financeira e diminuíndo o aforro neto.

Antes de continuar co análise do informe de sustentabilidade económica é necesario analizar os datos que se conteñen na memoria de viabilidade económica.

C) Na **memoria de viabilidade económica (documento 04.MVE)** detállase o custo económico asociado aos desenvolvementos urbanísticos e os ingresos asociados.

Con respecto aos custos de mantemento dos desenvolvementos urbanísticos faise referencia aos gastos estimados para os catro cuadrienios relativos aos gastos viarios e aos gastos de zonas verdes, segundo os cálculos realizados polo equipo redactor, que se resume do seguinte xeito:

## GASTOS VIARIOS ESTIMADOS PARA OS DESENVOLVEMENTOS URBANÍSTICOS

| TIPO DE ACTUACIÓN | CUSTOS DE MANTEMENTO GASTOS VIARIOS POR CUADRIENIOS DE CADA ACTUACIÓN | | | | TOTAL VALORACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| | Q1 | Q2 | Q3 | Q4 | |
| SOLO URBANO NON CONSOLIDADO | 358.560,00 € | 997.920,00 € | 1.436.400,00 € | 609.840,00 € | **3.402.720,00 €** |
| SOLO DE NÚCLEO RURAL | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 45.360,00 € | **45.360,00 €** |
| | 358.560,00 € | 997.920,00 € | 1.436.400,00 € | 655.200,00 € | **3.448.080,00 €** |

## GASTOS DE ZONAS VERDES ESTIMADOS PARA OS DESENVOLVEMENTOS URBANÍSTICOS

| TIPO DE ACTUACIÓN | CUSTOS DE MANTEMENTO GASTOS ZONAS VERDES POR CUADRIENIOS DE CADA ACTUACIÓN | | | | TOTAL VALORACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| | Q1 | Q2 | Q3 | Q4 | |
| SOLO URBANO NON CONSOLIDADO | 159.360,00 € | 443.520,00 € | 638.400,00 € | 271.040,00 € | **1.512.320,00 €** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| SOLO DE NÚCLEO RURAL | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 20.160,00 € | **20.160,00 €** |
| | 159.360,00 € | 443.520,00 € | 638.400,00 € | 291.200,00 € | **1.532.480,00 €** |

## CUSTOS TOTAIS

| TIPO DE GASTO | CUADRIENIO DE EXECUCIÓN | | | | TOTAL VALORACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| | Q1 | Q2 | Q3 | Q4 | |
| GASTOS VIARIOS | 358.560,00 € | 997.920,00 € | 1.436.400,00 € | 655.200,00 € | **3.448.080,00 €** |
| GASTOS ZONAS VERDES | 159.360,00 € | 443.520,00 € | 638.400,00 € | 291.200,00 € | **1.532.480,00 €** |
| | 517.920,00 € | 1.441.440,00 € | 2.074.800,00 € | 946.400,00 € | **4.980.560,00 €** |

Non obstante, non se inclúen os gastos relativos aos novos custos de mantemento derivados da ampliación de servizos públicos obrigatorios, como o abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos; nin tampouco os novos custos de mantemento derivado de servizos non suxeitos a taxas, como o alumeado público e a limpeza viaria.

Polo tanto, non se teñen en conta todos os gastos derivados do desenvolvemento urbanístico.

En relación aos ingresos asociados aos desenvolvementos urbanísticos, detállanse os seguintes:

1. INGRESOS POLO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO).

De xeito global, atendendo ás actuacións de urbanización recollidas no PXOM, obsérvanse os seguintes ingresos vinculados ao ICIO, segundo a seguinte táboa:

| TIPO DE ACTUACIÓN | RECADACIÓN POR ICIO POR CUADRIENIOS | | | | TOTAL VALORACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| | Q1 | Q2 | Q3 | Q4 | |
| SOLO URBANO NON CONSOLIDADO | 745.180,85 € | 2.793.457,36 € | 7.094.183,85 € | 6.035.734,35 € | 16.668.556,41 € |
| SOLO URBANIZABLE | 0,00 € | 2.693.923,64 € | 2.030.436,26 € | 11.439.489,21 € | 16.163.849,11 € |
| SOLO DE NÚCLEO RURAL | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 800.875,45 € | 800.875,45 € |
| | **745.180,85 €** | **5.487.381,00 €** | **9.124.620,11 €** | **18.276.099,01 €** | **33.633.280,98 €** |

Detéctase un erro no importe total da táboa individual de actuación en solo urbano non consolidado, así como na suma total da valoración por redondeo.

2. INGRESOS POLO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (IBI).



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Para realizar os cálculos correspondentes pártese dun recibo medio de 260 euros, dunha capacidade residencial en solo urbano non consolidado de vivendas novas de 248 no Q1, de 924 no Q2, de 1.997 no Q3 e de 1.693 no Q4, así como dunha capacidade residencial en áreas de actuación integral en solo núcleo rural de 113 vivendas novas no Q4.

De xeito global, en total estímanse uns ingresos por IBI polo conxunto de actuacións de nova urbanización, segundo a seguinte táboa:

| TIPO DE ACTUACIÓN | RECADACIÓN POR IBI POR CUADRIENIOS | | | | TOTAL VALORACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| | Q1 | Q2 | Q3 | Q4 | |
| SOLO URBANO NON CONSOLIDADO | 1.031.680,00 € | 2.882.880,00 € | 4.153.760,00 € | 1.760.720,00 € | 9.829.040,00 € |
| SOLO URBANIZABLE | Non calculable | Non calculable | Non calculable | Non calculable | Non calculable |
| SOLO DE NÚCLEO RURAL | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 117.520,00 € | 117.520,00 € |
| | **1.031.680,00 €** | **2.882.880,00 €** | **4.153.760,00 €** | **1.878.240,00 €** | **9.946.560,00 €** |

Detéctase un erro na suma total da valoración.

3. INGRESOS POLO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MOTORA (IVTM).

Para realizar os cálculos correspondentes pártese dun recibo medio de 120 euros, e aplícase a ratio estimativa de vehículos por vivenda de aproximadamente de 1 a 1.
De xeito global, en total estímanse uns ingresos por IVTM segundo a seguinte táboa:

| TIPO DE ACTUACIÓN | RECADACIÓN POR IVTM POR CUADRIENIOS | | | | TOTAL VALORACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| | Q1 | Q2 | Q3 | Q4 | |
| SOLO URBANO NON CONSOLIDADO | 476.160,00 € | 1.330.560,00 € | 1.917.120,00 € | 812.640,00 € | 4.536.480,00 € |
| SOLO URBANIZABLE | Non calculable | Non calculable | Non calculable | Non calculable | Non calculable |
| SOLO DE NÚCLEO RURAL | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 54.240,00 € | 54.240,00 € |
| | **476.160,00 €** | **1.330.560,00 €** | **1.917.120,00 €** | **866.880,00 €** | **4.590.720,00 €** |

4. INGRESOS ESTIMADOS POLA MONETIZACIÓN DA EDIFICABILIDADE MUNICIPAL

Na memoria de viabilidade económica tamén se fai referencia aos ingresos derivados da edificabilidade municipal que pode axudar a “monetizar” ou converter en efectivo o dito dereito adquirido, no caso de ser necesario. Realízase unha estimación da valoración monetaria das cesións derivadas do 10% do aproveitamento urbanístico lucrativo dos sectores de solo urbanizable e das áreas de reparto de solo urbano non consolidado e solo de núcleo rural, que segundo a valoración realizada acadaría un importe total de 40.504.891 euros.

Non obstante, detéctase que na táboa resumo non se reproducen as mesmas contías que constan nos cálculos individualizados por tipos de solo, polo que o importe total da dita valoración non acadaría o importe total mencionado no parágrafo anterior.

A continuación, cotexaranse as previsións dos novos ingresos cos datos económicos municipais, pero unicamente con respecto ao IBI e o IVTM:
Con respecto ao IBI, dos padróns dos anos 2021 a 2023 extráense os seguintes datos:

| ANO | DÉBEDA TRIBUTARIA | Nº OBXECTOS TRIBUTARIOS | RECIBO MEDIO |
|---|---|---|---|
| 2021 | 8.684.556,09 | 29.501 | 294,38 |
| 2022 | 8.645.933,41 | 29.551 | 292,58 |
| 2023 | 8.693.218,21 | 29.794 | 291,78 |
| **MEDIA RECIBO ANOS 2021-2023** | | | **292,91** |

No caso de que se cumpran as previsións de vivendas novas estimadas polo equipo redactor (capacidade residencial en solo urbano non consolidado de vivendas novas de 248 no Q1, de 924 no Q2, de 1.997 no Q3 e de 1.693 no Q4, e capacidade residencial en áreas de actuación integral en solo núcleo rural de 113 vivendas novas no Q4), os ingresos adicionais polo IBI serían os seguintes:

| TIPO DE ACTUACIÓN | RECADACIÓN POR IBI POR CUADRIENIOS | | | | TOTAL VALORACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| | Q1 | Q2 | Q3 | Q4 | |
| SOLO URBANO NON CONSOLIDADO | 1.162.266,88 € | 3.247.786,08 € | 4.679.530,16 € | 1.983.586,52 € | 11.073.169,64 € |
| SOLO URBANIZABLE | Non calculable | Non calculable | Non calculable | Non calculable | Non calculable |
| SOLO DE NÚCLEO RURAL | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 132.395,32 € | 132.395,32 € |
| | **1.162.266,88 €** | **3.247.786,08 €** | **4.679.530,16 €** | **2.115.981,84 €** | **11.205.564,96 €** |

En relación ao IVTM, dos padróns dos anos 2021 a 2023 extráense os seguintes datos:

| ANO | DÉBEDA TRIBUTARIA | Nº OBXECTOS TRIBUTARIOS | RECIBO MEDIO |
|---|---|---|---|
| 2021 | 2.277.864,49 | 25.347 | 89,87 |
| 2022 | 2.279.207,46 | 25.513 | 89,34 |
| 2023 | 2.277.706,37 | 25.656 | 88,78 |
| **MEDIA RECIBO ANOS 2021-2023** | | | **89,33** |



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

No caso de que se cumpran as previsións de vivendas novas estimadas polo equipo redactor e aplicando a ratio estimativa de vehículos por vivenda de aproximadamente de 1 a 1, os ingresos adicionais polo IVTM serían os seguintes:

| TIPO DE ACTUACIÓN | RECADACIÓN POR IVTM POR CUADRIENIOS | | | | TOTAL VALORACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| | Q1 | Q2 | Q3 | Q4 | |
| SOLO URBANO NON CONSOLIDADO | 354.461,44 € | 990.491,04 € | 1.427.136,08 € | 604.942,76 € | 3.377.031,32 € |
| SOLO URBANIZABLE | Non calculable | Non calculable | Non calculable | Non calculable | Non calculable |
| SOLO DE NÚCLEO RURAL | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 40.377,16 € | 40.377,16 € |
| | **354.461,44 €** | **990.491,04 €** | **1.427.136,08 €** | **645.319,92 €** | **3.417.408,48 €** |

D) Volvendo ao **informe de sustentabilidade económica (documento 03.ISE)**, no apartado 1.1.3 relativo á rendibilidade pública da execución do Plan, inclúese un cadro resumo dos gastos e ingresos do PXOM, concluíndose que se xera un saldo positivo no conxunto dos cuadrienios observados para o desenvolvemento do Plan. A táboa resumo contén os seguintes datos:

| TIPOLOXÍA DE PARTIDA | TOTALIZACIÓN POR CUADRIENIO | | | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| | Q1 | Q2 | Q3 | Q4 | |
| TOTAL CUSTOS PXOM | 1.848.733,44 € | 8.655.875,60 € | 13.811.348,90 € | 18.087.237,66 € | **42.403.195,59 €** |
| TOTAL INGRESOS PXOM | 2.253.020,85 € | 9.700.821,00 € | 15.195.500,11 € | 21.021.219,01 € | **48.170.560,98 €** |
| **SUPERÁVIT** | **404.287,41 €** | **1.044.945,40 €** | **1.384.151,22 €** | **2.933.981,35 €** | **5.767.365,38 €** |

Nos ditos datos consta algún erro numérico por redondeo.

Tamén se fai referencia á potencial e sempre posible monetarización parcial do aproveitamento lucrativo de cesión ao concello avaliado en 40.504.891 euros para o conxunto do horizonte temporal do PXOM. Reiterándose novamente os erros mencionados anteriormente nos cálculos realizados.

No apartado 1.1.4 do dito documento relativo ás conclusións sobre o impacto da actuación na facenda local, consta textualmente que *"(...) o PXOM tal e como está definido é economicamente VIABLE."*

**TERCEIRO. OUTRAS CONSIDERACIÓNS**

Finalmente, considero importante indicar que a reactivación das regras fiscais da LOEOSF a partires do ano 2024 poden impoñer restricións ao incremento do gasto municipal:

- Endebedamento: acudir a financiamento alleo ten efectos negativos sobre a capacidade de financiamento anual, a regra de gasto e o nivel de débeda. Durante todo o período considerado, o nivel de endebedamento estivo por debaixo do 75 por cento dos ingresos correntes, polo que esta ratio non semella que estea en risco de incumprimento. Non ocorre así coa estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que xa tomaron valores negativos en

diversos exercicios do período considerado. En caso de incumprimento destas magnitudes, deberá elaborarse un plan económico-financeiro para equilibralas, de acordo co artigo 21 LOEOSF, o que poderá limitar o volume de investimentos municipais.

- Aforro neto: asumir un maior nivel de investimento con ingresos ordinarios propios non afecta nin ao nivel de endebedamento nin á estabilidade orzamentaria. No caso da regra de gasto, pode ocorrer ou non, xa que esta regra establece límites ao crecemento do gasto orzamentario non financeiro. Só o incremento de ingresos por modificacións nas ordenanzas municipais podería permitir a asunción de maior gasto sen un incumprimento. No caso de non respectar os límites establecidos nesta ratio, tamén deberá elaborarse un plan económico-financeiro, nos termos do artigo 21 LOEOSF.

Tal e como se puxo de manifesto nos informes emitidos pola Intervención municipal con ocasión de determinadas modificacións orzamentarias no ano 2024 e con ocasión do orzamento do ano 2024, esta Intervención recomenda facer un seguimento dos datos de execución orzamentaria e, no caso de que se estimase necesario, axustar o gasto público para garantir que ao peche do exercicio continúe cumpríndose o obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto.
En aplicación do artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, con respecto ás obrigas trimestrais de subministro de información, cada trimestre actualizarase o informe da intervención do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite da débeda, e realizarase unha valoración do cumprimento da regra de gasto ao peche do exercicio.
No caso de que nalgún dos trimestres se verifique un risco de incumprimento, deberían adoptarse as medidas de prevención que sexan necesarias (artigo 18 LOEOSF). No caso de que as ditas medidas non se adopten ou sexan insuficientes, no caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, ao abeiro do artigo 21 da LOEOSF, a administración incumpridora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos no dito artigo.
**CONCLUSIÓN.** Tendo en conta todo o exposto anteriormente, esta Intervención considera que a documentación da revisión do PXOM para a súa aprobación inicial, que se contén no tomo ou arquivo denominado “09.EE. ESTUDO ECONÓMICO” e que incorpora o estudo económico, o informe de sustentabilidade económica e a memoria de viabilidade económica, contén diversos erros numéricos, non se xustifican as contías totais dos gastos que constan no estudo económico, e non se inclúen a totalidade dos gastos de mantemento derivados do desenvolvemento do plan, polo que neste momento non se considera debidamente xustificada a viabilidade do plan.
Este é o informe que emito, salvo erro ou omisión involuntarios na aplicación e/ou interpretación da normativa aplicable, sen prexuízo de calquera outro informe mellor fundado en Dereito. Non obstante, o órgano competente, co seu superior criterio, adoptará o acordo que estime máis oportuno para os intereses municipais.”

Por todo o exposto, sen prexuízo da necesidade de rectificar as consideracións, erros e demais apreciacións efectuadas polos servizos técnico e xurídico de Urbanismo, a Secretaria Xeral e a



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Intervención municipal, que deberá ser efectuada con ocasión da redacción do documento na súa versión para aprobación provisional; de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, quen subscribe eleva ao presidente da Comisión Especial de Seguimento da Revisión do PXOM, para que someta a debate e votación do Concello Pleno, previo ditame da nomeada Comisión Especial, a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación municipal de Narón, na súa versión para aprobación inicial (DAI-2023), datado en outubro de 2023, (código 15054_PXOM_202310_AI), presentado o 29.11.2023, con rexistro de entrada núm. 24.269 por Alfredo Garrote Pazos, director do equipo redactor ARQYUR S.C.

Este acordo determina a suspensión automática do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos nos que as novas determinacións supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente, co alcance previsto no resumo executivo, de acordo co apartado 4 do artigo 86 do RLSG. A dita suspensión, con efectos dende a publicación oficial do acordo, terá unha duración máxima de dous anos e non afectará aos supostos previstos no artigo 86.3 do RLSG, extinguíndose, en todo caso, coa aprobación definitiva do planeamento (artigo 47.2 da LSG).

Segundo.- Abrir un trámite de **información pública** durante un prazo de **dous meses** consonte o previsto no artigo 60.6 da LSG e 144.6 do RLSG que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos o resumo executivo, o estudio ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico, que estará tamén dispoñible no xeoportal do Concello de Narón.

As alegacións poderán presentarse mediante calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello de Narón e no Rexistro municipal de entrada un modelo de alegación que facilite a súa presentación.

Terceiro.- Trasladar a documentación aprobada ao órgano autonómico competente en materia de urbanismo, consonte o previsto no artigo 60.7 da LSG e 144.7 do RLSG para que realice as consultas previstas no documento de alcance, outorgue audiencia aos concellos limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable.

Cuarto.- Recabar directamente os informes sectoriais preceptivos a emitir por Administracións distintas da autonómica, de conformidade coa normativa sectorial vixente e o Anexo II, táboa 1 do RLSG, durante a exposición pública do documento.

Quinto.- Izar a suspensión do contrato de servizos denominado “Revisión e redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación municipal do Concello de Narón” asinado coa mercantil ARQYUR S.C. (J-15541246) durante o tempo necesario no que se reanuden as labores propias obxecto do mesmo, que ficará novamente suspendido con ocasión da realización dos trámites estritamente administrativos que precisos resulten sen a preceptiva participación daquela, de acordo co sinalado nos informes que en cada caso emitan os servizos técnicos do Concello.”

Á vista do anterior  e visto o ditame favorable por maoría, con 3 abstencións dos representantes do PP, BNG e PSdeG-PSOE e o voto a favor de TEGA da Comisión Especial de seguimento da revisión do Pxom celebrada o 22 de abril de 2024, o seu presidente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación municipal de Narón, na súa versión para aprobación inicial (DAI-2023), datado en outubro de 2023, (código 15054_PXOM_202310_AI), presentado o 29.11.2023, con rexistro de entrada núm. 24.269 por Alfredo Garrote Pazos, director do equipo redactor ARQYUR S.C.

Este acordo determina a suspensión automática do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos nos que as novas determinacións supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente, co alcance previsto no resumo executivo, de acordo co apartado 4 do artigo 86 do RLSG. A dita suspensión, con efectos dende a publicación oficial do acordo, terá unha duración

máxima de dous anos e non afectará aos supostos previstos no artigo 86.3 do RLSG, extinguíndose, en todo caso, coa aprobación definitiva do planeamento (artigo 47.2 da LSG).
Segundo.- Abrir un trámite de **información pública** durante un prazo de **dous meses** consonte o previsto no artigo 60.6 da LSG e 144.6 do RLSG que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos o resumo executivo, o estudio ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico, que estará tamén dispoñible no xeoportal do Concello de Narón.
As alegacións poderán presentarse mediante calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello de Narón e no Rexistro municipal de entrada un modelo de alegación que facilite a súa presentación.
Terceiro.- Trasladar a documentación aprobada ao órgano autonómico competente en materia de urbanismo, consonte o previsto no artigo 60.7 da LSG e 144.7 do RLSG para que realice as consultas previstas no documento de alcance, outorgue audiencia aos concellos limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable.
Cuarto.- Recabar directamente os informes sectoriais preceptivos a emitir por Administracións distintas da autonómica, de conformidade coa normativa sectorial vixente e o Anexo II, táboa 1 do RLSG, durante a exposición pública do documento.
Quinto.- Izar a suspensión do contrato de servizos denominado "Revisión e redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación municipal do Concello de Narón" asinado coa mercantil ARQYUR S.C. (J-15541246) durante o tempo necesario no que se reanuden as labores propias obxecto do mesmo, que ficará novamente suspendido con ocasión da realización dos trámites estritamente administrativos que precisos resulten sen a preceptiva participación daquela, de acordo co sinalado nos informes que en cada caso emitan os servizos técnicos do Concello.

**DEBATE**

-Sr.Ramos Rodríguez: boas tardes. Grazas Sra.alcaldesa.
Bueno, hoxe traemos aquí o documento para a aprobación inicial do PXOM que é un documento fundamentalmente técnico. Durante o período de elaboración se convocaron comisións de seguimento para explicar en todo momento os avances realizados a todos os grupos políticos.
O documento definitivo foi presentado a todos os grupos hai máis ou menos 5 meses, e posteriormente foi presentado á cidadanía nun consello territorial por parte do equipo redactor. Dentro dos avances do PXOM queremos destacar: que é unha adaptación do PXOM actual á normativa vixente, inclusión do plan de mobilidade aprobado recentemente neste documento, inclusión da perspectiva de xénero, mellora das comunicacións entre os barrios facendo un concello máis humanizado pensando máis nas persoas que nos vehículos, Se incrementan as zonas verdes pasando de 664.610 m2 a, no plan actual, a 1.265.871 m2, é dicir, duplicamos as zonas verdes neste concello.
No PXOM que hoxe presentamos se crea un corredor verde en toda a zona litoral con conexións en toda a trama interurbana, incrementamos o solo de núcleo rural pasando de 800 hectáreas actuais a 1.168 e se crean 31 novos núcleos rurais.
Inclúese no PXOM unha reserva do 8% para vivenda protexida.
Unha vez publicado no DOGA, se é aprobado hoxe aquí neste Pleno, se fará a exposición pública por parte do equipo redactor en todas as parroquias atendendo o equipo redactor durante 2 horas ás 13 parroquias deste concello.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Ademais durante todo este período de exposición pública o equipo redactor terá atención ao público neste concello, luns, mércores e venres.
A maiores o arquitecto municipal e o delineante tamén terán atención ao público, luns, martes,xoves e venres para informar e aclarar dúbidas a todo aquel que o solicite.
Publicarase un modelo de alegación coa finalidade de facilitar aos veciños e veciñas a presentación de posibles alegacións.
Cremos que é un bo documento e debido a todo esto, solicitamos a todos os grupos políticos desta Corporación, a súa aprobación inicial. Moitas grazas.

-Sr. Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.
O partido socialista vai aprobar, vai dar o voto favorable a esta aprobación inicial do Plan Xeral, un Plan Xeral que consideramos que chega tarde pero que é moi necesario para Narón. É necesario para que avance, é necesario sobre todo para darlle a oportunidade á cidadanía na que vecha como quere a súa cidade e que manifeste as súas alegacións. Por eso por responsabilidade imos votar a favor.

-Sra.Ledo Díaz: grazas Sra.alcaldesa.
Cremos que é importante dar este paso no, aquí non é que estemos aprobando o Plan Xeral senón que haxa unha exposición pública e esa quizais é a parte máis importante unha vez redactado este plan onde se mellora realmente o Plan Xeral, para que todos os veciños e veciñas poidan coñecer e alegar e tamén é a maneira de presentar o Plan e que a xente estea conforme. Creo que todas e todos estamos de acordo aquí, que é moi necesario un novo Plan Xeral para Narón que ordene e que sexa esa cidade para as persoas e que nos gusta vender como slogan, pero que tamén para que sexa unha realidade e a realidade que levamos esperando do 2019, dende a pandemia tiveramos unha comisión decindo que se ía facer e pasaron mil cousas e por fin o temos aquí, no.
Ademais cremos que este Plan Xeral, polo menos o que está presentado agora polo equipo redactor, ten moita sintonía co Plan de Mobilidade que tanto traballamos dende o Bloque Nacionalista Galego e repito, esto é simplemente un paso máis e unha oportunidade para a veciñanza e dende aí ver como queda o Plan Xeral, se non que nós xa decimos que vos incidimos moito para que os espazo público se trate como un ben de primeira necesidade como pode ser a Sanidade, o Ensino no que todos e todas poidamos disfrutar do espazo en igualdade de condicións e que poidamos gozar del, porque ao final eso sí que é unha competencia 100% dos concellos e é responsabilidade da administración máis próxima que se dea nas mellores condicións independentemente da nosa idade, xénero e condición social.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Bueno, este é un momento importante para o Concello de Narón e tamén despois de estar contratado no ano 2010 creo que despois de 14 anos, pois que era hora que veña a aprobación inicial e ademais creo que é unha forma de que se poida seguir avanzando e sobre todo, no desenvolvemento integral de accesibilidade. Creo que Narón necesita moito traballo nese campo e tamén tema dos núcleos rurais que corresponde poder ampliar ese solo que todos sabemos, porque hai moita demanda de solo en espazos rurais para casa de campo, no.
Bueno, pola nosa parte creo que neste caso temos que darlle un voto de confianza ao goberno e ao equipo redactor que redactou este plan, para que saia a exposición pública, para que todos os veciños de Narón e veciñas e aquelas persoas que teñan interese en coñecer este plan e teñan algún interés nalgunha situación de parcela ou de edificación, pois que poidan ver o que se prepara e o que se planifica cara o futuro.
Creo que é fundamental que un concello como Narón que teña un plan aprobado, creo que tamén é fundamental que faga un bo traballo agora na exposición pública, e creo que ademais a exposición pública vai ser clave. Sabe Sr. Ramos que vai ter a nosa confianza sempre que se cumpla a exposición pública. É certo que lle pedimos unha serie de cousas e as cambiou, por certo como lle pedimos e polo tanto, estamos agradecidos que nos escoitara e tamén espero e desexo de que se

cumpla ese programa que puxeron de exposición pública e dos horarios que van a ter. Espero que así sexa.
Se teño que ser crítico con algo teño que selo porque así llo dixen ao Sr.Ramos, e sigo decindo que non estou convencido coa sala que se vai utilizar para a exposición pública sexa a máis ideal para facer a exposición pública. Así llo digo.
Tamén o desexo que así sexa e que non haiba motivos para que se non cumple o espazo requirido e como está que vaia a haber impugnacións porque pode habelas. Entonces eso espero que se esmeren a que a exposición pública sexa exquisita, para entendernos, para que non haiba ningún atranco neste sentido e esperamos e desexamos que o traballo que se fixo corresponda coas necesidades de Narón. É certo que ata agora nós si que o tiñamos hai 5 meses aproximadamente ou 4 meses, pero tamén é certo que non podíamos facelo público nin moito menos e polo tanto, a partir de agora será cando se poida ver se realmente as cousas están ben feitas.
Nós imos dar ese voto de confianza para que os veciños de Narón poidan ter a oportunidade de coñecer o traballo que se fixo durante estes anos e esperamos e desexamos que sexa o traballo que se desexa para que o Concello de Narón prospere e siga crecendo neste campo, porque se crece neste campo crecerá en outros moitos campos, que é un beneficio para todos. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ramos Rodríguez: boas tardes. Simplemente agradecer o voto favorable e decir que temos intención de que a exposición pública sexa o mellor posible e que así o faremos. Se houbera que cambiar algún local que non reúna as condicións, non hai ningún problema en cambiar. Nada máis.

-Sra.alcaldesa: bueno, eu quería facer un agradecemento tamén, neste caso, cando temos que decir as cousas malas, agradecer públicamente aos edís da oposición que votedes a favor, e esa postura hoxe fai que este concello poda continuar avanzando e deseñando esas liñas que marcarán o futuro e o crecemento da oitava cidade de Galicia dende hoxe, dende esta aposta nosa que sexa e que faga un Narón que sexa máis accesible, con máis perspectiva de xénero, máis segura, con máis oportunidades tamén para o asentamento da poboación, para empresas e en definitiva unha cidade cunha posición de futuro para as vindeiras xeracións. Grazas.
E tamén quería agradecer a todo o persoal funcionario que traballou a reo nos últimos meses, sobre todo nos últimos anos, en especial a 2 concelleiros tamén de Urbanismo, aos dous, ao primeiro que iniciou e agora ao novo concelleiro de Urbanismo, porque a pesares de todas esas dificultades que como ben decían neste caso, facía mención Olaia, que tivemos, e un documento que non estivo exento de todas elas e este procedemento é un procedemento que foi duro pero o fixeron posible todas esas persoas implicadas e o equipo redactor; funcionarios, políticos e o equipo redactor que hoxe que podamos aprobalo inicialmente. Moitas grazas.
**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**9 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E O CONCELLO DE VALDOVIÑO EN MATERIA DE PERSOAL E MODIFICACIÓN DA CONTÍA GLOBAL DESTINADA A GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS.**. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe-proposta do Servicio de Organización e RRHH (ASI18I0DF)que textualmente di:" *De conformidade co establecido no artigo 175 do RD*



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

*2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización. Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formúlase o seguinte informe:*
***Antecedentes :*** *Con data 12.03.2024 , n. de rexistro de entrada 4841 , recíbese neste Concello, solicitude do Concello de Valdoviño instando a sinatura dun Convenio interadministrativo para dar cobertura temporal á necesidade de apoio na área de servicios sociais dese consistorio, a través da colaboración da funcionaria Dna. Laura Tojo Fernández, para realizar as funcións dun posto vacante de traballadora social ,por cese da persoa que viña ocupando*
*Con data 14.03.2024 se emite informe proposta (ASI18I08S) informe no que non se fai referencia a existencia dun período de afectación do convenio no exercicio 2025 polo que se debe completar co presente informe-proposta coa citada referencia ao vindeiro exercicio*
***Normativa de aplicación*** *:*

- *Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, do Texto Refundido da lei de Estatuto Básico do Empregado Público. (TRLEBEP)*
- *Lei 2/2015 de 29 de abril, da Función pública de Galicia. (LEPG)*
- *Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime Local. (LBRX)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. (LALGA)*
- *Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servicio das Administracións Públicas.*
- *RD 861/1986, de 25 de abril, que establece o Réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local*
- *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostenibilidade.*
- *Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado. (LPXE22)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPACAP)*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público. (LRXSP)*

***Informe :***

1. *Convenio interadministrativo: En relación ao réxime xurídico aplicable para a tramitación e aprobación do presente convenio que se acompaña, faise expresa remisión ao informe emitido pola Secretaria Xeral municipal do Concello de Narón e obrante no expediente da súa razón.*

2. *Posibilidade de prestación de servicios por parte dun/ha funcionario/a municipal noutra administración distinta daquela na que é titular de praza de funcionario/a: Dispón o artigo 209 da LEPG denominado "Realización polo persoal funcionario propio das entidades locais de funcións e tarefas no ámbito territorial doutras entidades locais" o seguinte: "1. De acordo co principio de colaboración interadministrativa, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local. Para iso, as entidades interesadas deberán formalizar o oportuno convenio, o cal especificará:*

    a) *ámbito de aplicación.*

    b) *Os servizos afectados pola realización de funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local.*

    c) *persoal asignado aos devanditos servizos.*

    d) *As funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.*

    e) *No expediente deberá constar a conformidade do persoal afectado, que manterá en todo caso a súa relación funcionarial coa entidade local a que pertenza."*

*En relación á prestación solicitada polo Concello de Valdoviño, axústase ao establecido na norma habilitante, sempre que exista conformidade por parte do funcionario/a e non se produza detrimento grave do servicio.*

3. *En relación ao establecido na Lei 53/1984, de incompatibilidade do persoal ao servicio das Administracións Públicas, cabe sinalar que non parece oportuno conferir á petición efectuada, a consideración de prestación de segundo posto no sector público, dado que o funcionario afectado, asiste comisionado pola súa propia entidade local ao acordar esta, o Convenio de colaboración coa aquela a quen se cede. En caso contrario, e dicir, de resultar por interese do funcionario, devendría incompatible a prestación.*

4. *A retribución mediante traballos extraordinarios, implica, por unha parte, que o funcionario deberá prestar no seu concello de orixe (Narón) a totalidade das horas de prestación de servicio debidas (entendendo este cumprimento dentro das posibilidades de*



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

*compensación determinadas nos acordos reguladores e resolucións en materia de Recursos Humanos).*

*Durante o período de vixencia do convenio deberá acreditarse a forma de compensación horaria , sen prexuízo da ampliación dos prazos de compensación que se poidan estimar oportunos, mediante resolución do Concelleiro delegado, dado o carácter excepcional da prestación.*

5. *A retribución extraordinaria deberá ser certificada e ingresada polo Concello receptor da prestación, que deberá igualmente certificar o total de horas extras realizadas nese Concello (40 mensuais) dado que, esas horas non poderán ser acreditadas por parte do Concello de Narón ao non realizarse para o mesmo.*

6. *Unha vez certificadas as horas e ingresadas por parte do Concello receptor, incluirase o importe na nómina do funcionario, unha vez xerado o crédito no orzamento municipal.*

7. *Respecto do importe das gratificacións extraordinarias, se axustan aos valores actualizados establecidos no acordo regulador do Concello de Valdoviño, debendo reputalas excepcionais, dado que o prezo/hora non está determinado por esta administración local, senón polo Concello receptor do servicio en virtude da normativa vixente en materia de traballos extraordinarios ( artigo 47 do RD, 2001/1983 de 28 de xullo ) ou no acordo regulador de referencia do citado Concello de Valdoviño (18,03 €/h; 8654,40 € anuais) . En todo caso, as retribucións correspondentes, deberán axustarse aos límites establecidos na LPXE23, así como aos previstos no RD 861/1986, de 25 de abril. ( STSX Galicia 29/2021, de 27 Xaneiro de 2021, Rec.384/2019).*

8. *O prazo de execución do convenio de colaboración establécese nun máximo de doce meses prorrogables, contados a partir da notificación do acordo ao funcionario afectado e ao Concello conveniante.*

9. *O Período conveniado afecta ao exercicio 2025 o que deberá terse en conta a efectos de autorización dos límites máximos por gratificacións extraordinarias para 2025*

10. *O presente acordo quedará condicionado en todo caso, pola autorización dos límites máximos por gratificacións extraordinarias aprobados polo Concello Pleno no acordo de Aprobación do orzamento municipal para o exercicio de 2024.*

*Por todo o exposto se eleva a seguinte proposta á alcaldía-presidencia para a súa aprobación polo Concello Pleno:*

***Primeiro**.- Aprobar o convenio co Concello de Valdoviño que se acompaña como anexo, (PER18I0YR) denominado "Convenio interadministrativo de colaboración entre o Concello de Narón e o Concello de Valdoviño en materia de persoal " condicionado á inclusión das cantidades máximas previstas como gratificacións extraordinarias , nos limites máximos por gratificacións extraordinarias que determine o Concello Pleno de Narón no acordo de aprobación do orzamento municipal de 2024 , así como no proxecto de orzamento que se elabore para 2025 ou acordo plenario diferente no seu caso, así como á efectividade dos expedientes de modificación de créditos que xeren os importes necesarios, durante o exercicio 2024 e 2025, no seu caso.*

***Segundo**.- Aprobar o incremento da autorización da contía global por gratificacións extraordinarias por importe de 8.654,4 €, que se distribúen do seguinte xeito: 5.769,60€ na determinación da contía global por gratificacións extraordinarias para 2024 prevista na proposta de orzamento para 2024 (importe estimado para 8 meses de vixencia do convenio ). Aprobar o incremento de 2.884,80 sobre a contía global por gratificacións extraordinarias que se estime no proxecto de orzamento para 2025, (importe estimado para 4 meses de vixencia do convenio )*

***Terceiro**.-Delegar na Alcaldía-Presidencia a sinatura e de cantos actos de xestión deriven do presente acordo.*

***Cuarto** .- Notificar o presente acordo ao Concello de Valdoviño ; a xefatura de servicio sociocomunitario e á funcionaria interesada.*

Esta alcaldía-presidencia, Visto o informe favorable da Intervención Municipal de data 17.04.2024 (ICO18I04Y ) en uso das atribucións que lle confire propón a ese Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro**.- Aprobar o convenio co Concello de Valdoviño que se acompaña como anexo, (PER18I0YR) denominado "Convenio interadministrativo de colaboración entre o Concello de Narón e o Concello de Valdoviño en materia de persoal " condicionado á inclusión das cantidades máximas previstas como gratificacións extraordinarias , dentro dos limites máximos por gratificacións extraordinarias que determine o Concello Pleno de Narón no acordo de aprobación do orzamento municipal de 2024 , Tamén deberá terse en conta o presente acordo no proxecto de orzamento que se elabore para 2025 , así como á efectividade dos expedientes de modificación de créditos que xeren os importes necesarios, durante o exercicio 2024 e 2025, no seu caso.

**Segundo**.- Aprobar o incremento da autorización da contía global por gratificacións extraordinarias por importe de 8.654,4 €, que se distribúen do seguinte xeito: 5.769,60€ na determinación da contía global por gratificacións extraordinarias para 2024 prevista na proposta de



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

orzamento para 2024 (importe estimado para 8 meses de vixencia do convenio ). O incremento de 2.884,80 sobre a contía global por gratificacións extraordinarias que se estime no proxecto de orzamento para 2025, (importe estimado para 4 meses de vixencia do convenio ) deberá ser obxecto de acordo específico no momento da aprobación do orzamento municipal 2025 ou acordo plenario correspondente.

Lo manifestado en el párrafo anterior, guarda una íntima relación con la recomendación de que en la medida en que, y aún existiendo una suspensión de las reglas fiscales aplicables a las Administraciones en el año 2022 y 2023, se insta a los órganos gestores a que actúen con la máxima prudencia en la utilización del remanente de tesorería para gastos generales para financiar modificaciones presupuestarias, máxime cuando no se trata de un recurso generado en el año en que, vía modificaciones presupuestarias, se incorpora a la financiación de gastos que, en ocasiones, pueden ser estructurales. A ello debe añadirse el hecho, no menos relevante, de que el Ayuntamiento está actualmente ejecutando diversos proyectos de inversión cuya financiación (total o parcial) procede de fondos comunitarios europeos, recursos cuyo ingreso material en la tesorería local no se producirá hasta bastante tiempo después de la realización y pago del gasto, lo que implica que el empleo del RLTGG, en este y en los sucesivos ejercicios, debe realizarse teniendo en cuenta esta variable y ello con el fin de garantizar y no comprometer la solvencia (capacidad para hacer frente a nuestros compromisos a medio plazo) de la tesorería municipal.

En materia de recursos humanos, hace falta realizar las siguientes consideraciones. Deberá de trabajarse en la consecución de una plantilla especializada velando por la formación continua y la motivación de los recursos humanos que permita dar una respuesta adecuada a la demanda de los ciudadanos y para ello resulta necesario la dotación de puestos de carácter técnico que coadyuven a la resolución y tramitación de expedientes. De igual manera, resulta preciso fomentar acción formativas especializadas en cada uno de los ámbitos concretos de trabajo así como en nuevas tecnologías y gestión del cambio para que el conocimiento se mantenga en la propia organización municipal.

En último término, debería efectuarse un análisis sobre las posibilidades de reestructuración organizativa interna con el fin de fijar objetivos claros y concretos en el área de ingresos en aras a conseguir y maximizar la eficiencia y eficacia de los propios recursos personales en la gestión, inspección y recaudación de los ingresos municipales cuestión esta que debería valorarse teniendo en cuenta las competencias de asistencia y cooperación jurídica, económica y técnica que corresponde a las diputaciones ponderándose en que medida se dispone o no de capacidad interna para asumir las funciones y ello en atención a la propia complejidad de las actuaciones y a la escasez de recursos disponibles.

**Devoluciones de ingreso**

En este caso se establece la fiscalización previa, por lo que son objeto de revisión previa a su resolución por lo que no se hace muestreo de control posterior ya que se fiscalizan con la conformidad o disconformidad al informe propuesta correspondiente, ya proceda del Jefe del Servicio de Intervención y Hacienda o de la Tesorería municipal.

**C) CONTROL PERMANENTE Y AUDITORÍA PÚBLICA**

Tal y como se puso de manifiesto en este informe, los medios personales no son suficientes, teniendo en cuenta que no se dispone de personal cualificado para poder realizar todas las funciones derivadas de la obligatoriedad del control financiero de la actividad económico-financiera mediante el ejercicio del control permanente y de la auditoría pública que se regula en el Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades locales del sector público local, en vigor desde el 1 de julio de 2018. Motivo por el cual no ha sido posible efectuar actuaciones periódicas de control permanente, ni de auditoría pública.

Lo que se ha hecho en el ejercicio 2023 es emitir informes respecto a cuestiones en que así lo exige la normativa pero que no tienen un carácter fiscalizador como tal, como pueden ser los informes emitidos con ocasión de la aprobación



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

del presupuesto, de la aprobación de modificaciones presupuestarias, de la liquidación del presupuesto, de la cuenta general, etc.

En concreto, con ocasión de ejercer control financiero permanente, se han emitido informes desfavorables en los siguientes casos:

- OEP 2023: se incumple la normativa que resulta de aplicación al incluirse las plazas reservadas a promoción interna, al ser contrario a los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad.
- Modificación de crédito Nº 16/2023: Crédito extraordinario-Suplemento de crédito Nº 02/2023: incumplimiento formal de lo que se establece en la Base nº 9 de las Bases de ejecución del presupuesto.
- Determinación de cargos públicos con dedicación exclusiva y parcial: no se justifica ni se motiva, tal y como establece el artículo 35.1.i) de la Ley 39/2015, la diferencia de trato del portavoz de un grupo político con respecto a los de otros grupos políticos.
- Modificaciones puntuales de la RPT para 2024: la posibilidad de hacer uso del procedimiento de promoción interna debe ponerse en conexión con el hecho de que el sistema legal de selección de personal de las administraciones públicas es el de pruebas libres, por lo que no se puede reservar el 100% de las pruebas vacantes para ser provistas por promoción interna, tal y como viene estableciendo la jurisprudencia; no consta en el expediente documentación en la que se acrediten motivadamente los cambios en el contenido funcional de los puestos; y la propuesta de modificación parcial de la RPT formulada no está adecuada y suficientemente motivada en los términos que exige la normativa que resulta de aplicación, para considerar que las adecuaciones retributivas puedan ser consideradas como singulares y excepcionales en los términos previstos en la Ley de Presupuestos Generales del Estado.

En este momento es necesario poner de manifiesto que, tanto en varios informes de modificaciones presupuestarias emitidos en el año 2023 (igual que en los años 2021 y 2022), como en el informe de la liquidación del año 2023 que se emitió en el año 2024 (igual que en el informe de la liquidación de los años 2021 y 2022), se hace referencia a un aspecto puesto de manifiesto por la Tesorera municipal en la Memoria anual de Tesorería y de Recaudación del ejercicio 2022 emitida el 10 de mayo de 2023. En dichos informes se hace referencia a que la suspensión de las reglas fiscales no supone que desaparezca la responsabilidad fiscal de la Administración como tampoco el principio de prudencia a la hora de ejecutar los presupuestos, por lo que debe realizarse una utilización responsable del remanente de tesorería para gastos generales para financiar modificaciones presupuestarias en cuanto a los gastos a los que se destina, y ello además al tratarse de una magnitud acumulativa en la que influyen diversos factores.

**IV.DEFICIENCIAS**

Son las indicadas en el apartado III de este informe y que requerirían la adopción de medidas correctoras a través de un plan de acción elaborado por el Presidente de la Corporación.

A continuación se detallan las recomendaciones para enmendar las debilidades, deficiencias e incumplimientos, que se ponen de manifiesto en el informe resumen del ejercicio económico 2023, que podrían formar parte de un plan de acción:

- Cumplimiento de la normativa que resulta de aplicación en materia de gestión de personal y de los cargos públicos con dedicación exclusiva y parcial.

- Cumplimiento estricto de la normativa que resulta de aplicación en materia de subvenciones.

- Incluir en el plan de acción un control financiero sobre algunos expedientes de subvenciones, dado el número elevado de subvenciones nominativas que se prevén en las bases de ejecución de los presupuestos de cada año. Dada la complejidad de determinadas subvenciones de concurrencia competitiva, también sería necesario la realización de controles financieros sobre determinados expedientes.

- Tramitar las contrataciones ordinarias de los servicios o suministros que responden a la prestación de servicios y/o suministros de tracto sucesivo o de carácter periódico y/o repetitivo, con arreglo a la LCSP, dando prioridad a su regularización.

- Utilizar la figura del contrato menor únicamente en el caso de responder a actuaciones imprevisibles, puesto que toda necesidad periódica o planificable debe ser objeto del correspondiente procedimiento de licitación. La OIReScon y la IGAE han venido a reafirmar la limitación de la utilización de los contratos menores para necesidades puntuales y no recurrentes, de escasa cuantía y urgente ejecución, que desde hace años vienen recomendando los OCEX. Polo que debe darse cumplimiento a la normativa aplicable en materia de contratación en el sector público.

- Cumplimiento estricto de la normativa contractual y de los PCAP en la ejecución de los contratos de obras, servicios y suministros.

- Tramitación de las facturas respetando el criterio de antigüedad teniendo en cuenta la fecha de conformidad y, en cuanto a facturas y/o certificaciones, cumplimiento del procedimiento de remisión para su pago a la AEAT conforme al procedimiento aprobado por el Pleno del Ayuntamiento.

- Cumplimiento de la normativa aplicable a los contratos patrimoniales y en los expedientes de responsabilidad patrimonial.

- En el caso de la prestación conjunta del servicio de préstamo de bicicletas, que se realiza conjuntamente con el Ayuntamiento de Ferrol, en caso de que se siga gestionando por el dicho ayuntamiento, instar a la tramitación del nuevo convenio de colaboración y del correspondiente expediente de contratación.

- En cuanto a las liquidaciones derivadas de la compensación de servicios de atención a menores en el Centro de Día de Menores de Ferrol perteneciente a la Diputación Provincial de A Coruña, instar a la tramitación de un nuevo convenio de colaboración entre la Diputación Provincial de A Coruña y el Concello de Narón para regular la utilización de plazas en el Hogar de Día del Centro de Menores de Ferrol.

- Con respecto a los gastos efectivos del servicio de depuración que se presta por el Ayuntamiento de Ferrol, a través de Emafesa, continuar instando a que se regularice la prestación de dicho servicio.

- Cumplimiento estricto de la normativa que resulte de aplicación en atención a la naturaleza del gasto de que se trate.

- En cuanto a las ayudas de emergencia social, que tras la modificación del artículo 2.2.a) de la Ley 9/2007 de subvenciones de Galicia ya no tienen la consideración de subvenciones, debe cumplirse lo estipulado en el Reglamento de ayudas financieras para la atención de necesidades sociales básicas.

- Actualizar las bases de ejecución de presupuesto.

- Aprobar un Plan Anual de Control financiero.

**V. VALORACIÓN DEL PLAN DE ACCIÓN DEL EJERCICIO ANTERIOR**

Teniendo en cuenta las razones expuestas en este informe, tal Plan no existe, por lo que no se puede llevar a cabo su valoración. Se tratará de que en próximos ejercicios, y a partir de las deficiencias detectadas y recomendaciones realizadas hasta la fecha (u otras que puedan ir surgiendo a posteriori), y teniendo en cuenta que no se dispone de personal cualificado para poder realizar todas las funciones derivadas de la obligatoriedad del control financiero de la actividad económico-financiera mediante el ejercicio del control permanente y de la auditoría pública que se regula en el Real Decreto 424/2017, se pueda ya incorporar en cada ejercicio un Plan de Acción que se lleve a cabo, por lo que será en ese momento cuando podrá procederse a su valoración.

Dar traslado del presente informe a la Alcaldía para su remisión al Pleno de la Entidad Local y a la Intervención General de la Administración del Estado en el curso del primer cuatrimestre del año, con ocasión de la aprobación de la Cuenta General, en cumplimiento de lo que se establece en el artículo 37 del Real Decreto 424/2017.

**Siendo el resultado del control permanente:** Con efectos informativos.

O Concello Pleno, deuse por enterado.

**11 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE AMPLIACIÓN DO SERVICIO DE XANTAR NA CASA.**. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: Visto o texto da moción que literalmente transcrito di:**"O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina,** en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

**AMPLIACION SERVICIO XANTAR NA CASA**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

O Concello de Narón ten asinado un convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do programa "Xantar na casa" para os anos 2021, 2022, 2023 e 2024, que contempla 32 prazas para futuras persoas beneficiarias do programa, aprobado na sesión do Pleno da corporación de 30 de decembro de 2020.

O obxectivo xeral deste programa é mellorar a calidade de vida e nutrición das persoas maiores e/ou persoas dependentes, así como das súas familias, facilitando a posibilidade de que se manteñan na súa contorna e atrasando o maior tempo posible o seu ingreso nunha residencia.

A intervención sobre a nutrición permite avaliar os hábitos alimentarios dos participantes e, no seu caso, ofrecer alternativas máis saudables, o que mellorará a saúde das persoas usuarias e a súa calidade de vida. A finalidade última do programa non é *dar para comer*, senón alimentar correctamente a un segmento da poboación

con hábitos alimentarios pouco saudables, en moitos casos, por ter problemas de mobilidade que lles impidan, por exemplo, trasladarse a facer a compra á tenda ou, mesmo, cociñar.

No debate sobre este asunto este grupo municipal xa advertira de que as 32 prazas que recollía o convenio serían insuficientes para un concello como o de Narón, cun grande número de persoas de idade avanzada que viven soas.

Somos coñecedores de que, dende hai un tempo, o servizo de Xantar na casa ten lista de agrada. Segundo consta na acta do pleno que acordou a renovación do convenio en decembro de 2020, o voceiro de Terra Galega, Sr. Romero Franco, comentou que unha das cláusulas permitía incrementar as prazas ata o número de 36, en caso de ser necesario. Sendo iso así, consideramos que, a día de hoxe, está máis que acreditada a necesidade de iniciar os trámites necesarios para poder chegar a esa cifra, que aínda así, será insuficiente para cubrir a demanda do servizo.

Por ese motivo, consideramos imprescindible que se inicie de xeito inmediato e urxente a tramitación da ampliación do convenio entre o Concello de Narón e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para chegar a ese número de 36 prazas posibles, e incrementar o número de prazas para satisfacer ao maior número de persoas usuarias e tendo en conta a necesidade xeral que o persoal técnico de Servizos Sociais considere.

Por este motivo, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e apelando ao seu sentido de deber e responsabilidade, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da corporación a adopción do seguinte

**ACORDO:**
Instar ao goberno do Concello de Narón a iniciar, por vía de urxencia, a renovación do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o concello para o programa Xantar na casa e a ampliar o número de prazas para satisfacer a demanda das usuarias/os, tendo en conta a necesidade xeral que o persoal técnico dos Servizos Sociais considere.
Narón, 11 de abril de 2024
Germán Castrillón Permuy
Voceiro do grupo municipal do Partido Popular
E visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social de Igualdade de data 18-04-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

**DEBATE**

-Sra.Bouzamayor Villasuso: boas tardes a todos e a todas. O Concello de Narón ten asinado un convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do programa de xantar na casa para os anos 2021, 2022, 2023 e 2024, que contempla 32 prazas para futuras persoas beneficiarias do programa aprobado na sesión do pleno da corporación, do 30 de decembro de 2020.
O obxectivo xeral deste programa é a mellora da calidade de vida e nutrición das persoas maiores ou persoas dependentes, así como das súas familias facilitando a posibilidade de que se manteñan na súa contorna e atrasando o maior tempo posible o seu ingreso nunha residencia.
A intervención sobre a nutrición permite abaliar os hábitos alimentarios dos participantes e no seu caso ofrecer alternativas máis saudables, o que mellorará a saúde das persoas usuarias e a súa calidade de vida.
A finalidade última do programa non é dar de comer, senón alimentar correctamente a un segmento da poboación con hábitos alimentarios pouco saudables, en moitos casos por ter problemas de mobilidade que lles impiden, por exemplom trasladarse a facer a compra a unha tenda ou mesmo cociñar.
No debate sobre este asunto, este grupo municipal xa advertira de que as 32 prazas que recollía o convenio serían insuficientes para un concello como o de Narón cun número de persoas de idade avanzada que viven soas.
Somos coñecedores de que dende hai un tempo, o servicio de xantar na casa ten lista de espera segundo consta na acta do Pleno que acordou a renovación do convenio en decembro de 2020; o voceiro de Terra Galega Romero Franco, comentou que unha das claúsulas permitía incrementar as prazas ata un número de 36 en caso de ser necesario. Sendo así consideramos que a día de hoxe está máis que acreditada a necesidade de iniciar os trámites necesarios para poder chegar a esa cifra que aínda así sería insuficiente para cubrir a demanda do servicio.
Por ese motivo, consideramos impriscindible que se inicie de xeito inmediato e urxente a tramitación da ampliación do convenio entre o Concello de Narón e o Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar para chegar a ese número de 36 prazas posibles, e incrementar o número de prazas para satisfacer o maior número de persoas usuarias e tendo en conta a necesidade xeral co persoal técnico de servicios sociais considere.
Por ese motivo e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación, e apelando ao seu sentido do deber e responsabilidade, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación a adopción do acordo que deu lectura o Sr.Secretario.

-Sra.Ledo Díaz: ben, eu ía decir que me sorprendeu que non correxirades a exposición de motivos, na que falade de ter 32 xantares a pasar parar 36 xantares, cando xa na comisión está comprobado de que o Concello de Narón está dando 40 xantares. Ou sexa máis do que vosoutros solicitades na exposición de motivos. É verdade que no acordo non aparece esa cantidade, é máis, nós nesa comisión íamos absternos, pero como vimos que todo o mundo votaba a favor dixemos, home pois sí, estamos de acordo en que haxa máis xantares para persoas maiores que así o necesitan.
O que non entedemos é que se veña coa mesma exposición de motivos e que non se dea explicación desto, porque ademais unha vez que se constitúa nesta lexislatura por parte da Xunta de Galicia, o Consorcio de Igualdade e Benestar, o concello vai solicitar ata 50 xantares, ou sexa, máis do que pedides nesa exposición de motivos e que explicou agora Vanesa, de 32 pasar a 36, é dicir, se está pedindo menos do que se dá en realidade agora en Narón.
A min sorprendeume que non chegarades a emendar esa exposición de motivos. Agora non a correxides e ademais falades sobre eso. É verdade que no acordo non aparece ese numero de xantares senón que se aumenta. Entonces pola nosa banda, ides ter o voto favorable sempre e



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

cando non vaiamos para atrás e se dean menos xantares dos que xa se están dando en Narón claro, por suposto.
Entonces nos quedamos neste caso, co acordo que nada ten que ver coa exposición de motivos, que en realidade sería reducilo. Hai que decilo, hai que explicalo e esperemos que a Xunta se poña a traballar e habilite ese consorcio que está tendo moitas deficiencias nos últimos 10 anos, tanto para as persoas traballadoras, como usuarias como as propias relación cos concellos e a pouca aportación que fai por certo a Xunta de Galicia. Xa aproveito para decilo tamén.

-Sra.Hermida Rico: ben, boas tardes a todos e a todas. Moitas grazas Sra.alcaldesa. Bueno, coincido con Olaia, na comisión xa comentamos que esta exposición de motivos estaba obsoleta e totalmente pasada de cifras, no , porque a día de hoxe temos 40 prazas para atender a usuarios e usuarias, e xa iniciamos a solicitude á Xunta de Galicia para ampliar un número de prazas, no. Neste caso polo tanto, eu decíalle á concelleira do Partido Popular, que non tiña sentido manter o da vía de urxencia e de iniciar porque xa solicitamos e agora non depende de nós, senón que depende de que a Xunta licite ese novo concurso para ese servicio de cara ao ano que ven, e que nos concedan ese número de prazas. Non obstante, imos a votar a favor porque un pouco no sentido de que…aínda que a exposición de motivos non é acertada, a finalidade da moción coincidimos na esencia da finalidade do obxectivo da moción. Así que o noso voto vai a ser a favor.

-Sra.Bouzamayor Villasuso: dende esta bancada alegrámonos de que xa teñan ampliado ese número de prazas e que é verdade que fumos coñecedores dese aumento na comisión informativa hai uns días. Ninguén nos comentara nada, pero sin embargo, según os datos que temos nós…..

-Sra.alcaldesa: só unha cousa se me permites, é dicir, asinouse un convenio, ben… se che molesta, era simplemente para aclarar un pouco porque non é falta de información, é dicir, asinouse un convenio cunhas prazas e logo se asinou unha addenda que dá unha amplitude máis, é dicir, a día de hoxe estamos en 40, esa é a realidade;  se asina ese convenio inicial e agora tal.. e agora xa se fixo a solicitude porque agora mesmo están traballando para facer neste caso, a nova licitación que nós queríamos 10 máis. Porque parece que non damos toda a información, a realidade é esa.

-Sra.Bouzamayor Villasuso continúa: ….. vale, si, pero o que é certo é que nos enteramos na comisión porque presentamos unha moción de que hai 40 prazas pero como lle decía, os datos que temos nós é que esas 40 prazas que teñen, non están cubertas ao 100% por eso non cambiamos tampouco a exposición de motivos, porque se temos 40 prazas e non as temos cubertas pois non ten sentido sendo que somos coñecedores, que a día de hoxe hai unha lista de espera grande e nalgúns casos a lista de espera se remonta ao mes de outubro pois non entendemos por que siguen prazas vacantes. E vemos que aínda así esas 40 prazas non chegan. Ampliarán a 50 ou están en negociación para ampliar a 50?  Chegan 50 realmente? Hai que ter en conta que a poboación de Narón si estudiamos e facemos un estudio por barrios, temos unha poboación de idade avanzada, é moi significativo nos barrios do Alto do Castaño, de Freixeiro, de Santa Icía, onde vemos que hai empadroadas bastantes persoas nunha idade avanzada.
O que queremos nosoutros simplemente é adevertirlles de que realmente fagan unha boa negociación agora que se pode, agora que temos a oportunidade da renovación do convenio e que solicitemos ou negociemos un número de prazas o maior posible para que o Concello de Narón teña unha provisión deses recursos para atender todas esas necesidades, porque igual máis pronto que tarde imos necesitalo e despois sempre estamos con problemas nos servicios, que non temos suficientes prazas. Nada máis. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, sigo sen comprender que non se modificase a exposición de motivos. Ademais se o que di a concelleira do Partido Popular é certo, habería que modificar incluso os acordos e pedir que sexan efectivos eses xantares se en realidade non se fan; pero entonces si

considera que 50 eran poucos non sei por que piden 36, é que claro eu hai cousas que non comprendo.
O que sí que pensamos dende o Bloque Nacionalista Galego de que é verdade, en Narón hai máis de 6.500 persoas maiores de 65 anos e a Xunta de Galicia aínda non se dignou a poñer unha residencia pública de maiores, entre outras cousas porque di que as está a facer en Ferrol. Debe ser que esas 6.500 persoas maiores de 65 anos non teñen dereito a ter un sitio digno onde estar.
E aparte para os xantares na casa efectivamente farían falta moitísimos máis porque faltan datos, que é verdade que nos achegaron, das persoas que viven soas maiores de 65 en Narón, que é alarmante son 2.137, pero curiosamente onde máis viven esas persoas soas é no barrio do Alto, que é no barrio onde máis servicios …., é dicir, a xente necesita servicios. E temos un goberno galego que os nega e temos un concello que ten que ofrecer máis xantares. Perfecto, hai unha moción. Ímovosla votar a favor e vostedes din que hai que poñer 36….. non son quen de comprender a cuestión en realidade, que se realmente nos importa a vida digna de todas as persoas, independentemente da súa idade, está claro que hai servizos que hai que dotar, e Narón por certo precisa dunha residencia pública de maiores, de vivendas residenciais para poder vivir na casa o maior tempo posible dun SAF axeitado onde a Xunta e o concello teñen que poñer solucións, porque agora mesmo é un problema e co dos xantares de verdade, que na vosa exposición de motivos poñedes 36 xantares e agora decides que con 50 non é suficiente, pois cambia tamén o acordo….. mire o Bloque Nacionalista Galego xa vos decimos que o noso voto xa é favorable.

-Sra.Hermida Rico: si, bueno, un pouco o mesmo, non ten sentido que 50 sexan poucas e que pidades 36. Eso non lle cabe na cabeza a ninguén. Pero por outro lado, en canto a que hai prazas que non están ocupadas, agora mesmo temos 40 prazas, sempre se deixa unha praza para unha emerxencia. Pero agora mesmo temos 38 persoas e non se pode dar, e non damos a seguinte alta ata 39 porque sería un matrimonio a quen lle tocaría e polo tanto, se damos esas dúas prazas quedaríamos sen praza de emerxencia. Por eso que agora mesmo estamos nun total de 38 prazas ocupadas polo que estou explicando, porque según a lista sería un matrimonio e non tería sentido quedarnos sen esa praza de emerxencia. E nada máis. Grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Bueno, a realidade é que nós falamos dun convenio que se asinou, que se trouxo a Pleno, que non se trouxo ningunha renovación a Pleno. E é o que coñecíamos. E coñecemos que agora hai efectivas dadas 37, según nos consta. É dicir, tedes 40, é certo, sí hai 40 pero tedes 37. E hai xente que está esperando dende o mes de outubro para que se lle conceda unha praza. Se tedes a praza tedes que utilizala, non a podedes ter aí de reserva.
E hai persoas que de verdade, que non poden saír a facer a súa compra. Entonces non me queiran dar volta……. E a Xunta non está negando dar máis prazas aquí, agora hai que solicitalas, hai que pedir a ampliación do convenio para que dean prazas. Esa é a realidade.
Outra cousa é que se queira recoller outro sistema, pero aquí estamos falando dun convenio que se asinou e se aprobou aquí. E nós estamos convencidos de que hai que pedir máis prazas e as 40 prazas que teñen vostedes agora non chegan, e ademais posiblemente as 50 que están pedindo, dentro de 1 ano non cheguen tampouco.
Entonces intenten poñer unha prórroga para amplialas dentro de 6 ou 7 meses. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: a verdade é que resulta surrealista o que está a pasar aquí, o que estamos a decir, sinceramente. Asinamos un convenio cunhas prazas, eran neste caso 36, pedimos unha ampliación, firmamos unha addenda que é pública, é dicir, non é un documento que esté nun caixón, é pública,



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

unha addenda , por que? Porque no momento, despois de asinar ese convenio se pediron esas máis e nolas concederon por que? Porque o que fan é que sacan unha licitación e que se outros concellos non queren máis se poden pedir. E dicir, a día de hoxe, temos unha realidade de 40, que non están dadas as 40? En Servizos Sociais se considera que hai que deixar sempre unha por casos de emerxencia. E é o que así facemos. E agora mesmo hai dadas esas 38 precisamente porque os seguintes que están na lista sería ese matrimonio, está explicado. E a maiores, temos máis prazas das que vostedes están pedindo aquí agora. É que é un sinsentido total.
Nós agora o que fixemos, xa fixemos, é dicir, este convenio é do ano 2021,22, 23 e 24. Agora mesmo a Xunta está preparando a nova licitación e nós dende o Servizo Sociocomunitario xa se lle pediu que nos puxesen 10 prazas máis. Eso é o que está feito a día de hoxe, é dicir, en tempo e forma. Agora mesmo o que se está preparando esta licitación e esperemos que nolas concedan.
E agora mesmo con esa cantidade daríamos cabida a todas as solicitudes que hai neste concello. Sí que é verdade que non temos unha bola de cristal para saber que igual dentro de 8 meses pois temos máis. Eso é así, damos cabida as solicitudes e máis das que temos agora. Co cal cremos que o servicio vai quedar cuberto.
A maiores se logo de todas esas sobran, e nalgún momento vemos esa necesidade de asinar outra addenda así o solicitaremos, pero realmente ..sinceramente e mira que lle explicamos que íamos a votar a favor polo espíritu de tal… pero realmente están pedindo nesta exposición de motivos menos do que temos agora.
Pasamos a votar a moción.
**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

**12 º.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE TEGA E BNG PARA REMATAR COA PRECARIEDADE LABORAL**. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: Visto o texto da moción que literalmente transcrito di: "Os grupos políticos municipais de Terra Galega e BNG presentan conxuntamente a seguinte moción para o seu debate en Pleno:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Hai dous anos da aprobación da última reforma laboral (Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro) coa que nace unha nova reforma coa gravidade de non derogar as anteriores, especialmente a de Raxoi do 2012, que tantos recortes e danos vén causando aos dereitos da clase traballadora.
Desde a súa entrada en vigor confírmase mes a mes o que se vén denunciando que sucedería no momento da aprobación. Novas modalidades de contratación polas que se multiplica a precariedade, cambiando a forma pero non o fondo, mudando as estatísticas pero non a realidade. Imponse a xeneralización da contratación a tempo parcial e a fixa-descontinua, que pasa a substituír os contratos temporais, que se ven sensibelmente reducidos. Ao mesmo tempo, permítese o abuso e uso fraudulento dos períodos de proba como modalidade de contratación, de xeito que os contratos se rescinden por non superar o período de proba, sen ningún tipo de indemnización, operando para todos os efectos como un despedimento libre. Por último, refórzase o papel das ETT e das axencias privadas de colocación para levar adiante toda esta reforma, en prexuízo dos servizos públicos de emprego.
Unha reforma laboral á que se suma o fomento dos ERTE permanentes, a continuidade das desigualdades de xénero e a extensión dos baixos salarios mentres a patronal dispón de máis mecanismos legais para empeorar as nosas condicións laboráis e salariais. Así, deste xeito, as empresas transfiren ao sector públicos os custos sociais de toda esta realidade de precariedade xeneralizada, ao tempo que se dificulta o acceso, a duración e as contías das prestacións por desemprego.
O resultado é unha clase traballadora empobrecida, xa que se instaura por lei a inestabilidade e inseguridade laboral e se institucionaliza a pobreza laboral. Ter traballo xa non permite os ingresos necesarios para vivir dignamente e poder acceder a dereitos básicos como alimentación e vivenda. Son especialmente exemplo desta realidade, a mocidade e as mulleres, convertidas en man de obra barata, parecendo non ter fin a fenda salarial.

A acción dos gobernos e da política laboral debe superar o centralismo español, a submisión aos principios neoliberais e que o economicismo dite a regulación e aplicación dos dereitos sociais.
A importancia na protección dos dereitos da clase traballadora ten relación con poder facer fronte con xustiza social aos efectos do cambio no tecido produtivo e no mundo do traballo, sobre todo en Galiza, ante a descarbonización e o forte impacto da implantación das novas tecnoloxías na economía, en que se intensifica o proceso de valorización do capital mentres que se desvaloriza o traballo, acelerando a concentración da riqueza en menos persoas, en territorios máis lonxe de Galiza, ao tempo que vai a máis o risco da exclusión social e dun elevado e estrutural desemprego.
Son urxentes medidas para rematar coa precariedade, o abuso da contratación a tempo parcial e coa temporalidade en todos os sectores de actividade tanto do ámbito privado como nas diferentes administracións e empresas públicas.
Por todos estes motivos, **SOLICÍTASE** ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

1. Instar ao Goberno galego á urxente aprobación dun Plan galego de recuperación económica, industrialización, creación de emprego digno e servizos púbicos na nosa terra.
2. Demandar do Goberno español a derogación da reforma laboral de 2012 e aprobar un cambio radical na reforma de 2021 para a creación de emprego digno e con dereitos e aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restitúa os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos.
3. Reclamar ao Goberno galego e ao español a aprobación dos cambios lexislativos necesarios para favorecer a repartición do traballo, reducir a xornada laboral semanal ás 35 horas para avnazar na aplicación da xornada de catro días - a 32 horas á semana, xa que os avances tecnolóxicos e os cambios na organización do traballo permiten facelo para xerar máis riqueza social.

Narón, 11 de abril de 2024

**ROMÁN ROMERO FRANCO** — Voceiro de TEGA

**OLAIA LEDO DÍAZ** — Voceira do BNG”

E visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de Tega -5- e BNG -2-; e as abstencións de PP -3- e PSdG-PSOE -1-) da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social de Igualdade de data 18-04-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

**DEBATE**

-Sra.Ledo Díaz: decir que non aceptamos a emenda do PSOE de substitución porque desvirtuaría, nós queremos derogar a reforma laboral e porque aparte esta moción foi presentada pola CIGA a todos os grupos políticos, e non cremos que sexamos nós os que teñamos que decidir se se cambia ou no, senón manter como temos feito noutras ocasións cando se presenta unha moción, por poñer o caso da plataforma SOS Sanidade Pública.
Agradecer á CIGA que faga este traballo e ben, explicar un pouquiño o sentido desta moción que é a precariedade laboral ou sexa, hai que expoñer o que está pasando agora.
E é que a precariedade laboral leva a que ten traballo hoxe xa non sei se ha simil de poder acceder a unha vivenda, ou a ter os dereitos básicos mínimos que se presupón a todas as persoas que poidamos ter un traballo. Porque a reforma que se aplica do 2021 e a anterior reforma laboral, que é exactamente igual a excepción de 2 artigos, leva a que os traballos de media xornada ou os chamados fixos discontinuos, fan aumentar a precariedade e tamén a diminuír as prestacións por desemprego, ademais de aumentar contratacións por ITTs .



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Temos que decir que en Galiza esto se nota porque a destrucción de postos de traballo no sector industrial, que tanto lle gusta falar ao Partido Popular, e temos que decir que dende o Partido Popular chegou á Xunta de Galicia, perdimos 22.000 postos de traballo no sector da industria, non no sector de servizos que si que subiu, pero na industria se perderon 22.000 postos de traballo; e o digo porque no 2014 o Partido Popular anunciou a creación de 50.000 postos de traballo, lémbrolles, perdimos 22.000.
Claro, dentro deses 50.000 postos de traballo, e nesta comarca lembrámolo ben, están eses contratos de pmes e barcos a tutiplén e todas esas cousas que se ían facer, ou agora o que nos prometen no corazón de Galiza, meténdonos unha bomba ambiental que vai destruir moitos postos de traballo porque empezan a vender miles de postos de traballo, porque ao final as portas xiratorias lles van beneficiar sexa Greenalia , Beatriz Mato ou o propio Sr.Rueda, e por eso en Galiza é necesario unha reforma e é moi acaído ese punto 1 dos acordos, para recrear un plan de emprego e un plan industrial en Galiza que cree postos de traballo, pero dentro dunha industria que cree economía circular, nunha industria que cree máis empresas arredor e máis traballos de calidade que se destinen en I+D+I e ao final nunha sociedade con dereitos, que hai, que nos están quitando as políticas de dereita da Xunta de Galicia e non ter que estar mirando cando imos á compra o que lle custa a froita, que queremos dar aos nosos fillos e fillas.
É necesario reducir a xornada laboral e eso vai no punto 3 dos acordos para que o tempo libre non sexa un privilexio de 4 persoas porque eso crea benestar, porque hai automatización, e porque sabemos agora que non por estar máis horas no posto de traballo cunde máis. E temos exemplos en Europa, por exemplo, Dinamarca, que ten unha xornada laboral de 6 horas dende hai máis de 15 anos, e teñen unha producción moito máis avanzada que a que ten o estado español.
É necesario, e incluso se queremos falar en termos do sistema capitalista, podemos decir que cando temos máis tempo de ocio tamén consumimos máis. Así que é importante. Tamén melloramos a nosa saúde, eh. Cando temos máis tempo de ocio, saúde mental, saúde física etc.etc.
É necesario derogar a reforma laboral do 2012 e un cambio radical do 2021, por eso non podemos aceptar, polo menos o Bloque Nacionalista Galego, o punto 2 que fala de mudar unha normativa que incluso sendo importante aquí, o obxectivo é acabar cunha reforma completamente lesiva feita por Yolanda Díaz, polo partido socialista. E poño o exemplo: é tan lesiva para a clase traballadora que o propio Feixoo nas eleccións xerais dixo que ían a subilo todo, porque sabía que beneficiaba aos seus 4 colegas.
Entonces por todo esto, temos que decir que nos parece moi importante. E ademais nesa reforma na negociación, non se tivo en conta ao noso país porque non se tivo en conta o sindicato maioritario que hai neste país, que hai a Confederación Intersindical Galega, é dicir, non se conta cos galegos e galegas, e é máis, os convenios colectivos hai que ir a negocialos a Madrid e non onde están realmente os postos de traballo.
Ben, tamén consideramos que é importante o que aparece nesta moción porque dende o Bloque Nacionalista Galego consideramos que non se pode aumentar, porque eso aparece na reforma agora aprobada polo Partido socialista, e vou decir Yolanda Díaz, porque xa non sei se vai ser Sumar, Podemos, bueno…os que estaban alí agora porque aumenta o cómputo da xubilación ata 39 anos, e eso crea precariedade e eso indica que as persoas que temos menos de 50 anos imos ter unhas pensións máis baratas que as que teñen a día de hoxe, os nosos pais e nais e eso implica, alguén que me diga aquí hoxe que daquela a vida vai ser máis barata que a que temos hoxe. Se hai alguén que o crea e por eso imos ter as pensións máis baixas con ese aumento do cómputo que mo diga hoxe . Eu realmente
non o teño claro.
O que sí que temos claro dende o Bloque Nacionalista Galego é que a pensión media de Galicia se sitúa en 1.071 euros e a do estado español en 1562,70 euros. Aí a Xunta de Galicia xa ten tamén moitos deberes que facer porque o que queda demostrado, que tanto o Partido Popular e o partido socialista son lesivos para os intereses da clase traballadora e da clase traballadora deste país moitísimo máis.

E que é preciso mocións como estas que presenta a CIGA e hoxe vai saír aprobada e que se pediu a todos os grupos que se unisen todos os grupos onde mellor sexan as maiorías sociais, e que demos entre todos e todas, unha sociedade máis xusta. Quen queira que a riqueza se acumule cada vez en menos persoas que non conte co Bloque Nacionalista Galego, e Narón é un concello de clase traballadora onde todos os días saímos a traballar ou a buscar emprego, que temos 3 polígonos industriais onde non temos transporte público cara eles, co que estamos impedindo que moita xente poida traballar neses polígonos, onde moitas empresas como Poligal percibiron cartos públicos que lle permitiu tanto ao partido socialisa como ao partido popular que lles fixeron ricos, e cando non os necesitaron se foron a terceiros países a montar as súas empresas e deixarnos na estacada. Os datos son reais e detrás hai persoas. Hoxe en Galiza hai 635.000 persoas en situación de pobreza. E moitas delas traballando e moitas delas con familia. Eso é o que acontece hoxe neste país; por eso é importantísimo que hoxe saia aprobada esta moción e aínda estades a tempo de votala a favor. Aquí non valen medias tintas porque absterse é tamén ter unha opinión e é necesario, que a xente de Narón e o conxunto do país teñan a oportunidade de mudar as políticas lesivas para a maioría social deste país; 635.000 persoas en situación de pobreza en Galicia e moitas delas viven en Narón.
Deamos un cambio de rumbo e non beneficiemos aos de sempre en contra da maioría. Eso é o que di esta moción e eso é o que nós estamos de acordo e apoiaremos sempre como Bloque Nacionalista Galego.

-Sr.Romero Franco: ben, as políticas de emprego aplicadas polo PP en Galicia durante os últimos 13 anos conduciron a un mercado laboral máis fráxil, precario e desigual. É certo que co goberno do PP a taxa do paro reduciuse en Galicia un 1,3 nos últimos 13 anos. O total estatal foi un 4,6 no mesmo tempo. Pero ese descenso se debe en medida, a que o número de persoas en idade de traballar que teñen un emprego ou buscan emprego, tamén se viu reducido nun 6,2%.
Cando Feijoo accedeu á presidencia da Xunta, había en Galicia 1,33 millóns de persoas con traballo ou buscándoo; hoxe son 82.700 menos. En canto ás condiciós laborais as estatísticas tamén rexistran un empeoramento por cada traballador galego, cun contrato indefinido en 2019 había 16,7 cun contrato temporal. Trece anos despois son 18,7 contratacións temporais por cada unha indefinida. Ademais durante os últimos 13 anos aumentaron o número de persoas cun emprego a tempo parcial e diminuindo os que traballan a xornada completa.
Os salarios da comunidade seguen a ser entre os máis baixos do estado. O soldo medio bruto é de 22.834,66 euros ao ano, é dicir, 13.000 euros netos mensuais en 14 pagas, o que significa que un traballador galego medio cobra ao ano casi unha paga menos ca un traballador de España cuxo salario bruto anual supera os 24.000 euros. A taxa de paro nos menores de 25 anos, aumentou do 28,6 ata o 32,4 .
O mercado laboral galego que deixa Feijoo, tamén se caracteriza pola súa desigualdade de xénero que nalgún concepto incluso empeorou. No ano 2009 as diferenzas entre a taxa de paro entre homes e mulleres era de 1,8 puntos, hoxe é de 2. Hai 22.000 mulleres máis que homes con contrato temporal e 85.000 mulleres con empregos a tempo parcial máis que homes na mesma circunstancia.
Por este motivo traemos esta moción a este Pleno. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, primeiramente teño que disculparme porque sempre os tacho a vostedes, especialmente a vostede Sra.alcaldesa, dun partido de falta de ideoloxía pero hoxe me están demostrando que no, é a ideoloxía do BNG, non sei se será como pago da abstención que se fixo hai 2 semanas dos orzamentos, non sei, igual teñen que ir pensando en mudar o nome a Terra Galiza, non sei, é algo que terán que sopesar .



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Pero o que me chama a atención é que non acepten as miñas emendas. Un partido localista como é Terra Galega ten que dar exemplo en Narón. As emendas eu penso que eran axeitadas, consensuadas, penso que son unhas emendas axeitadas para o contexto de Narón.
Fálase de instar ao goberno galego. Ben, que se faga un plan de recuperación. Lóxico, pero fagamos nós tamén aquí un plan. Aquí en Narón nós tamén temos problemas e problemas causados por esta administración. Ou xa esquecemos o problema da folga da piscina? Xa o esquecemos? Parece que eso non nos afecta, que eso é cuestión de reforma laboral, pero tamén temos outro problema que está en cierne.
Que pasa co persoal das nosas garderías? Que están en folga porque se lles aplica un convenio estatal que precariza as súas condicións laborais? Por que non lles melloramos as condicións agora nos pregos de contratación? Por que non llos melloramos? Que por certo, o seu portavoz, o seu voceiro, dixo na comisión que non tiñan pensado falar coa representación legal dos traballadores e introducir as súas recomendacións para a elaboración dos pregos. Pero bueno, dito esto: que é o que se pide aquí? Reducir a xornada laboral a 32. Fagámolo aquí. Traballemos dando exemplo, e dicir: "nós en Narón xa o estamos facendo". Fáganno tamén na Xunta de Galicia e fáganno no goberno de España. Fagámolo. A ver, é moi bonito facer a demagoxia, vale? Pero ao final é o que sempre vostedes practican. Que o que din, que é moi difícil gobernar e vosoutros na oposición facedes demagoxia. No, non facemos demagoxia. Hai unha reforma laboral que está consensuada cos axentes, neste caso, sociais deste país. Vale? É unha reforma laboral que está consensuada. E os pactos teñen vocación neste caso, de permanencia. Cousa que non ocurreu coa reforma que impuxo o Partido Popular no seu ano, que foi imposta por decreto. Esto foi consensuado. É certo que Feijoo tiña intención de derogar esa reforma. É certo. Pero que aconteceu? Que estaba ligada a uns fondos de recuperación da Unión Europea. Unha reforma laboral que estivera consensuada.
Parece que ao mellor non sabemos o que ocorre fóra de Narón, pero ocorren máis cousas na zona Narón que nos afectan, e o que plantexades aquí é volver a un escenario de antes da reforma laboral do Partido Popular. E decides que a normativa que había daquela, que non había precariedade. Bueno, de verdade non sei onde vivides, polo menos, no que é en Narón parece que non vivides.
Vouvos dar datos vale? Porque xa que estamos todos aquí falando de datos pois ímolos a dar. España alcanza por primeira vez, grazas a esta reforma, 21 millóns de afiliados. O mercado de traballo intensifica o dinamismo en marzo, datos de marzo. E sitúa en niveles record, nos rexistros diarios, o 25 de marzo, superaron por primeira vez os 25 millóns de afiliados na Seguridade Social. Nunca houbo tantos traballadores cotizando con máis de 20,9 millóns de afiliación media, grazas a creación de casi 193.000 empregos novos con respecto a febrero, e 525.000 respecto ao último ano.
En termos de estabilización a afiliación rompe a barreira dos 21 millóns. En concreto a Seguridade Social rexistra 21, 32.700 eliminando o efecto calendario. O paro rexistrado redúxose ademáis en 33.000- 40.000 persoas. Ata que os 2.727.000. É un nivel máis baixo dun marzo da serie histórica de hai 16 anos, cunha caída especialmente importante entre as mulleres, 23.000 menos.
Hai 135.000 parados menos que hai un ano. Rexístrase unha caída do paro nas 15 comunidade autónomas.
O emprego crece en España máis que noutras economías europeas respecto a niveis prepandemia. A afiliación aumentou un 8,3 frente ao 5%, por exemplo, en Francia ou o 1,5 en Alemania. Hai máis emprego estable porque hai 3.300.000 traballadores fixos que antes da reforma laboral non os había.
Pero bueno, agora xa falando digamos, non da marca blanca senón da orixinal, esta reforma saiu grazas a que houbo un diputado do partido popular que se equivocou de botón, pero se chega a ser polo voto do BNG, igual que as autorizacións das pensións non sairía.
Vostedes elixen socios, paréceme moi ben, pero teñan en conta que entre orixinal e marca blanca, a xente vai elixir orixinal.

-Sr.Portela Parga: buenas tardes a todas  y a todos. Gracias.

Primero por aclarar las mentiras y los bulos que se dicen normalmente pleno tras pleno, el grupo populista queremos dar un dato y es que el paro registrado en abril de 2009 donde estaban en ese gobierno el bipartito, 210.000 personas; paro registrado en febrero de 2024, 130.000; 80.000 personas menos. Estaría bien que diéramos datos que son correctos y no viniéramos aquí a mentir y a decir bulos como estáis acostumbrados.

A Jorge, que diga que el partido socialista español, dice que es una buena reforma laboral, de hecho acaba de decir todas las ventajas de la reforma laboral que evidentemente es una reforma laboral del partido popular. Agradecemos su sinceridad. Nos gustaría saber realmente si es posible: que pinta TEGA en esta moción? Si es posible que nos lo expliquen. Lo que pinta el BNG es evidente, como brazo político de la CIGA.

Primero nos gustaría, creemos que es importante poner en valor el modelo económico de Galicia, no sólo en frente al modelo económico de otras comunidades, si no también en diferencia con el modelo económico del endeudamiento del Estado.

Por dar algunos datos, la Consellería de Promoción del Empleo e Igualdade en sus medidas a favor del empleo, por ejemplo, en economía social tenemos un modelo económico, que pone el foco en las personas y basándose en la generación de un empleo inclusivo, igualitario y solidario. Un sistema en el que nuestra comunidad forman parte más de 7.000 empresas y entidades teniendo en cuenta que sólo este año, se crearon más de 173 nuevas iniciativas. Por esta razón, Galicia seguirá apostando por este ecosistema en el 2024 con un presupuesto que experimenta un incremento dun 3% , más de 1 millón y medio de euros respecto al año anterior, llegando a un total de 43,6 millones de euros con 3 ejes de actuación, como son la difusión de la economía social, la creación de la consolidación de iniciativas de la economía social y finalmente la promoción del empleo inclusivo. Por nombrar alguna, en el apartado de la difusion de la economía social tenemos la red Eusumo con más de 1,7 millones de euros para el fomento del cooperativismo y la economía social.

En el apartado de consolidar iniciativas y crear empleo y economía social, contamos con un presupuesto de más de 10 millones de euros, un 6% de crecimiento respecto al año anterior. A prol economía social, más de 14% con respecto al año anterior.

También para seguir consolidando la economía social disponemos de los siguientes: programa Es-factory, programa Estraforma con más de 2,4 millones de euros, el bono consolida economía social.

En el apartado de promoción del empleo inclusivo más del 16% de crecimiento con respecto al año anterior, más de 34 millones de euros de inversión, ayudas a la creación y mantenimiento de empleo de empresas en inserción con un presupuesto de más de 1 millón de euros y un incremento de un 20% respecto del año anterior. Ayudas a la creación y mantenimiento de puestos de trabajo en centros especiales de empleo con un presupuesto de más de 27 millones de euros.

Formación dual para las personas con discapacidad intelectual, problemas de salud mental, con una nueva edición del programa piloto con un presupuesto de 6 millones de euros más del 50%. Apoyos a la contratación etc.etc.etc.

Todo esto es un ejemplo de la inversión de la Xunta de Galicia, en incentivar, en favorecer, en crear empleo. Es una clarísima intención de luchar y de prevenir la precariedad laboral. ¿Qué hizo el gobierno populista cuando estuvo en el gobierno de Galicia hasta el 2009? no sólo nada, si no que una inversión muchísimo menor de la que está haciendo actualmente el partido popular en Galicia. ¿Qué hace hoy, que ha regalado su voto a Madrid, a cambio de nada? Demagogia y populismo. Gracias.

-Sra.Ledo Díaz: que importancia ter os datos enriba da mesa, se queredes datos están aquí porque agora se están vendendo tantísimas cousas que a min ata me parece preocupante intentar



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

enganarnos a nós mesmas, no, esto de facernos trampas ao solitario e repetir as cousas mil veces a ver se é verdade.
E falaba o partido socialista de que se falara cos sectores sociais do noso país e entendo que son cos sectores sociais do conxunto do estado español porque os datos que deu son a nivel de estado, pero non se foi á situación de Galiza que é moi mala e peor que eses datos que estivo perfilando do conxunto do estado español, e o que fixo esta reforma laboral e que por suposto volveríamos a votar en contra, e tamén dende as pensións que vos encanta decir, entre outras cousas porque poñedes o cómputo en 29 anos e nós pedimos que sexa a partir de 15 anos, que pasen a ser contributivas porque sobre todo é o xusto, é o xusto para as mulleres que vos encanta falar de igualdade e feminismo e logo nin sequera as aplicades ás políticas laboráis e vou poñer datos: aumentan dende que se aprobou esta reforma do partido socialista, que está de acordo o partido popular, que como acabamos de comprobar un 20,7% dos despedimentos e baixas sin indemnizacións percibidas unha media do 34,9%. É dicir, avance do despedimento libre e gratuíta coa última reforma laboral, os despedimentos por non superar o período de proba multiplicaronse, e sendo ata un 2,4% superiores, e o dos datos do paro é unha auténtica vergoña dende o momento en que só se computan só os que non están en larga duración por exemplo, ou aparecen os fixos discontinuos. E digo que os fixos discontinuos é a gran estafa porque hai xente que é fixa discontinua e que gañan 300 euros ao mes. A onde vas con 300 euros ao mes? Porque claro como te contratan 3 horas e a Sra.Yolanda Díaz decidiu que foran fixos, e hai sectores que precarizan o traballo, como por exemplo, póñolle un exemplo que coñezo ben. O sector audiovisual. O sector audiovisual se traballa con diferentes empresas, con diferentes tal e se contrata a persoas. Con esta reforma laboral se obriga ás empresas a encarecer os contratos temporais se non son a partir de ITTs con que ao final a quen prexudica é a clase traballadora porque ten que pagar máis esa empresa por cada contrato que fai porque a partir do terceiro contrato a xente non quere ser fixa discontinua porque traballa cuns programas, con outros e non se tivo en conta, por exemplo, ese sector como os outros, e o único que fai ao final é beneficiar realmente bueno, ás persoas por exemplo como eu, traballadora autónoma que sí que fas unha factura a esa empresa, pero non ás persoas que traballan cun contrato laboral.
O medre da contratación indefinida castiga por certo, unha vez máis ás mulleres e o 70,6% dos homes asalariados en Galiza dispoñen dun contrato indefinido. Queren saber canto é os contratos indefinidos das mulleres? É dun 45,3% e onde se subiu en servicios que é onde traballamos moitísimas mulleres  e no sector da limpeza, e en certos sectores pero diminuindo a industria.
Mirade, no 2021, había 171.900 postos de traballo na industria en Galiza, en Galiza, estou dando datos de aquí. E agora na actualidade 168.000. Xa falei antes dos moitos postos de traballo que se perderon nos anos do partido popular. Ou sexa sí, estamos en contra desta reforma e estamos moi orgullosos porque nós somos coherentes. Decimos o mesmo aquí en Narón, o mesmo no Parlamento galego, o mesmo en Madrid e o mesmo no Parlamento Europeo. Cousa que non fai o partido socialista e o partido popular porque hoxe aquí contan unha cousa, no pleno de Ferrol contan outra, se votou por puntos e o partido popular votou en contra de todos estos puntos; o partido socialista votou en contra do punto 2 etc.etc. ou sexa, en cada concello decides  unha cousa e non é porque pensedes porque ao final estades lexislando no goberno español e no goberno galego para o conxunto e dá igual o que digan e intenten facer populismo barato e contar un relato mil veces para criticar ao resto. Porque aquí decides unha cousa pero logo se fai outra.
Ese é o problema. É o problema da falta de coherencia. Que non lle pasa ao Bloque Nacionalista Galego do que estamos moi orgullosas e orgullosos, e que sabemos que cada vez máis galegas e galegos se suman a esto, e máis pronto que tarde agora si nas seguintes eleccións galegas daremos votado ao partido popular que destrúe postos de traballo, que é capaz de retirar bonos en fogares vulnerables de familias que tiñan un bono para ir a compra e que lle retirou, dá igual todos os millóns que ao final sempre quedan en remanentes, e venderon as axudas ao agro e ao sector primario en ecolóxico e logo resulta que todo o mundo que hai unha maioría que se cambiou ao ecolóxico e non había diñeiro suficiente porque bueno, a Xunta de Galicia decidiu.. non porque tal eh, sólo foron capaces de o que tiñan destinado a medio rural, un 30% de todos eses millóns.

Como pasa tamén no sector industrial, como pasa no emprego e como pasa en tantas e tantas cousas. En publicidade gastan 8 millóns, esa é a partida na que máis gastan e os axentes sociais, non podemos decir que se falou cos axentes sociais cando non se falou coa central sindical maioritaria deste país. E representa á maioría dos traballadores e traballadoras, non interesa o que pasa neste país. Entonces non veñamos porque afecta…. Esta reforma afecta a todos os naroneses e naronesas e é un tema deste concello. É un tema deste concello, é un tema deste país e tamén é un tema de estado, por suposto que sí.
Pero non veñamos aquí a vender motos, a decirnos aquí unha cousa mentres se está facendo outra porque ao final, prexudicades a todos.

-Sr.Ulla Rocha: moi brevemente, non vou entrar porque ao final a xente que nos están vendo ou a xente que nos está escoitando vaise quedar cada un coa cifra que máis lle conveña, e básicamente supoño que de quen sexa seguidor ou, neste caso, militante.
Pero mire hai unha cousa que é certa, cando se fala de levar unha reforma laboral é unha norma estatal e cando se negocia, se negocia con carácter marco estatal, por que? Porque a caixa é común para todos.
Galicia, por desgraza, a min gustaríame que fose contribuinte neta, perceptora neta neste tema e en tema de IRPF, é dicir, o estado español nos ten que dar cartos e tamén percibimos se somos demandantes, neste caso, nas pensións. É normal que nosoutros non podamos ter específicamente un marco propio e cando se negocia esto pois teremos que ser en conxunto, por que? Porque ten que nacer do consenso, porque ten que haber para todos. O partido socialista frente ao que se pretende decir que temos relatos distintos, no. O partido socialista ten 140 anos de historia. O partido socialista o que ten é unha forza progresista, non vive hai 140 anos, vive o día a día, avanza e sempre mirando cara o futuro. Nosoutros avanzamos e cremos que a reforma que se aprobou é a reforma que era necesaria. E así o entenderon os axentes sociais, neste caso, as centrais sindicais de ámbito estatal que representan ao conxunto de todos os cidadáns do estado español e as asociacións empresariais que representan a todas as empresas do estado español.
E sobre todo o que fan ….. a esixencia que hai que lembralo da Unión Europea. E dicir, o que se está pedindo aquí debería incluso levar emendado é que se devolvan os cartos do plan de recuperación.
E de verdade sexamos serios nestas cousas e veñamos aquí a falar de Narón que é o que realmente nos interesa.

-Sr.Portela Parga: estamos de acuerdo en la modalidad de contratación, discutimos que es una de las pocas partes que se cambió de la reforma laboral, genera precariedad, promueve el pluriempleo y es un problema para la mayoría social. Pero nos vamos a ir sin saber la respuesta de TEGA, ya lo dijimos antes, cual es el motivo de TEGA para ir en esta moción. Por ejemplo, tenemos colectivos que paralizan actividades del ayuntamiento como por ejemplo la piscina, tenemos trabajadores de las guarderías, lo más significativo es que tenemos servicios municipales precarios con falta de personal, teniendo que hacer horas extras para cubrir tareas o turnos sólo pudiendo disfrutar de su día de descanso. Y venís aquí con una moción sobre precariedad.
Ya nos hemos olvidado de la intervención en el pleno de los representantes del SPEIS que aún encima es uno de los chiringuitos estrella que tenéis que por cierto, os cuesta más del doble de lo que costaba. Dinero que por ejemplo se podía invertir en otro tipo de cosas como promoción económica y mejorar la condición laboral. Pero entiendo que a vosotros no os interesa, de hecho no vais a….. esta moción es un comunicado de ideología populista con medidas que van en contra del equilibrio económico social necesario para la sociedad.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Primero estaría bien que se diera ejemplo en Narón, después cuando miremos nuestro ombligo y solucionemos nuestros problemas podemos ir más allá. Estamos a favor de evidentemente, de reducir la jornada laboral de forma progresiva, de adecuar el salario mínimo interprofesional a la realidad actual y así ayudar a mejorar el nivel de vida de las personas. Estamos a favor de mejorar las condiciones, pero evidentemente todo ello de forma progresiva, con medidas económicas que favorezcan el cambio y la adaptación de las personas y las empresas, pero lo más importante, consensuada y no de forma unilateral. Lo que proponéis hoy es matar moscas a cañonazos y después cuando vengan las consecuencias que venga otro como siempre y lo solucione. Con nosotros no contéis.
Por todo esto y como no, por responsabilidad política, vamos a votar en contra.

-Sra. Ledo Díaz: nós o que queremos e é o espíritu desta moción, é crear unha sociedade de benestar onde todos e todas podamos vivir iguais coas nosas melloras, coas nosas tal e o que decida cada quen. É o que propón esta moción. A sociedade de benestar que a día de hoxe está lonxe de acadarse por moitas cousas e de maneira moi complexa.
Si que queremos agradecer dende o Bloque Nacionalisa Galego que esta moción sexa aprobada hoxe en Narón porque en Narón a maioría das persoas son clase traballadora e non é menor que a oitava poboación deste país leve estes puntos e demande esto para que nalgún momento, que sei que se vai conseguir, se pare como no seu momento tamén teño que decilo porque a situación empeorou moito nestes últimos 3 meses cando se aprobou unha moción de apoio ao pobo palestino e en contra do xenocidio, que se estaba a producir e onde o partido popular e o partido socialista non foron quenes a apoiar, por eso é importante porque ademáis os acordos se elevaron ao Tribunal Internacional de Dereitos Humanos e tiveron conta que Narón estaba en contra do xenocidio en Palestina e hoxe estes acordos se levarán a onde hai que instar, para decir que estamos en contra dunha reforma laboral que prexudica á clase traballadora que é a maioría social deste país.
Por todo esto, o Bloque Nacionalista Galego estamos orgullosos de que se poida aprobar e non como na veciña Ferrol onde un grado de populismo destas forzas estatais que aquí unha cousa, alí outra e outra e ao final terminan actuando moi parecido polo que se ve en cousas como estas que nos prexudican a todos e a todas.

-Sra.alcaldesa:só unha cousa por decir así unha. É dicir, hai afirmacións que se din de cousas que teñen lugar nas comisións e logo realmente eso que se intercambiaba co voceiro do partido de Terra Galega non é así, cambiaría a súa intervención, é decir, o que dixo das escolas infantís eso en principio non se recolleu así. É dicir, como vostede decía. Rectificaría?
Pasamos a votar a moción.

O Sr.Ulla Rocha manifesta que non, que quizais deberían ser máis rigurosas.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:
TEGA: A favor 10
PP: En contra 6
BNG: A favor 3
PSdeG-PSOE: Abstencións 2

**13 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MEDIDAS PARA FREAR O AUMENTO DO PREZO DOS ALUGUEIROS E FACILITAR O ACCESO SOCIAL Á VIVENDA EN NARÓN**. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: Visto o texto da moción que literalmente transcrito di:

**"Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso á vivenda constitúese nun dos máis graves e importantes problemas sociais en Narón. Tanto polo prezo da vivenda; a situación de alugueiros fora da legalidade que rematan sendo vivendas da SAREB; a suba do prezo nos últimos dous anos; falta de vivenda social en réxime de alugueiro da Xunta de Galiza; ausencia de plan de acceso de vivenda xuvenil e un longo etcétera. O continuado encarecemento dos alugueiros que aumentaron os seus prezos un 8,6 % no último ano (segundo os datos recollido no Observatorio de Vivenda de Galiza, un 16,67% en pisos e un 25,61% en vivendas unifamiliares entre 2017 e 2022 (datos recollidos do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana) débese, en boa medida, pola inacción da Xunta de Galiza e, tamén, pola falla de resposta do actual Goberno municipal.

A dificultade para atopar alugueiros accesíbeis para a maioría social fica evidenciada por un dato moi alarmante: cada vez máis persoas buscan habitacións en pisos compartidos en Narón, moitas veces nunha situación de "alegalidade" e cuns prezos cada vez maiores. A inacción da Xunta de Galiza, con plenas competencias en materia de vivenda, ten provocado que Narón, malia a situación actual, careza a día de hoxe dun imprescindíbel parque de vivenda social. Tampouco o goberno do estado ten despregado as medidas para actuar, ao se negar na práctica a destinar as vivendas das que é titular a usos sociais e cesar no acoso inmobiliario contra a poboación en casos como os vividos hai dous anos nas "vivendas de Piñeiros" ou, agora, de maneira continuada en poboación vulnerábel (como padecen desde hai anos veciños e veciñas que reclaman unha solución que non chega e na que o BNG ten denunciado en todas as administracións desde hai anos). Ademais, o concello ten que se poñer a traballar para atallar esta situación, apostar pola rehabilitación de vivendas abandonadas a través de fondos europeos con proxectos vangarda, reclamar ao resto de institucións e contemplar para o PXOM solucións para o acceso á vivenda en réxime de alugueiro. De feito, na aprobación inicial da revisión do PXOM de Narón establécese unha previsión de vivendas sen un carácter expansivo se non que busca a compactación e consolidación no interior da pegada urbana existente e é aquí, onde un plan de vivendas municipal sobre os xa milleiros de vivendas baleiras (o 18,3% das vivendas totais de Narón segundo o INE, ano 2021) no noso concello faise útil e necesario.

**POR TODO ISTO, RECLAMAMOS OS SEGUINTES ACORDOS:**

1. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno español cooperación e , no exercicio das súas respectivas competencias, adoptaren todas as medidas necesarias para frear o aumento dos prezos da vivenda, nomeadamente en réxime de alugueiro, e facilitar o acceso social á vivenda.
2. Esixir da Xunta de Galiza o exercicio pleno das súas competencias no referido á promoción do acceso á vivenda na cidade de Narón e, singularmente, destinar unha decidida promoción pública de vivenda na nosa cidade.
3. Instar ao goberno municipal a dotar as seguintes medidas:
   A) Elaborar e poñer en marcha un Plan Municipal Facilitador do Alugueiro en Narón que inclúa un plan de acceso á vivenda xuvenil e, entre outras medidas, facilite unha liña de axudas municipais para anticipar os pagos das fianzas e permitir a súa devolución en 24 meses sen xuros, destinada especialmente para a mocidade e persoas con baixos recursos.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

B) Demandar desde o concello ao goberno español a cesión por parte SAREB de parte das vivendas das que é titular en Narón para a súa inclusión nun parque de vivenda social.
C) Impulsar un Observatorio Local de Vivenda para a monitorización da evolución do mercado inmobiliario do noso concello.
D) Establecer un plan de acción local destinado a mobilizar ao grande número de vivendas baleiras existentes na cidade co obxectivo de aumentar a oferta de alugueiro a prezos accesíbeis para a maioría social que representan as clases populares e traballadoras.
E) Manter no PXOM un mínimo do 8% de vivenda protexida como se establece no capítulo 9 do Informe técnico – xurídico previo á aprobación inicial da revisión do PXOM fronte á mínima esixida (no artigo 77.2 do RLSG establécese que en ningún caso a porcentaxe fixada en vivenda social pode ser inferior á media do conxunto da Comunidade Autónoma, neste caso o 6,8%).

Narón, 15 de Abril de 2024
Olaia Ledo Díaz
E visto o ditame Desfavorable (cos votos a favor de BNG -2- e PsdG-PSOE -1-; as 3 abstencións dos representantes do PP; e os cinco votos en contra dos membros de TEGA) da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social de Igualdade de data 18-04-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

**DEBATE**
-Sra.Ledo Díaz: boas de novo. O motivo desta moción é porque a situación da vivenda en réxime de alugueiro, analizando os datos de Narón é máis que preocupante, no. E cremos que hai que poñer a política como ferramenta en beneficio da veciñanza. Non é normal que sen ser un concello turístico nos últimos 5 anos, os pisos subisen un 16, 67% e en vivendas unifamiliares un 65,21% , según os datos do Ministerio de Vivenda e esto implica unha suba maior do que suben os salarios, implica que moita xente nova non poida chegar a emanciparse das súas familias aínda querendo porque non pode.
Ademais a especulación no noso concello, a través de dúas inmobiliarias moi coñecidas, está sendo escandalosa. Poñen activos da Sareb o servicio dos fondos voitre. Nestes últimos anos, 5 anos en concreto foronse producindo desafiuzamentos e quero remarcar esto porque é verdade que con anterioridade, non houbera desafiuzamentos en Narón incluso nas épocas máis duras, porque había un convenio que levara a cabo o Bloque Nacionalista Galego cos bancos onde ante un posible desfiuzamento se financiaba eso. E nós sabemos que a día de hoxe hai axudas para persoas vulnerables ou familias vulnerables dependendo da nómina, etc.etc. Pero a realidade é que se están sufrindo desafiuzamentos no noso concello. Hai axudas hoxe no concello como decía, pero temos que ir máis alá. E por eso pedimos que se faga, tal e como tiñamos no noso programa electoral, un plan de acceso á vivenda para as persoas, mozas e mozos que pode partir por exemplo de colaborar coa fianza do alugueiro que anticipe o concello nun prazo máximo de 2 anos, e que esta sexa de volta pero sen xuros porque o que é unha realidade a día de hoxe, hai a xente que se lle está pedindo 3 meses de fianza, 6 meses de fianza e vimos de explicalo na moción anterior, hai moita xente que é asalariada e que non pode vivir dignamente ou non acceder a unha vivenda por certo, con dereito de todas as persoas. Entonces por todo eso cremos que tamén é necesario e cremos que non lle costa diñeiro, un observatorio local de vivenda con todos eses datos aos que accedemos dende o Ministerio ou dende a Consellería, onde hai competencias de vivenda e solo para que a xente cando accede ao concello poida ter eses datos de primeira man e necesitamos que a Xunta aplique unha política de vivenda de alugueiro real, porque se pedían aquí datos e o que é unha realidade é que nos últimos 10 anos, que se prometeron tamén ( teño que decilo, o sinto Pedro) miles de alugueiros e agora hai un par de semanas dixestes que ibades a poñer (teño aquí o dato) creo que ao mellor 1.800 vivendas de alugueiro en 2 anos e o que é unha realidade é que vivendas protexidas para aluguer construídas en Galiza na última década son 144, creo que non son suficientes, máis que 144 para o conxunto do país. Por certo, para Narón cero eh, que quede claro

porque imos falar de Narón, para Narón cero e axudas sociais é necesario conveniar coa Sareb, é necesario que a Xunta agora que aceptou todos eses activos que o faga, pero que tamén o concello pode estudar programas pilotos para coller algunha desas vivendas como se fai noutros concellos e facer un plan de política de acceso á vivenda social, non estamos decindo que se collan todos os activos da Sareb de Narón, no concello porque son moitísimos e porque é unha competencia da Xunta; pero que si que se poñan máns á obra cando por certo, cando as vivendas de Piñeiros e as persoas afectadas daquela se nos informou no Ministerio a través do noso diputado no Congreso, Néstor Rego, que o concello podía asumir a través dun convenio esas vivendas. Ao final non se deu así, ao final é verdade que a solución da Sareb demostramos todos a faciana que tiña, pero por eso anunciamos que iniciamos con esta moción, pero que imos facer unha campaña informativa para a recollida de sinaturas e de escoita en Narón para dar cumprimento a estes obxectivos, ou sexa, esperamos que hoxe se aprobe esta moción porque a consideramos moi necesaria e porque nos non vimos aquí a discutir quen pon unha farola mellor ca outro, porque sabemos que eso o pon calquera, nós vimos a tranformar a realidade e para transformar a realidade son necesarias políticas e vontades.
Vímolo co servicio de madrugadores pero tamén o vemos aplicando un problema que ser doutras comunidades autónomas ou doutros concellos onde xa acceder á vivenda é prácticamente imposible e si que vemos como Narón aumentou a vivenda incluso máis que na veciña Ferrol. E nada máis.
Queremos que Narón sexa un lugar para vivir dignamente e que sexamos felices todas as persoas independentemente da nosa idade, e do noso xénero e condición social, sempre o digo, espero que todas e todos esteamos de acordo e nós vimos á política para esto, para cambiar as cousas e que todo vaia a mellor .

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. O partido socialista vai apoiar esta moción. Entendemos que é unha moción que é necesaria a día de hoxe en Narón polo alto custo dos alugueiros que agora mesmo ten Narón, non sei se en certa medida tensionada pola carga de traballo agora mesmo que ten Ferrol e a pouca oferta, neste caso, que ten o Concello de Narón.
Se insta á Xunta de Galicia e ao Goberno español. Eu penso que o Goberno español fai todo o que pode, nese caso de feito, aprobou a normativa das zonas tensionadas, neste caso, de alugueres pero a competencia neste caso é autonómica. Así que máis alá de sacar unha normativa e unha recomendación para que as distintas comunidades autónomas poidan adecuala, pois loxicamente non se pode facer nada máis. Unicamente observar aquí que efectivamente, supoño que despois Terra Galega o avanzará, pero sí que se respecta o 8% mínimo de vivenda protexida e polo demais penso que esta moción está ben traída, ten sentido e eu penso que debíamos apoiala todos os partidos políticos por unanimidade.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. A verdade é que esta moción ten puntos que encaixan nas nosas propostas que trouxemos a este pleno, como foi no pleno do 22 de outubro do ano 2022, que xa presentaramos unha moción donde pedíamos a implicación do concello para solicitar 40 vivendas ao Sareb, por unha banda destinadas ao alugueiro social e outra, poñer en marcha unha bolsa municipal de vivenda destinada a menores de 35 anos en coste asumible, igual que outras axudas para dispoñer e favorecer a emancipación xuvenil.
Pero tamén é certo que ten puntos que non nos encaixan demasiado porque a Lei de vivenda estatal o que ven é a crear normativa insegura xurídica no, ataca directamente ao propietario e polo tanto, nós non podemos estar nese lado porque consideramos que hai que defender e hai que protexer aos propietarios desas vivendas. E non estar defendendo aos okupas como parece ser que se quere defender, no.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Polo tanto, nese sentido non imos poder apoiar esta moción e sí que os dous puntos por exemplo, encaxanos directamente porque é certo que a Xunta está facendo desenvolvemento de política de vivenda encamiñada a fomentar tanto a compra como o alugueiro e en boas condicións, no.
Unha política que ven dende o ano 2009 entregando 4.634 vivendas de protección pública das que 2.403 foron de nova construcción e 30 delas foron en Narón e se cualificaron definitivamente máis de 5.700 vivendas protexidas impulsadas por promotores privados e cooperativas. Unha aposta por promover a vivenda protexida e que a Xunta vai intensificar, e de feito se creou a Consellería de Vivenda e Solo que creo que é importante para  a necesidade que hai de vivenda. E dende logo vaise seguir promocionando e hai un compromiso de achegar 8.000 vivendas residencial, e despois tamén temos previsto dispoñer de 20.000 vivendas protexidas de protección privada, onde se vai fomentar e onde se vai facer unha convocatoria de axudas para impulsar aos promotores construír vivendas protexidas. Que aquí é algo que non nos encaixa, Sres. do BNG, que teñan interese en que se faga esto e resulta que nos concellos onde eles gobernan pois non hai ningunha promoción sobre vivenda pública. Creo que vostedes gobernan algún concello que debían de axudar e promocionar a vivenda pública porque non só a Xunta o ten que facer, senón tamén os concellos poden activar e mobilizar a vivenda pública sobre todo, na aprobación de plans de ordenación municipal onde se pode reservar unha cantidade de solo público para vivenda social.
Polo tanto, nós imonos abster porque consideramos que hai puntos que sí poderían entrar dentro das nosas ideas e da nosa forma de traballar e intentar conseguir que haiba vivenda pública e vivenda máis económica, pero sí que non podemos estar de acordo coa Lei estatal de vivenda onde vos apoiastes en Madrid. Polo tanto, creo que se debía modificar esa lei e a partir da modificación desa lei, poderíamos posiblemente, pois estar de acordo en moitas cuestións que aquí se plantexan.
E de feito nós incluso no noso programa electoral levabamos un punto onde plantexabamos facer un Instituto da vivenda en Narón e onde ademáis fixemos un plantexamento onde hai pouco dos plenos aquí, do tema da vivenda tradicional e da vivenda que ten patrimonial e histórica onde se debería dende o propio concello ter un equipo onde se controlara e se axudara a determinados propietarios que teñen ese tipo de vivendas para que ao final esas vivendas non caian en deterioro e non se vaian acabando, porque en Narón é verdade que temos moitas vivendas vacías, moitas vivendas nun estado pois que non é o recomendable e que dende o propio concello, habería que fortalecer eses servicios para que asesoraran, axudaran e colaboraran cos propietarios de todas esas vivendas, xenerando esa axuda que hai desde a institución, dende a comunidade autónoma que hai fondos para arranxar ese tipo de vivendas e ao final eses propietarios necesitan esa colaboración dunha institución que podería ser perfectamente o Concello de Narón. De momento nada máis e moitas grazas.

-Sra. Hermida Rico: ben, como comentamos na comisión que propuxemos ao BNG que modificara o que suprimiran os puntos onde non estabamos de acordo porque si estamos de acordo no punto 1, no punto 2 e no punto 3 e no “e” pero hai un par de cousas concretamente que son as que máis nos impiden votar a favor, aínda que si no espíritu estamos na mesma liña, pero comentábamos nesa comisión o tema que plantexaba o BNG que falaba de anticipar os pagos das fianzas e permitir a súa devolución en 24 meses sen xuros, tanto a mocidade como as persoas con baixos recursos no. Nós mantemos que esta proposta que fai o BNG, penso realmente que non está ben pensada, que é moito máis prexudicial para as familias vulnerables e a mocidade, que as que temos recollidas agora mesmo no regulamento de axudas financieiras no punto concretamente de axudas para vivenda habitual, e pensamos realmente de que… e non sei se hai a posibilidade de que o BNG retire polo menos ese punto para intentar votar a favor o o vou a poñer cun exemplo práctico nese sentido, a proposta do BNG ven a decir que unha fianza de un mes que é o que establece a lei para os pisos de aluguer, que esa fianza o concello lle preste, imos poñer un exemplo, 400 euros que pode ser a a fianza de 1 mes a esa persoa ou a esa familia e que esa familia ou esa persoa o teña que devolver sí ou si cando remate eses 2 anos.
E as axudas que está concedendo o concello nese sentido a todas as familias dentro do que entre nese baremo para que se lle poda conceder esas axudas o que se fai é precisamente dar ese pago

desa fianza máis o primeiro mes sen devolver, quero decir non se dá un préstamo, simplemente é para que todos o entendamos, a fondo perdido.
E claro hai que pensar na perspectiva daquelas familias que o precisan, que realmente son as que o van a solicitar, e non dar por feito que non van a ter dificultade para devolvelo no, e eso creo que é un matiz importante. Porque normalmente as persoas que o solicitan é porque o precisan no, e podemos estar, digamos, incluso que retraendo a esa posibles persoas ou familias que o precisan porque van a ter o peso e a angustia de ter que devolvelo. E claro cando unha familia ou unha persoa é vulnerable no sentido que estamos a falar prácticamente vive ao día, no. Incluso non sabe como vai estar ao mes seguinte, no. Entonces como podemos pensar que pode aventurarse a coller ese crédito para devolvelo en 2 anos? Porque o vai a ter que devolver si ou si.
Entonces nós cremos que é un erro e que non está ben pensado e o decimos con total humildade, no sentido de que si o BNG retira ese punto nós poderíamos pensar, sobre todo este punto e o punto b, que é "demandar ao concello e o goberno español a cesión por parte da Sareb" nos sabemos, todos sabemos a competencia que ten a Xunta de Galicia, estamos a falar dunha competencia que non é menor, dunha competencia que precisa de moitos recursos, que precisa de moito tempo, sabemos que a Xunta de Galicia solicitou ao goberno do Estado poder adherise a ese plan Next Generation para poder solicitar que esas vivendas do Sareb, pasen as mans da Xunta de Galicia e nós si que podemos traballar nun plan recollendo varias perspectivas, incluso datos e incluso facer un pouco unha análise, incluso somos partidarios de facer unha proposta para baixar a presión fiscal sobre os pequenos propietarios. Porque é verdade que dalgunha maneira a presión fiscal … hai que pensar que en Galicia hai moita propiedade de pequeno propietario non, no sentido de que bueno, hai moitas herdanzas, …. Porque temos esa cultura da propiedade, pero sí que é verdade que ao final hai 2 cousas que creo que condicionan moi seriamente o aluguer dos pequenos propietarios e é a presión fiscal que teñen e outra, o tema da inseguridade dos desfiuzamentos neste caso, no.
Da inseguridade da ocupación, no. E deses procesos sobre todo, tan longos no tempo. Entonces eu creo que para o pequeno propietario que hai que darse conta que pode ser unha familia que ten a casa que acaba de herdar o piso, ou o baixiño dos pais, costalle poñer eso a andar no, entonces eu creo que nós somos máis partidarios deste tipo de medidas e de ter unha visión nese tipo de medidas conxuntas e non tanto destas propostas concretamente do apartado a, do punto 3 e do punto b, no, cremos que hai outras medidas nas que se pode traballar que poden ser máis produtivas.
E despois hai que ter en conta, Narón é un dos concellos de Galicia según os datos onde o aluguer é máis barato. Dos concellos de Galicia onde o aluguer é máis barato.
Eso tamén hai que telo en conta. Non obstante, é verdade que non está subindo pero aí está subindo porque hai moita demanda e pouca oferta. É verdade, o din así as inmobiliarias. Hai moita demanda e pouca oferta. Pero hai pouca oferta porque tamén na comarca hai pouca oferta, no, e hai unha poboación flotante que ven a traballar e que non atopa no, que poden ser profesores, que poden ser empresas, que poden ser……e non temos esa cultura tampouco dun aluguer temporal para traballadores. Temos unha cultura dun aluguer moi estable e diferente. Un aluguer de familia, no. E nese sentido, se ben toda a carga de traballo que ven para a comarca se vai necesitar moito piso probablemente con carácter temporal para dar cabida a todos eses traballadores que van a vir.
Entonces non sei se hai posibilidade por parte do BNG de retirar ese punto máis que nada porque vai a ser…. Nós non queremos aprobar algo de ser responsables, digamos, de empeorar as axudas que están reguladas agora mesmo. E non son compatibles.
Unha cousa é, ou ben, se lle dá un crédito a unha familia para que o devolva ou ben se lle dá a fondo perdido e o que temos a día de hoxe é que se lle dá a fondo perdido sempre e cando cumplan



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

con ese baremo. As dúas cousas non son compatibles. Está claro. Entonces non sei como o ve o BNG. Grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, decir que de máis dos 300 concellos que hai quizais estamos nos 24 máis caros, e aparte que hai datos. Empezas a mirar canto custa a vivenda en alugueiro 200 euros, 250 porque este país é inmenso e dende logo non é a máis barata a de Narón.
É máis: temos o mesmo prezo medio que Ferrol para pisos en alugueiros, sen embargo para vivendas unifamiliares é moitísimo máis caro e aquí se encareceu un 25% nos últimos 5 anos, mentres que en Ferrol un 6%. Non aceptamos ese punto e eu creo como xa lle expliquei a Vanessa no anterior, que falaba das 32 e 36 xantares nós o que explicamos na comisión é que ese punto non fala de retirar esas axudas necesarias para persoas e familias con vulnerabilidade. É máis o dixen na exposición de motivos de agora, senón sumar esta. Nós non estamos decindo, esto non é unha axuda porque ao final esas axudas a persoas e familias con vulnerabilidade van cuns baremos e unha cantidades que ás veces é inxusto porque eu coñezo familias que perderon o seu comedor social para os seus nenos e nenas no colexio por ter 2 euros, 15 euros máis ao mes do que tiñan o ano anterior e se quedan sen comedor social. Eses baremos ás veces teñense que poñer nunha administración por suposto, pero é inxusto. Esto está pensado para persoas que con recursos ou con recursos baixos pero sí con recursos e non entre nesa situación de vulnerabilidade, poidan acceder á vivenda. Por exemplo, a xente nova. É necesario aplicar políticas de vivenda para xente nova. Somos o concello de media de idade máis nova de toda a comarca e creo que é tarde se non empezamos a pensar niso e a transformar a realidade de Narón, antes de que sexa un problema como noutros concellos.
O que é unha realidade é que agora en Narón hai 3.200, 3.157 se queremos ser exactos, rexistrados de vivendas baleiras. Creo que non 3187 vivendas ocupadas en Narón.
O problema que temos en Narón e no conxunto do país, é a cantidade de vivendas baleiras e esto é unha oportunidade de crear vivendas sociais que a Xunta asuma as súas competencias, non creas unha Consellería de Vivenda. Unha das competencias das autonomías e que non responde do estado, poderíamos dende o Ministerio de Vivenda, son por certo a competencia en vivenda. A Xunta de Galicia ten plenas competencias que ten a Consellería, non a teña de feito o Instituto galego de Vivenda e solo chegou xa casi co inicio da autonomía e eso sería unha oportunidade tanto para propietarios e propietarias como para persoas inquilinas, darlle unha oportunidade a esas 3.200 vivendas baleiras que temos hoxe no Concello de Narón.
E cando falamos de promoción pública en todos os plans xerais dos concellos do Bloque Nacionalista Galego esiximos si se pon un mínimo de vivenda social e de vivenda pública por riba da media galega. A media galega hoxe é arredor do 6,5% e alegrámonos con ese último acordo que falaba Natalia, que nós pedimos que neste Plan Xeral o que se vai executar haiba un mínimo dun 8% en vivenda, como certo o proxecto inicial do equipo redactor tamén fai valer, no. Un mínimo dun 8% de vivenda pública para o noso concello. E falamos de alugueiro porque cremos que é importante porque hai moitos sectores da sociedade que están tendo problemas. E tamén o decimos.
Nestes meses está vindo xente á oficina do Bloque Nacionalista Galego a preguntarnos por vivenda. A ver cartas da Sareb, a ver desfiuzamentos. É verdade que non está acontecendo de maneira conxunta, como pasou en Piñeiros. Pero ven xente porque lles chega cartas da Sareb decindo que os seus contratos, que teñen contratos legais, decindo que ese contrato no vale, que esa vivenda é propiedade da Sareb cando eles nin sequera sabían. Eso está pasando e están vindo ao Bloque Nacionalista Galego.
Nós cremos que eso non deberá ser. Onde poderían deber dirixirse é ao Concello de Narón. E dende Servicios Sociais ou de onde sexa dende Urbanismo, se lles poda explicar estas oportunidades porque nós somos conscientes de que non temos nin toda formación, nin toda a información para esto. Nós podemos defendelos aquí, podemos defendelos no Congreso, podemos defendelos no Parlamento Galego pero o que necesitan son políticas reais de quen ten o poder ou de quen goberna para facelo. E é o sentido desta moción, que todo o mundo poda acceder a unha

vivenda, pagar por esa vivenda, por eso poñemos o do alugueiro e quitar o sentido de ter 3.200 vivendas baleiras en Narón.
Estou segura que cunha boa política de vivenda e dando pé a que houbera contratos de alugueiro é unha oportunidade para propietarios e para inquilinos porque cando están baleiras sí que pode haber eses problemas, que en Galicia en realidade son mínimos, que mencionou antes o partido popular. Sinto que se busque unha maneira mellor neste caso do partido popular, populista porque é verdade que agora falaron que nos próximos 2 anos van facer 1.800 sociais en réxime de alugueiro e repito nos últimos 10 anos só fixeron 144 no conxunto do país, menos mal que estarán as hemerotecas e en 2 anos recordarémoslle todo o que prometeron e todo o que non fixeron.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Falese que hai moitas vivendas vacías pero hai 2 partes, unha parte de vivendas que están sen rematar, que sabemos de varios edificios que compoñen moitas vivendas, e despois hai outro tipo de vivenda que é vivenda como falamos xa hai varios plenos, di vivenda que está como abandonada por moitas…. Por herdanzas que ao final non se poden facer cargo dela e aí é onde propoñía eu que o concello debería de actuar.
E despois hai outra parte que os propietarios non a sacan ao mercado pola falta de seguridade que hai agora mesmo, pola nova lei de vivenda. Que ademais quero recordar que hai 5 comunidades autónomas que a teñen recurrida entre elas, Galicia. Ese é un pouco o motivo do que está pasando .. e como lle decía antes hai puntos que a nós nos coinciden, e poderíamos estar de acordo como xa o propuxemos no ano 2022, pero tamén é non podemos olvidar que a Xunta sí que ten convocatorias de alugueiro, e que para o ano 2024-25 hai 20 millóns de euros que supoñen cuadriplicar os fondos que había no ano 2023. Ademais existe un bono de alugueiro social que paga o 100% do custo do alugueiro de determinados colectivos desfavorecidos. Eso faise dende a Comunidade autónoma.
E despois hai outro programa de movilización de vivenda baleira que claro, que para que esa vivenda baleira saia ao mercado hai que darlle unha seguridade ao propietario. A seguridade ao propietario lla hai que dar de que a Xunta paga o 100% no seguro de multiriscos do fogar se non pagan o aluguer para que teñan esa garantía. E eso loxicamente ven motivado porque temos unha lei de vivenda estatal que non está cumplindo o que se necesita para as comunidades, especialmente para a comunidade galega. Igualmente existen axudas para concellos, neste caso, concellos de menos de 10.000 habitantes para menores de 35 anos.
E tamén hai axudas para cascos históricos que lles comentaba eu que había que adherirse, para eses cascos históricos que Narón ten varios e para vivenda protexida así como avais aos mozos que desexen adquirir a súa primeira vivenda de ata o 20% do prezo da vivenda. Que tamén se anticipa dende a Comunidade Autónoma.
Hai cousas que si, pero tamén creo que dende o concello se poden facer moitas cousas pero non vexo eu esas ganas e esa inciativa polo equipo de goberno para facer eso.
Creo que se poderían facer e creo que dende este pleno con toda a Corporación, se nos sentamos a negociar, se podían conseguir facer cousas na vivenda. Creo que Narón o necesita, creo que non podemos deixar que os nosos cascos sigan envellecendo sin tomar medidas e esas medidas é buscar colaboración cun equipo de técnicos municipais, buscar colaboración e axuda aos propietarios e aos herdeiros desas propiedades, algo para nós importantísimo.
E logo para nós outro tema importante e creo que dende o propio concello se debería de traballar, para todos eses edificios que están algúns deles sen rematar, e outros prácticamente rematados e que están no estado que están, creo que deberían de mobilizar para que se lles dea vida que é o que necesitamos. E dende a presidencia se poderían facer moitas cousas.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

E nós estaríamos dipostos a colaborar pero non podemos, como dixen antes, votar a favor desto porque defraudaríamos a moitos propietarios porque ao final moi posible faga un aluguer e lle entre un okupa e eso é o que non podemos permitir. Porque temos que defender a propiedade privada que é polo que todos pelexamos e loitamos para poder disfrutar e tela. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Hermida Rico: si bueno, é que realmente na moción do BNG pon: "anticipar o pago das fianzas e permitir a súa devolución a 24 meses sen xuros destinada principalmente para mocidade e persoas de baixos recursos" . Estamos entendendo que son persoas con baixos recursos e mocidade que precisa de recursos. Non é unha política de emprego para a mocidade que non precise deses recursos porque ao que se fai …estamos falando de facer unha política de acción social para as persoas que o necesitan, non é xeral. E outra cousa, a competencia, como recolle ben a moción do BNG, é da Xunta de Galicia. E xa lle expliquei na comisión que a Xunta xa solicitou á Sareb, ao goberno do Estado esas vivendas, non só a Narón, senón a nivel galego para adherirse a eses recursos do plan este.
Entonces querer, eu ben sei que teñen moitas ganas de mudar de estar na Xunta, de facer política realmente que cambien, pero é que esas políticas hai que facelas realmente onde se fan, onde se fan esas propostas, onde se fan eses cambios, onde realmente é factible que eses cambios se den na sociedade.
O concello de Narón non ten esas competencias nin vai a ter os recursos suficientes para levar eso adiante. E quero recordarlle tamén que o goberno do Concello de Narón fixo promoción social, no seu momento, de vivenda para a mocidade. A fixo. Ultimamente non vemos ningunha, penso que a última da Xunta de Galicia foi a da zona de Amenadás de Freixeiro. Non recordo a última promoción de vivenda da Xunta de Galicia en Narón. Non sei se foi a de Amenadás ou no.
E volvo a repetir. Esa proposta que está facendo o BNG é inferior e moito máis prexudicial para as familias e para as persoas, que se lle está concedendo agora mesmo unha axuda a fondo perdido e o que propón esta moción é conceder un crédito que van a ter que devolver, que van a ter que devolver e que vai a angustiar a moita xente e que vai a retraer que poidan … ou que se atrevan a solicitar esa axuda porque non saben en que situación se van a atopar cando teñan que devolver ese crédito.
Polo tanto, a ver, hai que ter unha visión dende o punto de vista dunha familia ou unha persoa que necesita unha axuda para vivenda habitual. Non sei como poden dar por feito que o van a poder devolver, que non se van angustiar ante esa situación. Cando o concello sen necesidade, cando o concello está dando esa axuda a fondo perdido.
Entonces, a ver, eu creo que intentei que se retirara da comisión, que podíamos ter realmente un fondo común pero home, querer manterse nunha posición e non recoñecer ao mellor, de ter un pouquiño de humildade no sentido de querer recoñecer que se equivocaron e retirar ese punto .. bueno, pois hai que saber tamén recoñecer.

-Sra.Ledo Díaz: bueno vou pechar, eh, non tiña intención pero de verdade, 1+1 é igual a 2 e 1 é igual a 1. Entón hai unhas axudas para persoas vulnerables, perfecto. Nós aquí o que estamos pedindo e é un punto por certo, que se aprobou no concello de Vigo dunha moción do Bloque Nacionalista Galego, exactamente igual, ou sexa aí teño que decilo, teño moitas críticas de Abel Caballero, pero neste caso decidiu apoiar ese punto e en Vigo hai moitísimos problemas co da vivenda porque non é unha competencia da Xunta de Galicia o que estamos decindo que persoas que se queiran emancipar da súa casa con traballo que decidan destinar pois para o mobiliario unha parte da súa vivenda pois que teñan esa axuda no, van a vir a milleiros a pedir esa axuda ao concello senón que esa fianza estea cuberta e que logo a devolvan.
Unha xente que seguramente co paso dos anos mellorará o seu traballo e irá mellorando e simplemente para axudar a emancipar, a política xuvenil. E decimos persoas con baixos recursos e incluímos alí dentro desa política municipal porque hai persoas que a veces están pasando un

período difícil para que se lle poida axudar. Para nada fala de quitar esas axudas e ese é o espíritu porque non decimos retirar as axudas e poñer estas porque non incluir esto.
O das vivendas da Sareb comprenderás somos plenamente conscientes desto porque é unha reclamación ademais do Bloque Nacionalista Galego e todo o que ten a ver en política de vivenda pero non cremos que esté de máis que se fagan programas pilotos para que certas vivendas en Narón que están en activos de fondos voitre o concello colabore. Simplemente que o miredes. Que vechades que hai fondos, incluso teño que decilo, hai unha persoa traballadora de promoción económica que se dedica, entre outras cousas, a captar fondos europeos, non sei cales porque é verdade que aquí neste concello humildemente o digo, se perden bastantes fondos aos que poderíamos optar pois por exemplo, para este tipo de cousas.
E cremos que é moi importante traer este tema ao pleno porque está claro que polo menos se están movendo cousas. Repito 1+1=2;  1 é 1. Entonces non estamos falando de quitar unhas axudas necesarias senón que estamos falando de colaborar, quen no o queira comprender que non o comprenda, para nós eso non é u problema pero que estamos entroutras cousas moi orgullosos dese punto e de todos os que van recollidos nesta moción. Nos que se insta á Xunta de Galicia, por suposto, estades de acordo e que nos que se insta ao concello só estades de acordo nalgún de 5. Vale. É o que demostra, nós xa o decimos, imos seguir con esta campaña de maneira informativa con recollida de sinaturas e tamén de escoita para que se leve a cabo o que nós consideramos necesario para unha política real e de vivenda no concello de Narón.

-Sra.alcaldesa: temos varias mocións que quedan aí pendentes, temos xente que quere falar neste pleno, eu agradecería que mantivesen o tempo que corresponde para cada intervención. E realmente crédeme que se vos aviso é porque vades moi pasados de tempo, se non, non o faría.
**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou o ditame desfavorable da moción transcrita:
TEGA: Abstencións 10
PP: Abstencións 6
BNG: En contra 3
PSdeG-PSOE: En contra 2
Queda por tanto aprobada esta moción.

**14 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RECLAMANDO A "CREACIÓN DUN SERVIZO MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN PARA AS FAMILIAS DO ALUMNADO DOS CENTROS ESCOLARES PÚBLICOS DE INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE NARON".**. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: "O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

**Do grupo do PSdG-PSOE reclamando o "CREACIÓN DUN SERVIZO MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN PARA AS FAMILIAS DO ALUMNADO DOS CENTROS ESCOLARES PÚBLICOS DE INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE NARON".**

**EXPOSICION DE MOTIVOS:**

"NO CONCELLO UNS NENOS ALMORZAN E OUTROS NON"



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Reiteramos novamente a nosa moción que xa foi levada ao Pleno municipal e aprobada no mes de outubro do ano pasado, coa petición de que polo Concello de Narón se dea resposta a unha necesidade das familias do alumnado de primaria e infantil dos centros públicos escolares de Narón.

A creación deste servizo/programa dende os servizos sociais do Concello, permitirá regular o servizo que na actualidade levan as ANPAS e obter un prezo común para as familias sen importar o centro escolar no que estean matriculados o alumnado.

Pero máis importante se cadra, é regular o prezo para que as familias máis desfavorecidas non sufran unha discriminación económica que impida que haxa nenos e nenas que vaian a clase sen un almorzo.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

**ACORDOS:**

1.- A creación dun servizo municipal de conciliación da vida familiar, persoal e laboral para as familias do alumnado dos centros escolares públicos de infantil e primaria do Concello de Narón durante o curso escolar 2024/2025 e seguintes, con opción a servizo de almorzos e a prestar durante o curso escolar en horario de 7:30h ata o inicio das clases.

2.- Que se estableza se procede un convenio de uso das instalacións dos centros escolares públicos de infantil e primaria do Concello de Narón cos seus Órganos directivos, para a prestación do servizo municipal de conciliación da vida familiar, persoal e laboral para as familias do alumnado dos centros escolares públicos de infantil e primaria do Concello de Narón durante o curso escolar 2024/2025 e seguintes en horario de 7:30h ata o inicio das clases .

3.- A posta en marcha polo Concello a través de medios propios ou externos dunha canle electrónica de comunicación a través dunha APP entre as familias e o servizo municipal ou no seu caso a empresa adxudicataria da prestación do servizo municipal de conciliación da vida familiar, persoal e laboral para as familias do alumnado dos centros escolares públicos de infantil e primaria do Concello de Narón

4.- A creación ou modificación dunha ordenanza fiscal e no seu caso Regulamento a fin de que se estableza o baremo dos prezos ,bonificacións e axudas do servizo municipal de conciliación da vida familiar, persoal e laboral para as familias do alumnado dos centros escolares públicos de infantil e primaria do Concello de Narón.

5.- A creación dun Consello municipal e regulamento do seu funcionamento do servizo municipal de conciliación da vida familiar, persoal e laboral para as familias do alumnado dos centros escolares públicos de infantil e primaria do Concello de Narón no que participen os representantes dos partidos políticos con representación municipal e os representantes das ANPAS dos centros escolares públicos de infantil e primaria do Concello de Narón.

Narón a 15 de abril de 2024.

Fdo.: Silvia María De Arriba Fernández

Voceira do PSdG-PSOE”

E visto o ditame Desfavorable por maioría (cos 5 votos en contra de TEGA; as dúas abstencións do BNG; e os votos a favor de PP -3- e PSdG-PSOE -1-) da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social de Igualdade de data 18-04-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

**EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E QUE É ACEPTADA POLO PSdeG-PSOE:**

Engadir outro punto que sería:

6.- Solicitar á Xunta de Galiza que asuma as súas competencias en conciliación e financie este servizo unha vez asumido polo concello.

**DEBATE**

-Sr. Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Tomando en consideración eso último que comentou vostede e habida as horas que son e que hai xente que tomou a palabra, a min gustaríame pedir como excepción hoxe, sen intentar que ningunha forza que somos aquí, digamos pois intente abanderar algo que ten que ser neutro e do conxunto da cidadanía de Narón, gustaríame que os turnos de palabra lle correspondera ás ANPAS que están aquí. Que puideran falar.

-Sra.alcaldesa: non pode ser. Hai un regulamento que di que cando son os turnos de palabra e entendo que independentemente deso, temos que mantelo que por algo está aprobado.

-Sr.Ulla Rocha: pois a miña intervención únicamente se vai referir a ler e dar lectura ao manifesto que fixeron as ANPAS no seu momento que xa tedes coñecemento e a Sra.alcaldesa, que por fin accedeu a dar cumplimento á moción e vou dar lectura ao manifesto. O vou a ler en castelán que está o documento en castelán:

*"ANPA A Buxaina CEIP A Gandara, ANPA As Aceas CEIP Piñeiros, ANPA CEIP Ponte de Xuvia, ANPA CEIP A Solania, ANPA Galatea CEIP Virxe do Mar, ANPA CRA y ANPA O Buxato CPI O Feal*

***MANIFIESTAN:***

La gestión del servicio de desayunos y madrugadores en estos momentos es una anomalía del sistema de la Administración Pública, dado que las ANPA están cubriendo una necesidad de las familias, para poder llevar a cabo una adecuada conciliación familiar y laboral, y dicha gestión debería de hacerse efectiva por parte de un ente público.

El Concello de Narón se encuentra subvencionando una parte de los gastos de dicho servicio, no obstante, la propia ayuda económica actúa discriminando de forma muy destacada a dos segmentos de usuarios: aquellos con una renta per cápita inferior, y las alumnas y alumnos con necesidades especiales.

1. Desde las ANPA consideramos que aquellas personas que posean una menor renta per cápita (sin tener en cuenta las familias que pudieran estar en situación vulnerable), debieran de abonar un menor importe (u obtener el servicio sin coste), circunstancia que en estos momentos no se produce, ya que la subvención del Concello de Narón se asigna a través de un proceso burocrático amplio para las ANPA, sin valorar a los usuarios en función de su condición socioeconómica. Destacar que los fondos de la subvención del año 2023, ha sido transferidos casi un año después de haber iniciado el servicio, y se estima que no habrá una resolución definitiva, como mínimo, hasta marzo 2024, con lo que ello conlleva a los usuarios.

2. Por otro lado, se produce una doble discriminación en determinadas familias: en el momento en el que una alumna o alumno, requiere de unas necesidades especiales, y por lo tanto de personal cualificado y especifico para su atención, ya que las ANPAS económicamente no pueden sufragar los gastos de la contratación de personal adicional y especializado, para cubrir las necesidades del propio alumno o alumna.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

De igual forma, deseamos destacar que la tramitación de las subvenciones, está sustentada en la capacidad de la gestión de los miembros de la Junta Directiva, y hay que tener en cuenta que, el entramado burocrático para la solicitud de los fondos es muy complejo, y cualquier error puede ocasionar la negativa de dicha solicitud. Podemos afirmar que se han denegado los fondos, por errar en la tipología de un formulario.

En cuanto al porcentaje que subvenciona el Concello de Narón, se publicita en los medidos de comunicación que, los usuarios del servicio de desayunos y madrugadores, poseen una ayuda que financia el 70% del coste de dicho servicio. En este sentido hay que resaltar que, el complejo sistema burocrático establecido para solicitar y obtener la mencionada ayuda, es sumamente dificultosa, y en la mayoría de los casos imposibilita que realmente se subvencione el 70% del coste del servicio. Y como continuación a este aspecto, significar que, en función del colegio donde estén matriculados los usuarios, se obtiene una subvención extremadamente diferente, circunstancia que entendemos no es de justicia, ya que entendemos que todas las usuarias y usuarios tienen los mismos derechos e igualdad de oportunidades, con independencia de donde estén cursando los estudios.

De acuerdo con la normativa legal vigente, no existe articulado alguno en el que se ponga de manifiesto que, las ANPA deben de asumir la enorme responsabilidad de la gestión del servicio de desayunos y madrugadores, es por ello queremos recordar a la propia Administración Pública, que el Real Decreto 1533/1986, de 11 de julio, regula las funciones que las asociaciones de madres y padres, tienen establecidas, y en este sentido dichas asociaciones llevan asumiendo funciones que son competencia de las Administraciones Públicas por la propia inacción de los organismos públicos.

En cuanto a los CRA (Colegio Rural Agrupado), debemos de realizar una mención especial, ya que las dificultades de gestión del servicio de desayunos y madrugadores es extrema, dado que no perciben ayuda alguna por parte de ningún organismo, teniendo en cuenta que realizan un servicio muy relevante para el entorno en el que se encuentran ubicados, y son los grandes olvidados de la Administración Pública.

Por último, y no menos importante, el 26 de octubre de 2023 el Pleno Municipal del Concello de Narón, instó al gobierno local a que llevase a cabo la gestión del servicio de desayunos y madrugadores de los colegios públicos de Narón, dado que la Consellería no actúa en consecuencia, efectuado una licitación similar al servicio de comidas que en estos momentos gestiona. No obstante, hasta el momento no se ha observado que se esté realizando gestión alguna por parte del Concello de Narón, de acuerdo con las directrices que se marcó en dicho pleno.

Con la finalidad de GARANTIZAR la igualdad de todos los usuarios de los colegios públicos; la no discriminación por razón de las condiciones físicas o psicológicas; y la no discriminación por aspectos socioeconómicos; los abajo firmantes solicitamos al Concello de Narón que gestione el servicio de desayunos y madrugadores a partir del curso 2024/ 2025.

En Narón, a 26 de enero de 2024”

-Sr.Ledo Díaz: ben, nada, primeiro vostedes o partido socialista, sabe que foi o BNG o que presentou unha moción antes que esta que estamos debatindo hoxe para que se cubrise, para que se fixese cargo do servicio de madrugadores o concello, e o segundo punto esixindo un modificado de crédito. É verdade que vostedes tamén saben dende antes de facer esta moción, que ese modificado vai ser unha realidade porque así se informou o día do pleno dos orzamentos e porque ese luns, non este luns, o anterior, xa tiñamos todos coñecemento de que ese modificado de crédito ía ser unha realidade e que o xoves se reunían. Faltaba saber as condicions nas que se facían. Parece ser que foi satisfactoria polas dúas partes e dígoo porque nós na Xunta de Portavoces, que presentamos unha moción con anterioridade, que podíades facer emendas como hoxe presentamos unha emenda nós e agradecemos que a aceptedes, decidimos retirar a nosa moción porque xa había un acordo porque se aprobaban un modificado de crédito anterior ao debate das mocións e para que fose unha declaración institucional onde non estaríamos debatindo, nin falando nin intervindo senón dando lectura a esa declaración institucional e onde poderíamos para …. O traballo e a loita das ANPAS para que esto fose unha realidade e onde non estaríamos aquí a ver quen fai o mellor relato. Esto é a verdade. E esto é unha realidade. E sabédelo.
E despois dunha loita de máis de 5 anos pedindo este servicio que se presentara na anterior lexislatura unha moción por parte do BNG que non tivo cabida, sí é certo que foron as ANPAS as que foron quen de chegar a un acordo e de mudar a vontade do goberno de Narón mentres a Xunta de Galicia non asuma unha competencia que lle é propia e decidiron sairse desa Declaración

Institucional e quedar agora en vez de Declaración nunha moción entre TEGA, PP e o BNG dando por bo ese acordo das ANPAS e do Concello. Entonces agora mesmo, estamos debatindo todo esto porque sabendo todo esto decidiron continuar.
De todas maneiras, os acordos que aparecen aquí cremos que é importante decilo tamén para non chegar e estar decindo e tal.. e tendo que quitar e que se hai que quitar de partida para tal…se esto é un modificado, non marear á xente porque ao final desvirtuase un pouco todo o sentido e todo o que se está conseguindo, facendo coas ANPAS, non xestións unha competencia que por suposto non era a delas e eso haberá que mirar no regulamento os puntos que aparecen aquí, que van a estar mellor porque vostedes ven saben que o vemos agora no pleno, ata que haxa un regulamento é como poñer aí nada. Así que no BNG estaremos moi atentas a ver como é esto para que sexa en beneficio das familias que os servicios fanse dunha maneira directa como se ten anunciado ata agora e para nós está ben que así sexa, e que non quede todo en papel mollado como está a acontecer agora. E por eso como aceptaron a emenda que nós puxemos e votarémola a favor. Repito, xa houbo a oportunidade de facer unha Declaración Institucional e pechar esto como se merece e ao final non pode ser, non estaríamos debatindo nin alargando o pleno para que haxa outras intervencións que, por suposto, deberían de facer de maneira directa como sempre facemos.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Bueno, referente a esta moción, o partido socialista a verdade é que dende outubro que se trouxo a primeira moción era cando xa se debía aprobar definitivamente e sacalo adiante. Xa van 6 meses e aínda hoxe aprobamos o modificado de crédito para sacalas a licitación. É algo que creo que dende o primeiro día estaba clarísimo que esto tiña que ser así.
O que pasa é que vostedes quixeron dar largas, e estar un pouco esperando a que neste sentido tema de educación, eu creo non é un tema de educación. Eu creo que claramente é un tema de conciliación que dende o primeiro día llo comentamos e algo que o 90% do resto dos concellos, estanno facendo eles directamente.
E ademais non é dende agora, hai moitos anos que o están facendo. Polo tanto, non entendo este retraso e esta tardanza para que ao final non demos chegado ao mes de setembro con todo, co expediente completo para que se poida iniciar dende o concello.
Cremos que hai que ser máis axiles, que hai que ser máis dinámicos e intentar cando corresponde sacar as cousas adiante con moito máis rigor.
Creo que é un servicio básico, necesario para as familias, moi importante e polo tanto Narón non debe quedar atrás, e eu creo que esto moito mellor e moito máis claro é que se faga dende o propio concello non que teñan que as ANPAS estar con eses asuntos que ao final o que fai é complicarlles a asistencia e a forma de traballar e é un tema público, nos colexios públicos e polo tanto nós imos a votar a favor e estamos de acordo en que se aprobe toda esta moción. Nada máis e moitas grazas.

-Sra. Ameneiro López: grazas Sra.alcaldesa.
Esta moción está plantexada para un escenario obsoleto. Non se adapta a situación actual e real do acordo alcanzado polo equipo de goberno coas ANPAS, acordo que facilitará a xestión transitoria dos servicios de madrugadores a través das ANPAS ata que o concello de Narón recolla administrativamente a dación tamén transitoria, e ata que a Xunta de Galicia asuma a súa competencia nesta materia.
Terra Galega seguirá defendendo a xusta xestión de competencias tal e como propón a FEGAMP. A realidade actual do acordo para a xestión transitoria do servicio de madrugadores polo Concello de Narón, abarca a xestión coa posta en marcha dos medios necesarios para o día a día do servicio, obviamente tamén a posta en marcha co regulamento necesario para a execución e posta en marcha do devandito servicio de madrugadores. Vimos de aprobar inicialmente neste Pleno a adaptación



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

do regulamento do Consello Escolar Municipal, cousa que tamén aproveito para agradecer a todos os partidos políticos que o fixeron posible. O dito consello escolar que se organiza en pleno, comisión permanente e comisións de traballo. Ditas comisións de traballo teñen a vantaxe e a capacidade de tratar asuntos concretos se así o determinase o pleno do Consello Escolar Municipal que é o órgano participativo por excelencia e por dereito da nosa comunidade educativa.
Esta moción só ven a solapar o traballo e as funcións do dito Consello Escolar Municipal de xeito que consideramos minitarioso o carácter efectivo.
Terra Galega aposta por dotar de sentido común e funcionalidade os recursos dos que xa dispón a comunidade educativa do noso concello. Estamos a traballar a reo para cubrir as súas necesidades e as súas demandas. Pero sempre do xeito máis eficiente posible.
Polo tanto, non podemos votar a favor xa que entendemos que esta moción non se axusta á realidade e sobre todo, porque entendemos que viría a ralentizar un proceso que consideramos ten que ser optimizado. Grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.
Mire eu non vou a entrar en rifi-rafes en relación a que poida ter mérito ou non porque considero que o mérito téñenno as ANPAS, non vou a entrar a valorar si esta moción é axeitada ou non, o que si vou a valorar é que o que quedou claro é que Terra Galega non ten intención que esto perdure. Esperemos que Terra Galega non teña unha maioría absoluta para que este programa de madrugadores nunca se volva a perder en Narón.

-Sra.alcaldesa: a demagoxia é total e absoluta. É dicir, dis unha cousa e a contraria no mesmo pleno, e non te pos colorado. É dicir, cando dis que non se quere, que queres facer que as ANPAS fagan para non facer aquí unha intervención que sexa neutra, creo que dixeches, ou nada política ou así, e de acordo é unha cousa. Pero a realidade é que che pedimos neste caso a voceira, que bueno, que dixo que tiña que consultar contigo, que non tiña capacidade para decidir ela, empatabamos entre todos os que estábamos alí un texto para unha declaración institucional, que sería como ben di Olaia, o peche perfecto para este proceso pero non, non quixechedes, quixechedes manter esta moción, e agora dis que non queres facer neste caso, … non sei, de verdade, é que sinceramente dame moitísima pena que esto sexa así. É dicir, nós chegamos a un acordo e mantemos o que decíamos inicialmente, é dicir, cremos que non é unha competencia municipal, e neso estamos creo que todos e todas de acordo.
E realmente mira, a asamblea da FEGAMP, hai 3 relatorios, estamos todos os que gobernamos, os alcaldes e alcaldesas. Primer relatorio: fala de financiamento local, xa se fala das competencias; segundo relatorio, e se di que os concellos asumen moitísimas competencias que non son propias e neste caso, fala de educación. E falan en xeral duns 450 millóns de euros máis menos. E dicir, unha verdadeira esaxeración.
E outra ponencia, relatorio 2: autonomía e competencias locais presente e futuro, volves a falar exactamente do mesmo, que estamos asumindo competencias que non son nosas, e esa é a realidade. É dicir, por que facemos eso? E tamén tratar de tergivesar o que se aprobou nesa moción. Germán nesa moción dese 26 de outubro había 2 puntos: punto núm. 1 reclamarlle á Xunta de Galicia que é a que ten as súas competencias que asuma esto porque é moi bonito, moi precioso decir que é un servicio básico, que é un servicio importante para as familias, que non é das ANPAS, estou de acordo, en todo eso de acordo, pero sabe cal é a realidade? Que é a competencia da Xunta de Galicia. E agora o imos a facer nós transitoriamente ata que o asuma ela. Pero imos a tratar de loitar porque así sexa, por que? Porque é a súa competencia.
E a realidade é esa, e sinceramente colexios de Narón, onde se fai servicio de comidas, xestionado Xunta de Galicia, almorzos pola mañá, non, non pode ser, é dicir, unha cousa é educación e outra agora di que é conciliación. Sexamos realistas, se hai unha empresa que xestiona as comidas, por que non pode ser a mesma empresa que xestione neste caso os almorzos? Por que? É de sentido común para abaratar en custos, para abaratar en todo. E para dar un servizo de calidade e esa é a realidade e de verdade, que tratades de enganar e de darlle voltas e tal….. é unha competencia da

Xunta de Galicia e de verdade que o facemos transitoriamente despois de ver e de falar coas ANPAS, e lles puxemos enriba da mesa distintas condicións. Créanme, que mentres goberne Terra Galega este acordo se vai a manter, e é así. E é o noso compromiso, e agora mesmo cando salgas deste Pleno, poderás darlle as voltas que queiras pero a realidade é esa. E quen o asume hoxe en día é o goberno deste concello.

Pasamos a votar a moción.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou o ditame desfavorable da moción transcrita:

TEGA: Abstencións 10

PP: En contra 6

BNG: En contra 3

PSdeG-PSOE: En contra 2

Queda por tanto aprobada esta moción e incorporada a emenda aportada polo BNG.

**15 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE CONCILIACIÓN SOCIAL ACTIVO E IGUALDADE DIRIXIDO AOS/ÁS NOSOS/AS MAIORES CO OBXECTIVO DE QUE POIDAN TER ENCONTROS DE CONVIVENCIA A DIARIO CON PERSOAS DA ZONA.**. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: **O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy,** en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

**POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE CONCILIACIÓN SOCIAL ACTIVO E IGUALDADE DIRIXIDO AOS/ÁS NOSOS/AS MAIORES CO OBXECTIVO DE QUE POIDAN TER ENCONTROS DE CONVIVENCIA A DIARIO CON PERSOAS DA ZONA.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Partido Popular de Narón, considera que é necesario avanzar cara a un novo modelo de coidados de longa duración, personalizado, que se adapte ás necesidades das persoas, participativo, que teña en conta tanto as necesidades das persoas dependentes ou daqueles colectivos que vivan sos ou con falta de medios para poder desenvolver as súas necesidades básicas diarias, mesmo en momentos puntuais por diversas circunstancias.

O Partido Popular de Narón estima que se debería contemplar a posibilidade de promover avances na participación activa das persoas maiores na sociedade, xerando novas oportunidades a través da posta en marcha de medidas que favorezan o envellecemento activo, así como a solidariedade e o intercambio xeracional.

Grazas ao esforzo de todas as persoas maiores, construíuse a Galicia de hoxe na que nos sentimos orgullosos de vivir e convivir. Galicia conta cunha das esperanzas de vida máis altas do mundo e supón que temos moito potencial na participación social das persoas maiores.

Dentro desta liña trataríase de fomentar o voluntariado para axudarlles a canalizar a súa vocación de colaborar cos demais e impulsar a figura do mentor, para que poidan contribuír a súa experiencia aos máis novos.

É indispensable, tamén, afrontar o crecente problema da soidade non desexada. O Partido Popular de Narón propón aproveitar os recursos que nos ofrecen os distintos servizos da contorna, o pequeno comercio e as entidades sociais arraigadas no territorio para constituír unha ampla rede de atención contra a soidade.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Estes pequenos núcleos de convivencia integraranse no seo dun novo modelo de coidados e garantirán a autonomía da vida das persoas, que seguirán vivindo dentro da súa contorna, pero con seguridade, benestar e seguimento profesional.
As entidades públicas deben de expor alternativas para promover os hábitos de convivencia dos/as nosos/as veciños/as para poder manter no tempo as súas relacións sociais a través dos encontros en actividades culturais, sociais, deportivas, etc. reforzando eses programas de igualdade para a conciliación e convivencia na súa vida diaria mesmo nos momentos de diversión e tempo libre.
Para as persoas da terceira idade, e en especial as que vivan soas, consideramos que sería moi necesario que as institucións públicas, e neste caso o Concello que e a administración máis próxima á cidadanía, deben de promover programas pensando no día a día das persoas que poidan ter dificultades para achegarse a participar en actividades culturais, sociais e deportivas reforzando programas de igualdade.
Por todo iso, desde o grupo municipal popular propoñemos a posta en marcha canto antes, dun programa piloto no local social de Pedroso, dada a características do local e da zona, cos seguintes proxectos:

- Posta en marcha dun programa piloto de envellecemento activo para que as persoas poidan seguir desenvolvendo actividades no seu lugar habitual coa xente da súa contorna: veciñanza, amizades e familiares. Todo iso co obxecto de superar unha situación de soidade que lle evite á persoa verse obrigada a ingresar nunha residencia de maiores.
- Posta en marcha dun programa de encontros frecuentes, coa periodicidade que aconsellen os técnicos, con persoas desas zonas.
- Posta en marcha dun programa de actividades programadas onde as persoas fagan quendas en base aos seus hábitos diarios profesionais ou dous labores de fogar para a convivencia diaria do grupo.

Os destinatarios deste programa piloto serían persoas dunha franxa de idade de 65 anos en diante e que non teñan limitacións físicas, agás as propias da idade, organizados por grupos entre 10 e 15 persoas cun programa de actividades comprendido entre as 10 e as 18 horas.
As actividades propostas, sen prexuízo das que os distintos grupos municipais propuxesen para enriquecer a presente proposta, serían:

- Actividade física segundo as posibilidades de cada persoa: exercicios estáticos, logo dun estudo realizado a cada persoa para determinar as súas limitacións.
- Paseo/Camiñada pola zona co tempo que se determine.
- Reparto de tarefas para desenvolver actividades cotiás como preparar a comida do medio día, a limpeza posterior, ...
- Repouso con sesta ou o que cada persoa participante teña por costume: televisión, radio, café, xogos de mesa, faladoiro, manualidades,...
- Leira para horto
- Merenda e final do día, deixando todo recollido para a xornada seguinte.

Considérase interesante poder contar cunha ficha dos usuarios na que se recollan as actividades elixidas por eles e que mellor se adapten ao seu perfil.
Todo iso co obxecto de alcanzar a implicación dos usuarios/as, así como a súa completa colaboración, no sentido de que cada un comprométase a realizar a actividade asignada para o bo funcionamento do proxecto.
Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, a adopción do seguinte:

**ACORDO**

Solicitar ao Concello de Narón a ampliación, no local social de Pedroso, do programa de conciliación social para que as persoas poidan ter encontros diarios e manter os seus hábitos con distintas persoas da zona.
Narón, 17 de abril de 2024
Germán Castrillón Permuy
Voceiro do grupo municipal do Partido Popular

E visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces de data 22-04-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

**DEBATE**

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
O noso grupo presentou esta moción de posta en marcha dun programa de conciliación social activo e igualdade dirixido aos/ás nosos/as maiores co obxectivo de que poidan ter encontros de convivencia a diario con persoas da zona.
O Partido Popular de Narón, considera que é necesario avanzar cara a un novo modelo de coidados de longa duración, personalizado, que se adapte ás necesidades das persoas, participativo, que teña en conta tanto as necesidades das persoas dependentes ou daqueles colectivos que vivan sos ou con falta de medios para poder desenvolver as súas necesidades básicas diarias, mesmo en momentos puntuais por diversas circunstancias.
O Partido Popular de Narón estima que se debería contemplar a posibilidade de promover avances na participación activa das persoas maiores na sociedade, xerando novas oportunidades a través da posta en marcha de medidas que favorezan o envellecemento activo, así como a solidariedade e o intercambio xeracional.
Grazas ao esforzo de todas as persoas maiores, construíuse a Galicia de hoxe na que nos sentimos orgullosos de vivir e convivir. Galicia conta cunha das esperanzas de vida máis altas do mundo e supón que temos moito potencial na participación social das persoas maiores.
“Os galegos estamos á cabeza de Europa en esperanza de vida” as provincias de Lugo e Ourense é onde viven máis centenarios.
Dentro desta liña trataríase de fomentar o voluntariado para axudarlles a canalizar a súa vocación de colaborar cos demais e impulsar a figura do mentor, para que poidan contribuír a súa experiencia aos máis novos.
É indispensable, tamén, afrontar o crecente problema da soidade non desexada. O Partido Popular de Narón propón aproveitar os recursos que nos ofrecen os distintos servizos da contorna, o pequeno comercio e as entidades sociais arraigadas no territorio para constituír unha ampla rede de atención contra a soidade.
Estes pequenos núcleos de convivencia integraranse no seo dun novo modelo de coidados e garantirán a autonomía da vida das persoas, que seguirán vivindo dentro da súa contorna, pero con seguridade, benestar e seguimento profesional.

As entidades públicas deben de expor alternativas para promover os hábitos de convivencia das nosas veciñas/os para poder manter no tempo as súas relacións sociais a través dos encontros en



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

actividades culturais, sociais, deportivas, entre outras, reforzando eses programas de convivencia na súa vida diaria mesmo nos momentos de diversión e tempo libre.
Para as persoas da terceira idade, e en especial as que vivan soas, consideramos que sería moi necesario que as institucións públicas, e neste caso o Concello que é a administración máis próxima á cidadanía, deben de promover programas pensando no día a día das persoas que poidan ter dificultades para achegarse a participar en actividades culturais, sociais e deportivas reforzando programas de igualdade e convivencia.
Por todo iso, dende o grupo municipal popular propoñemos a posta en marcha canto antes, dun programa piloto no local social de Pedroso, dada as características do local e da zona.
Neste caso propoñemos unha serie de actividades, que como é lóxico terase que ofrecer aos posibles usuarios, cales van ser as ditas actividades para que poidan seleccionar as que teñan mellor acollida entre as persoas que participen no programa.
Os destinatarios deste programa piloto serían persoas dunha franxa de idade de 65 anos en adiante, organizados por grupos entre 10 e 15 persoas cun programa de actividades.
Que nós consideramos que o horario podía ser entre as 10:00 h e as 18:00 horas.
Queda aberto as consideracións que poidan xurdir:
As actividades propostas eu destacaría, sen prexuízo das que os distintos grupos municipais propuxesen para enriquecer a presente proposta, serían:
- Actividade física segundo as posibilidades de cada persoa: exercicios estáticos, logo dun estudo realizado a cada persoa para determinar as súas limitacións.
- Reparto de tarefas para desenvolver actividades cotiás como preparar a comida do medio día, a limpeza posterior, ...
- Repouso despois de xantar, que cada persoa participante teña por costume: televisión, radio, café, xogos de mesa, faladoiro, manualidades,...

Etc.
Considérase interesante poder contar cunha ficha dos usuarios na que se recollan as actividades elixidas por eles e que mellor se adapten ao seu perfil.
Todo iso co obxectivo de alcanzar a implicación dos usuarios/as, así como a súa completa colaboración, no sentido de que cada un comprométase a realizar a actividade asignada para o bo funcionamento do proxecto.
Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, a adopción do acordo que deu lectura Sr.secretario.
Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, nas propostas do Bloque Nacionalista Galego para que teña o concello de Narón, podíamos decir casi de maneira histórica, pediu un Centro de Día, vale e de feito nós xa o solicitamos por escrito en outubro.
Nesta moción que non no acordo final, entón bueno, podemos valoralo un pouco como na anterior moción que presentou o Partido Popular, aparecen recollidas unha serie de actividades que ben puideran ser un Centro de Día, o que pasa é que o sitúan nun local social en Pedroso moi pequeno e que non cumpre esas características en absoluto. Non entendemos que entra esas actividades apareza por exemplo, durmir unha pequena siesta e que se fale de que hai un sofá nese local social porque non consideramos que sexan as condicións de realizar esas actividades ou de que se preparen a súa propia comida nun sitio onde as comidas non son axeitadas; ou que se fale de que

un só monitor ou monitora sería suficiente para actividades que ubicaban, non aparece así no acordo final e dende 10 da mañá a 6 da tarde.
Eso implica como mínimo 2 persoas traballadoras porque hai que organizar tamén as actividades. Non é que cheguen 8 horas e se vaian, cremos que é importante decilo porque ademais nós esta moción lla demos a coñecer a educadoras sociais, a algunha terapeuta ocupacional e a persoas que teñen traballado en centros de día e levaronse un pouquiño as mans á cabeza.
Volvemos ao anterior no, de 32 ou 36 xantares. Esto aparece na exposición de motivos e é verdade que no acordo, que aparece é que se melloren as actividades que se fan coas persoas da terceira idade neste concello, entonces neste caso, o noso voto vai ser favorable pero sí que decimos que non renunciamos a ese centro de día que realmente se ten que facer porque agora o de Manuela Pérez Sequeiros pode que quede pequeno porque hai persoas que non poden acceder a el por non existir transporte público, unha competencia que leva aquí a Xunta de Galicia e porque temos un concello moi extenso e que no rural tamén teñen o dereito as persoas maiores a poder optar a un centro destas características.
Non ubicamos para nada un centro de día con todo o que eso supón nun local social, eso témolo claro e sabemos que eso tense que mirar con fondos europeos ou con outros tipos de financiación e creo que xa o comentei antes pero xa que hai unha persoa que se dedica co seu traballo supostamente do concello a captar eses fondos, esperemos que sexa un dos obxectivos do goberno de Narón e senón o seguiremos pedindo, reclamando, esixindo, incluso emendando nos orzamentos da Xunta, neste caso para que tamén o teñan en conta pero sabendo que aí o concello é unha das demandas que nós solicitamos e que cremos que é moi necesaria para a oitava poboación deste país e como xa dixen antes, conta con persoas maiores de 65 anos.

-Sra.Lorenzo Tojeiro: grazas Sra.alcaldesa. Boa tarde a todos e a todas.
Poido estar de acordo e creo que todos os presentes o estaremos, en que nunca imos a saldar a débeda con esa xeración que nos antecede e da que é obxecto o plantexamento da moción. E por eso o Concello de Narón dende hai máis de 20 anos, traballa a favor dos seus maiores cun programa de envellecemento activo en vigor, que foi evolucionando e adaptando ás diversas necesidades dos cambios sociais.
Desenvólvense en barrios e zonas rurais do concello con actividades lúdicas, culturais, tecnolóxicas, divulgativas e fomento e mellora da actividade física e nalgúns dos centros cívicos hai oferta de comedor.
Todas estas actividades non pretenden obxectivo só en si mesmo, de facer yoga meramente por facer yoga, senón que tamén fomentan a interacción social con iguais. E as que son en aberto para distintos grupos sectarios, tamén compartir a experiencia grupal esas distintas xeracións.
Esto supón un importante estímulo que indudablemente loita contra a soidade, mellora o autoconcepto do individuo, mellora o seu sentimento de pertenencia e en definitiva supón unha mellora na saúde mental e no benestar global . O compromiso ven de lonxe, firme e nos comprometemos a ampliar esa oferta de actividades concretamente en Pedroso que é o que se demanda, eses encontros, esas actuacións que continúan favorecendo encontros diarios entre os veciños no seu entorno, sen alterar hábitos e rutinas pero dito esto, compre aclarar que



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

concretamente en Pedroso hai unha oferta de actividades diarias propias do concello e tamén por parte dos Padroados de Cultura e Deportes.
Explico: yoga para maiores, martes e xoves. De 16:10 a 17:10
Memoria para maiores: mércores de 17 a 19 horas.
Ximansia por parte do Padroado de Deportes: luns e venres. De 16 a 17 horas.
Informática: martes e venres, de 17:45 a 19:15 horas.
Teatro, ofrece o Padroado da Cultura: xoves de 20:30 a 10:00 horas.
Manexo do móbil para maiores: non tivo lugar neste curso porque só houbo unha persoa interesada, non houbo grupo. Sen embargo, a esa persoa ofreceuselle que contactase para reubicala noutro centro cívico se se puidese trasladar. Non tuvo lugar ese contacto.
Este programa que desenvolve o concello, encaixa ademais en varias das liñas de actuación do segundo borrador da estratexia galega da atención a soidade non desexada presentada en abril do 21.
Contextualizo esto: no ano 2021 a Xunta convocou aos concellos a unha xuntanza para informar de que " o presidente Alfonso Rueda avanza que o Consello da Xunta dá luz verde, nese momento ao comezo da tramitación desa estratexia galega de tramitación da soidade non desexada".
Unha iniciativa pioneira a nivel estatal cun orzamento que ascendía aos 135 millóns de euros. O xefe do executivo sinala naquel momento que esto pretende minimizar os efectos deste fenómeno, da soidade non desexada e mellorar a calidade de vida das persos de máis idade da comunidade. Que en Galicia afecta a máis de 120.000 persoas que viven soas.
Entre as medidas que plantexa a esta estratexia galega de atención á soidade están censo de persoas nesta situación, protocolo de atención temperá da soidade, formación, sensibilización, voluntariado e posta en marcha dunha rede galega de atención.
Estas medidas serían contempladas con outras xa existentes, como o SAF, Xantar na casa, benestar en balnearios e xuntos polo Nadal da Xunta de Galicia.
A coordinación sería outorgada ao director xeral de maiores de persoas con discapacidade. Ben, este era o segundo borrador abril do 21.
A día de hoxe seguimos á espera dunha nova xuntanza para seguir avanzando conxuntamente nunha única liña e así evitar duplicidades entre as distintas administracións.
Tamén seguimos á espera da información dese censo das pesoas maiores que viven soas que estaría elaborada da Xunta de Galicia en colaboración coa FEGAMP.
Sen embargo, nesa dirección o noso concello xa se foi adiantando e avanzou na obtención deses datos propios dende o departamento de Estatística, que nos ofrece información por parroquias e barrios sobre o número de persoas maiores de 65 anos que viven soas.
Nesa loita contra a soidade, o concello de Narón ofrece dende hai anos este abanico de programas. Tanto en servicios municipais dirixidos de forma directa ou indirecta a combatela e seguiremos traballando para mellorar a calidade de vida e benestar das persoas. Grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Bueno, a verdade é que nós non dubidamos de que fagades as actividades. Son actividades estandar, aquí estamos pedindo algo moi distinto ao que se está facendo e de feito propoñemos varias opcións.
Creo que esta moción nós tamén xa a presentamos na lexislatura anterior, é dicir, non é que non estiveramos coñecedores de que xa sabíamos que hai que modificar. E creo que
hai que dar un paso a diante, creo que é necesario, é certo que dicen que .. vostede xa Sra.alcaldesa pasounos as persoas que viven soas . Que saben cantas viven en Pedroso e cantas viven en Doso

por exemplo. É unha cantidade importante. E creo que temos que non esperar a que sucedan as cousas, temos que anticiparnos á realidade do que vai a pasar. Por esto propoñemos esto e deixamos a libertade, porque nós consideramos que o horario é importante, de 10 a 18 horas pero deixámolo libre para que vostedes teñan ese espazo para poder maniobrar e poder iniciar dalgunha forma, ao mellor con menos horas.

Pero despois o local sí que cumple porque alí fixeronse xantares para 40 persoas. Entonces creo que cumple para ese espazo.

Que ten sofá en vez de ter camas, home, pois ten sofá. Pero esa actividad se pode modificar, é dicir, eu creo que hai persoas que se sentan ao mediodía no sofá, no. A ver, por favor, parece que queremos sacar as cousas de contexto, pero é a realidade.

Propoñemos varios xogos de mesa, faladoiro e manualidades, entre outras. Tamén aparecía o tema de despois de xantar que algunha persoa podía votar a siesta, bueno, podía ser porque… pero entendemos que é necesario.

E creo que eses locais, son locais para poder aproveitar. E para darlles vida. Están moi ben esas actividades que fan, estupendo, pero creo que hai que buscar algo máis. Creo que estamos nunha situación que as persoas maiores o necesitan e especialmente esas persoas que viven soas e sobre todo, que manteñan comunicación coa contorna. Espero que voten a favor e que saia adiante a moción. Nada máis.

-Sra.Lorenzo Tojeiro: Sr.Castrillón, comprometínme aquí, o acabo de decir, a facilitar actuacións e intervencións que faciliten eses encontros pero sinceramente o programa que presenta achégase máis a un centro de día para válidos e quitaríalle seriedade ao criterio, a calidade dos coidados. Vale? Imos a facer o que esté nas nosas máns, aquí está o compromiso pero hai ese programa que requeriría outra dotación estructural e profesional. Grazas.

-Sr. Castrillón Permuy: aquí non estamos falando exclusivamente dun centro de día ao estilo normal. Recóllense outras cousas que non se recollen nun centro de día. Estamos falando de que as súas propias persoas fagan traballos de colaboración e de voluntariado. Este é un tema moi distinto a un centro de día. É certo que teña que haber un monitor para o control pero é certo que é moi distinto a un centro de día. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: se oien aquí determinadas cousas e a verdade podería pasar pero non o vou a facer, pero é dicir, o que se acorda é “solicitar ao Concello de Narón a ampliación do local social de Pedroso do programa de conciliación social para que as persoas poidan ter en conta os seus diarios e manter os seus hábitos con distintas persoas da zona.

Eso é o que se acorda, é dicir, o outro é unha exposición de motivos. Xa lle analizamos na Xunta de Portavoces dos pros e contras que hai, xa lle dixemos que o que vostede pretendía era facer un centro de día que estamos no certo que sería necesario en Narón e tamén lle explicamos que estamos neste caso, con solicitudes agora que xa hai nova persoa ó cargo da Consellería para seguir iniciando esas solicitudes para ter outro centro de día. E avogamos tamén a maiores dun centro de día, dunha residencia para maiores que sería fundamental, que é competencia da Xunta de Galicia e neste caso, que se fixo nas 7 cidades, que se faga nesta que é a oitava porque eso sí



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

que sería moi necesario para este concello. E eses datos que lle acabamos de pasar onde ve toda esa cantidade de persoas que viven soas sería ideal para facelo. É dicir, o que vostede di é actividades que, como lle explicamos non podemos levar a cabo. É dicir, hai unha serie de cousas de todas esas que vostedes plantexa, que os maiores durman neste caso, e de verdade que non quero facer con esto tal… pero sinceramente sabe vostede que eso non pode ser así e igual que por unha lei de prevención non podemos poñer aos maiores a facer determinadas cousas. Dito esto, como o espíritu, de verdade, e como xa lle dixen, neste caso a concelleira de Servicios Sociais estaba tratando, se estaba traballando xa no tema para dar máis dinamismo a ese espazo que por certo, un espazo neste caso, cun edificio que se puxo en marcha grazas neste caso pois ao goberno deste concello, é dicir, non somos alleos, non acaba de saír do ceo ese edificio. Xa tiñamos aí, como ben lle explicaba a concelleira xa tiñamos actividades. Se poden ter máis? Si, que é o que imos a aprobar.

Pasamos a votar.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: A favor 10
PP: A favor 6
BNG: Abstencións 3
PSdeG-PSOE: A favor 2

## 16 º.-ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

**A/ MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE TEGA, PP E BNG SOBRE A POSIBLE XESTIÓN DE MADRUGADORES POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA.**. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 26 de outubro de 2023, o Pleno Municipal do Concello de Narón, adoptou acordo instando á Xunta de Galicia á asunción da prestación do servizo de madrugadores no curso 2024-2025, no seu conxunto, ben en solitario ou mediante convenio de colaboración co Concello de Narón. Así mesmo o devandito punto incluía un segundo acordo para o suposto de que a Xunta non se fixera cargo dese servizo, asumindo a dación municipal do servizo.

Constan no expediente da súa razón informes técnicos, xurídicos e económicos relativos a non consideración como competencia propia municipal do servizo citado.

Como queira que tras a xuntanza mantida pola alcaldía deste Concello cos representantes das ANPAS dos colexios públicos de Narón o pasado 17 de abril, acordouse solicitar unha entrevista co Conselleiro de Educación da Xunta de Galicia a fin de abordar esta problemática, así como principiar os trámites para que o Concello de Narón asuma tal prestación para o vindeiro curso 2024-2025, ante a negativa das ANPAS a proseguir na súa dación.

Polo exposto, proponse ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1- Solicitar información á Xunta de Galicia sobre a prestación do servizo de madrugadores a fin de acadar unha solución á situación creada en relación co mesmo neste municipio, considerando que a asunción dunha competencia impropia esixe a realización de diversas actuacións por parte deste Consistorio.

Narón, 23 de abril de 2024.

| | | |
|---|---|---|
| Román Romero Franco | Germán Castrillón Permuy | Olaia Ledo Díaz |
| Voceiro de TEGA | Voceiro do PP | Voceira do BNG |

**VOTACIÓN DA URXENCIA**.- O Concello Pleno, por unanimidade, ratificou a urxencia de tratar a moción transcrita.

**DEBATE**

-Sra.Ameneiros López: na exposición de motivos desta moción, como ben recordou a Sra.alcaldesa hai un momentiño, e o acordo de 26-10-2023 que se aprobou neste Pleno, instando á Xunta de Galicia a asumir a prestación do servicio de madrugadores era o primeiro punto efectivamente, non é que nosoutros nos dilataramos, volvo a recordar, no. Seguimos un orden como ben dixen noutras ocasións.

As cousas teñen que levar un orden. No caso de que a Xunta non se fixera cargo deste servicio, un segundo acordo, un segundo punto que se aprobou transmitindo a dación??? Municipal do servicio.

Tras os informes técnicos, xurídicos e económicos que reflicten a non consideración como competencia municipal do dito servicio e tralo o acordo do Concello de Narón e as ANPAS dos centros públicos de Narón, acordouse solicitar unha entrevista co conselleiro de Educación da Xunta de Galicia, para trasladarlle esta problemática e iniciar os trámites administrativos para que o concello asuma a prestación do servicio de madrugadores de xeito transitorio como ben sabedes, polo que decidimos presentar esta moción conxunta do Partido Popular de Narón, do Bloque Nacionalista Galego e de Terra Galega para solicitar a información necesaria á Xunta considerando a asunción dunha competencia impropia.

Como ben decía Olaia tamén hai un anaquiño neste caso, o partido socialista de Narón ten a oportunidade de votar a favor desta moción e unirse a nós tendo como ten un carácter positivo de traballo a prol, perdón, das familias afectadas en primeira instancia e a prol de todas as familias con nenas e nenos escolarizadas en centros educativos do noso concello. Grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Por aclarar unha cuestión que se falou antes, que dixo co tema de madrugadores podía facerse cos comedores. Tamén vostede pode xestionar comedores e madrugadores directamente, a Xunta lle deixa. Ten un concello límitrofe aquí que é Ferrol, que o está xestionando, é dicir, eso tamén pode ser Sra.alcaldesa.

Nós sí que, loxicamente firmamos esta moción, estamos aquí para que se lle pida información á Xunta, non hai ningún problema, para que se lle pida información á Xunta e se aclaren as cuestións. Porque vostede falou da FEGAMP e falou das competencias impropias pero non nestá claro todavía, non está claro porque a propia FEGAMP non o ten claro todavía. Esa é a realidade.

Pero estou de acordo para que se faga un bo proxecto, si, si, non estamos en contra deso, sempre que se lle poida aforrar aos contribuíntes dos locais e que veña outra administración para que se poida investir noutras xestións, parécenos estupendo. Parécenos estupendo. Esa é a realidade, por eso asinamos esto sen ningún problema. Grazas.

-Sra.Ledo Díaz: eu non pedira o meu turno de palabra porque esto xa está debatido, e o debatiramos nun dos puntos anteriores, estamos falando de que está xente esperando por intervir, nas dúas bancadas creo, e creo que é unha pena de verdade que sigamos aquí falando de relatos e contando historias cando o Bloque Nacionalista Galego, agora si teño que decilo de boa fe retiramos a nosa moción que foi a primeira que se presentou neste Pleno pero que se conseguira o obxectivo e que agora sigamos dándolle voltas. Un obxectivo que nós levamos reclamando hai 5 anos, pero como se levaramos 10,15 ou 5 meses. Conseguiuse para beneficiar á comunidade educativa no seu conxunto e punto. A seguir facendo cousas para o beneficio da veciñanza e o resto non creo que valga estar alongando e bueno, sinceramente, danos moita pena no que se está convertindo esto, menos mal que o obxectivo se está acadando.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

**B/ MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA AMOSAR O REXEITAMENTO DO PLENO AO PROXECTO DE CONSTRUCIÓN DUNHA MACROFACTORIA DE PASTA DE CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REI**. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

"Olaia Ledo Díaz portavoz do Grupo municipal do BNG no concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte **MOCIÓN.**

**Exposición de motivos:**

1. A Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri promoven a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei. Este proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganos, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxtiles e finalmente sóubose que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación.

2. Estamos diante dunha actividade industrial nin nada sostible nin moito menos circular, que terá un fortísimos impactos no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal:

-Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme polas dimensións xigantescas da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e negativamente a numerosos concellos da contorna, ademais de Palas: Agolada, Santiso, Melide... co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas

-Terá un impacto ambiental crítico nunha zona que foi proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 e que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia prexudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos solos nunha ampla zona circundante.

-Terá un impacto fortísimo no ámbito de protección do BIC Camiño de Santiago Francés (Patrimonio da humanidade) e noutros bens culturais da contorna ao poñer unha cheminea de 75 metros (equivalente a un edifico de 20 prantas) a dous km do camiño.

-Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla (46 millóns de metros cúbicos ao día, o equivalente ao consumo humano da provincia de Lugo) e o vertido dun voluminoso caudal de augas sometidas a depuración industrial máis contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do río Ulla como da ría de Arousa.

-Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego na contorna, onde o sector primario está moi asentado e onde está a DOP de Queixo máis grande de Galiza e a segunda do estado; o que non compensa en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial. E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto a economía da ría de Arousa da que viven de maneira directa do mar 19.000 persoas e de maneira indirecta 50.000. O mar de Arousa si pecha ciclos produtivos na industria.

-Condicionará de maneira decisiva a política forestal, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor da industria forestal galega.

3. A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. É un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de espolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de ENCE na ría de Pontevedra: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.

En realidade, a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira de

eucalipto e entrar no lucrativo mercado da produción e comercialización de pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtiles.
4. Tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganos, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtiles cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.
Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do concello de Narón presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopcións dos seguintes **ACORDOS:**
1. Manifestar o rexeitamento ao macrocomplexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso eucaliptizador, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do país, ás comarcas veciñas da megafactoría, ao río Ulla e á ría de Arousa.
2. Dirixirse á Xunta de Galiza para que informe negativamente o proxecto e impulse en colaboración coas diferentes administracións e o tecido socioeconómico a multifuncionalidade do monte, o desenvolvemento autocentrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega.
3. Exixir ao goberno galego a aprobación dunha alternativa para a dinamización socioeconómica da Ulloa, a Terra de Melide e o Alto Ulla, co obxectivo de fomentar actividades sustentábeis que xeren emprego e que fixen e atraian poboación, así como o desenvolvemento dun plan para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla e para a rexeneración e a reactivación produtiva da ría de Arousa.
Ado. Olaia Ledo Díaz
Portavoz do grupo municipal do BNG

**VOTACIÓN DA URXENCIA.-** O Concello Pleno, por unanimidade, ratificou a urxencia de tratar a moción transcrita.
**DEBATE**

-Sra.Ledo Díaz: Boa noite, agora, xa non son boas tardes.
De novo traemos esta moción porque somos conscientes que é un problema de país, é unha bomba que nos queren meter e aparte que nos queren convencer porque nós acabamos de saber hoxe que se están mandando aos concellos dende unha asociación reunións para convencernos que Altri é o mellor en todos os concellos desta comarca e ademais nos veñen vendendo, primeiro foron 2.000 postos de traballo, logo 5.000, logo 500 directos, o que sí sabemos é que ALTRI ten 3 megacelulosas en Portugal, que producen máis de 1 millón de toneladas de celulosa que quere crear 200.000 nun inicio, logo 400.000, e teñen 700 postos de traballo así como máximo serían 250. O que sí que sabemos é a cantidade de postos de traballo que se van a perder si se pon esta macrocelulosa porque o que queren facer ALTRI, aquí chamado greenfiber.. unha empresa que se creou en Pontevedra a través de Greenalia onde por certo, está Beatriz Mato exconselleira do Partido Popular para acatar fondos Perte. Falannos de que van a facer parte de celulosa soluble, por certo, a parte a celulosa soluble consume moitísima máis auga que a parte de celulosa de papel e que a partir de aí facer un esteliocel que se cuestionan bastante porque son patentes moi caras e se supón que se utiliza para captar eses fondos PERTE, en resumidas ocasións se quere captar 43 millóns de litros de auga diarios para esa megafactoría no corazón da Ulloa , o mesmo que todo o consumo humano da provincia de Lugo, eso é o que quere captar esa mega factoría nun día, e devolver 30 millóns ao río con auga depurada que non é limpa. É auga depurada. É dicir, que ten que cumplir uns parámetros pero que é unha auga industrial e que vai a devolver a 27 grados, ou



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

sexa, 3 grados de media por riba do que é ese río que para especies tropicais está estupendo pero para especies galegas no.
Toda esa auga vai ir bañando as augas do Deza, etc. etc. ata chegar á ría de Arousa, que aí si que decimos, a ría de Arousa veríase afectado ago que é real 19.000 postos directos do sector mar industria que pecha cíclos productivos e que afecta tamén á nosa comarca, e 50.000 indirectos que tamén afectan á nosa comarca. Porque cada vez que compramos peixes por exemplo, da lonxa de Ribeira ou cada vez que collemos unhas latas, casi todas as empresas están pechadas nesa ría de Arousa onde por certo están recollendo para que a Xunta de Galicia reconsidere o sector mar industria que move o 33 % do pib deste país, o sector mar industria, eso sí que se vería afectado, se nos vende postos de traballo como aqueles Pemes onde nos decía, bueno, imos ser todos millonarios para poñer todos eses postos de traballo en contra.
Pero é que ademais o fan nunha zona ao carón da Rede Natura 2000, nuns chans moi difíciles que teñen a particularidade duns chans moi difíciles na superficie terrestre porque son unha serie de serpentinicas, só hai un 1% en todo o mundo con eses chans, que crean especies únicas, teñen moito niquel, moitos metais pesados, crean especies únicas e hai especies en perigo de extinción que se dá en lugares únicos e ademais eso si que está comprobado, a ninguén lle pediron as terras como as ían a vender porque como as decidiron que as van expropiar porque como a Xunta de Galicia di que eso é o que hai que facer, pois todo perfecto.
Que nos atopamos con ese informe de impacto ambiental? Que as especies en perigo de extinción só con cumprir o catálogo de especies de perigos de extinción da Xunta de Galicia non se pode facer ese proxecto.
Hai moitas que non nomean, outras din que non existen, as que nomean as poñen mal e hai outras como …. De río, por certo hai un estudio da USC gardado nun caixón da Xunta de Galicia porque se sabe que se limpa o río e que sí que vale para mellorar o medio ambiente e os hábitats dos nosos ríos que desembocan nas nosas rías, falase de que se vai trasladar co cual podemos coller especies únicas que se dan en lugares únicos, e levalos en macetas ás nosas casas porque alí se van a dar estupendamente e todos sabemos que así as especies sobreviven.
Todo esto está pasando por unha serie de comarcas que nos dixeron que eran deprimidísimas, que ían a vir aquí con postos de traballo e resulta que nos atopamos cunha comarca do Ulla que agora mesmo non ten paro, que o sector primario é moi forte onde hai especies en ecolóxico moi importantes, onde hai empresas por exemplo, industria, Alibos que traballa coa castaña e cun proxecto que ten moitos impedimentos da Xunta de Galicia, e que sí que fai unha cadea de valor e unha economía circular para poñer unha mega factoría que pretende facer pasta de celulosa soluble e levalo a países de fóra que se está falando de China e aí vouno decir: na páxina 454 do informe de impacto ambiental, desta mega factoría que presentou, que saiu no DOGA publicado un día despois das eleccións galegas, non é baladí este tema, un día despois das eleccións galegas, antes non se quixo facer, fala de industria en clave.
Sabemos o que é a industria en clave? Sabedelo? Industria en clave: no pleno anterior vos dixen que vos forades ao Google, poñede “industria en clave “ en Google, vaivos decir que é “modelo económico onde nun mercado globalizado, localizanse actividades productivas en países subdesarrollados destinadas a exportación e sin integrarse no mercado local.
Eso é o que quere facer a Xunta de Galicia. Eso é o que quere facer a Xunta de Galicia que xa dixo que se non había fondos PERTE Next Generation se financiaría co diñeiro de todos e todas. Eso é o que quere facer a Xunta de Galicia e se atoparon cunhas comarcas que lle din que non, con concellos do Partido popular como o de Rianxo e A Golada que están facendo alegacións a ese proxecto.
Estanse atopando con xente que están nas plataformas que son do Partido Popular e que non son capaces de poder decilo públicamente porque lles afecta, porque lles afecta. As ANPAS dos colexios da comarca do Ulla están en contra e por certo, hai outra, a denominación de orixe Arzua-Ulloa que se vería afectada por esta mega factoría pola contaminación das súas terras. É a denominación de orixe de queixo máis grande de Galicia e a segunda do estado español. Que non nos digan que os nosos sectores primarios non son productivos. Aquí o que se está ocultando é

unha realidade que se quere exportar sen valor engadido que non hai economía circular, porque a única economía circular é a dos petos do partido popular e dalgún do partido socialista como Pepe Blanco.
Eso é o que está pasando, que é eu deixose facer esto, creo un sector que se chama Impulsa feito pola Xunta de Galicia a Sogama, Ence y Reganosa onde digo, que esto é un proxecto estratéxico e importantísimo co que por certo, xa que estamos aquí nun concello e ser un proxecto industrial estratéxico que decidiu crear a Xunta de Galicia e que aprobou nunha Xunta de Goberno implica que non necesite nin sequera un informe de Urbanismo do concello ou que lle teñan que pedir autorización ao concello onde se quere instalar.
Que vai afectar ao camiño de Santiago francés que é patrimonio da Humanidade, por certo, todas as asociacións do camiño de Santiago, moitas con xente do partido popular, se puxeron en contra deste proxecto porque nos dirán que poñer unha cheminea como aparece no proxecto, como aparece nese Doga con máis de 5.000 páxinas que houbo que ler de 75 metros a 2 kilómetros do camino de Santiago francés, non vai a afectar porque vai afectar non tan só a auga que como esto xa queda demostrado tamén porque van a sacar metais pesados porque se fala dos olores; bueno, esa é outra, na páxina 242, podería decir milleiros eh, na páxina 242 neste caso, na avaliación do impacto ambiental no estudio falase de como intentar reducir eses olores e agora nos mandan unha publicidade que di que aquí non vai haber olores de ningún tipo e omitindo un gasto importante, cando queimamos madeira sempre hai un gas que se emite que o gas benzopireno, sempre ou sae por unhas chemineas, se quemas madeira en pouca cantidade non, mais en especies pirofilas como é o eucalipto, co que se quere facer esta pasta soluble. Ben, ese gas é enormemente canceríxeno.
Que pasa se non existe no informe de impacto ambiental e no da avaliación de impacto ambiental da empresa? Que non hai filtros para parar ese gas, non contemplar ese gas por unha mega industria, por unha mega factoría implica que van intentar disimular ese gas que se emite a atmósfera, que a xente que vive alí, as persoas maiores, os nenos e nenas, as persoas con dificultades respiratorias xa van a ter un problema engadido, que é o do cancro que vai afectar a todos e todas.
E por eso os médicos e os centros de saúde da zona están alertando. Están alertando os xeólogos, están alertando xente de todos os sectores, todas as universidades en contra, o colexio de arquitectos en contra; todo o mundo en contra dunha mega factoría que ao final é un problema deste país porque nos afecta, porque demostra o que a Xunta de Galicia cré que somos unha colonia, unha colonia donde van levar unha pasta soluble altamente contaminante para producir as fibras textis que nos venderon no seu momento no Parlamento e porque ademáis se incumple 7 directivas europeas e porque ademáis para optar a eses fondos PERTE, a descarbonización que saben que no seu momento o goberno español díxolles que no, e agora se están marchando por certo ocupando 366 hectáreas que é unha auténtica animalada de terreos incumplen 4 de 6; bueno, para os fondos Next Generation tes que cumplir obxectivos de non danar o medio e dos cales hai os seguintes: 4 se incumplen claramente; un é a mitigación do cambio climático, adaptación ao cambio climático, digamos que estos non os conto, eh.
Seguinte: uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariños. Acabas coa ría de Arousa, a ría máis productiva deste país. Imposible.
Transición para unha economía circular: home, se xa os mesmos se definen como industria en clave, non é industria circular. Todo o contrario.
Prevención e control da contaminación: todo o contrario unha vez máis.
Protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas: levar os mexillóns ríos en macetas, por certo, en Asturias algún hai pero a zona de Galicia de toda a península ibérica é a zona na que máis mexillón de río todavía permanece. Zona de paso migratorio de aves, de …. Bueno hai tantísimas cousas para decir que no que eu decía “ten que haber un as na manga”, xa sei cal é o as



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

da manga, o dixo Rueda onte no Parlamento Galego: se non hai fondos públicos, se se considera que contamina o medio a Xunta de Galicia poñerá ese diñeiro.
Pois entonces haberá que loitar por mar, terra e aire con todo o que vostedes queren contaminar, destruir postos de traballo no Deza, no Ulla e en toda a ría de Arousa etc.etc. e defender este país porque esto non é economía circular.
E xa sabemos o que din, falan de industria, de industria e lle recordo que en 10 anos destruiron 22.000 postos de traballo no sector industrial. Entonces non nos cremos máis as súas mentiras, non cremos como hai xente que se pode poñer de lado con respecto desto, e de como nos queren seguir convencendo de algo que non queren en Portugal. Non o podemos comprender. E por eso traemos esta moción aquí, porque ademáis agora están facendo charlas nos diferentes concellos porque nos queren vender algo que é prexudicial para a nosa saúde, porque resta postos de traballo, non é menor, non é menor que a asociación pola defensa de concentración parcelaria da Golada formada por 600 gandeiros e gandeiras se posicionen en contra porque conseguiron que o alcalde da Golada, que tamén é coñecido por algunhas intervencións que tamén me poñen colorada, como tamén me pasou hoxe se tivera que poñer en contra. E así seguiremos.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.
Antes de manifestar a nosa posición sí que quero coller o guante que nos lanzou antes o grupo do BNG ao respecto de que nós que eramos un partido que non tiñamos sempre o mesmo criterio, que o BNG sempre ten o mesmo criterio nos concellos e institucións nas que está. Bueno, pois eu lle pido ao BNG que retire hoxe a moción, igual que retiraron os seus compañeiros de Compostela onte porque o punto 2 da moción claramente é ilegal porque lle pide que se informe negativamente aos técnicos, cousa que non podemos pedir, é dicir, tanto como pedir cos técnicos que prevariquen.
Insisto, se siguen para adiante nós manifestamos a nosa oposición e manteremos e diremos o que consideremos oportuno, pero en principio consideramos que ese punto 2 non cumple … e evitaría incluso que fose efectiva esta moción.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. A verdade é sorprendente o que nos trae hoxe aquí o BNG, no. É dicir, largounos todo esto e creo que primeiro hai que confiar nos técnicos, que está sen informar. Eso primeiro. Entonces aquí se os técnicos informan negativamente non saldrá adiante. Eu creo que pasou nalgún parque eólico tamén que se fixo tal.. e se sabía claramente que o informe ía ser contrario ao que se estaba decindo. E neste caso, creo que é algo similar e creo que ademáis só imos a parte que interesa ir. Porque non vemos a parte positiva nin vemos a legalidade do tema, se hai unha empresa que se quere instalar, pois creo que haberá primeiro que estudiar o proxecto, que os técnicos informen e despois a partir de aí se os informes non son positivos pois loxicamente non se poderá levar adiante.
É como cando se falaba aquí de que ía vir unha fábrica de autobuses eléctricos e fabricar baterías en Poligal, tamén íamos estar en contra antes de saber se realmente cumplía? Eso é como hai que actuar neste país? Eso é como imos a xerar postos de traballo? Pois creo que neste caso é igual, e vostedes só falan de que utiliza celulosa soluble, no, pero vai *lyocell*, un tecido 100% biodegradable, 100%. E creo que á xente se vai a ter que informar un pouco do que se trata porque da forma que o fala vostede, é un tema que vai arrasar toda aquela zona e creo que non é así, eh. Agora nós somos os primeiros que estamos pendientes de que se informe e de según saen os informes e se non cumple, pois non se poderá instalar; pero home, ímoslle dar como mínimo ese prazo para que os técnicos da Xunta neste caso, poidan facer os informes. E creo que teñen a libertade suficiente como para actuar e facer como corresponda.
E ademáis como lle decía, é fibra ecolóxica total e non podemos entender como antes das eleccións todo valía, todo estaba ben e pasaron as eleccións e se cambiou a torna, e despois vostedes non hai tantas asociacións e tanta xente que esté en contra desto. Non é certo. Os que están detrás da pancarta son vostedes os do BNG, como fixeron con outras moitas cousas .Vostede se recorda o que pasou nun pleno aquí neste concello, hai pouco tempo, co tema da Lei do litoral? Que nos decía que estivera tramitada mal a Xunta e que o tiñamos que volver a empezar de novo?

Que me di da sentenza que houbo estes días do Tribunal Constitucional desestimando totalmente a impugnación que fixera o goberno de España? Si lle facemos caso ao BNG, volveríamos a empezar e estabamos esperando hoxe pola Lei do litoral? Hoxe está actualizada e está para funcionar, sen ningún problema. Pois eso é un pouco o que está pasando neste caso.
E despois vostede fala de cousas que son… que tamén di que estamos nun proxecto que é 3 veces máis grande que o de Ence? Non é certo, non é certo. Ence ten máis do dobre de capacidade de producción de pasta soluble que presenta Altri. E dun 25% máis de cando sexa o proxecto completo. Fala do camiño de Santiago, está a 3 kms. E vai haber informe de Patrimonio. Vai haber informe de Patrimonio.
Polo tanto, non podemos entender que siga con bulos dese estilo. Porque a verdade que no pleno en varias PNL que se levaron ao Parlamento Galego o Bloque votou a favor. E estaba de acordo. Díganos cal é o motivo. Que non ganaron as eleccións entonces agora hai que buscar motivos para estar en contra deste tema. Díganos. Que nos gustaría que explicaran claramente por que ese cambio de pareceres.
Vostede se recorda cando nos decía que coa AP 9 se lle metía unha navallada a Galicia? Se recorda? Que faríamos hoxe sen a AP 9? E Inditex. E Ence, dalgunhas máis.
Polo tanto, Sra.Olaia, as cousas teñen que levar o seu tempo e teñen un proceso, e o proceso, vemos hoxe aquí o Plan Xeral Municipal do Concello de Narón, ten que haber unha aprobación inicial, ten que haber exposición pública, haberá que contestar unhas alegacións, pois esto é exactamente igual, é un proxecto que vai xerar postos de traballo en Galicia? Si, que non é simplemente postos de traballo? Que a empresa terá que explicar todo minuciosamente como é o proxecto e que cumpla? Si. Pero non podemos facer esto nada máis.
Esto nos dá a entender que nos espera nesta comarca se ven algunha empresa importante para aquí, que nos espera? Que vai pasar, que posiblemente xa non veña, que a que se vai montar de neumáticos nas Pontes? Que ía pasar coa que estaba en proxecto para facer autobuses eléctricos en Narón? Que ía pasar? Primeiro teremos que ver que proxecto trae a empresa, estudialo e sacar os informes. Eso é o que hai que facer.
E con Altri é o mesmo, non hai outro motivo. Grazas e nada máis.

-Sr.Ramos Rodríguez: bueno, boas noites. Dende o noso grupo político descoñecemos os aspectos técnicos deste proxecto, descoñecemos tamén as actuacións medioambientais a que está sometida. Polo tanto, non imos a poder votar nin a favor nin en contra e nos imos abster.

-Sra.Ledo Díaz: é un pouco vergoñento que o partido popular que ten a Xunta de Galicia diga que descoñecen o proxecto, que foron eles a buscar a empresa para que se realizase, que teñen unha empresa que é greenfiber con cero actividade no concello de Pontevedra, para optar a fondos Next Generation e que agora diga que vai a utilizar.
É bastante vergoñento cando non coñecíamos o que se ía facer e agora si porque se presentou no DOGA. Dame bastante vergoña que se diga que en Santiago se retirou ese punto porque non era legal cando o único que se pide é dirixirse á Xunta de Galicia para que informe negativamente o proxecto.
Os que coñecemos o que está pasando en Santiago de Compostela co partido socialista que nin é capaz de aprobar absolutamente nada e está bloqueando un concello, auténticamente poderían explicarlle que foron eles os que pediron a retirada desa moción, e ante a maioría do partido socialista e o partido popular, o goberno donde hai 2 decidiron retirala nese momento para ver se chegaban a acordo co partido socialista.
De todas maneiras, decir que hai moitísima xente en contra deste proxecto. De feito, só a plataforma de Ulloa Viva, só a través de plataforma Ulloa Viva se presentaron 20.000 alegacións.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

En Narón houbo moitísima xente que alegou. Por certo, algún está por aquí. E só o BNG no seus concellos meteron máis de 700 alegacións. É histórico. E a primeira vez que esto acontece en Galicia. Pero vouvos decir algo máis. Xa que nos parece que nos temos que poñer de lado. Esta é unha noticia en Portugal: "bomba ambiental no corazón da Galicia que Portugal non quere". Empresa portuguesa quere producir en Galiza 400.000 toneladas de celulosa soluble e 200.000 toneladas de fibra textil. En inicio serían 60.000. Unha mentira para entrar nos fondos PERTE. Hai máis de 5.000 páxinas de proxecto que algunhas das persoas sí que fixemos por enterarnos do que ía e de como afectaba a este país, pero dígoo eh, en Portugal non queren este proxecto e como non o queren en Portugal nolo traen a Galiza. Porque xa sabemos o que valemos para os da Xunta e sabemos o que opinan os de Portugal, entre outras cousas porque a política forestal de Portugal mudou no 2018 despois duns incendios onde morreron 66 persoas e falaba antes de Alibós unha industria que produce castaña de maneira industrial que a enlata, que a envasa e que a parte alimenta e mandan pelada para diferentes granxas e por certo, sabedes onde teñen que mercar a maioría da castaña? En Portugal. E Portugal é unha parte …. e intentan comprar en Galiza. E teñen un proxecto moi interesante, que se chama proxecto Soutos, porque o que é unha realidade é que neste país, a castaña como produce froitos e pode poñer en terras agrarias, non así outras especies e os impedimentos que ten a xente dunha producción que si que crearía postos de traballo e moita riqueza, son moi altos.
Pero é que ademáis son moitísimas outras cousas porque falamos de contaminación, de metano, de tal, alí hai unha industria, hai un sector primario, hai industria eh, porque hai fábricas por exemplo, que son exemplo en material deportivo, que queren emplear as súas instalacións e estamos a falar de que Arzúa por exemplo, o concello de Arzúa onde viven 3.000 habitantes e teñen 6000 habitacións e pensións do camiño de Santiago, hai mámoas hai tal.. e quero decir que nos queren incluso destruir por exemplo, a nosa maneira de ser e de estar porque acabar coa Ría de Arousa é acabar cunha maneira de producir neste territorio. E por eso incluso as confrarías que lles apoiaron nas eleccións están en contra deste proxecto e por eso, un concello como o de Rianxo hoxe do partido popular, está en contra deste proxecto porque saben o que supón, porque saben o que supón e ao final ímolo pagar todos e todas. Pero non se preocupe porque para eso está o pobo.
E decir outras moitas cuestións, que eso si que é poñer bulos é faltar a realidade, porque que diga o partido popular que non coñece un proxecto que está publicado no DOGA que aprobou na Xunta de Goberno como estratéxico por certo, que votou no Parlamento, nada tiña que ver con este proxecto.
O que se votou no Parlamento era un proxecto de fibras textis que crearía economía circular, e situada nun principio na Mariña e aí o BNG votou a favor sen saber o que se ía a facer pero foi a Xunta de Galicia a que votou a favor de consideralo proxecto industrial estratéxico. Pasan a non ter que declarar e informar de moitísimas cuestións que unha lei que nós chamamos depredación. Foi o Partido Popular porque xa sabían o proxecto que querían instalar no Ulla. Por certo, quérenno facer no río máis caudaloso deste país onde os de Ence cando dixeron de trasladalo o Ulla unha xestoría onde hai xente do partido socialista, informou de que non se podía facer porque senon era o Miño ou o Sil tiña que ser na Ría porque non había caudal suficiente. E agora, cun consumo de auga igual a toda a provincia da Coruña diario, resulta que esa mesma xestora di que si, que se pode facer o de Altri.
Dígoo porque aquí se van a empezar a pedir xestoras e informes por fóra e tal e ao final sabemos que quen paga é quen fai a trampa.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.
Bueno, eu cando pido que se retire a moción fago referencia á noticia da Voz de Galicia co que aconteceu onte no pleno do concello de Compostela. Haberalle que pedir unha rectificación ao concello de Compostela. Bueno, non me estranaría eh. (Risas)
Bueno, retomando o tema da moción. A ver, o que se pide realmente é que a Xunta informe negativamente non o proxecto; a ver, nós os que estamos aquí, sabemos perfectamente que a Xunta como organismo son as persoas e as persoas son os funcionarios. Se lles está pedindo que a

Institución é que lle diga ao funcionario técnico que informe negativamente? Non sei, eu considero que ao mellor pois pode ser ilegal, pero dito esto, nalgo ten razón a voceira do BNG, falta información respecto ao que esta empresa ven a facer ao noso país.
É certo que aprobamos por unanimidade todas as forzas no Parlamento de Galicia o tema de facer Altri na provincia de Lugo. Por que? Porque é importante industrializar o noso país. É importante porque se algún día queremos ter esa relevancia, ese peso ou incluso ter algún tipo de decisión nas políticas do estado de decidir, incluso discutir unha aplicación ou unha derogación da reforma laboral pois é importante que Galicia teña o seu peso. Eu si que estou a favor, Galicia ten que ter o seu peso. E ten que ter ese peso moitas veces na rede do tecido industrial. Nós non somos os de non, non somos os de "fágase, fágase" e que se cumpla a legalidade.
A min do que non me cabe dubida é que se este proxecto non é o que nos venderon, non vai pasar ningún filtro, nin da administración galega, nin da administración estatal e menos da europea. Os datos que está poñendo aquí a voceira do BNG para min son escandalosos. Eu estou convencido, que ningún informe vai convalidar ou darlle calquera tipo de licenza de apertura, ou dar calquera tipo de fondo económico a unha actividade que vai a facer eso. Téñoo clarísimo. Agora o que non vou facer, o que non vai facer o meu grupo político é neste caso poñerse entrando a colación no que está acontecendo hoxe co presidente do goberno, vaise poñer e dar pábulo, neste caso mediático sen ter documentos. Quero documentos, unha vez que teñamos nós os documentos, teñamos os informes técnicos e vexamos realmente que eso non é así, o que non podemos é poñernos a venda antes da ferida. Deixemos traballar aos técnicos. Deixemos intentar que poida haber industria neste país e se non cumplen a normativa, loitemos con todas as forzas pero xa lle digo, non creo que un proxecto así con esas condicións poida legalmente establecerse no noso país.

-Sr.Castrillón Permuy: cousa rápida Sra.alcaldesa.
Bueno, creo que temos que explicar un pouco o que é Altri, porque a verdade é que se prevé instalar en Palas de Rei, no. Biofábrica de fibras textis, exemplo de economía circular: producirá lyocell, un tecido 100% biodegradable, de alta calidade e fundamental no futuro da industria textil. Concretamente na primeira fase serán 60.000 toneladas/ano coa previsión de alcanzar 200.000 toneladas ano. Equivalente ao 3% da producción mundial. Tamén xerará celulosa soluble, sí qué é certo, pero a empresa prevé que se exporte a outros países para ser utilizada na fabricación de fibra na industria textil.
A fábrica empregará poucos recursos naturais en comparación con outras fibras como pode ser o poliéster ou o algodón. Polo que a pegada do carbón se reduce dun xeito significativo Sra.Olaia.
Emprega celulosa procedente de madeira de eucalipto galega, certificada e que ata agora se comercializaba para fóra de Galicia. Para fóra de Galicia, e a biofábrica textil xerará 2.500 postos de traballo entre directos e indirectos. Asimesmo durante a construcción da planta podería ter ata 4.000 postos de traballo.
Como podería pasar aquí con algunha fábrica que viñera ao entorno.
Prestará apoio a sectores sociais, deportivos, educativos, mediambientais, rural, centros formativos, facilitará a incorporación da mocidade….. Pero esto é para que alguén sepa de que estamos falando, que nós non temos maior interese, si non cumple, non cumple. Esa é a realidade.
Imos a esperar que os funcionarios, técnicos correspondentes fagan os seus informes e que eses informes que digan o que é a realidade.
Agora que me veña vostede aquí con bulos, no. Eso non llo podemos permitir. Non llo podemos permitir porque con ese sistema ao final en Galicia non se poderá montar nada. Non se podería montar nada. Xa vexo eu complicado que nos veña algunha industria para esta comarca. Véxoo moi complicado.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Dentro de pouco ata deixaremos de facer barcos con esta actitude. Así é certo eh. Por eso sentímolo moito, pero nós temos que votar en contra desto. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: para pechar. Non o sintes Germán porque estás facendo o que che mandan. Por certo, aquí nas Pontes se vai a poñer unha industria onde se vai reciclar cartón etc.etc. que Ence, eu podería falar moito de Ence, pero si que se aplicaría esa economía circular . E das fibras textis que se chamou a Inditex insistentemente para que aprobase este proxecto e decidiu non aopialo, entre outras cousas porque ten un convenio cunha empresa que si que aplica. Nós lle propoñemos ao partido socialista sabendo o que vai acontecer hoxe no pleno é que si retiramos o de "*que informe negativamente*" para que impulse en colaboración coas diferentes administracións" e manter estes 3 puntos, si vostedes están de acordo con eso retiramos o de "*informe negativamente*" entre outras cousas, porque sabemos que o partido socialista na Diputación de Lugo votou en contra deste proxecto, e tamén os concellos da comarca e porque consideramos que absterse non tomar posicionamento e tamén é tomar posicionamento en algo tan importante. Por certo, hai uns días estivemos en Bruselas presentando e dando a coñecer este proxecto na Comisión Europea. Resultoulles escandaloso.
E hai unha parte onde nin sequera se deixa entrar á prensa que é a parte técnica que está aí os fondos Next Generation e dixeron, que tal e cos datos que coñecían, datos reais, os que está decindo agora Olaia Ledo, e cos que e espuxeron e ia completamente en contra dos fondos Next Generation. Eso non quere decir que a Xunta de Galicia poida aceptar determinadas industrias. Porque bueno, tamén podemos decir que se dá moito traballo quitando diamantes para enriquecer aos belgas, pero todos sabemos o que acontece.
Recórdolle que aquí hai xa a presentación dun proxecto que o define como industria clave que é a industria que se utiliza en países subdesarrollados para non crear economía circular, se non crear un produto, pasta de celulosa soluble, 200.000 toneladas nun inicio, logo chegara ás 400.000 e 60.000 de lyocell. Eso está a acontecer e máis pronto que tarde o saberemos todos e todas. Confíamos en que o pobo pare este proxecto pero cremos que é moi importante este debate, porque tamén afecta a Narón porque este é un problema de país e de entender o país.
**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a moción transcrita:
TEGA: Abstencións 10
PP: En contra 6
BNG: A favor 3
PSdeG-PSOE: Abstencións 2

**C/MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RECLAMANDO UNHA AUDITORIA EXTERNA DO PADROADO DA CULTURA**. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

**Do grupo do PSdG-PSOE reclamando o "AUDITORIA EXTERNA DO PADROADO DA CULTURA ".**

**EXPOSICION DE MOTIVOS:**

O goberno de Terra Galega aprobou unha modificación da Ordenanza nº 14 do Padroado da Cultura que supón un incremento das tasas de máis dun 10%.

O Padroado de cultura, ten un funcionamento autónomo tanto xurídica como económicamente respecto ao Concello de Narón, non obstante, reiteradamente a partida orzamentaria que se destina a este Organismo dende o Concello, non cobre as súas perdas anuais.

A solución que se plantexa, vai en contra das clases traballadoras e das familias xa que a principal suba é neste colectivo, e pola contra, a tasa de utilización de entidades mercantís ou profesionais queda conxelada.

Compre analizar a xestión desta Institución e analizar a súa xestión antes de repercutir a deficiencia operativa nas familias de Narón.

Por todo iso esiximos a realización dunha auditoria para analizar o seu estado financeiro, operativo e de xestión e que ésta se faga por unha das grandes firmas auditoras reputacionais e de prestixo no seu eido, abarcando todos os procesos operativos e contables e que faga o seu análise sen restrición temporal algunha con carácter retroactivo dende a súa constitución ata a actualidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

**ACORDOS:**

**1.- A contratación dunha auditoría operativa externa, financeira e de xestión do Padroado da Cultura.**

**2.- Que se adopten as medidas legais , técnicas e se habilite a súa dotación orzamentaria para que se faga efectiva a contratación dunha auditoría externa.**

Narón a 24 de abril de 2024.

Fdo.: Silvia María De Arriba Fernández

Voceira do PSdG-PSOE

**VOTACIÓN DA URXENCIA**.- O Concello Pleno, por unanimidade, ratificou a urxencia de tratar a moción transcrita.

**DEBATE**

-Sr. Ulla Rocha: non me vou a estender moito porque non contabamos que tiveramos un pleno hoxe tan longo.

Simplemente, Sra.alcaldesa, con todos os respectos. Este partido o noso, non considera que subir os tributos municipais sexa unha ferramenta de xestión. Nós non o consideramos. Así se plantexou no tema da suba da auga tamén.

Se temos empresas que realmente que teñen que meter unha suba nestes casos, aparte a suba é significativa porque é sobre todo na parte onde máis afecta ás familias. E sen embargo, polo que se plantexa non afecta tanto, neste caso, ás entidades mercantís ou digamos as que se dedican profesionalmente a eso.

Todos os anos temos que meter cartos ao Padroado de Cultura. Igual temos que estar facendo algo mal. Entonces antes de subir as taxas, imos mirar se realmente temos outro método para aforrar cartos. Mirémolo.

Realmente do que se trata esta moción é de ser constructiva para mirar de xestionar mellor os recursos do noso concello.

-Sra.Mosquera Puentes: boa noite. Intentarei ser breve.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Decirlle ao partido socialista que non entendemos o sentido desta moción na que solicitan unha auditoría a un organismo autónomo si, pero un organismo de administración local. Vostede seguro que é coñecedor que a administración local ten moitas formas de fiscalizarse. Entre ela está a nosa Intervención municipal que imaxinamos que fiscalizará o Padroado de Cultura e temos por riba da nosa Intervención ao Tribunal de Contas, o Consello de Contas de Galicia e demais que son os que velan realmente porque se cumpla. E aquí na súa moción di, que se cumpla a legalidade.
Pero imos a falar un pouco tamén das obrigas que temos a xente que conformamos o órgano xestor do Padroado de Cultura. Nese órgano xestor onde están representadas asociacións veciñais, culturais, están os partidos políticos, temos unhas obrigas, entre elas aprobar os orzamentos. Elaborar e aprobar os orzamentos. Fiscalizar a xestión, autorizar e dispoñer os gastos e demais.
Entonces hoxe chegan aquí cunha petición dunha moción ao Padroado de Cultura para facer unha auditoría externa. Cando temos mecanismos de sobra para nós para facelo, cando temos outros mecanismos que nos trae a administración e despois, sobre todo eso, decir que a ten que facer unha gran firma de auditorías de reputado prestixio …porque vostede o que di é que as taxas que quere subir o Padroado de Cultura van afectar directamente ás familias.
Mire eu quérolle decir ao partido socialista que unha auditoría como solicitan aquí sobre o Padroado de Cultura, con carácter retroactivo ou dende a súa constitución e tamén sería pagado cos impostos das familias e das veciñas e dos veciños de Narón.
O Padroado de Cultura está en funcionamento dende 1981. Non sei en que cantidade nos imos ver.
Aquí non vimos a falar de auditorías externas ou no. Aquí o que temos que falar se queren mudar algo ou non están de acordo con estas ordenanzas, é falar de políticas culturais. E as políticas culturais son moitísimo máis amplas que contratar a unha gran firma para que faga unha auditoría. Eso pódeo facer a administración e nós o que temos que traballar aquí é por unha cultura digna, por una cultura á que todos e todas temos dereito e temos que traballar porque as políticas culturais deste concello e da Xunta de Galicia sexan para todos e para todas.Grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Sobre esta moción que presenta ou grupo socialista nós cando foi o pleno dos orzamentos había unhas partidas que non tiñamos claro porque estaba nos orzamentos do concello e resulta que era para investir e facer os Servicios do Padroado, no. Ese día non mo aclararon, igual con esta auditoría pois se nos podían aclarar estas cuestións, no. Porque a verdade non estamos en contra do tema da cultura, pero a verdade ten que ser un servicio controlado e hai moitos actos que teñen que ser sostibles. Que nos dá a sensación que non o son.
Polo tanto, entendemos que non todo sexa a conta dos impostos dos veciños e das veciñas de Narón. Polo tanto, sería bo que se nos aclarara e que se fixera esa auditoría para que todos teñamos as contas claras como se soe decir, no.
Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: vou intenar ser breve tamén.
A auditoría do Padroado de Cultura como organismo autónomo depende do Concello de Narón. E é competencia da Intervención Xeral. Como leva facendo todos estes anos que fiscaliza e audita as contas do Padroado de Cultura. Esto o dí o R.D 424 do 2017 do 28 de abril onde exactamente di: "*o control interno de la actividad económico financiera del sector publico local se realizará por el órganos interventor mediante el ejercicio de la función interventora y del control financiero. El control financiero así definido comprende las modalidades de control permanente y la auditoría pública incluyéndose ambas en el control de eficiencia referido en el artículo 2.1.3 del texto refundido de la Ley de las Haciendas Locales*".
Polo tanto, creo que non ten sentido ningún esta moción e votaremos en contra. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.
Por facer un símil, se temos unha fuga nunha casa nunha tubería, temos que pagar un fontaneiro e loxicamente lle temos que pagar. Pero é importante arranxar a fuga para que non sigamos gastando

máis auga. Pois eso é o que consideramos nós que acontence no Padroado de Cultura. Cando falamos de que hai perdas, que sempre estamos falando de ter que cubrir esas perdas, algo falla na xestión.
E é certo e ben apuntaba a concelleira do BNG que os que estamos alí somos políticos, digamos a representación política e son representantes das distintas asociacións. A ver, polo normal, é que non sexamos expertos na materia contable e cuns orzamentos igual necesitemos un apoio porque non temos esa formación. Cando se plantexa esto e se fai referencia ao Consello de Contas, o Consello de Contas audita indirectamente ao Padroado de Cultura, non audita directamente ao Padroado. Cando se fala de Intervención, falas de Intervención delegada, non da Intervención xeral. A Intervención do Concello de Narón o que fai é digamos a Conta Xeral, que digamos o que se ingresa, pero non vai ao que é o sentido desta auditoría, que esta auditoría o que persigue é analizar os procesos de xestión de cómo se fan as contratacións, de cómo se está facendo o Padroado da Cultura. Ese é o tema. O tema é analizar. Imos mirar como se están facendo as contratacións, como se está gastando o carto aquí. Ese é o tema. Mellorar eses procesos para que o Padroado de Cultura non teñamos que subir as taxas. Grazas.

-Sra.Mosquera Puentes: …bueno, entendo que polo que decía agora o concelleiro do PSOE que busca saber que tipo de contratacións se están a facer. Está falando de contratacións, está falando de como se xestionan eses cartos e a xestión realmente vai ser da parte política, pero a parte que lle toca aos funcionarios municipais dende o noso parecer, vemos que está sempre baixo a normativa vixente. Entonces non entendo moi ben esto. De todos os xeitos lle reitero o mesmo. Aquí o que temos que falar é de políticas culturais, de como se quere chegar a facer un cambio real e eso leva non por saber si a conta dá máis ou menos realmente, senón o que leva é a que teñamos todos os mesmos dereitos. Nada máis. Grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, para rematar. Tampouco entendemos moi ben según o seu plantexamento cal é a diferenza entre o Padroado de Cultura e facer unha aditoría a calquera servicio deste concello porque o sistema de contratación sigue sendo cunha plataforma pública, segue tendo o seu… neste caso, a nosa interventora que fiscaliza todo que fai auditoría sobre todos os traballos que se fan, e loxicamente con informes técnicos que aproba si un contrato está…. Se é correcto ou non é correcto.
Por eso volvo a insistir, non entendemos o que se está pedindo nesta moción e por eso imos a votar en contra.
**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a moción transcrita:
TEGA: En contra 10
PP: A favor 6
BNG: Abstencións 3
PSdeG-PSOE: A favor 2

**17 º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACION DE CONTA RESOLUCIÓNS ÓRGANOS DE GOBERNO**. -
Dáse conta das Resolucións do mes de marzo de 2024:

| ORGANO | EXTRACTO | FECHA | NUMERO |
|---|---|---|---|
| Decreto de Alcaldia | Comprobación material do investimento da Intervención municipal: delegación específica: ano 2024 | 01-03-2024 | 444 |
| Decreto de Alcaldia | DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓN FORMATIVA DENOMINADA MANTEMENTO DE VIVENDAS NO SECTOR DA CONSTRUCIÓN | 01-03-2024 | 445 |



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

| ORGANO | EXTRACTO | FECHA | NUMERO |
|---|---|---|---|
| Decreto de Alcaldia | CL_CONTRATACION LABORAL TEMPORAL 1 PEON ALBANEL E 1 OFICIAL ALBANEL SUBVENCION PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL) (01.03.2024 a 31.12.2024) | 01-03-2024 | 446 |
| Decreto de Alcaldia | RA DENEGACION RECURSO REPOSICION DATA CESE E DATA INICIO EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR PRESTACION DE SERVIZOS NO SECTOR PUBLICO | 01-03-2024 | 447 |
| Decreto de Alcaldia | CL_CONTRATACION LABORAL TEMPORAL 1 PEON ALBANEL E 1 OFICIAL ALBANEL SUBVENCION PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL) (01.03.2024 a 31.12.2024) | 01-03-2024 | 448 |
| Decreto de Alcaldia | SOLICITUDE UNIDADE MÓBIL DE ATENCIÓN PARA EMIGRANTES RETORNADOS O 08/03/2024 | 01-03-2024 | 449 |
| Decreto de Alcaldia | INCOACIÓN DEL EXPEDIENTE PARA EL CONTRATO DE SUMINISTRO PARA LA IMPLANTACIÓN DE LOS SERVICIOS INTEROPERABILIDAD TOTAL. INTEROPERABILIDAD CON EL GOBIERNO CENTRAL Y GESTION INTERNA (BACKOFFICE). PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA | 01-03-2024 | 450 |
| Decreto de Alcaldia | INCOACION SANCIONADOR POR INSTALACION DE PUBLICIDAD SEN TITULO | 01-03-2024 | 451 |
| Decreto de Alcaldia | EXPEDIENTE COMPENSACION CREDITOS/DEBITOS CONCORRENTES A FAVOR DE M CARMEN FORTUNA CORRAL | 01-03-2024 | 452 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ APROBAR O PAGO DAS ASISTENCIAS AOS ORGANOS COLEXIADOS FEBREIRO 2024 | 02-03-2024 | 453 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ APROBAR COMPLEMENTO IT ISMAEL GARCIA GARCIA 26.02.2024 | 04-03-2024 | 454 |
| Decreto de Alcaldia | DECLARACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERRENOS DE NATUREZA URBANA (I-ING-01) | 04-03-2024 | 455 |
| Decreto de Alcaldia | REFORZO DE RODADURA NO CAMIÑO DE SANTA MARGARIDA A BORRALLADA | 04-03-2024 | 456 |
| Decreto de Alcaldia | SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO " REVITALIZACIÓN SOSTIBLE DO PASEO MARÍTIMO DE XUBIA: UN PROXECTO DE INCLUSIÓN, BIODIVERSIDADE E EXPERIENCIA TURÍSTICA." | 04-03-2024 | 457 |
| Decreto de Alcaldia | Desenvolvemento de 4 edicións da acción formativa: Operador/a de guindastres de taller: ponte guindastre, pórtico e semipórtico no sector da industria | 05-03-2024 | 458 |
| Decreto de Alcaldia | REFORZO RODADURA NOS CAMIÑOS DO PAZO (SEDES) E DA PORTELA (PEDROSO) | 05-03-2024 | 459 |
| Decreto de Alcaldia | REFORMA PISTAS DE ATLETISMO Y HOMOLOGACIÓN INSTALACIONES DEPORTIVAS EN RÍO SECO | 05-03-2024 | 460 |
| Decreto de Alcaldia | CORRECCIÓN ERRO MATERIAL DA RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DE AUGAS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS CO FIN DE MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA EN ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA | 05-03-2024 | 461 |
| Decreto de Alcaldia | RA/APROBACION PERFECCIONAMENTO DE TRIENIOS PERSOAL FUNCIONARIO EFECTOS 01/03/2024 | 05-03-2024 | 462 |
| Decreto de Alcaldia | Expedientes sancionadores de tráfico | 05-03-2024 | 463 |
| Decreto de Alcaldia | AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE SEDES-PLACENTE | 06-03-2024 | 464 |
| Decreto de Alcaldia | AUTORIZACIÓN REDACCIÓN MODIFICADO E INCOACIÓN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE CONSTRUCION DE PISCINA EN O COUTO (PROXECTO REFORMADO) | 06-03-2024 | 465 |
| Decreto de Alcaldia | RS_RECOÑECEMENTO HOMOLOGACION DE SERVIZOS PRESTADOS PAR AEFECTOS DE CARREIRA HORIZONTAL | 06-03-2024 | 466 |
| Decreto de Alcaldia | CONTRATACION LABORAL TEMPORAL EXPERTO DOCENTE AFD SOLDADURA OXIGAS E SOLDADURA MIG/MAG (11.03.2024 a 20.09.2024) | 06-03-2024 | 467 |
| Decreto de Alcaldia | MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA RUA GARDA | 06-03-2024 | 468 |
| Decreto de | RESTAURACIÓN Y REHABILITACION DE LA PRESA DEL MOLINO DE AS ACEAS Y | 06-03-2024 | 469 |

| ORGANO | EXTRACTO | FECHA | NUMERO |
|---|---|---|---|
| Alcaldia | DEL CAMINO DEL PEREGRINO | | |
| Decreto de Alcaldia | NF_NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO ACUMULACION DE TAREFAS NA CATEGORIA DE CONSERXE | 06-03-2024 | 470 |
| Decreto de Alcaldia | Procedementos sancionadores de tráfico | 06-03-2024 | 471 |
| Decreto de Alcaldia | Procedementos sancionadores de tráfico | 06-03-2024 | 472 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ APROBACION C.PRODUTIVIDADE CARREIRA HORIZONTAL EFECTOS 01/03/2024 | 07-03-2024 | 473 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ APROBACION NOMINAS COMPLEMENTENTARIAS E DIFERENZAS FEBREIRO/2024 ISMAEL GARCIA GARCIA | 07-03-2024 | 474 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ APROBACION NOMINAS COMPLEMENTENTARIAS E DIFERENZAS FEBREIRO/2024 ANA ISABEL BELLO PLATAS | 07-03-2024 | 475 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ APROBACION NOMINAS COMPLEMENTENTARIAS E DIFERENZAS FEBREIRO/2024 XOSE HENRIQUE CALVO TUIMIL | 07-03-2024 | 476 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ APROBACION NOMINAS COMPLEMENTENTARIAS E DIFERENZAS FEBREIRO/2024 RAMIRO COUCE VELLON | 07-03-2024 | 477 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ PROPOSTA COMPLEMENTO IT AITOR HERMIDA SANTIAGO 03.03.2024 | 07-03-2024 | 478 |
| Decreto de Alcaldia | RESOLUCION CT-5/2024 | 07-03-2024 | 479 |
| Decreto de Alcaldia | REPARACION DEFICIENTE EN SANEAMIENTO EXTERIOR CP TELLEIRAS 3 | 07-03-2024 | 480 |
| Decreto de Alcaldia | RA APROBACION EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR PRESTACION DE SERVIZOS NO SECTOR PUBLICO | 07-03-2024 | 481 |
| Decreto de Alcaldia | CL_CONTRATACION LABORAL TEMPORAL 1 PEON ALBANEL E 1 OFICIAL ALBANEL SUBVENCION PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL) (01.03.2024 a 31.12.2024) | 07-03-2024 | 482 |
| Decreto de Alcaldia | Expedientes sancionadores de tráfico | 07-03-2024 | 483 |
| Decreto de Alcaldia | RESOLUC. ORDENACION DE PAGO MERCA TERREO EN XUVAI | 08-03-2024 | 484 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ APROBACION NOMINAS COMPLEMENTARIA E DIFERENZAS FEBREIRO/2024 IAGO BLANCO CASAS | 08-03-2024 | 485 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ APROBACION NOMINAS COMPLEMENTARIA E DIFERENZAS FEBREIRO/2024 BEATRIZ MARINA FILGUEIRA ALVAREZ | 08-03-2024 | 486 |
| Decreto de Alcaldia | SOLICITUDE DE REALIZACIÓN DUNHA COMIDA-CENA O 09 DE MARZO NA PISTA POLIDEPORTIVA BIMBIEIRO (FREIXEIRO) | 08-03-2024 | 487 |
| Decreto de Alcaldia | MELLORA E ORDENACION DO APARCAMENTO NO ESTADIO DE RIO SECO | 08-03-2024 | 488 |
| Decreto de Alcaldia | NF_NOMEAMNETO FUNCIONARIA INTERINA VACANTE | 08-03-2024 | 489 |
| Decreto de Alcaldia | DD_ SOLICITUDE DE AXUDAS DE CUSTO E DESPRAZAMENTO ASISTENCIA ACADEMIA | 08-03-2024 | 490 |
| Decreto de Alcaldia | RESOLUCIÓN PARA AMPLIAR HORARIOS DE HOSTALARÍA NA SEMANA SANTA | 08-03-2024 | 491 |
| Decreto de Alcaldia | MODIFICACIÓN AUTORIZADOS CONTAS E RELACIÓNS CÓS BANCOS, 2024 | 11-03-2024 | 492 |
| Decreto de Alcaldia | RESOLUCION DECLARACION INNECESARIEDAD DE LICENZA DE SEGREGACIÓN | 11-03-2024 | 493 |
| Decreto de Alcaldia | Autorización complementaria de circulación | 11-03-2024 | 494 |



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

| ORGANO | EXTRACTO | FECHA | NUMERO |
|---|---|---|---|
| Decreto de Alcaldia | Autorización complementaria de circulación | 11-03-2024 | 495 |
| Decreto de Alcaldia | Autorización complementaria de circulación | 11-03-2024 | 496 |
| Decreto de Alcaldia | DESENVOLVEMENTO DE DÚAS ACCIÓNS FORMATIVAS DE PEIXERÍA NO SECTOR DA ALIMENTACIÓN | 12-03-2024 | 497 |
| Decreto de Alcaldia | RA S/ APROBACION NOMINA PERSOAL LABORAL TEMPORAL FEBREIRO/2024 MONTSERRAT CASTRILLON VILELA | 12-03-2024 | 498 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ PROPOSTA APROBACION NOMINAS COMPLEMENTENTARIAS E DIFERENZAS FEBREIRO/2024 MANUELA CASTRO GOMEZ | 12-03-2024 | 499 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ APROBAR O PAGO DO COMPLEMENTO IT JOSE FRANCISCO CASTRO REY POLA BAIXA DO 05/03/2024 | 12-03-2024 | 500 |
| Decreto de Alcaldia | REPOSICION DE RODADURA NAS RÚAS FONTE DE NEIXA, MARIA PITA,VALLE INCLAN, RIO EUME, SOUTO E CASTRO | 12-03-2024 | 501 |
| Decreto de Alcaldia | Servizo de mantemento do xestor de expedientes e sede electrónica | 12-03-2024 | 502 |
| Decreto de Alcaldia | LIQUIDACION TAXA COPIA INFORME SOLICITUDE MEDICION RUIDOS RUA ORTIGUGEIRA, PORTAL 4, 3º D | 12-03-2024 | 503 |
| Decreto de Alcaldia | LIQUIDACION TAXA COPIA INFORME ATAQUE DE CAN EN ESTRADA DO TRECE 76 | 13-03-2024 | 504 |
| Decreto de Alcaldia | DD_DIETAS E DESPRAZAMENTOS | 13-03-2024 | 505 |
| Decreto de Alcaldia | FIXACION SERVIZOS MINIMOS FOLGA 12/03/2024 LIMPEZA XERAL, PEQUENOS TRABALLOS DE MANTEMENTO E CONSERXERIA DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DA GANDARA | 13-03-2024 | 506 |
| Decreto de Alcaldia | RC_RECOÑECEMENTO DE SERVICIOS PRESTADOS A EFECTOS DE TRIENIOS | 13-03-2024 | 507 |
| Decreto de Alcaldia | RS_RECOÑECEMENTO SERVIZOS PRESTADOS A EFECTOS DE TRIENIOS | 13-03-2024 | 508 |
| Decreto de Alcaldia | RC_RECOÑECEMENTO SERVIZOS PRESTADOS A EFECTOS DE TRIENIOS | 13-03-2024 | 509 |
| Decreto de Alcaldia | NF_NOMEAMENTO FUNCIONARIA INTERINA SUBSTITUCION TRANSITORIA DA TITULAR | 13-03-2024 | 510 |
| Decreto de Alcaldia | RA DEDUCCIONS COTAS SINDICAIS NOMINA FUNCIONARIOS MARZO 2024 | 13-03-2024 | 511 |
| Decreto de Alcaldia | Liquidacion ano 2023 | 13-03-2024 | 512 |
| Decreto de Alcaldia | Liquidacion ano 2023 | 13-03-2024 | 513 |
| Decreto de Alcaldia | RA DEDUCCIONS ADIANTOS ORDINARIOS/EXTRAORDINARIOS MARZO 2024 | 13-03-2024 | 514 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ INFORME PROPOSTA RESOLUCION S/APROBAR O PAGO DO IRPF DE FEBREIRO 2024 | 13-03-2024 | 515 |
| Decreto de Alcaldia | PRÓRROGA CONTRATO SUBMINISTRO DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA O CONCELLO DE NARÓN | 13-03-2024 | 516 |
| Decreto de Alcaldia | RA APROBACION C. PRODUCTIVIDADE POR SUBSTITUCIONS SECRETARIA MARZO 2024 | 13-03-2024 | 517 |
| Decreto de Alcaldia | RA APROBACION C.PRODUTIVIDADE POSTO SUPERIOR SUBSTITUCIONS XEFATURA DA SECCION DE DEPORTES NOMINA MARZO 2024 | 13-03-2024 | 518 |
| Decreto de Alcaldia | RELACIONES Y RESOLUCIONES DE FACTURAS 2024 | 14-03-2024 | 519 |
| Decreto de Alcaldia | RELACIONES Y RESOLUCIONES DE FACTURAS 2024 | 14-03-2024 | 520 |
| Decreto de Alcaldia | RELACIONES Y RESOLUCIONES DE FACTURAS 2024 | 14-03-2024 | 521 |
| Decreto de Alcaldia | RA PROGRESION CARREIRA HORIZONTAL E COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE VARIOS SPEIS | 14-03-2024 | 522 |

| ORGANO | EXTRACTO | FECHA | NUMERO |
|---|---|---|---|
| Decreto de Alcaldia | DELEGACIONES ALCALDIA-CONSELLO XERAL DE PARTICIPACIÓN | 14-03-2024 | 523 |
| Decreto de Alcaldia | RA ACORDO SUSPENSION PROGRESION CARREIRA HORIZONTAL E COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE MARINA SUEIRAS | 14-03-2024 | 524 |
| Decreto de Alcaldia | ORDE DE REMATE DOS TRABALLOS DE DEMOLICION DA EDIFICACION EN ESTRADA DE CASTELA Nº 743 | 15-03-2024 | 525 |
| Decreto de Alcaldia | EJECUCION DE APARCAMIENTO EN SUPERFICIE DE SERVICIO A LA CARRETERA AC-862 (CTRA. CASTILLA-NARON) | 15-03-2024 | 526 |
| Decreto de Alcaldia | DESFILE RONDALLA AÑORANZA O 16/03/2024 | 15-03-2024 | 527 |
| Decreto de Alcaldia | RESOLUCION IMPOSICIONS DE SANCIONA POR ACTIVIDADE ILEGAL DE TALLER E COMPRA-VENDA DE COCHES NA ESTRADA DOS BICAS (LG. BERRUGA) | 15-03-2024 | 528 |
| Decreto de Alcaldia | DD_DIETAS E DESPRAZAMENTOS | 15-03-2024 | 529 |
| Decreto de Alcaldia | RA APROBACION C. PRODUCTIVIDADE POR SUBSTITUCIONS TESOURERIA MARZO 2024 | 15-03-2024 | 530 |
| Decreto de Alcaldia | REPOSICIÓN DE CAUCHO EN VARIOS PARQUES DO CONCELLO | 15-03-2024 | 531 |
| Decreto de Alcaldia | DD_DIETAS DE DESPRAZAMENTO | 15-03-2024 | 532 |
| Decreto de Alcaldia | Pr_ACORDOS PROGRESION CARREIRA HORIZONTAL E O C.PRODUTIVIDADE S/ DITO CRITERIO_2024 | 15-03-2024 | 533 |
| Decreto de Alcaldia | CONTRATACION LABORAL TEMPORAL EXPERTO DOCENTE AFD TRABALLOS EN CARPINTERIA E MOBLE TODOS OS MODULOS E PRACTICAS (27.03.2024 AO 02.07.2024) | 15-03-2024 | 534 |
| Decreto de Alcaldia | DD_DIETAS E DESPRAZAMENTOS | 15-03-2024 | 535 |
| Decreto de Alcaldia | COMPLEMENTOS PERSOAIS TRANSITORIOS EMPREGRADOS 2024 | 15-03-2024 | 536 |
| Decreto de Alcaldia | CAMPO DE TIRO CON ARCO (POS+2023) | 15-03-2024 | 537 |
| Decreto de Alcaldia | RA S/ APROBACION NOMINAS COMPLEMENTARIA E DIFERENZAS FEBREIRO/2024 LUIS IVAN GAGO GOMEZ | 15-03-2024 | 538 |
| Decreto de Alcaldia | CL_ CONTRATACION LABORAL EXPERTO DOCENTE AFD MODULO TRANSVERSAL DE PREVENCION DE RISCOS DE 3 CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE (SOLDADURA TIC 02.02.2024 A 21.02.2024; SOLDADURA MIG/MAG 22.02.2024 A 08.03.2024; CARPINTERIA E MOBLE DE 11.03.2024 A26.03.2024) | 15-03-2024 | 539 |
| Decreto de Alcaldia | RESOLUCION ARQUIVO CADUCIDADE SOLICITUDE LICENZA DE PARCELACION NO CAMIÑO DA VENTA | 15-03-2024 | 540 |
| Decreto de Alcaldia | LIQUIDACION TAXA COPIA INFORME ATAQUE DE CAN EN ESTRADA DO TRECE 76 | 15-03-2024 | 541 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ INFORME PROPOSTA RESOLUCION S/APROBAR O PAGO DAS HORAS EXTRAS DO SERVIZO DE SPEIS DE XANEIRO E FEBREIRO 2024 | 15-03-2024 | 542 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ INFORME PROPOSTA APROBAR O PAGO DAS HORAS EXTRAS DA POLICIA LOCAL DE XANEIRO E FEBREIRO 2024 | 15-03-2024 | 543 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ APROBAR O COMPLEMENTO IT MARIA RAQUEL LOPEZ LOPEZ 11/03/2024 | 15-03-2024 | 544 |
| Decreto de Alcaldia | RESOLUCION CT-10/2024 | 18-03-2024 | 545 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ APROBAR COMPLEMENTO IT EUGENIA GALLEGO PENEDO IT 08.03.2024 | 18-03-2024 | 546 |



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

| ORGANO | EXTRACTO | FECHA | NUMERO |
|---|---|---|---|
| Decreto de Alcaldia | TOMA DE RAZÓN DO CAMBIO DE DENOMINACIÓN SOCIAL A CLECE FS SA ADXUDICATARIA MANTEMENTO DO TERREO DE XOGO E ZONAS PERIMETRAIS, PINTADO DE LIÑAS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAN MATEO-NARÓN | 19-03-2024 | 547 |
| Decreto de Alcaldia | RESOLUCION CT-6/2024 | 19-03-2024 | 548 |
| Decreto de Alcaldia | CF_ CURSOS DE FORMACION 2024 | 19-03-2024 | 549 |
| Decreto de Alcaldia | SOLICITUDE MESA INFORMATIVA CONTRA O CANCRO O DÍA 09/05/2024 | 19-03-2024 | 550 |
| Decreto de Alcaldia | POS+2024. Homologacion das pistas de atletismo do Estadio de Rio Seco | 19-03-2024 | 551 |
| Decreto de Alcaldia | CF_CURSOS DE FORMACION | 20-03-2024 | 552 |
| Decreto de Alcaldia | INCIDENTE DE EXECUCIÓN DEFINITIVA 4/2024. | 20-03-2024 | 553 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ APROBAR INFORME PROPOSTA PERSOAL EVENTUAL MARZO 2024 | 20-03-2024 | 554 |
| Decreto de Alcaldia | RA S/ APROBACION NOMINA PERSOAL CORPORATIVO CON DEDICACION EXCLUSIVA TOTAL OU PARCIAL MARZO/2024 | 20-03-2024 | 555 |
| Decreto de Alcaldia | SUBSTITUCIONS INTERVENTORA XERAL E XEFE SERVIZO INTERVENCION E FACENDA/2024 | 20-03-2024 | 556 |
| Decreto de Alcaldia | RA S/ APROBACION NOMINA PERSOAL FUNCIONARIO MARZO/2024 | 20-03-2024 | 557 |
| Decreto de Alcaldia | REQUIRIMENTO DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE RENTING DUN VEHÍCULO "FURGÓN DE ATESTADOS" PARA A POLICÍA LOCAL DE NARÓN | 20-03-2024 | 558 |
| Decreto de Alcaldia | RA S/ APROBACION NOMINA PERSOAL LABORAL FIXO E TEMPORAL MARZO/2024 | 20-03-2024 | 559 |
| Decreto de Alcaldia | COMPENSACION CREDITOS CONCORRENTES DO TERCEIRO PRACE SERVICIOS Y OBRAS | 20-03-2024 | 560 |
| Decreto de Alcaldia | RELACIONES Y RESOLUCIONES DE FACTURAS 2024 | 21-03-2024 | 561 |
| Decreto de Alcaldia | RELACIONES Y RESOLUCIONES DE FACTURAS 2024 | 21-03-2024 | 562 |
| Decreto de Alcaldia | RELACIONES Y RESOLUCIONES DE FACTURAS 2024 | 21-03-2024 | 563 |
| Decreto de Alcaldia | EXPTE. DEPURACIÓN E ARQUIVO DAS GARANTÍAS DEPOSITADAS NA TESOURERIA MUNCIPAL | 21-03-2024 | 564 |
| Decreto de Alcaldia | RECLAMACIÓN RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL | 21-03-2024 | 565 |
| Decreto de Alcaldia | ADXUDICACION CONTRATO PROTECCION ELECTRICA DE LOS SISTEMAS DE ALIMENTACION ININTERRUMPIDA PARA TODA LA INFRAESTRUCTURA. SUBVENCION "PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION Y RESILIENCIA" | 21-03-2024 | 566 |
| Decreto de Alcaldia | DECLARACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERRENOS DE NATUREZA URBANA (I-ING-01) | 21-03-2024 | 567 |
| Decreto de Alcaldia | V_CONVENIO DE PRACTICAS DE CIFP FERROLTERRA DE SISTEMAS ELECTRONICOS E AUTOMATIZADOS | 21-03-2024 | 568 |
| Decreto de Alcaldia | SUBVENCIÓN DA CONSELLERIA DE EMPREGO E IGUALDADE DIRIXIDA AS ENTIDADES LOCAIS PARA CONTRATACION DE PERSONAS PERCEPTORAS DE RISGA OU EN RISGO DE EXCLUSION SOCIAL NO ANO 2024 | 22-03-2024 | 569 |
| Decreto de Alcaldia | SANCIONADOR-LOCAL MISQUISQUEYA SITO NA ESTRADA DE CASTELA 527-529 | 22-03-2024 | 570 |
| Decreto de Alcaldia | V_CONVENIO DE PRACTICAS CS ANIMACION SOCIOULTURAL E TURISTICA CIFP LEIXA | 22-03-2024 | 571 |
| Decreto de Alcaldia | COMPENSACIÓN CRÉDITOS/DÉBITOS CONCORRENTES, CONCELLO DE FERROL | 22-03-2024 | 572 |
| Decreto de | RA/ PAGO DELEGADO CON CARGO Á TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE | 25-03-2024 | 573 |

| ORGANO | EXTRACTO | FECHA | NUMERO |
|---|---|---|---|
| Alcaldia | SOCIAL EN RELACION AO PROCESO DE INCAPACIDADE LABORAL TRANSITORIA DE FUNCIONARIA MUNICIPAL | | |
| Decreto de Alcaldia | V_CONVENIO DE PRACTICAS FPB SERVIZOS ADMINISTRATIVOS CPR SANTIAGO APOSTOL | 25-03-2024 | 574 |
| Decreto de Alcaldia | PRESTACIÓN DE SERVIZOS BANCARIOS | 25-03-2024 | 575 |
| Decreto de Alcaldia | PLAN ANUAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2024 (PASSCM 2024) | 25-03-2024 | 576 |
| Decreto de Alcaldia | TAXA POR RESERVA DO DOMINIO PUBLICO RADIOELECTRICO (DENDE O ANO 2011 EN DIANTE) | 26-03-2024 | 577 |
| Decreto de Alcaldia | SUBSTITUCIONS INTERVENTORA XERAL E XEFE SERVIZO INTERVENCION E FACENDA/2024 | 26-03-2024 | 578 |
| Decreto de Alcaldia | RA S/ APROBACION NOMINA PERSOAL FUNCIONARIO MARZO/2024 | 26-03-2024 | 579 |
| Decreto de Alcaldia | CONVENIO COA COFER 2023 | 26-03-2024 | 580 |
| Decreto de Alcaldia | RA INCREMENTE NOMEAMENTO FUNCIONARIA INTERINA ACUMULACION DE TAREFAS SECCION DEPORTES | 26-03-2024 | 581 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ PAGO SEGUROS SOCIAIS FEBREIRO/2024 | 27-03-2024 | 582 |
| Decreto de Alcaldia | RA/ COMPLEMENTO IT CESAR BOUZA BELLON 22.03.2024 | 27-03-2024 | 583 |
| Decreto de Alcaldia | Resolución sancionadora de tráfico | 27-03-2024 | 584 |

O Concello Pleno, deuse por enterado.

**18º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS**

-Sra.Ledo Díaz: …respecto á Area Recreativa de Pedroso…..a reposición e os traballos que se ían facer co período de choivas, e bla, bla, bla. Supoño que agora xa hai un… cando vai estar e cando van empezar eses traballos?

Tamén no paseo de Xuvia hai bastantes luces rotas ao redor do paseo, e hai unha serie de cuestións que habería que solucionar e cando tedes pensado facer esto.

Respecto ao aparcadoiro da Gándara, cal é a situación agora porque é verdade que atopamos o firme en un mal estado, e se se lle deu o visto bo á empresa que o fixo.

E na Avda. da Solaina, pedimos un informe que a empresa adxudicataria cando dende o concello se lle dixo que a obra non se podía dar por finalizada porque había mala execución, o informe que manda a empresa parécenos un insulto, e fala de que está así por actos vandálicos e que teñen centos de fotografías, cando o propio firme e cemento que fan está en mal estado e non é por actos vandálicos; entonces que vai facer o concello a este respecto e respecto a esta empresa que parece que se está rindo de todos e todas nós, porque todos sabemos como está agora mesmo esa Avenida da Solaina.

E ben, no pleno anterior aprobouse un regulamento, bueno, se aprobou unha moción do Bloque Nacionalista Galego a respecto da participación cidadá, e entre outros puntos recollía a recollida de propostas abertas para toda a cidadanía xeral e as asociacións, entidades, a través do portal cidadá para que fose público e para que todos coñeceramos e poder mellorar entre todos e todas esa participación, e tamén que se puidera participar ante esta intervención final nos plenos. Se hai unha moción que se presenta cunha asociación ou cunha entidade pois por exemplo neste caso, coa CIGA pois que sexa a CIGA a que poida tomar a palabra. Cando se pretende abrir esa recollida de



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

propostas para toda a veciñanza e cando poderemos optar a outros cambios que dende o BNG consideramos importantes?

-Sra.Mosquera Puentes: grazas. Sería unha pregunta que xa fixemos tanto no mes de decembro como no mes de febreiro, que sería pola Xunta de Padroado de Deportes e que xa o preguntamos varias veces, pero non foi convocada todavía e vai pronto para un ano da nova Corporación.
E outra sería: o pasado 12 de abril aprobouse unha Resolución do Padroado de Cultura modificando o aforo do espazo para o hip hop Galicia dance tour. Chámanos moito a atención que se faga esta ampliación de aforo sobre todo cando non existe un plan de emerxencias nin de evacuación deste edificio. A miña pregunta é: para cando este plan de emerxencias e evacuación e para cando unha formación neste ámbito para o persoal de control de accesos, de sala e de persoal técnico, porque se estamos enchendo ese contenedor cultural de público, de participantes, actores, actrices, músicos e máis os traballadores, penso que merecen ter esa formación e canto antes. Grazas.

-Sr.Iglesias Blanco: buenas tardes Sra.alcaldesa. Un ruego y una pregunta.
Con fecha 6-10-2022, una vecina de Narón presentó en el registro municipal una solicitud de instalación de 2 puntos de luz en la cercanía de su casa en el Lg.de Villallonte-Sedes, de la cual no recibió nunca ningún tipo de contestación por parte deste concello, y así se solicitó hasta 3 veces recibiendo siempre la callada por respuesta. Por tanto, quiero exponer la situación de esta familia. El motivo de que esta familia, personas de edad avanzada y vecinos de Narón solicitan del concello 2 puntos de luz es porque estaban detectando que cuando llegaba el anochecer había unos movimientos extraños y muy preocupantes en los alrededores de su vivienda, los cuales al final desgraciadamente para ellos, acabaron con la entrada y el robo en dicha vivienda aprovechando la total oscuridad en la que se encuentran los alrededores llevándose todo lo de valor, entre ellos objetos de gran valor sentimental, irrecuperables como recuerdos de familia de ya fallecidos; usted bien sabe que son irremplazables y por “suerte”, de no encontrarse ellos en su propia casa. Y nos tenemos que preguntar: ¿cómo se encuentra esa familia cada vez que oscurece? ¿Usted se imagina lo que es econtrarse inseguro en su propia casa? Tenemos que pensar en que se acuesten con el temor de que le entren en su casa mientras están durmiendo o que la oscuridad en el exterior es total.
Lo que esta familia se pregunta cada día ¿y si vuelven? ¿Y si vuelven esos o vienen otros? No podemos ni debemos permitir que ocurran esas cosas a nuestros mayores cuando sobre todo la solución está en nuestras manos. No podemos ni debemos permitir que ocurran esas cosas en un concello como el de Narón en pleno año 2024. Aparte teniendo en cuenta que el coste de instalación de dichos puntos de luz sería insignificante para el concello.
Sra.alcaldesa: le ruego por la seguridad de esa familia que se instalen eses puntos de luz solicitados a la mayor brevedad posible.
Y ahora una pregunta sobre el aparcamiento de la Gándara: que lleva mucho tiempo aparentemente terminado, vemos que tiene las plazas ya marcadas, están pintadas, tiene la apariencia de estar listo para cumplir con la función para el que fue hecho, pero sigue sin poder usarse. Hemos escuchado versiones de todo tipo y diferentes sobre la demora de la apertura de dicho aparcamiento pero seguimos sin saber cuál es la verdadera razón de esto. Por tanto, nos gustaría que usted nos explicase el motivo por el cual no se puede habilitar aún dicho aparcamiento.

-Sra.Yáñez Freire: buenas noches a todos. Gracias Sra.alcaldesa.
Una pregunta: ¿cuándo tienen pensado empezar las obras por la deficiencia de la señalización de los pasos de peatones? Porque en la Avda. del Mar en el tramo que va desde la rotonda que divide Narón y Ferrol, pertenece a Narón, existen varios pasos de peatones con señal horizontal deficiente o inexistente; concretamente el paso de peatones que está justo antes del Eroski a la altura de la gasolinera, el que está justo antes de la rotonda del Mercadona con la confluencia de la calle Luis

de Seoane, ese también prácticamente no tiene señalización horizontal y el de la calle Luis de Seoane. También tiene señal vertical pero la horizontal apenas se nota. Gracias.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas.
Preguntas: o 26 de marzo solicitamos por rexistro unha copia da póliza de responsabilidade civil da empresa Urbaser, da compañía Mapfre. Cando ten pensado darnos esa copia?
E despois outra pregunta sobre o centro social da terceira idade de Santa Icía que aparentemente están rematadas as obras. Cando teñen pensado abrilo ao público?
E despois o 8 de abril tamén metemos por rexistro, solicitamos un informe técnico municipal da viabilidade do proxecto da rúa A Solaina e o informe da modificación do contrato do proxecto da rúa A Solaina polo incremento do orzamento.
Teño 2 rogos: un xa o fixemos no pleno pasado e creo que non se fixo nada porque o contenedor segue estando no mesmo sitio. En frente, a cafetería do Gran Sol que lle solicitamos que tiveran a ben de intentar modificar esa colocación porque estaba en frente á porta (o de resíduos sólidos urbanos) .
E despois outro rogo é que en meses pasados nos montes que dán a vía urbana, o castro de Eiravedra, realizouse as sacas de madeira, no, e esa pista bueno, pois nesa pista andiveron camións, tractores e tal e quedou nun estado moi deteriorado, rogaríamos que revisaran ese proceso e foran a reparar o vial. Nada máis e moitas grazas.

**RESPOSTAS SRA.ALCALDESA**
-Bueno, dos rogos tomo nota. Só este último, sí que foron a ver o contenedor e si que consideraron que estaba ben colocado.
Os rogos quédome con eles e vou respostar ás preguntas:

-Olaia, a área recreativa de Pedroso, e agora que xa mellorou o tempo sí que me consta que xa trouxeron o material para facer a reposición. Espero que sexa o antes posible.
-Non é o mesmo con respecto ás luces rotas do paseo. Eso é neste caso, da asociación do camino inglés que se fixo esa actuación, e que consideramos que non está ben feita, que non cumple co que nosoutros naquel momento presentamos como que tiña que ser para … é dicir, non son actos vandálicos por eso están todos rotos, entonces si que fixemos unha reclamación e de feito aínda hoxe pola mañá, neste caso, falando co xefe dos Servizos Externos, que vai incidir outra vez sobre o tema. E dicir, non cumple co que se solicitara.

-Aparcadoiro da Gándara: creo que hai 2 preguntas ao respecto. O dixemos por activa e por pasiva. Non está recepcionado, por que? Porque non se pode recepcionar porque cremos, neste caso os Servicios Técnicos, que non cumplen co que tiña que cumplir. Por eso, nin se abre, nin se recepciona, sí que é verdade que a empresa tivo moitísimos problemas, ten moitos problemas para acabar esa obra máis que nada porque o titular da empresa está, neste caso, no hospital. Entonces non podemos recepcionar e esperemos evidentemente facelo que cumpla con todo o que ten que ter, non imos a quedarnos cun parking que non cumple.

-Con respecto á Avda. da Solaina: comparto co informe da empresa e evidentemente neste caso, tanto a dirección de obra como os Servicios Técnicos Municipais están velando para que a empresa execute todo o que ten no proxecto e se non é así e logo hai que establecer algún tipo de penalidades, se vai a facer.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

-Con respecto ao Regulamento de Participación Cidadá, agora mesmo temos un en vigor. Que realmente contempla que se fale ao remate do Pleno. Por eso o mantemos e que se pode mandar xa as suxestións que queiran, se vai a facer xa esa carta para mandar as asociacións e que se vai a levar a cabo a aportación desas suxerencias cando se faga o Plan Normativo.

-Xunta do Padroado de Deportes: a verdade é que queremos que se faga canto antes e si o faremos e eu con respecto a do 12 de abril desa Resolución eso é para un acto puntual. En principio ata onde eu sei  e se me equivoco o direi no seguinte pleno, o aforo do Pazo da Cultura é de 1.200 persoas, por eso, houbo máis persoas das que corresponde con respecto a eso. Ata onde sei, eu creo que si hai plan de emerxencias e de evacuación; de todas maneiras se estou errada volo digo no seguinte… ou por whatsapp e mañá mesmo.

-As deficiencias dos pasos de peóns horizontal me consta que a semana que ven, que se inicia en distintos sitios e pintados e entendo que nesa zona tamén.

-Esto que me pide que solicitou por escrito, preguntarei pero en principio hai unha persoa que se encarga de facer todas estas respostas co cal miraremos e se hai algunha por responder a faremos chegar.

-As obras de Santa Icía e pasa algo similar con outro, co que decía neste caso, como decía da Gándara, que falta unha cousa que teñen que adecuar, que tiñan no proxecto. O que imos a facer é por obra de interese e se non se contempla antes, se non fan ese cambio a principios de maio, se vai abrir porque realmente cremos que eso é algo que poden subsanar despois.
Todo esto que estou decindo de acordo cos Servicios Técnicos Municipais. Que se vai a facer esa recepción e que se vai a facer esa apertura por interese público.
Creo que preguntas non hai nada máis. Damos por rematado o pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:09 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo o secretario xeral que DÁ FE.
V. e pr.

F_FIRMA_96 F_FIRMA_4